



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Toponimia de Zas

Xosé María Lema Suárez

Colección Terra Nomeada



Asociación Galega de Onomástica



REAL ACADEMIA GALEGA

Xosé María Lema Suárez

Toponimia de Zas

Consello de redacción
da colección **Terra Nomeada**

Ana Boullón (Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Luz Méndez (Real Academia Galega)

Gonzalo Navaza (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Antón Palacio (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Edita:

Real Academia Galega

© Real Academia Galega

© Xosé María Lema Suárez

Fotografías:

© Xosé María Lema Suárez

Portada:

Pazo e igrexa do Allo. Zas (1992)

Fondo *Fotografía Aérea y Terrestre S.L.*

Arquivo Dixital de Galicia

Mapa:

© Ángel Duarte Campos
Xeosfera.com

Maquetación:

Real Academia Galega

Impresión:

Lugami Artes Gráficas

A Infesta, 96. 15319 Betanzos

ISBN: 978-84-17807-50-4

Depósito Legal: C 1549-2025

<https://doi.org/10.32766/rag.453>

Co apoio de:



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



Asociación Galega
de Onomástica



CONCELLO DE ZAS



**Deputación
DA CORUÑA**

Introdución

O concello de Zas forma parte da Terra de Soneira, comarca da zona central da rexión xeográfica hoxe coñecida como Costa da Morte, situada no extremo occidental de Galicia. Por si só este concello ocupa toda a franxa oriental da comarca, separada da de Xallas pola chamada Serra de Santiago. Presenta unha forma alongada de norte a sur, coma un fuso, cunha distancia máxima de 22,24 quilómetros que van —en liña recta— desde Muriño (O Allo) ó lugar da Gris (Brandoñas). Na súa parte máis ancha de leste a oeste hai 11 quilómetros —tamén en liña recta— entre Budián (Gándara) e Fornelos (Baio). A zona norte do concello forma parte da cunca do río do Porto no seu curso alto e en boa parte do medio; e a zona sur, do curso medio do río Xallas. Polo norte, linda co concello de Cabana de Bergantiños; polo leste, cos de Coristanco e Santa Comba; polo sur, con Mazaricos e Vimianzo; e, polo oeste, cos de Vimianzo e Laxe.

3

Coma case todos os concellos galegos, creados pola Administración liberal en 1836, este é o resultado dunha división artificial orixinada nos despachos, de tal xeito que pouca ou ningunha relación tiñan as parroquias da zona norte (as do val do río do Porto) coas da zona sur (as do val medio do río Xallas). Ata as dúas derradeiras décadas do séc. XX estiveron practicamente incomunicadas.

É un municipio interior, aínda que as dúas parroquias máis setentrionais, Baio e O Allo, só distan entre 5 e 10 quilómetros da ría de Corme e Laxe. A superficie municipal é de 132,4 km², e a súa poboación, segundo o INE (2023) era de 4 308 habitantes repartidos en dezaseis parroquias, das cales Baio é a de maior poboación, con 1 209 habitantes, e as de menos Santa Sía de Roma e Brandoñas, con 64 e 68 habitantes respectivamente. No que vai de século XXI, o concello perdeu o 28,6 % da súa masa demográfica, pasando de 6 160 habitantes en 2001 a 4 308 en 2023.

En canto ó relevo, no concello de Zas podemos distinguir varias unidades: un cordal montañoso —nomeado nos mapas como *A Serra de Santiago* (ou, tamén, *A Serra do Bico de Meda*) — que comeza, no que se refire a Zas, no Bico de Doeña, nos lindes co concello de Cabana de Bergantiños (parroquia de Nantón), cunha altitude de 350 m, e que chega ata a parroquia de Brandomil, case sempre polo linde leste do concello. Só unha parte da parroquia de Gándara (aldeas de Vilar Ramilo, Parga e Budián) queda na banda oriental desta aliñación montañosa. O seu cume

senlleiro —que tamén o é de todo o concello e da Terra de Soneira— é O Bico (ou O Pico) de Meda (561, 566 ou 567 m dependendo do mapa consultado), fermoso monte de perfil cónico, unha verdadeira *meda*, desde o que se dexerga unha ampla paisaxe que abarca boa parte dos concellos de Santa Comba, Mazaricos, Zas, Vimianzo, Laxe, Cabana, Ponteceso, Coristanco, Carballo e A Laracha. Outras elevacións deste cordal montañoso reciben nomes moi significativos, como *O Bico da Cruz* —no cal quedan os restos dun castro—, *Can Lapido*, *As Pedras Grandes*, *O Picón Vello* (444 m), *O Seixo Branco*, *As Pedras Miúdas*, *A Pedra da Aiga* —todas estas elevacións ó norte do Bico de Meda—, e ó sur deste monte *O Monte Pequeno*, *A Relleira* (545 m), *A Pedra da Xesta*, *O Marco Novo* (531 m), *O Camiño da Pedra* (514 m), *A Pedra Branca* etc. . Polo leste desta cadea montañosa queda un pequeno val, drenado polo río de Parga ou do Sisto e o río de Budián, que se prolonga cara ó norte polo veciño concello de Cabana.

A seguinte unidade é un val bastante chan —localmente denominado *Val de Soneira*, tamén polo mapa do Instituto Geográfico y Catastral de 1946— que abarca a parte occidental das parroquias de Gándara, Carreira, Mira e Zas, así como as do Allo, Baio, Lamas, San Cremenzo de Pazos, Vilar e case todo o territorio das de Loroño e Santo Adrián do Castro. Ten unha pequena aliñación montañosa de escasa entidade que arrinca do lugar de Beizana (Loroño) e segue en dirección norte deica os lindes da parroquia de Baio, preto do lugar da Cacharosa; esta aliñación foi cortada polo curso do río do Porto pero logo continúa polo monte do Castelo (342 m) —que está entre as parroquias do Allo e Baio—, despois de quedar entre as dúas aliñacións montañosas o río do Porto ó seu paso por Baio.

En dirección sur, nada máis pasar a vila de Zas, atopamos un outeiro totalmente cónico —o monte do Castro de Santo Adrián (317 m)— que constitúe un avance do que imos atopar na metade sur do concello: unha zona cunha altitude media máis elevada cá anterior (por enriba dos 300 m). Con todo, tampouco vai haber montes que rompan cunha superficie máis ben chá. Hai que indicar que tanto polo leste —especialmente nas parroquias de Santo Adrián do Castro e de San Martiño de Meanos—, coma polo oeste —parroquia de Santa Sía de Roma—, hai dous profundos desniveis que fan que se pase de ó redor dos 400 m a pouco máis de 300 m. Nos dous casos, estes desniveis foron causados ou aproveitados polos ríos de Zas, de Vilar de Lamas ou Torrente e O Rego da Fonte do Lobo.

No límite sur do concello descéndese paulatinamente de altitude, a causa de que xa nos atopamos na cunca do río Xallas. En conxunto, esta zona forma unha unidade máis ou menos chá que parece unha continuación da penechaira de Xallas, comarca da cal morfoloxicamente formarían parte as catro parroquias meridionais do municipio: San Martiño de Meanos, Muíño, Brandomil e Brandoñas. Neste territorio destacan como principais elevacións os montes Brondo (457 m), o de Roma (472 m) e O Alto da Torre (432 m), este na zona do monte da Piosa. En todo o linde oriental do concello desde O Bico de Meda ata o inicio da parroquia de Brandomil, as altitudes superan sempre os 400 m: A Pedra Branca (464 m), A Pena Marelle (463 m) etc.

No tocante á xeoloxía, todo o concello está incluído dentro da chamada Unidade Malpica-Tui (UMT), formación xeolóxica que se estende pola zona costeira das provincias da Coruña e Pontevedra seguindo a dirección dos meridianos e unindo as dúas localidades citadas. Unha falla —a dos Riás, así chamada por comezar nesta praia malpica— atravesa polo centro todo o concello de norte a sur, chegando ata o encoro da Fervenza.

En canto á hidrografía, dous dos principais ríos da Costa da Morte teñen parte do seu curso por terras de Zas. As parroquias da zona norte atópanse na cunca do río do Porto —impropriamente denominado Grande desde a década de 1960— que atravesa de leste a oeste a Terra de Soneira para desembocar na ría de Camariñas tras 47,5 km de percorrido. Arredor de 22 km transcorren no territorio do concello. O río ten as súas fontes na zona oriental da Serra de Santiago ou do Bico de Meda: unha nas terras bergantiñas de Coristanco (o río de Budián) e a outra en terras xalleiras de Santa Comba (o río do Sisto), pero axiña os dous brazos entran na parroquia de Gándara, para logo continuaren nunha única corrente por esta parroquia e polas de San Cremenzo de Pazos, O Allo, Lamas e Baio. Tanto o río de Budián coma o do Sisto forman no seu curso vistosas fervenzas —como as do Rabiñoso, Parga e Budián— debido ós fortes desniveis que teñen que salvar en percorridos moi curtos. Os principais afluentes do río do Porto son os da marxe esquerda: o río de Mira e, sobre todo, o de Zas ou de Lamas, de 16,4 km de lonxitude; tamén o río de Vilar (13,7 km) compartido co concello de Vimianzo.¹

O outro río importante que toca as terras do concello é o río Xallas, polo seu curso medio. Recibe as augas de tres das cinco parroquias do sur —Muíño, Brandoñas e Brandomil— e marcou o linde meridional do municipio separándoo do de Mazaricos; pero despois da construción en 1966 do encoro da Fervenza —o noveno de Galicia pola súa capacidade de represar auga, uns 105 hm³—, bastantes terras da parroquia de Brandomil, e sobre todo de Brandoñas, quedaron asolagadas. Este feito obrigou moitas familias a buscaren novas terras e vivendas noutros sitios, e mesmo a cambiar de modo de vida. Tamén afectou á toponimia, pois varios lugares das dúas beiras do río desapareceron ó quedaren cubertos polas augas.

Polo que se refire á climatoloxía, as precipitacións son certamente abundantes. Desde o ano 2009 hai unha estación meteorolóxica en terras do concello (oficialmente denominada *Coto Muíño*, no monte da Piosa, parroquia de Muíño). Segundo os datos achegados por ela, os litros de auga caídos por metro cadrado de media no período 2008-2022 foron de 2 226,6 e a temperatura media anual foi de 12,22 °C. Os meses máis chuviosos foron, por esta orde: xaneiro, decembro, novembro (que roldan ou superan os 300 litros/m² de media), e os de outubro, febreiro e marzo (que superan os 200). Pola contra, os meses de xullo, agosto, xuño e setembro —neste caso, de máis a menos secos— non chegan ós 100 litros/m². A media anual

¹ Para unha información máis ampla véxase a obra de Domínguez Rial e outros *O río do Porto, o río grande da Terra de Soneira* (2019).

de días con algunha precipitación, aínda que fose escasa, é de 205 e uns 23,5 días de xeadas de media cada ano.

No relativo á vexetación, hoxe predominan os piñeiros e, sobre todo, os eucaliptos, que en moitos sitios son xa un monocultivo forestal. No espazo que queda entre As Hedreiras, San Martiño, Rial de Abaixo, A Devesa e o monte do Castro de Santo Adrián, hai excelentes exemplares de carballeiras, como tamén as hai entre Froxán e A Atalaia.

Nalgúns ribazos aínda subsisten redutos destas árbores autóctonas e nas beiras dos ríos e regatos quedan bos exemplares de plantas ripícolas (abeneiros e salgueiros, sobre todo). A carballeira da Devesa, de Baio, na beira dereita do río do Porto, conserva na actualidade case 400 carballos; trátase dun espazo protexido, que hai uns anos adquiriu o Concello de Zas co obxectivo de preservalo e rehabilitar as árbores danadas. É tamén notable o souto do Allo, onde nace o río de Esmorís (afluente do Anllóns). Outro espazo de riqueza paisaxística é a área natural de Pedra Vixía, na desembocadura do río de Zas no do Porto (na zona de Baio coñecida como *Su a Agra*); foi preparada a finais do século XX por veciños de Baio, Lamas e Bamiro coa axuda do Concello de Zas.

Pasando ás notas históricas, non hai constancia de que este concello e toda a Terra de Soneira estivesen habitados durante o Paleolítico, pois non se conservan restos orgánicos nin temos noticia de que se efectuasen estudos ó respecto.

Si temos certeza de que tanto o termo municipal coma a comarca estiveron bastante habitados durante o Neolítico, especialmente durante o período megalítico (entre o IV e o III milenio a. C.). Dan testemuño disto numerosos túmulos funerarios (mámoas) que atopamos practicamente en todas as parroquias do concello, de norte a sur, sobre todo nas terras lindeiras co veciño concello de Vimianzo. No inventario de bens arqueolóxicos do concello de Zas (2008) figuran 73 mámoas,² das cales unhas dez conservan restos dolménicos. Son importantes estes datos debido a que o mundo megalítico deixou pegada na toponimia, dando nomes ós propios monumentos e mesmo a lugares posteriormente habitados. Deste xeito, o lugar máis setentrional, Fornelos (Baio), quizais deba o seu nome ó extenso campo de mámoas das súas terras, continuación do Chan de Borneiro, onde se ergue o famoso dolmen de Dombate. Nos montes da Fornella de Fornelos quedan os restos de mámoas. Como é sabido, popularmente téñense por construtores das antas as míticas *mouras* e *mouros*, de aí que aínda hoxe prevaleza a denominación *A Pedra Moura de Pedra Vixía* para os restos megalíticos dunha anta situada na parroquia de Lamas.

Máis cara ó sur, no monte da Piosa da parroquia de Muíño, sitúase A Arca da Piosa, onde o poeta Eduardo Pondal situou a tumba do seu imaxinario guerreiro

2 Véxanse os datos deste inventario e os nomes das mámoas e castros na obra *Zas polo miúdo* (Domínguez e Lema 2020).

celta Brandomil. Popularmente este monumento recibe o nome *A Pedra da Arca*. A dobre denominación adoita ser habitual neste tipo de monumentos.

Preto deste, pero xa en terras do concello de Vimianzo, encóntranse Pedra Cuberta —outro nome de lugar, habitado—, A Pedra Moura de Carnio e A Pedra da Lebre. Máis cara ó sur, temos constancia de que a partir de 1966 as augas do encoro da Fervenza cubriron extensos campos de mámoas situados na beira do río Xallas: foron poucos os monumentos que se salvaron do asolagamento, entre eles a anta da Pedra da Arca (ou A Casa dos Mouros) de Regoelle —compartida polos concellos de Vimianzo e Dumbría— e a enorme mámoa dos Currais (Brandoñas).

Como veremos no noso estudo toponímico, a existencia de lugares denominados *A Medoña* (Loroño) e *A Mámoa* (San Martiño de Meanos) demostra que houbo máis túmulos megalíticos no municipio.

As terras deste concello estiveron poboadas durante a Idade de Ferro, pois contabilizamos os restos de polo menos dez castros, que en dous casos deixaron pegada na toponimia: a aldea de Castro (San Cremenzo de Pazos) e a parroquia de Santo Adrián do Castro. Outros recintos castrexos de importancia son os seguintes: O Bico da Cruz e Vilaestévez (Gándara), A Atalaia ou Froxán (San Martiño de Meanos), Os Valións (Santa Sía de Roma), As Abellas (Muíño) e, na parroquia de Brandomil, dous: o da Calabanda e o propio de Brandomil, que talvez ata teña nome propio, segundo os arqueólogos Gorgoso e Vigo (2023), da época en que estivo habitado: MAELOBRIGO ‘castro de Maelo’ (?).

Os habitantes destes castros seguramente eran da etnia dos *nerios*, conxunto de tribos prerromanas que, segundo os cronistas gregos e romanos, vivían preto dos árbos. O territorio nerio sitúano os investigadores entre o cabo de Fisterra e a punta do Roncudo. O *Nérion Akrotérion* do cronista grego Estrabón, o *Promontorium Nerium* doutros cronistas romanos (*Promontorium Celticum* para o hispanorromano Pomponio Mela) identifícase co cabo de Fisterra maioritariamente. Non obstante, cabe a posibilidade de que os devanceiros dos habitantes do actual concello de Zas e dos doutros concellos situados máis cara ó nordeste do Promontorio Nerio fosen outro pobo que habitaba “xunto ós nerios” pero que debía ter algo que os distinguía: isto podería explicar o posible étimo remoto *Soneira* (< **Sub Neria*?), a comarca da zona central da Costa da Morte.

A romanización de Galicia non foi tan serodia coma se podería pensar nesta zona, unha das máis occidentais do Imperio romano. Segundo os arqueólogos que na actualidade (2025) seguen realizando escavacións en Brandomil, este núcleo estivo habitado desde o séc. I ó V, como o proban as análises de carbono 14. Brandomil converteuse nos últimos anos no cuarto asentamento romano máis importante da actual provincia da Coruña; atraída polas minas de ouro e de estaño deste territorio asentouse aquí unha poboación inmigrante procedente de diversas terras do Mediterráneo.

A onomástica gravada en aras votivas e placas funerarias revela a existencia dunha poboación moi romanizada no Brandomil antigo (mesmo se rexistraron

nomes gregos na epigrafía). En calquera punto da parroquia levan aparecendo vestixios romanos desde o séc. XIX. Investigacións moi recentes puxeron ó descuberto unha antiga calzada que confirma o paso dunha importante vía romana que tería en Brandomil unha das súas mansións ou parada de postas; a vía sería a XX *per loca maritima* de Bracara Augusta a Asturica Augusta. A ponte vella de Brandomil, aínda que datada no séc. XVI, seguramente formou parte desta vía.³

Nas parroquias setentrionais do concello tamén se atoparon restos romanos: en Baio unhas tumbas formadas por tégulas preto do Campo do Rollo; tamén na Andragalla (Lamas), no Allo, en Carreira e, sobre todo, en Gándara, parroquia onde en 1971 un estudante localizou no predio denominado *A Agra da Cruz* restos dunha *villa* romana datada nos séculos II e III.

Cómpre, ademais, ter en conta que na veciña parroquia de Tines (Vimianzo), nunhas escavacións ocasionais realizadas en 1951-1952, o arqueólogo Manuel Chamoso Lamas atopou, xunto cunha necrópole romano-sueva de tumbas pétreas antropomorfas, restos dunha *villa* romana do séc. III e a estela funeraria dun home chamado *Victorinus*, datada a finais do séc. IV, talvez o testemuño máis antigo da existencia dunha comunidade cristiá na Gallaecia.

Do período do reino suevo da Gallaecia (409-585) carecemos de noticias documentais relativas a esta zona. Nos concellos de Mazaricos e A Baña rexístrase o topónimo *Suevos*, coma noutras partes da Galicia actual. Na máis antiga partición diocesana, o chamado *Parroquial Suevo* ou *División de Teodomiro* (ano 570), nos distritos ou parroquias que pertencían á sé episcopal de Iria non figuran nin Soneira nin Nemancos, e si, en cambio, *Bregantinos*, *Cóporos* e *Célticos*. Nestes dous últimos estarían encadradas as terras do concello de Zas: ó arciprestado eclesiástico de *Céltigos* pertencen as parroquias de Brandomil, Brandoñas, Muíño, Santa Sía de Roma e San Martiño de Meanos.

Como testemuños da presenza xermánica en xeral temos as necrópoles de sargetos antropoides dos adros de Santa Baia de Tines e de Salto (Vimianzo) e de Carreira. Preto da aldea de Parga (Gándara), hai unha zona de monte coñecida como *As Godas*.

Durante a Alta Idade Media, as terras do concello de Zas aparecen nos documentos encadradas no *commissio* ('condado') de *Soneira*, unha das circunscricións administrativas con que a monarquía galaica (séc. VIII) organizou o territorio do reino de Gallaecia, que aínda conservaba nos documentos a denominación da antiga provincia romana para todo o territorio do noroeste hispánico situado ó norte do río Douro (denominación ignorada pola historiografía española dominante). Un documento do ano 899 outorgado polo rei Afonso III o día da consagración da

3 Unha información máis completa sobre este asentamento romano pode verse no libro *Zas polo miúdo*, de Domínguez Rial e Lema Suárez (2020), e, máis recente e máis especializada, en Gorgoso López e Vigo García, *Brandomil. Vila soterrada* (2023).

igreja de Santiago cita o *commisso* de *Sonaria* xunto cos seus veciños *Brecantinos*, *Nemancos* e *Celticos*.

A administración eclesiástica tamén reconece a singularidade soneirá (ano 950), coa parroquia extensa —equivalente a arciprestado— de *Somnaria*, dependente do bispado de Iria. Ademais dos concellos de Zas, Vimianzo e Camariñas, o seu territorio estendíase polas terras de Laxe e Cabana de Bergantiños. Trátase da que denominamos “Soneira histórica”, á cal tamén pertencían parroquias hoxe encadradas na comarca de Bergantiños, como Borneiro, Cesullas e Nantón, como ben o certifica a documentación histórica (véxase a entrada *Soneira*).

Os historiadores consideran que, ata ben entrado o séc. XI, estas terras occidentais da rexión xeográfica hoxe coñecida como Costa da Morte estaban pouco poboadas, e que tanto en Soneira coma en Nemancos habería unha nobreza de escasa importancia, sometida a constantes liortas entre si.

Non obstante, a finais do séc. XI esta nobreza empeza a organizarse arredor do liderado dun grupo familiar que pouco a pouco vai despuntando non só nas terras occidentais senón en todo o reino de Galicia. Trátase do grupo nobiliario dos Traba, que se establece como estirpe aglutinadora da nobreza de toda esta zona noroccidental e que axiña demostrará que é capaz de achegarse a unha fonte de poder, a monarquía galaico-leonesa, a partir do séc. X. O grupo dos Traba estaba encabezado por don Pedro Froilaz —un “nobre cónsul”, segundo a *Historia Compostelá*, auspiciada polo arcebispo Diego Xelmírez—, que fora educado na corte real, na casa de Afonso VI. Don Pedro, chamado impropriamente “conde de Traba”, foi conde, pero de toda Galicia, unha especie de gobernador xeral de todo o reino. O conde Raimundo de Borgoña encomendáralle que, á súa morte, se encargase da custodia e educación do seu fillo Afonso Raimúndez, fillo tamén da princesa Orraca, filla e herdeira de Afonso VI. O neno, que nacera en Caldas de Reis en 1105, foi criado no mosteiro de Moraime —no actual concello de Muxía— baixo a súa protección.

San Xián de Moraime é no séc. XII o cenobio máis importante dos territorios de Nemancos e Soneira. No ano 1115 sufriu, xunto con outras igrexas da zona, un ataque devastador por parte de piratas almorábides. A desfeita foi tanta que en 1119, o xa rei de Galicia desde 1111 —e futuro emperador, a partir de 1126—, Afonso VII, contribuíu economicamente a restaurar o destruído e a repoñer o mobiliario litúrxico. Ó mosteiro de Moraime concedéuselle o exercicio do poder non só na súa redonda, senón nun territorio máis amplo. Había pequenos priorados en Baíñas, Borneiro e Canduas, da Terra de Soneira histórica, pero ningún no actual concello de Zas. A relación das parroquias meridionais de Zas durante a Idade Media parece estar máis próxima ó mosteiro de San Xusto de Toxos Outos —no actual concello de Lousame—, pois cregos de Brandomil e Brandoñas ordenan nel, nas súas mandas testamentarias, os seus enterramentos.⁴

4 Póde verse documentación ó respecto no sitio web da Fundación Brandomil.



Tímpano da capela de dona Lionor Gonçalves de Saz, onde aparece ela como oferente. Museo da Catedral de Santiago

Xa ben entrada a Baixa Idade Media, a finais do séc. XII, o poder do grupo nobiliario dos Traba nos reinos de Galicia e Portugal foi esmorecendo. Dada a numerosa descendencia do patriarca, Pedro Froilaz, suponse que deste tronco saíron varias ramas que deron orixe a familias fidalgas de gran relevancia na Baixa Idade Media galega, entre elas os Mariño e os Moscoso, que terán gran protagonismo nas Terras de Soneira e de Nemancos durante os séculos XIII, XIV e XV.

Os Mariño empezan a crecer a finais do séc. XIII á sombra dos arcebispos de Compostela. Nun principio teñen implantación territorial na Terra de Santiago, pero logo ampliarán a súa influencia nas terras occidentais, primeiro en Duio e Fisterra e despois por Muros, Outes e Noia: o condado de Trastámara. A principios do XIV a estirpe entronca cos Soga e Lobeira, fundíndose nunha única familia, con forte influencia nos estamentos eclesiásticos —cóengos en Santiago e Ourense; arcediagos de Trastámara— e na nobreza.

De grande importancia, non só para a toponimia deste concello, senón para a de boa parte do territorio ó occidente de Santiago é o testamento en lingua galega, do 6 de agosto de 1334, de dona Lionor Gonçalves (ou Gonçalves) de Saz, esposa do cabaleiro Rui Soga de Lobeira, contido no tombo de San Xusto de Toxos Outos; fora transcrito por A. López Ferreiro en 1868, e revisado recentemente por J. R. Pichel e P. Martínez Lema (2014).

Dona Lionor era filla de Johan Gonçalves de Saz, dono do couto de Saz (Zas), e herdaría do seu marido, entre outros, os coutos de San Martiño de Olveiroa (Dumbría), San Amedio de Bamiro (Vimianzo) e Santa Mariña das Maroñas (Mazariocos). Entre as múltiples doazóns que fai para que en igrexas e mosteiros da zona digan misas pola súa alma, salientamos as destinadas ós mosteiros de San Xusto de Toxos Outos e ós de San Martiño de Ozón e San Xián de Moraime e, sobre todo, ó de Santa Clara de Santiago de Compostela, ó cal doa a súa metade do couto de Brandomil

con quanta herdade, igleiario [sic.] e laigario, eu y ey en toda a dita frijgisia, salvo o casal de Limideyro que he de Santiago; [e as donas dese] lugar que me façan dizer hũa missa cada día por mina alma e de Ruy Soga...

Esta manda testamentaria marca o inicio da dependencia do convento das monxas de Santa Clara de boa parte das terras de Brandomil, salvo o casal de Limideiro, que era da catedral de Santiago de Compostela. Dona Lionor era unha dama importante, pois en 1323 conseguira permiso do arcebispo compostelán para abrir no interior da catedral a súa capela funeraria: a que será chamada “capela de dona Lionor”, situada non lonxe da fachada occidental; ou, o que é o mesmo, do Pórtico da Gloria. O tímpano de entrada desta capela, cunha epifanía gótica, consérvase no Museo da Catedral.

O condado de Trastámara (< lat. TRANS + TAMARA) é un título nobiliario que fai referencia ás terras situadas ó norte do río Tambre. Non se sabe cando foi creado, pero seica foi restablecido polo rei Afonso X (XI no cómputo historiográfico oficial español) contra 1325 co obxectivo de erixir un poder que se opuxese ó dos arcebispos de Santiago. Deste condado tamén formaban parte as terras de Zas.

Por volta de 1378, un neto da citada dona Lionor, Rui Soga de Lobeira, era un dos máis ricos propietarios deste territorio trastamáríco, pois posuía os castelos de Vimianzo e Broño e as freguesías de Olveiroa, Olveira, Dumbría, Baíñas e Fisterra entre outras. Non obstante, por débedas co rei caeu en desgraza e foi decapitado en 1393 na vila de Noia por orde real. Con este axustizamento, os Mariño de Lobeira entraron en decadencia e xamais conseguiron recuperar o seu patrimonio. O arcebispo compostelán, o cabido da catedral e o conde de Trastámara foron os compradores dos bens dos Mariño nos arceprestados de Soneira e Nemancos. Deste xeito, o castelo de Vimianzo pasou a ser do arcebispado compostelán.

Retrato de dona Lionor
Gonçalves de Saz, como
oferente do tímpano
da capela do seu nome.
Museo da Catedral
de Santiago



Os Mariño de Lobeira nunca renunciarían a recuperar as propiedades perdidas, pero non tiveron máis remedio que poñerse ó servizo dos Moscoso, grupo nobiliario con raíces nas terras de Ordes que aparece en escena a principios do séc. xv. O control económico destas comarcas occidentais vai ser unha das causas dos enfrontamentos dos arcebispos de Santiago e os Moscoso, ademais das liortas polo cargo de pertegueiro maior da Terra de Santiago. Os primeiros recibían rendas en Fisterra, en Muxía e en Malpica, mentres que os segundos se foran facendo con posesións na parte occidental de Bergantiños, en Soneira e en Nemancos, base das futuras xurisdicións de Mens, Vimianzo e Corcubión. Houbo violentos enfrontamentos armados entre as mesnadas dos Moscoso e as dos arcebispos composteláns ó longo do séc. xv: en 1457, o arcebispo Rodrigo de Luna atacou Corcubión por mar, causando mortos e feridos entre a xente dos Moscoso; en 1465, Bernal Eanes de Moscoso fixo prisioneiro en Noia o arcebispo Alonso II de Fonseca e mantívoo preso en Vimianzo dous anos.

En 1467 estala a revolta irmandiña e os castelos de Altamira, na Maía, e o de Vimianzo, na Terra de Soneira, serán derrubados. Rematada a guerra coa derrota dos sublevados, o arcebispo Fonseca manda reconstruír a fortaleza de Vimianzo para si, pero escudeiros de Lopo Sánchez de Moscoso —que se autotitulara conde de Altamira— recuperarana para o seu señor en 1472. Desde aquel momento e ata 1872 esta fortaleza permanecerá nas mans dos condes de Altamira e será a cabeza reitora da xurisdición de Vimianzo, unha das tres que posuían estes nobres neste territorio occidental.

No concello de Zas non se conserva ningún castelo ou torre medieval, aínda que sabemos da súa existencia. Na parroquia de Gándara quedan os restos, moi escasos, do que foron as torres (ou torre) de Boén, tamén coñecidas pola veciñanza como *do Surribado*. Cítanse no testamento de 1334 da mencionada Lionor Gonçalves de Saz. A mediados do séc. xv parece que a fortaleza de Boén era propiedade de dona Teresa de Estúñiga, esposa de Diego Pérez Sarmiento, pois foi utilizada como garantía dun préstamo que a esta muller lle fixo dona Maior de Soutomaior, esposa de Rui Sánchez de Moscoso. Seguramente este fose o motivo polo cal a torre de Boén pasou ás propiedades dos Moscoso, pois tres testemuñas certifican en 1592 que pertencía ó conde de Altamira.

Nun recente traballo de investigación, excelente nos apartados das idades Media e Moderna, titulado *Brandomil na historia. Un couto de mulleres*, da autoría de M.^a Pilar Rodríguez Suárez e Mercedes Vázquez Bertomeu (2021), nárrase polo miúdo como as monxas de Santa Clara de Santiago de Compostela xestionaron os bens do couto de Brandomil cedidos por Lionor Gonçalves de Saz.

A principios do séc. xv xa volveran, arrendados, a persoas vinculadas á liñaxe dos Mariño de Lobeira. O arrendamento incluía tamén o dereito de exercer a xustiza. Este arrendamento vai durar polo menos cen anos, pois, en 1516, á morte de Sancha de Lobeira (esposa de García Martiz de Barbeira, escudeiro do conde de Altamira), as monxas clarisas recuperaron o goberno do couto, que exerceron directamente ata que en 1527 chegaron a un acordo de permuta con Álvaro Núñez

de Lamas a cambio de lugares e casares que este tiña en Duio (Fisterra). A partir deste ano, este fidalgo da xa poderosa familia dos Lamas ostentará, xunto cos seus sucesores, o título de “señor dos coutos de Sas e de Brandomil”.

Entramos xa na Idade Moderna, e ó longo dos seguintes tres séculos, a Terra de Soneira seguirá ligada á provincia de Santiago e o seu territorio estruturarase en xurisdicións e señoríos, ata que a partir de 1836 o Estado liberal español promova unha reordenación baseada en concellos e partidos xudiciais.

Unha xurisdición era un territorio sobre o cal un señor leigo ou eclesiástico exercía a autoridade, nomeaba xuíces e escribáns que administrasen xustiza no seu nome e mesmo tiñan cárceres xurisdicionais para os condenados. O vínculo de vasalaxe dos habitantes das parroquias consistía, ademais de se someteren á xustiza, en pagar variados tributos ó señor e en levaren a cabo unha serie de traballos fixos anuais: obriga de “correr y montear” o lobo, limpar as represas dos seus muíños etc.

Nesta costa occidental, os Moscoso —xa convertidos en condes de Altamira— tiñan o dominio de tres grandes xurisdicións: a de Mens (116 km²), a de Vimianzo (357 km²) e a de Corcubión (201 km²).

A extensión da xurisdición de Vimianzo practicamente coincide coa da Terra de Soneira histórica, pois a ela pertencían todas as parroquias dos actuais concellos de Camariñas, Laxe, Vimianzo e a maior parte do de Zas: dez das, daquela, dezasete freguesías: Baio, Brandoñas, Carreira, Follente, Gándara, Lamas, Mira, Santa Sía de Roma, Santo Adrián do Castro e Vilar. Fora creada en 1554 e gobernábaa en nome do conde un meiriño, apoderado de condición fidalga que residía no castelo de Vimianzo. A xurisdición de Soneira, señorío de reguengo (do rei), tamén fora creada en 1554 e a ela pertencían catro parroquias de Cabana de Bergantiños e outras tantas de Zas, que eran estas: Brandomil, Muíño, San Cremenzo de Pazos e Zas. A xurisdición de Xallas, de abadengo (do arcebispo), tiña 23 parroquias, a inmensa maior parte en terras xalleiras salvo dúas soneirás, do concello de Zas: Loroño e San Martiño de Meanos.

A parroquia do Allo era couto real, pero en parte tamén dependía da xurisdición de Vimianzo (a partir de 1697 tería xurisdición propia). As parroquias de Gándara e Baio eran, a mediados do XVIII, acumulativas á xurisdición real de Soneira. A parroquia de Follente incorporárase á de Mira a mediados do séc. XIX.

En documentos do ano 1592 detállanse as obrigas dos veciños das parroquias da xurisdición de Vimianzo para cos condes de Altamira. Esta documentación, xunto cos apeos desta xurisdición, foi copiada ó pé da letra a finais do séc. XX por Juan López Bermúdez —médico de Toba (Cee)—, e permanece inédita. Así e todo, foi de grande utilidade para esta investigación e facemos referencia a ela en varias ocasións. Outra información valiosa sobre a descrición da xurisdición de Vimianzo a principios do séc. XVIII é o *Compendio del Estado de Altamira* de 1724;⁵ esta

5 Realizamos unha transcripción exhaustiva deste documento no libro *O castelo de Vimianzo e os Moscoso de Altamira* (Lema e Mouzo 1989).

xurisdición só recoñecía a existencia de dúas vilas, Vimianzo e Camariñas, o que nos indica o seu carácter predominantemente rural.

Para darnos unha idea da evolución da poboación a partir do séc. xvii e dos lugares habitados das súas parroquias ó longo do tempo, teñamos en conta estes datos:

1607. Número de veciños das parroquias de Zas

Allo, O	3
Baio	45
Brandomil	24
Brandoñas	22
Carreira	27
Follente	12
Gándara	40
Lamas	30
Loroño	17
Mira	19
Muíño	22
San Cremenzo de Pazos	19
San Martiño de Meanos	40
Santa Sía de Roma	8
Santo Adrián do Castro	20
Vilar	20
Zas	16
TOTAL VECIÑOS	384

Fonte: visita do cardeal J. del Hoyo (1607).

**Veciño*: unidade fiscal familiar

Posiblemente un 60% ou un 70% dos lugares do actual concello de Zas xa existían cando o cardeal Jerónimo del Hoyo realizou en 1607 a súa documentada visita. Eran daquela, nas dezasete parroquias, 384 veciños; supoñendo unha media de entre catro ou cinco persoas por casa, a poboación total andaría polos 1 728 habitantes. Os datos facilitados por Del Hoyo permítennos, por exemplo, certificar o nacemento da parroquia de San Pedro do Allo nunhas terras ermas escindidas da súa veciña de Lamas: en 1607 só había tres veciños, a familia do fidalgo Afonso Gómez de Rioboo un deles. Como veremos, os outros lugares da freguesía terían o seu nacemento entre a segunda metade do séc. xvii e a primeira do xviii.

En 1607 tres eran as parroquias con maior número de veciños (Baio, Gándara e San Martiño de Meanos), pero vai haber cambios notorios nos séculos seguintes.

Ó longo do séc. XVII e, sobre todo, no XVIII, a poboación aumentou de maneira notable. Por exemplo, segundo os datos do Catastro de Ensenada (1753), Baio pasou de 45 veciños a 82; Loroño de 17 a 41; Vilar de 16 a 54; Mira de 19 a 32; Gándara de 40 a 60; Zas de 11 a 46. A densidade media andaría polos 40 hab./km². Estes séculos centrais da Idade Moderna foron propicios para a creación de novos lugares (por exemplo, os do Allo, pero non só). Tras un pequeno devalo, hai unha nova recuperación a finais do XVIII. Nestes baixóns tiveron moito que ver as épocas de peste e de epidemias.

Para a investigación toponímica tamén hai que ter en conta as familias fidalgas orixinarias deste territorio ou secularmente asentadas nel durante a Idade Moderna, onde construíron mansións señoriais máis ou menos ostentosas, os chamados *pazos* (aquí, máis ben, *torres*). Nalgúns casos estas liñaxes tomaron o apelido de estirpe das súas parroquias de orixe.

Os Moscoso —orixinarios das terras de Ordes; en concreto do lugar de Moscoso da parroquia de Ardemil— tiñan a primacía, e a maior parte das casas fidalgas asentadas na xurisdición de Vimianzo tiveron con eles, polo menos en orixe, unha relación de dependencia. Os Moscoso estableceron vínculos de sangue con boa parte desta fidalguía autóctona soneirá, case sempre por vía feminina, como sinalamos na nosa obra de carácter divulgativo *Os mellores pazos da Costa da Morte* (2001).

Os Rioboo procedían da Silvarredonda (Bergantiños), tomaron o seu apelido de San Martiño de Riobó (parroquia bergantiñá do arciprestado de Soneira) e construíron no Allo, nun soar cedido polos condes de Altamira, as Torres do Allo. Primeiro, a chamada *A Torre Vella* (“la *Thorre Viexa*”, no castelán dos documentos da época), a do lado norte, entre 1490 e 1512, obra ordenada por Afonso Gómez de Rioboo Vilardefrancos o Vello. Tiveron que pasar arredor de 170 anos para que un descendente seu, Gómez de Rioboo y Seixas Vilardefrancos, completase a obra coa construción da torre sur e un corpo central (entre 1669 e 1685). Esta familia procurou transmitir o nome de estirpe dos patrucios, *Gómez*, e tamén os apelidos: o de *Rioboo* mantívose do séc. XV ata a actualidade nesta familia.

É de interese toponímico salientar que case todas as aldeas da parroquia do Allo naceron entre os séculos XVII e XVIII en grupos de casas de colonos do couto señorial, aínda que sen ningunha dúbida foi a propia veciñanza a que lles foi dando os nomes (*A Cebola*, *O Pombal*, *Casas Novas*, *Regalados*, *Os Muíños do Allo*...) sen intervención dos amos.

Unha rama do apelido fidalgo dos Pazos era soneirá, orixinaria de Pazos, lugar compartido polas parroquias de Vilar (Zas) e Tines (Vimianzo). Os seus membros espalláronse pola xurisdición de Vimianzo como escribáns ó servizo dos meiriños da xurisdición de Vimianzo.

A rama máis importante dos Lamas tamén era soneirá, orixinaria de Santa María de Lamas. Segundo o libro das citadas M.^a P. Rodríguez e M. Vázquez (2021), no testamento de 1540 dun dos seus membros, Álvaro Núñez de Lamas, fillo de Antón Graíño de Viseo e de Costanza López de Lamas, indicase que os seus devanceiros

estaban enterrados en Cee, en Muxía e en Lamas. Uns anos antes, en 1527, este fidalgo fixérase co couto de Brandomil por medio dunha permuta coas monxas do mosteiro de Santa Clara de Santiago de Compostela, ás cales lles cedeu terras en Fisterra. Desde xeito, entre 1533 e 1540 funda os morgados de Sas e Brandomil. Mandou construír (ou reconstruír) a igrexa de Santo André de Zas, segundo a inscrición de 1543 da súa tumba, incrustada no presbiterio deste templo, onde tamén se conserva a da súa nai, esta do ano 1504. Nestes dous sartegos pétreos distínguense as armas dos *Lamas*, que se tomarían en 1985 como brasón principal do escudo oficial do Concello de Zas, por ser a única liñaxe autenticamente autóctona do municipio.

A Álvaro sucedeuno o seu fillo, Pedro Graíño de Lamas, que emparentou cos Altamira ó casar con Inés de Moscoso. A filla destes, Urraca de Moscoso e Lamas, casou por volta de 1620 con Diego Álvarez de Soutomaior. Fóronse unindo os descendentes con outras familias fidalgas galegas (os Carballido, Caamaño, Ozores...), de tal xeito que a finais do séc. XVIII o vinculeiro Joaquín de Sotomayor Haro y Lamas Caamaño..., que enumeraba nun documento unha restra de vinte apelidos, finou sen descendencia e o morgado pasou ó seu sobriño, Juan José Caamaño y Pardo, señor de Romelle e conde de Maceda. Nun libro de fábrica da parroquia de Zas hai unha copia de 1808 —que transcribimos no tomo III da nosa obra *A arte relixiosa na Terra de Soneira* (1993)— en que se detallan os poderosos recursos económicos deste persoeiro, “poseedor del Maiorazgo fundado pr. Dn. Álvaro Núñez de Lamas en el año de mil quinientos quarenta”.

Queda unha casa brasonada no núcleo primitivo de Zas —a casa de Esmorís ou casa da Torre— co escudo dos Lamas no primeiro cuartel. Debeu ser esta a “torre y palacio de *Saz*” que se cita na documentación do séc. XVI, e a “torre de Zas” anotada polo cartógrafo Domingo Fontán no seu caderno de campo en decembro de 1823. En cambio, na parroquia de Lamas desapareceu o escudo familiar da que se considera a casa matriz.

As Torres de Romelle (Loroño) foron a cabeza reitora dun importante couto señorial que no Antigo Réxime formou parte, xunto co das Hedreiras de San Martiño de Meanos, da xurisdición de Xallas; eran os dous coutos independentes administrados polo arcebispo de Santiago. Romelle foi a segunda residencia da poderosa familia fidalga dos Caamaño, orixinaria da parroquia de Caamaño (Santa María), no concello do Porto do Son, que chegou a formar parte do escolleito grupo nobiliar dos Grandes de España a mediados do séc. XVIII. A súa casa principal era a de Goiáns (Boiro). Na casa de Romelle —a maior parte do ano ó coidado dun meiriño— recollíanse as rendas dos seus vasalos da zona central da Terra de Soneira, parroquias na redonda de Zas e de Baio, na súa maior parte. Hoxe a mansión de Romelle conserva unha torre ameada que xustifica a súa antigüidade, xunto con formas arquitectónicas barrocas do séc. XVIII, unha capela dedicada a san Xoán e a san Xurxo e uns xardíns xeométricos cun chafariz na parte central; constitúe un dos pazos mellor conservados do ámbito da Costa da Morte.

Membros da familia Caamaño foron benfeitores do santuario da Virxe da Barca en Muxía. Un dos máis coñecidos desta liñaxe foi Juan José Caamaño y Pardo (Ferrol 1761 - Madrid 1819), IX conde de Maceda, señor de Romelle e intelectual ilustrado. Os Caamaño exercían no Antigo Réxime o dereito de presentación dos párrocos de varias parroquias da redonda de Zas (Loroño, Santo Adrián do Castro, Vilar e Zas) e eran bastante remisos a manteren en bo estado as capelas maiores destas igrexas, como estaban obrigados; na nosa obra *A arte relixiosa na Terra de Soneira* (1993) documentamos un preito dos veciños de Vilar contra o propio Juan José Caamaño que durou trinta anos: de 1786 a 1817.

O lugar das Hedreiras —que eclesiasticamente pertence á parroquia de Santo Adrián do Castro e civilmente á de San Martiño de Meanos—, foi centro dun pequeno couto señorial que no Antigo Réxime contaba con xurisdición propia. Nas Torres das Hedreiras —un pazo cunha capela dedicada á Virxe do Rosario (fundada en 1738)—, confluíron os apelidos fidalgos comarcáns dos Vermúdez e dos Leis. No séc. XVII, Luísa Vermúdez —señora das Hedreiras e Mira— casa con Martín Rodríguez de Leis, vinculeiro da casa de Boallo (Berdoias). Tal como relatamos no noso libro *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000)* (2006), na xeración seguinte María Quiteria Vermúdez de Castro casará con Francisco de Leis Vilardefrancos, da casa de Soesto. O seguinte herdeiro foi Rodrigo Sancho de Leis, que casara en 1746 con Josefa de Santiyán y Valdivieso, fidalga da vila de Santillana de Piélagos (na actual Cantabria; daquela aínda do reino de Castela); esta dama contribuíu a introducir na zona os nomes *José* —levouno o seu fillo máis vello— e *Josefa*. A finais do séc. XIX, os Leis quedaron sen descendencia e este pazo e todas as propiedades foron herdadas pola familia Blanco-Rajoy, oriúnda de Verín.

Pouco queda hoxe da antiga grandeza das Torres de Muíño: tan só un edificio transformado en cabanote pola familia labrega que o adquiriu na segunda metade do séc. XX á aínda hoxe coñecida como A Casa do Conde, no lugar do Couto, aldea que tomou este nome precisamente do couto señorial de Muíño. Nos restos desta antiga mansión aínda se observa na parte baixa unha pequena porta rematada en arco semiapuntado de grandes doelas, característica do gótico de finais do séc. XV e principios do XVI.

Carlos Martínez-Barbeito, na súa obra *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña* (1978), dá unha relación das familias fidalgas que habitaron esta casa: o primeiro posuidor do que se ten noticia foi Gonçalo de Paços, citado polo visitador Jerónimo del Hoyo en 1607, casado con Isabel Romero de Moscoso. Como revelan os escudos do interior da igrexa parroquial de San Tirso de Muíño e da fachada da ermida de Santa Margarida (esta no lugar da *Santa*), nesta estirpe xuntáronse os apelidos fidalgos dos Pazos, Romero, Moscoso, Figueiroa e Ozores, entre outros. Polos enlaces matrimoniais entre a nobreza, esta casa acabaría nos dominios dos marqueses de San Martín de Hombreiro, forma pseudocastelanizada do topónimo galego *Ombreiro* (San Martiño), do concello de Lugo.

A existencia desta importante casa señorial motivou que *Moyño* fose dos poucos topónimos que figuraban nesta comarca nos máis antigos mapas de Galicia, como o de Fernando Oxea (1598, 1603), Tomás López (1784), Domingo Fontán (1834) etc.

Outras casas fidalgas ou afidalgadas do concello de Zas son as seguintes: en Fornelos (Baio), a casa do Vao, dos López, que foron cabezaleiros dos Caamaño de Romelle ata finais do séc. XIX. En Baio, a casa do escritor Enrique Labarta Pose (1863-1925), construída no séc. XIX; seica a súa nai, Ramona Pose, veciña de Soesto, descendía dos Andrade. No Allo, a casa de Xerne, construída no último terzo do séc. XVI por Martín de Samoedo Caamaño, que procedía da casa de Carrabete (Serantes, Laxe). En San Cremenzo de Pazos está a casa de Daneiro, fundada no séc. XVI por Fernando García de Gomarís, veciño de Lamas; un dos seus fillos, Fernando García de Daneiro, instituíu en 1616 o vínculo de Daneiro. En Follente (Mira) unha casona conserva a peza armeira do que foi o pazo de Follente, cos brasóns dos Figueiroa, Leis e Caamaño; en 1565 fidalgos das casas de Follente, Zas, Romelle e Cícere fundaron a confraría da ermida de San Roque do Monte. A principios do séc. XIX era propiedade de Antonio Loriga, importante político liberal amigo e correligionario de Domingo Fontán, quen a mediados de decembro de 1823 se refuxiou nesta mansión para logo iniciar o percorrido cara á costa na procura do perfil marítimo da que logo se chamaría *Carta geométrica de Galicia* (1834).

Pasando xa á Idade Contemporánea, como a maior parte dos municipios españois, o concello de Zas conformouse como entidade política en 1836, a raíz das reformas administrativas iniciadas polos gobernos liberais despois da morte en 1833 do rei absoluto Fernando VII. Como xa dixemos, ata daquela as dezasete parroquias que despois integrarían o concello de Zas pertencían á xurisdición de Vimianzo (dez), á de Soneira (catro) e á de Xallas (dúas); O Allo gozaba de xurisdición propia, aínda que era acumulativa á de Vimianzo.

Fernando VII fora o derradeiro monarca español do cal se citaba o seu nome seguido dunha longa enumeración de todos os reinos que estaban baixo o seu dominio, entre eles o reino de Galicia. En 1833, o Goberno liberal liquidou toda referencia ós antigos reinos e dividiu o Estado español en 49 provincias para facilitar a administración e, tamén, a centralización do poder político. Galicia queda dividida en catro, as actuais: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. No Antigo Réxime eran sete, e a de Santiago ocupaba case toda a fachada atlántica. Agora A Coruña vai ocupar boa parte do territorio da de Santiago, cidade “castigada” polos novos gobernantes por estar dominada por un arcebispo ultraconservador e por un clero carlista; en contrapartida, a cidade coruñesa —que antes tiña unha das provincias máis pequenas— verase “premiada” por ser un dos máis importantes bastións liberais de toda España.

En 1834 créanse os partidos xudiciais. No ámbito das comarcas da actual Costa da Morte foron os seguintes: Muros, Corcubión e Carballo. Sábese que as xurisdicións de Soneira e Vimianzo protestaron considerando que, polo menos Vimianzo, debería ser cabeza tamén de partido. Non houbo marcha atrás.

Desde os despachos da Coruña, a capital da provincia da cal pasou a depender o partido de Corcubión (non se tiveron para nada en conta as antigas comarcas), o Gobernador civil e a Deputación empezaron a pensar en como facer a división municipal. Segundo afirma Xesús Jurjo Lado nun excelente traballo de investigación sobre a creación dos concellos do ámbito da Costa da Morte que publicou en 2018, primeiro escolleron como cabeceiras de concello as vilas ou entidades de poboación importantes —moitas delas que xa tiveran concello no Antigo Réxime— e logo foron engadindo parroquias ó seu arredor.

Deste xeito, nesta zona noroccidental, os primeiros concellos foron os de Muros, Outes, Corcubión, Fisterra, Muxía, Camariñas, Vimianzo e Malpica. Nunha segunda fase quedaban por agrupar moitas parroquias rurais que non contaban con ningún núcleo de poboación de referencia, pois nelas non había ningunha vila, nin grande nin pequena. Con estes parámetros naceron os concellos de Mazaricos, Dumbria, Cabana, Coristanco e Zas. Nestes casos escolleuse a parroquia que quedaba máis céntrica ou que contaba con mellores vías de comunicación coa capital do partido ou coa capital provincial. En abril de 1836 publicouse a relación de municipios da provincia da Coruña coas parroquias asignadas a cada un. Tamén se abriu un período de alegacións, que deron lugar ó nacemento dos concellos de Cee e Carnota, inicialmente esquecidos.

Como ben afirma Jurjo Lado no traballo citado: “desta forma tan pouco heroica se deseñaron os municipios, nun despacho [da Coruña, neste caso], sen a participación activa dos veciños”. O galeguismo histórico sempre atacou a división municipal efectuada desde despachos capitalinos con moi escasa información. Os galeguistas criticaron expresamente que se prescindise da parroquia, institución milenaria en Galicia, á cal non se lle deu ningún protagonismo político.

A configuración do concello de Zas é un bo exemplo desta arbitraria división municipal: o seu perímetro semella unha pedrafita ou fuso excesivamente longo, disposto de norte a sur, con parroquias do val do río do Porto e outras do val do Xallas que durante séculos apenas tiveron relación entre si. Doce parroquias conforman a parte norte e só catro as do sur, separadas por unha zona montuosa. Como xa adiantamos, hai 22 km de distancia en liña recta entre as parroquias setentrionais de Baio e O Allo e as meridionais de Brandomil e Brandoñas; durante séculos estiveron practicamente incomunicadas entre si, pois ata as dúas últimas décadas do séc. xx non se abriu unha estrada local que as conectase.

Poucos anos despois da creación dos concellos, en 1850, no tomo 16 do *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar* (1845-1850) de Pascual Madoz (en adiante *Diccionario* de Madoz) indicábase que a poboación cabeceira do concello de Zas distaba 10 leguas (uns 56 km) da Coruña, pero que o correo se recibía por Santiago, sinal de que a comunicación era mellor coa antiga capital provincial. “Pasa por el centro y por los puertos (sic) de Villar y Zas el camino que, desde los puertos de Lage y Camariñas se dirige a Pontevedra, el cual así como los locales está mal cuidado”. Precísase que o municipio estaba situado na marxe esquerda do “río del Puerto” (non se cita o Xallas) e que o terreo

era de mediana calidade. As producións máis comúns eran os cereais, as patacas, o liño, os legumes e as froitas; criaba gando vacún, cabalar, mular, lanar e cabrío; había caza e pouca pesca. No tocante á industria: a agrícola e muíños fariñeiros, teares e oficios de primeira necesidade. As dezasete parroquias (aínda non se suprimira a de Follente) xuntaban 640 casas nas aldeas “diseminadas por el distrito”; a poboación total era de 606 veciños e 2 888 habitantes.⁶ O orzamento municipal era de 9 950 reais.

Segundo os datos do Madoz, a parroquia de Zas só tiña, en 1850, 128 habitantes; era, polo tanto, unha das de menor poboación. Así e todo, a de Baio, que hoxe é a máis populosa do municipio (arredor de 1 200 habitantes), só contaba daquela con 298. Tiñan máis poboación San Martiño de Meanos (395), Lamas (364) ou Brandomil (339). Polo tanto, a situación céntrica de Zas no territorio acoutado foi fundamental para a súa elección como cabeceira municipal. Con anterioridade, en 1820, seica xa houbera un primeiro intento de municipalización en que se barallaran como concellos O Allo, Zas e Muíño.

O progreso de Baio fronte ás outras parroquias só ten os seus inicios a finais do séc. XIX e a principios do XX. Seguramente se debeu a que nesta parroquia confluíron dúas importantes vías de comunicación: a estrada xeral da Coruña a Fisterra —en 1853 constrúese a ponte de Baio— e a de Santiago a Camariñas —en 1897 constrúese a Ponte Lodoso na Cacharosa—. A existencia dunha importante feira comarcal, a *feira de Baio* —chamada así, pero situada no veciño Bamiro (Vimianzo)— foi sen dúbida o factor económico clave para que estas estradas confluísen nesta parroquia. Contra 1928, Eugenio Carré Aldao apreciaba este crecemento baiés:

[Baio] es la más poblada del ayuntamiento, y en ella hay teléfono, fábrica de aserrar maderas, farmacia y alquiler de automóviles pues es el puesto de enlace de la carretera de Santiago a Camariñas con la de Fisterra.

Esta foi a evolución demográfica do concello desde mediados do séc. XIX:

1845-1850. Veciños e habitantes do concello de Zas

	Veciños	Habitantes
Allo, O	38	188
Baio	48	298
Brandomil	41	339
Brandoñas	30	156
Carreira	35	203

6 Con todo, no cómputo que fixemos —coa axuda de E. Domínguez— parroquia a parroquia seguindo os propios datos deste *Diccionario* dános un total de 647 veciños e 3 748 habitantes.

Follente	15	98
Gándara	42	238
Lamas	59	364
Loroño	38	248
Mira	28	123
Muíño	20	150
San Cremenzo de Pazos	49	218
San Martiño de Meanos	79	395
Santa Sía de Roma	16	96
Santo Adrián do Castro	37	247
Vilar	46	249
Zas	26	128
TOTAL	647	3 738

Fonte: E. Domínguez e X. M.^a Lema (a partir dos datos do *Diccionario* de Madoz).

**Veciño*: unidade fiscal familiar

Este cadro sérvenos para calibrar o número de veciños e de habitantes de cada parroquia poucos anos despois da creación do Concello de Zas. Observando os datos do *Diccionario* de Madoz (1845-1850), xeralmente bastante ben informado pola nova burocracia que goberna os concellos, podemos asegurar que na altura xa existía arredor do 90 % dos núcleos de poboación actuais do concello de Zas.

Segundo os estudos do xeógrafo francés Abel Bouhier (1979), a poboación do concello de Zas incrementouse dun 27 a un 55 % entre 1753 e 1860. Particularmente apréciase o incremento notable da parroquia do Allo, unha vez que conta xa cos veciños-colonos dos lugares creados nos séculos XVII e XVIII (daquela aínda non se lle incorporara Xerne). Como xa adiantamos, as parroquias con maior poboación eran, por esta orde, San Martiño de Meanos, Lamas, Brandomil e Baio. Se as cifras son certas, a poboación dalgunhas parroquias parece que se reduciu con respecto a cen anos antes, sobre todo en Baio (que pasa de 82 veciños a 48), Gándara (de 60 a 42) e Zas (de 46 a 26). En todo caso, vemos que na época da constitución do Concello ningunha parroquia destacaba en número de habitantes.

Seguindo a Bouhier, a poboación do concello baixaría algo entre 1887 e 1897, pero volvería aumentar entre 1897 e 1910 (entre un 6,5 e un 13 %). Con respecto a 1850, a poboación total aumentou en case dous mil habitantes. Todas as parroquias incrementaron a súa poboación, pero xa empeza a destacar Baio cos seus 705 habitantes, unha vez aberta a estrada de Santiago de Compostela a Camariñas, que empata coa da Coruña-Fisterra no lugar baiés da Cacharosa, que nace na segunda metade do séc. XIX. Follente supríñese como parroquia eclesiástica e incorpórase a Mira, e O Allo recibe o lugar de Xerne, en detrimento de Lamas (a única freguesía que agora perde algo de poboación).

Habitantes das parroquias de Zas

	1900	1950	2001	2023
Allo, O	234	254	153	156
Baio	705	1072	1 327	1 209
Brandomil	525	616	368	209
Brandoñas	227	301	131	68
Carreira	336	398	266	152
Gándara	552	719	550	326
Lamas	352	537	418	275
Loroño	319	392	256	161
Mira (+ Follente)	244	457	304	186
Muíño	267	419	348	224
San Cremenzo de Pazos	293	403	262	162
San Martiño de Meanos	583	890	685	397
Santa Sía de Roma	159	182	121	64
Santo Adrián do Castro	228	271	170	126
Vilar	390	454	304	190
Zas	349	648	497	403
TOTAL	5 733	8 004	6 160	4 308

Fonte: E. Domínguez Rial (www.ine.es)

A poboación segue aumentando ó longo do séc. xx. Entre 1940 e 1950 dáse un incremento de preto dun 15 %, debido, sen dúbida, ás restricións para a emigración ditadas polo goberno de Franco na primeira década da posguerra. Tomando como referencia os cen anos que van de 1850 a 1950, o incremento poboacional oscila entre un 50 e un 90 %. Segue crescendo a poboación do concello ata 1970, ano en que se acada a cifra máxima de 8 471 habitantes, que non se volverá repetir; Baio, a parroquia que máis crece, chega ós 1 231 habitantes; en segundo lugar, con 933, sitúase San Martiño de Meanos, seguido por Gándara (793), Brandomil (694) e Zas (626).

Na década de 1950 os caseiros encargados do coidado das Torres do Allo abandonan e este edificio queda deshabitado; pouco despois tamén queda sen moradores o lugar do Allo (tamén chamado *O Curro*). Así mesmo, a finais da década de 1960 e a principios da de 1970, o dono do couto e pazo de Daneiro (San Cremenzo), desexando destinar á explotación forestal o monte denominado *A Calabanda* (parroquia de San Cremenzo), mediante indemnizacións deixou deshabitados lugares como *A Cotela* e *A Calabanda* (este tamén chamado *A Pedra que Tangué*).

Na zona sur, coa construción do encoro da Fervenza no leito do río Xallas, en 1966 varios lugares da parroquia de Brandoñas (O Barral, O Pego, Vilanova e Vilarcovo) quedaron asolagados polas augas. Os seus moradores tiveron que asentarse noutros lugares, parte deles na mesma parroquia; outros emigraron a outras de fóra do concello e mesmo da comarca.

A partir de 1970 iníciase un forte retroceso poboacional en que hoxe se está inmerso, pois acrecentouse no que levamos do séc. XXI. É unha situación moi preocupante, pois a poboación total descendeu de 6 160 habitantes en 2001 a 4 308 en 2023; un descenso de arredor do 28,6%, a cifra máis alta dos últimos 125 anos. Soamente se mantén o número de habitantes do Allo; iso é debido ó novo núcleo do Regueiro do Allo, que practicamente é unha prolongación de Baio, parroquia que tamén vai perdendo poboación, aínda que non tanto coma, por exemplo, a capital municipal, que queda con tan só 403 residentes.

A fala do concello de Zas, segundo o filólogo Xosé M.^a Rei Lema na obra colectiva *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte* (2010), é basicamente a do interior da Terra de Soneira —a costeira, da ría de Camariñas, ten unhas particularidades especiais— e encádrase dentro do bloque occidental de falas galegas, concretamente na chamada área fisterrá norte (B) e subárea do Xallas (B-1), segundo a clasificación establecida por Francisco Fernández Rei en *Dialectoloxía da lingua galega* (1990), que comprende os falares que quedan entre Laxe-Santa Comba-Muros e a costa (practicamente toda a Costa da Morte). Estes son algúns dos seus principais trazos definitorios:

En primeiro lugar, a gheada, fenómeno fonético que consiste na realización do fonema oclusivo velar sonoro [g] como aspirado (*ghato* por *gato*, *Ghomarís* por *Gomarís*, *Ghandra* por *Gánd(a)ra*, *A Pirogha* por *A Piroga*). Cando o g vai precedido dun n, o máis habitual é que se produza un enxordecemento do [g], que pasa a [k] (*dominco* por *domingo*, *Lanqueirón* por *Languerón*, *Pedra que Tanque* por *Pedra que Tangué*, *Reghenco* por *Reguengo*). Estas características non teñen reflexo na grafía dos topónimos.

Outro trazo característico é o seseo (substitución do fricativo interdental xordo [θ] polo alveolar [s]). No concello de Zas e na Terra de Soneira danse os dous tipos de seseo, tanto o implosivo (en posición final de sílaba; ex.: *lus*, *felis*, *Gomarís*, *Vilaesteves*...) coma o explosivo (en posición inicial de sílaba; ex.: *sinco*, *faser*, *Pedrouso*, *A Sebola*, [*Santa*] *Sía*). Este último é o que distingue a fala soneirá da

bergantiñá, pois o seseo total en Bergantiños só se detecta nas parroquias do concello de Laxe e nas do sur do de Cabana, que casualmente formaron parte da Soneira histórica. Dalgún xeito, en poboacións vilegas como Zas ou Baio hai certa fuxida do seseo implosivo nas xeracións máis novas. En casos como *Gomarís* e *Santa Sía* esta característica ten reflexo nas súas grafías.

O cheísmo, é dicir, o uso do pronome *che* tamén como complemento directo (“vinche onte” por “vinte onte”), é outro trazo lingüístico característico do concello e da comarca; ó igual que o uso do ditongo *-ui-* no canto de *-oi-* (*nuite*, *cuiro*, *enxuito*), a terminación *-án(s)* tanto para masculino coma para feminino (*meu irmán*, *miña irmán*; *Vilachán*). Ademais atopamos esporadicamente a despalatalización do *x* [j], pronunciado como *s*: *seito* por *xeito*; *A Gris* por *A Grix(ã)*, a palatalización do *s* final de sílaba, pronunciado como un *x* (*as casax* por *as casas*, *O Sixto* por *O Sisto*), ou a palatalización do *a* átono (*Cæmeriñæs* por *Camariñas*, *Brændomil* por *Brandomil*).

En canto ó léxico, hai unha serie de palabras —recollidas no *Vocabulario de Soneira* (2000) de Francisco Romero Lema nas décadas de 1960 e 1970— que, por non se atoparen rexistradas nos dicionarios, parecen case exclusivas da Terra de Soneira e comarcas lindeiras. Estas son algunhas delas: *abruito*, *acirizarse*, *adaxo*, *alándoa*, *ardume*, *arrinchado*, *broco*, *cachorizo*, *carrica*, *cascarrubia*, *chafrear*, *chilón*, *contenta*, *empexegar*, *folercha*, *forriña*, *gavada*, *marronda*, *noto*, *ofreza*, *pincaouro*, *pulla*, *quenlleira*, *rabasada*, *ragar*, *raño*, *relo*, *relouzada*, *retroso*, *soina*, *tirabogas*, *veiro*, *vellamorta*, *ventosil* etc. Non rexistramos ningunha na toponimia maior, pero é posible que apareza algunha na microtoponimia.

En canto ós apelidos detoponímicos, segundo a *Cartografía dos Apelidos Galegos* (CAG) o primeiro do concello de Zas é *Rial*, que ocupa o 6º lugar entre os máis frecuentes —os cinco anteriores son patronímicos— con case 300 portadores (o 2,5% do total); a continuación veñen *Lema* (8º lugar, con 243 portadores), *Castiñeira* (13º lugar, con 192 portadores), *Castro* (22º lugar, 143 portadores), *Moreira* (24º lugar), *Antelo* (25º), *Souto* (26º) e *Caamaño* (30º).

De todos eles, *Rial* é o único que sen dúbida procede do propio concello (as aldeas de *Rial de Arriba* en San Martiño de Meanos, e *Rial de Abaixo* en Santo Adrián do Castro). Sospeitamos que os apelidos *Castro* —que levan unhas 140 persoas no municipio— e *Moreira* —que levan unhas 130— proceden dos lugares do mesmo nome de San Cremenzo e Gándara, respectivamente. Por outra parte, *Es-pasandín* é un apelido case exclusivo do concello de Zas (ocupa o 4º lugar, con 337 ocorrencias), que ten a súa orixe nun lugar da parroquia de Cícere (Santa Comba). No concello tamén está moi presente o apelido *Mira*, orixinario da parroquia zassense do mesmo nome ou dunha aldea de Coristanco.

No tocante ós xentilicios, os únicos de certo uso popular son *soneirán* para Soneira (comarca), *baiés* para Baio, *fornelán* para Fornelos, *romellán* para Romelelle, *brandomilés* para Brandomil, *vilarés* para Vilar. Para Zas, aínda que apenas é

usado na fala, acabouse impoñendo por medio da prensa o xentilicio *zasense*, que en textos eruditos —suxerimos— ben podería alternar con outros de raiceira culta, como *sacense* (< de Saz, a forma histórica que se mantivo do séc. XIII ata mediados do século XVIII) e mesmo *salicense* (< lat. SALICE), en base ó seu posible étimo. Son simples suxestións nosas, pois nunca ninguén os utilizou.

Agradecementos

A Fernando Cabeza Quiles, que tivo a paciencia de darlle a primeira revisión a todo o texto, asesorándome e aconsellándome en todo momento; a Evaristo Domínguez Rial, coautor comigo de *Zas polo miúdo* (2020), polo seu asesoramento nos apartados da introdución xeográfica, principalmente; a Xosé M.^a Rei Lema, no apartado das características básicas da fala; a Ramón Romar López, polas súas proveitosas achegas documentais; á Fundación Brandomil (e, particularmente ó seu secretario Enrique Eduardo Iglesias) por poñer á miña disposición o seu valioso fondo documental; ós arquiveiros Pablo Sanmartín e Damián Porto; ó xornalista Santi Garrido, e a Carmen Mira, Roque Cernadas, Álvaro Rama, Ramón García (Moncho de Penedo) e Denis Lema por informacións puntuais; a Tania Carreira e a Vítor H. Brandalise por algunhas fotos. A título póstumo, a Roberto Mouzo Lavandeira, polas súas fotos e mapas; a Fidel Fernández Bello (párroco de San Cremenzo de Pazos e de San Pedro do Allo), polas súas informacións, e a Juan López Bermúdez, médico de Toba (Cee), que no seu día me facilitou as copias que pacientemente realizara de “apeos, servicios y derechos” dos condes de Altamira do ano 1592; dada a súa sona de home culto e erudito confiamos plenamente na fiabilidade das súas transcricións.

Agradecemento tamén ós meus compañeiros e compañeiras do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, que me prestaron asesoramento na procura de atestacións e na resolución dos étimos dos topónimos máis conflictivos. Dunha maneira especial a Luz Méndez, pola procura de recortes das atestacións.

Finalmente, como non podía ser menos, ás persoas expertas en toponimia da Asociación Galega de Onomástica (AGOn) que corrixiron con todo rigor o borrador inicial deste traballo.

Explicación dalgúns termos

aférese: s. f. Perda dunha vogal, dun fonema ou dunha sílaba en posición inicial de palabra. Exemplo: o <i> de *igreja* en *A Gris*.

antropónimo: s. m. Nome propio de persoa.

antropotopónimo: s. m. Topónimo orixinado por un nome de persoa. Exemplo: *A Vicenta*.

aposición: s. f. Son compostos por aposición os topónimos en que un substantivo acompaña outro substantivo sen nexo de unión. Exemplo: *Fonte Espiño*, *Pedra Padreiro*.

cognado: s. m. Palabra que ten a mesma orixe etimolóxica ca outra. Exemplo: os topónimos galegos *Vilachá*, *Vilachán* e o portugués *Vila Chã*.

cognome: s. m. Entre os antigos romanos, sobrenome ou segundo apelido dado a un individuo como elemento distintivo da rama da familia á que pertencía. Exemplo: *Brutus* en *Decimus Iunius Brutus* ‘Décimo Xunio Bruto’.

corónimo: s. m. Tipo de topónimo que designa unha entidade superior a un núcleo de poboación: un país, un territorio, unha comarca, unha xurisdición etc. Exemplo: *Soneira*.

deglutinación: s. f. Aférese dun elemento inicial dunha palabra considerado un artigo ou elemento de composición. Exemplo: o topónimo *A Calabanda* orixinouse por deglutinación.

detoponímico, -a: adx. De orixe toponímica. Exemplo: apelidos como *Carreira*, *Lamas*, *Pazos*, *Seixas*, *Vilar*.

despalatalización: s. f. Acción de despalatalizar ou de lle quitar a un fonema un trazo palatal. Exemplo: *A Gris* é o resultado da despalatalización do *x* de *A Grixá*.

disimilación: s. f. Proceso polo cal dúas vogais ou consoantes iguais presentes en distintas sílabas tenden a diferenciarse, alterando a articulación dunha delas (*Ramiro* > *Ramilo*) ou nalgúns casos facéndoa desaparecer (lat. *proprio* > gal. *propio*). O fenómeno contrario é a asimilación, como acontece no topónimo *Arca*, en que se suxire un étimo con asimilación (*aRcal* > *aRcaR*).

epónimo: s. m. Topónimo que ten a súa orixe no nome dunha persoa. Exemplo: *A Vicenta, Vilar Ramilo*.

étimo: s. m. Palabra que se considera orixe doutra. Exemplo: en toponimia, *Vilar* < do latín VILLARE. Cando un étimo é hipotético, xa que non hai constancia da existencia desa forma, indícase cun asterisco (*): *Mira* < raíz prerromana **mir-* ou **miro*.

etimoloxía: s. f. Disciplina lingüística que estuda a orixe e a historia da forma e o significado das palabras. *Etimoloxía popular*: interpretación que adoita dar a xente da orixe dalgúns topónimos pola súa analoxía con nomes comúns. Exemplo: para moitos veciños do lugar, *Brandomil* vén de *brando*, debido ó terreo mol en que se asentan as casas.

etnotopónimo: s. m. Nome de lugar que ten a súa orixe nun grupo étnico. Exemplo: *Soneira* < **Sub Neria*; *Neria* ‘país dos nerios’. *Etnónimo* sería o nome dun pobo ou grupo étnico; por exemplo, os *nerios*.

fitotopónimo: s. m. Nome de lugar que ten a súa orixe no mundo vexetal: plantas, arbustos, árboles etc. Exemplo: *As Hedreiras, Sobreira*.

gótico: s. m. Lingua da rama do xermánico oriental falada polos godos.

haxiotopónimo: s. m. Topónimo que debe a súa orixe a un santo ou unha santa ou a cultos relixiosos. Exemplo: os lugares da *Gris, A Santa, San Cremenzo, San Martiño, Santa Sía, Santo Adrián*.

hidrotopónimo: s. m. Topónimo que se refire a un elemento xeográfico relacionado coa auga. Exemplo: *A Lagoa, Mira*.

haploloxía: s. f. Omisión anómala dun son ou dunha sílaba na pronuncia por causa da súa semellanza ou igualdade con outra contigua. Exemplo: *paralepípedo* no canto de *paralelepípedo*; *Sía* por *Sesía* / *Cecía*.

hodotopónimo: s. m. Topónimo que fai referencia a vías de comunicación. Exemplo: *Carreira*.

indoeuropeo, -a: adx. Lingua prehistórica ou hipotética reconstruída polos lingüistas a partir de comparación das linguas que supostamente proceden dela.

litotopónimo: s. m. Topónimo que fai referencia ás pedras. Exemplo: *As Seixas, Pedramaior*.

macrotopónimo: s. m. Nome dunha entidade de poboación. Tamén denominado *topónimo maior*. Exemplo: *Artón, Baio, Follente, Teixidón, Rial, Zas*.

metáfora: s. f. Figura de dicción mediante a cal se identifican dous obxectos distintos que gardan unha certa relación de semellanza, sen comparación expresa. En toponimia hai metáforas en que se dá unha transferencia dun nome anatómico á natureza, ben relativo ó corpo humano (*cabeza, pé, gorxa*) ou dun animal (*bico, pico*). Exemplo: *Bico* / *Pico de Meda*.

metátese: s. f. Fenómeno fonético que consiste no cambio de lugar dalgún fone-
ma na palabra ou na cadea falada. Exemplo: **probe* por *pobre*; *Forxán* por *Froxán*.

microtopónimo: s. m. Nome xeográfico que designa calquera elemento xeográfico non habitado. Exemplo: os nomes das leiras, como *A Milleira*, *Su a Agra*. Tamén se denomina *topónimo menor*.

orotopónimo: s. m. Topónimo que se refire a formas de relevo do terreo, características do solo etc. Exemplo: *A Costa*, *(O) Penedo*, *Vilachán*, *Vermello*.

palatal: adx. Relativo ó son que se articula en calquera punto do padal e, máis propiamente, da vogal ou consoante que se pronuncia achegando o dorso da lingua á parte correspondente do padal duro, como o *i* ou o *ñ*.

palatalización: s. f. Acción de palatalizar ou dar a un fonema un son palatal.

poseedor, *-ora*: s. Persoa que posúe, propietario. En toponimia son habituais aqueles poseedores do Baixo imperio romano ou da Alta e Baixa Idade Media que deron orixe a nomes de lugar. Exemplo: *Vilar Ramilo*.

postónico, *-a*: adx. Dise da vogal, da sílaba ou de calquera elemento que vai despois da sílaba forte ou tónica.

praenomen ou *prenome*: s. m. Nome propio dunha persoa, anteposto ó xentilicio dos romanos. Exemplo: *Decimus* en *Decimus Iunius Brutus* ‘Décimo Xunio Bruto’.

pretónico, *-a*: adx. Dise da vogal, da sílaba ou de calquera elemento que vai antes da sílaba forte ou tónica.

replicante (topónimo): s. m. Aplícase ó topónimo xurdido por semellanza ou por oposición a outro xa existente. Exemplo: *A Cebola* en relación co *Allo*; *Baio Pequeno* en relación con *Baio*.

rexesto: s. m. Resumo do contido importante dun documento, con indicación dos elementos útiles para o seu recoñecemento: data, nome do autor, destinatario, obxecto do acto etc.

síncope: s. f. Desaparición dun son vocálico no interior dunha palabra. Exemplo: *Gándara* > *Gandra*.

tombo: s. m. Códice medieval en que eran copiados os documentos máis antigos de igrexas e mosteiros para seren usados con frecuencia. Exemplo: o tomo de Toxos Outos.

toponimia: s. f. 1. Disciplina que estuda os topónimos ou nomes de lugar. 2. Conxunto dos nomes de lugar dun territorio determinado.

topónimo: s. m. Nome propio de lugar. *Topónimo maior* = *macrotopónimo*. *Topónimo menor* = *microtopónimo*.

unicum: s. m. Nome de lugar do cal só existe un, que non se repite en todo o territorio. No concello de Zas hai varios: *Angradalla*, *Artón*, *Beizana*, *Brandomil*, *A Churía*.

vulgarismo: s. m. Palabra, dito ou frase usados na fala que non coinciden coa norma académica dunha lingua. Exemplo: **Dovesa* por *Devesa*.

xentilicio: s. m. Nome dado ós habitantes dun lugar, xeralmente formado por derivación a partir do topónimo. Exemplo: de Baio, *baiés*; de Romelle, *romellán*; de Soneira, *soneirán*; de Zas, *zasense*.

xermánico, -a: adx. Relativo ou pertencente á rama do indoeuropeo da cal proveñen o inglés, o alemán, as linguas escandinavas e a antiga lingua chamada gótico. O elemento xermánico da toponimia galega é medieval e chegounos principalmente a través de nomes persoais suevos ou visigodos.

zootopónimo: s. m. Topónimo que se refire á fauna: animais domésticos, salvaxes, aves, insectos, réptiles, batracios etc. Exemplo: *As Abellas*.

Parroquias e lugares do concello de Zas

A nosa investigación centrouse na relación de parroquias (16) e lugares (115) do concello de Zas que transcribimos a continuación, tal como aparecen por orde alfabética no *Nomenclátor de Galicia* de 2003 (NG2003). *Brandoñas* e *Muiño* non existen como lugares, só son nomes de parroquias; con elas, pasamos a un total de 117 topónimos maiores.

A esta relación incorporamos doce topónimos máis —indicados en cursiva—, que serán incluídos na próxima edición do *Nomenclátor de Galicia*. Así mesmo, tamén se sinalan en cursiva cinco lugares que se modificarán en posteriores edicións do nomenclátor, como *Beizana* (que figuraba no NG2003 como *Baizana*), *Santo Adrián do Castro* (que figuraba como *Santo Adrián de Castro*), *Os Muiños do Allo* (que figuraba como *Os Muiños*), *A Calabanda* (de Brandomil, que figuraba como *Acalabanda*) e *Fonte Espiño* (que figuraba con artigo: *A Fonte Espiño*).

Cómpre sinalar que arredor de trinta e dous destes topónimos son únicos en Galicia, polo menos como topónimos maiores, segundo o NG2003.

Á listaxe xeral incorporamos nove topónimos correspondentes a lugares que quedaron deshabitados e/ou abandonados por diversas circunstancias. Todos teñen a súa historia, uns porque foron centros de escavacións mineiras —xa desde época romana (como *Vilarcovo*)—, outros porque dan testemuño de feitos da historia local, como as aldeas de Brandoñas que desapareceron baixo as augas do encoro da Fervenza, que se construíu no curso do río Xallas en 1966; ou as de San Cremenzo, cando os seus veciños foron desafiuzados polo propietario do couto de Daneiro nas décadas de 1960 e 1970.

No NG2003 figuran lugares que en realidade son o que nesta comarca denominamos *rueiro*: “grupo de casas que forman un conxunto separado das outras do lugar ou da vila”, segundo a primeira acepción do DRAG. Varios teñen certa entidade, como algúns da parroquia de Baio que xa figuraban no NG2003 (como *O Chamberín*, *O Campo do Rollo*). Non introducimos outros rueiros de Brandomil como *A Altamira*, *A Taina* ou *O Trapeso*, que tampouco rexistra o NG2003.

Finalmente, analizamos tamén os nomes de vinte e tres espazos xeográficos de interese: o propio nome da comarca, antigas xurisdicións señoriais, serras e montes,

ríos e pontes, sitios arqueolóxicos que deixaron pegada toponímica (monumentos megalíticos, castros, ruínas de castelos), ermidas, pedras senlleiras, áreas naturais etc.

En total, a nosa investigación abarcou 147 topónimos.

Recoñecemos que o estudo dalgúns nomes de lugar pode resultar excesivamente extenso. A causa que o explica é que procuramos reunir toda a información posible sobre eles, a xa existente e algunha nova: atestacións, datos históricos de interese, as diversas teorías sobre as súas etimoloxías etc. Pensamos que topónimos de orixes tan discutidas nalgúns casos e de notable historia noutros, como *O Allo*, *Baio*, *Brandomil*, *Brandoñas*, *San Cremenzo de Pazos*, *San Martiño de Meanos*, *Santa Sía de Roma*, *Santo Adrián do Castro* e o propio de *Zas*, ben o merecen. Tamén *Soneira*, pola súa condición de comarca histórica da que forma parte todo o concello, de arciprestado eclesiástico ó que pertence a maior parte das parroquias e de antiga xurisdición señorial da que dependían algunhas freguesías; e *Xallas*, río que toca a zona sur do concello, antiga xurisdición señorial á cal pertenceron dúas parroquias e comarca natural.

Incorporamos, ademais, un documentado estudo do nome do río que verteбра as augas da Terra de Soneira, o *río do Porto* —desde a década de 1960 impropriamente denominado *río Grande*— co obxecto de que se lle restituía o nome histórico que maioritariamente se lle viña dando, polo menos desde 1764, ano en que o intelectual ilustrado Joseph Cornide mesmo o cita co nome en galego.

Allo, O (San Pedro)

Allo, O
Casas Novas
Cebola de Abaixo, A
Cebola de Arriba, A
Muiños do Allo, Os
Muriño
Pombal, O
Regalados
Regueiro do Allo, O
Xerne

Baio (Santa María)

Agreanas
Baio
Baio Pequeno
Braña, A
Cacharosa, A
Campo do Rollo, O
Chamberín, O

Fornelos
Pedrisqueiras, As
Su a Agra

Brandomil (San Pedro)

Brandomil
Calabanda, A
Lagoa, A
Limideiro
Padreiro
Pudenza
Quintáns

Brandoñas (Santa María)

Borreiros
Currais, Os
Gris, A
Pedrouzos, Os
Xestosa, A

Carreira (Santiago)

Carreira
Pedramaior

Gándara (Santa María)

Budián
Gándara
Mosqueira, A
Parga
Pedreira, A
Quintáns
Sisto, O
Sobreira
Vilaestévez
Vilar Ramilo

Lamas (Santa María)

Andragalla, A
Braña, A
Cotón do Muíño, O
Gomarís
Lamas
Penedo
Pereiras, As
Reguengo, O
Vermello
Vilachán

Loroño (Santiago)

Arcar
Beizana
Bouzarroma
Forcadenla
Loroño
Medoña, A
Parrocha, A
Peón, O
Romelle
Vicenta, A

Mira (Santa María)

Costa de Arriba, A
Follente
Gontalde

Mira
Rosende
Teixidón
Ventoselo

Muíño (San Tirso)

Abellas, As
Campos
Churía, A
Couto, O
Fonte Espiño
Marán
Pedra Padreiro
Santa, A
Toxa, A
Vilar, O

San Cremenzo de Pazos (San Cremenzo)

Castro
Daneiro
Regos, Os
San Cremenzo de Pazos
Seixas, As

San Martiño de Meanos (San Martiño)

Atalaia, A
Froxán
Hedreiras, As
Langueirón
Mámoa, A
Maxín
Meanos
Rial de Arriba
San Martiño
Vila
Vilar de Lamas

Santa Sía de Roma (Santa Sía)

Rus
Santa Sía de Roma

Santo Adrián do Castro (Santo Adrián)

Berbia
 Caberte
 Devesa, A
 Rial de Abaixo
Santo Adrián do Castro

Vilar (San Pedro)

Artón
 Pazos
 Quintáns
 Saconde
 Sandrexo
 Vilar

Zas (Santo André)

Costa de Abaixo, A
Costa de Arriba, A
 Toxa, A
 Vilar do Mato
 Zas

**Outros topónimos estudados,
deshabitados ou desaparecidos**

Barral, O (Brandoñas)
 Calabanda, A (San Cremenzo de Pazos)
 Cotela, A (San Cremenzo de Pazos)
 Moreira (Loroño)
 Pedra que Tangué, A
 (San Cremenzo de Pazos)
 Pego, O (Brandoñas)
 Vilanova (Brandoñas)
 Vilar (Loroño)
 Vilarcovo (Brandoñas)

Espazos xeográficos de interese

Bico da Cruz, O (monte e castro)
 Bico / Pico de Meda, O (monte e serra)
 Brondo (monte)
 Castelo de Muriño (monte)
 Castelo do Allo (monte)
 Castelo Grande do Allo (monte)
 Castelo Pequeno do Allo (monte)
 Pedra dos Cregos, A (pedra senlleira)
 Pedra Vixía (pedra senlleira
 e área paisaxística natural)
 Peón, O (monte)
 Piosa, A (monte)
 Ponte Lodoso, A (ponte)
 Porto, río do
 Rabiñoso, O (río
 e área paisaxística natural)
 San Roque do Monte (ermida)
 Serra de Santiago, A (ou A Serra
 do Bico / Pico de Meda)
 Soneira (comarca, antiga xurisdición
 señorial e arciprestado eclesiástico)
 Torres de Boén, As (sitio arqueolóxico)
 Vaodosal ou Vadusal (ponte)
 Xallas (antiga xurisdición señorial,
 comarca e río)

Estudo dos topónimos

Abellas, As

Lugar da parroquia de Muíño

Tamén levan este nome un castro e o regato —afluente do río Xallas— que atravesas as terras do lugar.

En aparencia, este topónimo tería a súa orixe no nome común *abella* (do lat. *ĀPICŪLA* ‘abella pequena’, diminutivo de *ĀPIS* ‘abella’), e faría referencia a un lugar con niños de abellas bravas ou á existencia dunha abelleira ou alvariza, un antigo conxunto de colmeas para a cría de abellas e produción de mel.

Non obstante, Edelmiro Bascuas (2014) cita un documento do mosteiro de Sobrado do ano 960 en que se menciona un lugar chamado *uilla Abelio*, posiblemente o mesmo que dous séculos máis tarde, en 1176, aparece como *Auelliū Superiorem*. Aínda que confesa que non ten datos suficientes para unha localización segura, o lingüista suxire que, ó atoparse no concello de Zas, podería ser o que nos ocupa:

a xulgar pola mención de *Sanctum Iacobum de Carreira* na delimitación e a súa posible identificación co actual *Santiago de Carreira* en Zas, situado relativamente cerca en Muíño (Zas), pode ser continuación de *Auelliū*, aínda que con cambio de xénero e de número. Sexa como for, *Auelliū*, *Abelio* non pode derivar do lat. *apis* > *apicula* > *abella*, pois *u* non se emprega na documentación medieval para representar *p* etimolóxico, alternando polo contrario *u* e *b* para representar *u*.

Esa proximidade que Bascuas supón entre as parroquias de Muíño e Carreira non é tanta en realidade. Distan entre si as dúas parroquias polo menos 15 quilómetros —o concello de Zas é moi longo de norte a sur— e estiveron practicamente incomunicadas ó longo da historia; unha terra de ninguén montuosa separa as parroquias setentrionais (as do val do río do Porto) das do sur (as do val do Xallas).

A primeira referencia documental deste lugar témola en 1762 nas Comprobacións do Catastro de Ensenada correspondentes á parroquia de Muíño, en que se fala de “el lugar *das Avellas*”. Con posterioridade figura, sen o artigo, no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e nos nomenclátors dos séculos XIX e XX. Na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928) precísase que “No hay más aldeas que *Abellas*”; os outros lugares considerábanse grupos menores.

Por se houbese algún remoto étimo común, citamos en primeiro lugar un documento en latín do ano 875, contido no *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (en adiante, CODOLGA) en que se fai referencia a un lugar denominado *Avelicas* (hoxe *Abelgas de Luna*, no norte da provincia de León), e, así mesmo, mencionamos a existencia na parroquia de Macenda (Boiro) das aldeas de *Belles de Arriba* e de *Abaixo*, que figuran en cadeas onomásticas do séc. XVI como *Vellas* (*Juan de Vellas*, *Juan de Bellas*).

Descoñecemos o étimo remoto do *Avelgas* (*Abelgas*) leonés, e dubidamos que *As Abellas* estea en relación co *Vellas* (actual *Belles*) de Boiro. Quédanos, polo tanto, a *villa Abelio* do séc. X, que propón Bascuas —que, dada a respectable distancia, dificilmente se pode situar na parroquia de Muíño—, ou o nome común *abella*.

Apoiando esta última posibilidade, na publicación recente dunha asociación parroquial de Muíño, *A Pita Cega* (2018), indícase que no lugar das *Abellas* houbera alvarizas. Por outra parte, no Interrogatorio do Catastro de Ensenada (1752) correspondente a Brandoñas —parroquia limítrofe coa de Muíño pola parte sur—, dezaoto veciños declaran posuír 70 colmeas; debía ser unha industria ben importante, pois en ningunha outra parroquia do actual concello de Zas se declara unha cantidade tan alta. *As Abellas* tan só está a un quilómetro de distancia de Brandoñas, onde, ademais, existe un lugar chamado *Borreiros* (véxase), que pode facer alusión a ‘persoas que comercian coa cera das abellas’ ou ‘que esmelgan colmeas’ e, nas ruínas da aldea de Vilarcovo —asolagada en 1966 polo encoro da Fervenza— podemos ver hoxe unha casa con moitas entenas para colmeas.

As Abellas é nome de lugar único na toponimia maior de Galicia, aínda que na microtoponimia máis de 50 terras levan este nome. En cambio, *A Abelleira* é moi abundante, pois pasa das 40 ocorrencias. Así mesmo, tamén son topónimos maiores únicos *A Abellariza*, no concello de Coristanco, e *Alvariza*, no de Noia.

O apelido *Abellas* conta con 186 portadores en Galicia; ningún no concello de Zas nin nas comarcas do ámbito da Costa da Morte. En singular, *Abella*, conta con moitos máis (981), residentes, na súa maior parte, nas comarcas de Ortegal e de Ferrol.

Agreanas

Lugar da parroquia de Baio

A primeira parte deste topónimo non sabemos se procede do nome común galego *agro* (< lat. AGRU ‘terreo cultivado’) ou de *agra* (lat. AGRA ‘grande extensión de terra de cultivo dividida en leiras ou agros de distintos donos’, plural de AGRU). A segunda parte consideramos que provén de IŌHANNIS, xenitivo do nome persoal latino IŌHANNĒS ou IŌANNĒS ‘Xoán’, con alteración da vogal final. Sería, entón, o seu étimo: AGRUM IŌHANNIS ‘agra ou agro de Xoán’.

A atestación máis antiga foinos facilitada polo investigador de Fornelos (Baio), Ramón Romar López, do seu arquivo particular: un foro de Baio Pequeno de

1687, renovado en 1690, en que se fai referencia en tres ocasións a “la leira de *Agreanes*”, que parece tamén establecer unha relación co apelido *Eanes* ‘fillo de Xoán’, un dos que se formaron a partir do nome latino *Xoán*, e que xa existía na Idade Media galega.

O topónimo non aparece rexistrado no Catastro de Ensenada (1753) pero si como terra de labradío nas Comprobacións deste catastro (1760) como *Agraanes*, *Agreanes* e *Agrianes*.

Durante moito tempo *Agreanas* non debeu ser un lugar habitado; unicamente un microtopónimo referido ás leiras que quedan ó oeste de Baio Pequeno e ó sur da igrexa parroquial antiga de Santa María de Baio. Esa debeu ser a causa de que non se cite no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) nin nos nomenclátors de 1860, 1888 ou 1920, nin tampouco na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928). Empezouse a incluír como entidade de poboación a partir do nomenclátor de 1930; no de 1940 dicíase que tiña seis habitantes e no de 1970, 24. Figura tamén no NG2003. Con todo, aínda hoxe en día para a veciñanza baiesa é difícil diferencialo do seu veciño A Braña. Tanto é así que o erudito local Francisco Romero Lema, filólogo, escribía no seu inédito *Toponomástica*, dedicado á toponimia baiesa (c. 1970), que “[*Agreanas*] también se llama Braña”.

Despois de preguntar no Concello de Zas informáronnos de que, en efecto, é difícil distinguir as casas de *Agreanas* das da Braña, pois están moi xuntas: ó primeiro lugar corresponderían ás tres ou catro vivendas situadas máis ó oeste, polo camiño do Mosquetín (Salto).

Allo, O

Lugar da parroquia do Allo

Allo, O (San Pedro)

Parroquia do concello

Sobre a etimoloxía do topónimo *Allo* viñanse barallando estas hipóteses:

A primeira apunta que tería a súa orixe na palabra castelá *ayo* pola condición do primeiro Gómez de Rioboo (séc. xv) de aio ou instrutor do señor de Altamira. Con esta interpretación, resultaría que a palabra castelá *ayo* acabaría-se pronunciándose *allo*, palabra galega, e escribiríase así pola inestable ortografía da época. Esta opción é totalmente descartable; trátase dunha desas etimoloxías semicultas que, como aprecia Navaza Blanco, buscan a solución na lingua do poder, neste caso o castelán. Tamén a fai moi improbable a datación das primeiras atestacións do topónimo, cando non cabe a confusión *yeísta*.

A segunda hipótese considera que procedería do nome común galego da planta, *allo* (< lat. ALLĬU), tamén é descartada polo especialista en fitotoponimia Navaza Blanco. Non obstante esta foi a interpretación popular que triunfou entre a veciñanza; a proba é que foi ela quen creou, no último terzo do século XVII ou na primeira metade do XVIII, un topónimo “replicante” na mesma parroquia: *A Cebola*. A mediados deste último século xa existía unha copla popular en que se aprecia a intencionalidade de emparentar festivamente o topónimo *O Allo* co seu “replicante”:

Ai do *Allo*, ai do *Allo*
ai do *Allo*, ai da *Cebola*,
ai do *Allo*, ai do *Allo*
nunca che eu do *Allo* fora.

Esta copla recolleuna contra 1750 Diego Cernadas y Castro, o cura de Fruíme, e serviulle de inspiración para a composición dunha glosa retranqueira contra o historiador e cóengo Antonio de Rioboo y Seixas, en que se xoga con ambigüidade cos nomes dos lugares e das plantas. Reproducimos parte desta glosa na entrada *Cebola, A* (véxase). A copla foi verdadeiramente popular, pois chegou ós nosos días. Segundo o testemuño de Adoración Suárez (1922-2011), natural de Tines (Vimianzo) —parroquia situada a uns 7 km de distancia— cantábana adoito nas romarías e foliadas a mediados do séc. XX os mozos e as mozas da parroquia do Allo, cunha lixeira variante, de afirmación localista, que a facía máis súa:

Son do *Allo*, son do *Allo*,
son do *Allo* e da *Sebola*,
son do *Allo*, son do *Allo*,
nunca eu do *Allo* fora.

Casualmente, en datas ben recentes, o contacontos Celso Fernández Sanmartín, na súa intervención no simposio *Estudos de Onomástica Galega IX. Os outros nomes*, do 17 de outubro de 2024, relataba que estando el no Allo lle cantaron esta cántiga, cunha letra idéntica á que acabamos de transcribir (e que xa publicáramos en 2020 en *Zas polo miúdo*). Unha noticia ben interesante, pois indica que, a pesar do paso do tempo —máis de 275 anos—, aínda se conserva hoxe na memoria local. Na versión lendaria que lle transmitiron, O Allo e A Cebola aparecen como dúas parroquias distintas rexidas por un mesmo cura “ó que non lle querían ben nunha das dúas”, e sería o propio párroco quen entoaría a cántiga nunha procesión para que os díscolosoubesen que el tiña autoridade sobre as dúas freguesías, e así “non lle podían facer nada”. O coñecido monologuista lalinense tivo ademais a fortuna de escoitar a entoación da cántiga ou copla, cousa que nós non logramos, malia as indagacións que fixemos.

Navaza Blanco aventurou unha terceira hipótese para a orixe do topónimo: que *O Allo* fose o resultado galego do nome persoal latino EULĀLIU, que daría a forma **Oallo*, en que se interpretaría o <o> inicial como artigo masculino. Esta

opción estaba baseada nun documento de 1457 do Libro de Notas de Álvaro Pérez —consultable no *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (en adiante, TMILG)— en que se cita un crego chamado *Alvaro de Oallo*. Por tratarse dun caso único que non se volvería repetir, o propio Navaza acabou rexeitando esta opción para o caso que nos ocupa. Á atestación que el cita hai que sumar outra de 1524, *Ares do Allo*, veciño de Cespón (Boiro), rexistrada no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (en adiante AHUS), polo que é posible que houbese outro *O Allo* na zona do Barbanza. Tampouco se descarta que houbese outro nos arredores da cidade de Ourense, polo antroponimo *Pedro Doallo*, meiriño do couto de Melias contra o 1500, segundo un documento do Arquivo do Reino de Galicia (en adiante ARG); nesta zona segue existindo hoxe o apelido *Doallo*. Do mesmo ARG rexistramos en 1661 un tal *Alberto Doallo*, en Merelle (Coiro, A Laracha). Este último é posible que fose un individuo procedente do Allo soneirán establecido alí, da mesma maneira que tres irmáns, *Bruno*, *Pedro* e *Rosendo do Allo* aparecen rexistrados no Catastro de Ensenada como cabos de casa da veciñanza de Baio en 1753.

A cuarta hipótese é que proceda do lat. *ANGŬLU ‘ángulo, meandro dun río’, que faría referencia —como aprecia J. Á. Sánchez García no seu libro *Torres do Allo. Arquitectura e historia del primer pazo gallego* (2001), monografía da que tomamos a maior parte das atestacións e outros datos desta parroquia— “al amplio meandro que el río Grande dibuja en su recorrido precisamente frente a las tierras de Allo para limitarlas por el sur”. Non só hai un amplo meandro, senón dous ou tres máis, bastante pronunciados no percorrido deste río polas terras do Allo. O primeiro deles é o da zona leste, cando entra na parroquia entre A Cebola de Abaixo e O Cotón do Muíño (Lamas) e cambia radicalmente a súa orientación sur-norte pola leste-oeste. O segundo prodúcese pouco despois da ponte do Parque Empresarial do Allo. O terceiro, no lugar dos Muíños do Allo, situado no punto onde o río vira de novo cara ó sur. Por último, no Regueiro

Os sucesivos ángulos (meandros) do río do Porto ó entrar na parroquia do Allo. Mapa Topográfico Nacional 1:25.000. Instituto Xeográfico Nacional



—tamén chamado do Allo—, xa no límite con Baio, a derradeira “reviravolta” do río, onde recibe as augas deste pequeno rego.

Consideramos que o étimo máis probable é este último, o procedente do lat. *ANGŬLU, que primeiro pasaría a **Anllo* e finalmente, desnasalizado, a *Allo*. Certo que a perda desta consoante nasal non é habitual na evolución histórica do latín -*ng(u)l-* ó galego, pois na maior parte dos casos consérvase ou transfórmase en <ñ> (*Anllo* e *Añón*), pero este noso *Allo* non é un caso único, pois na desembocadura deste mesmo río do Porto, na parroquia da Ponte do Porto, volve haber outro *Allo* que posiblemente teña a mesma orixe. Edelmiro Bascuas (2014) considera que tanto *Anllo* coma *Allo* proceden do lat. *ANGŬLU; entre os exemplos, cita en concreto os dos concellos de Zas e Camariñas.

Por outra banda, convén lembrar que o veciño río *Anllóns* bergantiñán aparecía en mapas antigos como *R[ío] Allons*. Así o grafan, entre outros: Fernando Oxea na súa *Descripción del Reyno de Galizia* (1603); Giacomo Cantelli da Vignola en *Il Regno di Galicia* (1696); Jean Baptiste Nolin e T. Rousseau en *Le Royaume de Galice* (1762). Así mesmo, o polígrafo José Cornide escribe *Allóns* no seu mapa de 1766 do Reino de Galicia, neste caso o nome da parroquia, pois aínda lle segue chamando Ceso ó río. O nomenclátor de Floridablanca (1789) recolle *Allones* para a xurisdición. Xa, finalmente, o xeógrafo e arqueólogo Salvador Parga Pondal presentaba na súa tese de doutoramento *Comarca natural de Bergantiños* (1950) un mapa francés en que se grafaba *Allóns*. Mesmo a denominación pseudocastellanizada deste río, o principal de Bergantiños, foi, ata os nosos días, *Allones*: así o grafan, entre outros, dous importantes cartógrafos: Tomás López (1784) e Domingo Fontán na súa *Carta geométrica de Galicia* (1834-1845). Xa nos nosos días, os autores do libro *O río Anllóns, arteria principal de Bergantiños* (Cabeza Quiles e outros 2020b) titulan un dos apartados introdutorios deste xeito: “*Allóns*, *Allones* ou *Anllóns*, formas que conviviron no tempo”.



O primeiro dos meandros formados polo río do Porto ó entrar na parroquia do Allo: o da ponte que une A Cebola de Abaixo e O Cotón do Muíño (Lamas).

Rexistramos aínda outro *Allo* no concello de Taboada (Lugo) e un *Allón* no de Vilarmaior (A Coruña); nos dous casos están preto de correntes fluviais. Hai un *Allo* en Navarra, concello da meirindade de Lizarra, xa documentado no séc. XI; carecemos de información sobre o seu étimo.

As atestacións do topónimo ó longo da Idade Media son escasas; empezan a aparecer a mediados do século XV. Con anterioridade, rexistramos un *Alio* no ano 934, próximo a Caión, en Bergantiños, citado na documentación do mosteiro de Celanova: “In Brigantinos villa de *Alio* cum insula de *Calion*”. Cabeza Quiles (2020a) considera que se refire a Baldaio, onde *valle* é substituído por *villa*.

O arquivo familiar dos Rioboo (en adiante, AFR) constituíu a fonte documental básica para a monumental monografía de J. Á. Sánchez García (2001); a el acudiremos moitas veces, pois contén importantes datos que atinxen á toponimia parroquial.

Deste xeito, a atestación máis antiga do topónimo *O Allo* data de 1489 nun documento do AFR onde se contén o apeo do señorío e couto de Borneiro feito polo abade de San Xián de Moraima no lugar de Fornelos (Baio); ó designarse os seus límites en relación ás terras do Allo, todas as testemuñas coinciden en sinalar como un dos fitos máis importantes o que elas chamaban o *Castelo Vicudo do Allo* ou ben o *Castelo Pequeno do Allo*, dous montes situados pola parte oeste da parroquia.

Unha lenda que chegou ós tempos actuais afirmaba que no cume dun monte denominado *O Castelo do Allo* —non sabemos se sería ou non algún dos que acabamos de citar— houbera un castelo ou fortaleza medieval que se comunicaba con sinais de fume ou con luces nocturnas co castelo de Vimianzo (polo oeste) e coas Torres de Boén de Gándara (polo leste).

Esta lenda xa existía no séc. XVIII, pois relátala como verdadeira en 1739 o cónego e historiador Antonio de Rioboo y Seixas na súa *Relación genealógica de los apellidos de Rioboo, Villardefrancos, Seixas, Losada, Leis...*, documento xenealóxico da familia Rioboo que Sánchez García e Bugallal Vela (2001) rescataron do AFR e transcribiu ó completo nos apéndices documentais do seu libro *Torres do Allo*:

Heredó el Alonso Gómez [de Rioboo] esta cassa i lugar [do Allo] con el castillo que estaba en el monte que lo domina llamado *Castelo do Allo*, por herencia i sucesión de su abuela Berenguela Sánchez de Moscosso según consta de el citado testamento de García de Pardiñas [de 1538] i se dirá abaxo.

Debido ó achado en 1719 neste sitio dunha moeda dun real de prata gravado co rostro dun home por unha parte e polo outro dunha muller “i en el reverso de entrambos lo siguiente: Ferdinandus et Elisabet Dei gratia Castella et Aragon Reg”, o historiador e cónego supón que

esta fortaleza fue demolida por orden de los Reies Cathólicos con otras muchas de Galicia, el año 1487 i el siguiente en que los Reies anduvieron por todo este

Reino empleándose en estas demoliciones de castillos y casas fuertes, como consta de la historia de el Padre Mariana i de la de Garibai.

Por este motivo,

el Alonso Gómez edificó abaxo de el castillo en lo llano la *torre de el Allo*, sobre la esquina de la casa antigua que allí avía, como aún se reconoce aora, fabricándola a modo de casa fuerte con troneras y puertas de rastrillo como tiene, en cuia obra echa con los oficiales que avían servido en la del hospital Real de Santiago, [...] i se conoce que algunos de los labores de la cornissa son semexantes a los del dicho hospital, que es otra prueba de que el *Castillo de el Allo* se demolió en el tiempo referido.

Cando a finais do séc. xx a Deputación da Coruña restaurou as Torres do Allo, indica Sánchez García que arqueólogos dependentes do ente provincial inspeccionaron os montes coñecidos como *O Castelo Grande [do Allo]* e *O Castelo Pequeno [do Allo]* e mesmo *O Castelo das Cabras* (ou *A Corte das Cabras*), pero non deron atopado ningún resto de “piedra labrada” que levase a pensar nunha construción da época medieval. Desbotamos, pois, a idea de que houbese unha fortaleza medieval nun dos montes situados ó oeste das Torres. Para Sánchez García existiu unha discontinuidade temporal e física entre o hipotético castelo e as Torres do Allo,

que si bien ocasionó la completa desaparición del primero dentro del contexto de prohibición de levantar nuevas fortalezas y casas fuertes [polos Reis Católicos], trajo consigo la posibilidad de replantear desde los cimientos las características de la nueva morada de los Riobóo.

Segundo a documentada investigación de Sánchez García, Afonso Gómez de Rioboo Vilardefrancos o Vello, fillo doutro Gómez de Rioboo Vilardefrancos e de Berenguela de Moscoso, viviu entre 1460 e 1512 e foi o primeiro construtor da *Casa do Allo*, e máis tarde da que se denominou na documentación en castelán do AFR, *Thorre Viexa*, construída entre 1490 e 1512. Aínda que as obras case coinciden no tempo coas do Hospital Real de Santiago, Sánchez García desbota a posibilidade de que no Allo traballasen os mesmos oficiais e alarifes que tamén estaban traballando no hospital compostelán, como afirmaba en 1739 Antonio de Rioboo. Si puideron ser oficiais e canteiros que construíran pouco antes o chamado Hospital Vello de peregrinos de Santiago, hoxe desaparecido, situado fronte ó mosteiro de San Martiño Pinario.

A *Casa y Torre do Allo* dos documentos do AFR, edificios distintos, case anexos, onde viviron Afonso Gómez de Rioboo e a súa familia, constituíron o primeiro núcleo habitado da parroquia de San Pedro do Allo. A Torre Vella —de estilo gótico serodio con certas lembranzas mudéxares e algúns elementos renacentistas— é a situada na zona norte do pazo; a torre sur e o corpo central aínda se construírían 150

anos despois, entre 1669 e 1685. A chamada Casa do Allo desaparecería despois; só chegaron ós nosos días os alicerces.

Afonso Gómez de Rioboo Vilardefrancos o Mozo sucedeu a seu pai e deulle remate ás obras iniciadas por este. Finou en 1542 e foi enterrado na igrexa de Santa María de Lamas, por carecer O Allo de igrexa. Así e todo, no ACS rexistramos atestacións que confirman a existencia da *parroquia de San Pedro do Allo*, polo menos a partir de 1542:

Arriendo hecho por Juan González, clérigo de la diócesis compostelana, a Bernardo Domínguez, clérigo vecino de Cambados, del beneficio de *San Pedro de Allo* por tres años. (1542)

Arriendo hecho por Álvaro de Mendoza, prior de Sar, a Juan Gardado, vecino de la parroquia de *San Pedro do Allo*, del lugar y casal de Rozamende, en la parroquia de Santo Estevo de Anos, por tres años. (1550)

Traspaso que hizo Gómez de Rioboo, vecino de la parroquia de *San Pedro do Allo*, a Nuno Álvarez, vecino de la ciudad de Santiago [...] (1550)

No ACS rexistramos outros documentos datados en 1562, 1568, 1570, 1587 e 1589 onde figura *San Pedro do Allo*.

As obras da igrexa parroquial do Allo aínda empezarían en 1561, en tempos do seguinte herdeiro, Gómez de Rioboo Vilardefrancos o Vello, quen, no seu testamento de 1563, manda ser enterrado na igrexa de Lamas “en la sepultura en que fue sepultado mi padre Afonso Gomez de Villardefrancos”. Este foi o motivo polo que se supuxo que os predios do Allo pertenceron anteriormente á parroquia de Lamas. Mais neste testamento de 1563 fálase do “lugar do Allo felegresia de san Pedro do Allo en las casas de morada del dicho Gómez de Rioboo”. Aínda que as obras do templo non remataran cando morre en 1578, este fidalgo xa puido ser enterrado no presbiterio da nova igrexa de San Pedro. Das dúas tumbas existentes no chan, unha é lisa e a outra leva un escudo en relevo; esta, a brasonada, foi a súa, e nela tamén se enterrarían todos os señores do Allo ata Gómez de Rioboo y Seixas, en 1722.

A igrexa parroquial estaba rematada en 1607, cando visita a freguesía o cardeal Jerónimo del Hoyo, que escribe: “S. Pedro de do Allo [sic]. Esta frª [feligresía] tiene solos tres feligreses”. Cita un deles, que era o fidalgo: “Gomez de Riovoo”. Deixa entrever a penuria da igrexa: “La fábrica no tiene renta y así solamente tienen un hornamento de lienço y un cáliz de plomo y un misal en casa deste hidalgo”. O fidalgo era Alonso Gómez de Rioboo Vilardefrancos, neto do que acabamos de citar; eses únicos tres fregueses existentes debían ter á súa morada na Casa e Torre Vella do Allo, case con toda seguridade a única vivenda existente na parroquia naquela altura. As outras aldeas, as dos colonos, nacerían moitos anos despois, na segunda metade do séc. XVII e na primeira do XVIII, como veremos.

A freguesía naceu baixo o padroado de San Pedro, un dos principais apóstolos de Cristo, pescador de Galilea chamado Simón. Segundo os evanxeos, foi o propio Xesús quen lle cambiou o nome polo de *Kefas*, ‘pedra’ en arameo, que pasaría a *Petros* na tradución grega e a *Petrus* na latina. A festa celébrase aquí o 22 de febreiro (e non o 29 de xuño), por tratarse da Catedral de San Pedro, pola súa primacía na Igrexa. Na portada renacentista deste templo, disposta en arco triunfal, aparece representado nunha escultura en pedra o apóstolo sentado nunha cadeira.

Nos documentos do AFR, todos en castelán, prevaleceu a conservación da contracción galega <do> antes do topónimo (*San Pedro do Allo*, *Coto do Allo*, *Casa y Torre do Allo* etc.), polo menos ata a primeira metade do séc. XVIII. Será a partir de mediados deste século, sobre todo no Catastro de Ensenada (1753), cando se empece a traducir ó castelán esta contracción, substituíndoa por ou por <de el>. Con todo, en libros do arquivo parroquial aínda rexistramos en 1769 “*San Pedro do Allo*, anexo de Sn. Clemente”.

Ademais da referencia á freguesía de San Pedro do Allo, na documentación do AFR repítese ó longo dos anos a do lugar do Allo:

“Como yo Gómez de Rioboo de Villar de francos vezino del lugar de ssan Pedro do Allo...”; “...del dicho mi *lugar do Allo*, cassas e casares y eredades e molinos e dehessas e montes con todo lo a el anejo”; “Ytem digo que por quanto el dicho mi *lugar do Allo* hestá çercundado y demarcado de por ssi e todo junto...”, “quiere y es mi boluntad que el *dicho lugar e cassas do Allo* con el a él anexo... y esté junto e incorporado en la dicha feligresía de San Pedro do Allo y a este efecto... lo aya y lliebe todo enteramente e ynsolidum gomez de Rioboo mi hijo... y la dicha mejora de terçio y quinto le sseñalo la sitúo en las cassas y eredades e montes debessas del dicho *lugar do Allo* para que las aya y lliebe...” (testamento de Gómez de Rioboo, o Vello, de 1561).

Así mesmo, no codicilo ó testamento de Gómez de Rioboo o Vello, de 1563: “en el *lugar do Allo feligresia de San Pedro do Allo*, dentro de las casas de morada de Gómez de Rioboo *do Allo*”.

A pesar destas referencias ó lugar do Allo, pensamos que en ningún caso se refire ó conxunto de casas de colonos ou servidores que primeiro tomarían o nome do *Curro* e despois do *Allo*. Na nosa opinión, os señores chamaban *lugar do Allo* a toda a parroquia ou couto de seu, ó cal parece responder esta descrición do testamento de 1719 de Gómez de Rioboo Seixas y Villar de Francos, contida no AFR, pero que se refire a obras realizadas en 1669:

Este lugar do Allo es largo y necesitaba maior número de labradores y cercados deshaciendo zarzales y caminos inútiles y por tanto hemos fabricado en él catorze casas y dos molinos y hemos cercado todo el Agro y labranza que está debaxo de la torre vieja con el soto de castaños y guerta de frutales, y dentro fuente de cantería [sic] con que se aumentaron en este lugar más de diez y ocho cargas de trigo de renta y a lo adelante serán con más. Hicimos el quarto y Torre nueva a

la parte del Sur porque nos allabamos apretados de casa, que nos costó más de dos mil ducados, que uno y otro es de honra y provecho para el Señor y poseedor de esta *Casa del Allo* [...]. Y asimesmo hemos comprado por diferentes compras fuera del el *Lugar del Allo* hasta ducientos y sesenta ferrados de trigo...

Este longo relato e descrición polo miúdo é clave para o desenvolvemento da parroquia do Allo e dos seus lugares, pois marcan o inicio de cambios profundos, que tamén afectan á toponimia. Segundo a investigación de Sánchez García no AFR, a partir de 1669 o fidalgo Gómez de Rioboo Seixas Vilardefrancos e a súa dona Jacinta de Lucas Caamaño, véndose economicamente fortes, inician o gran proceso de transformación da súa (ata daquela) modesta mansión fidalga, e póñense coas obras de construción da torre sur —case xemelga da norte— e do corpo central, que lle proporcionan ás Torres a fisionomía actual. Por outra parte, fálase por primeira vez da construción de casas para os labregos ó seu servizo exclusivo, orixe da maior parte das aldeas da parroquia, nadas e “bautizadas” no último terzo do séc. XVII e na primeira metade do XVIII.

Polo tanto, as referencias ó *lugar do Allo* dos testamentos de 1561, 1563 e este de 1719 referíanse, na nosa opinión, a toda a parroquia en conxunto, como couto propiedade dos Rioboo, ou, en particular, mesmo á mansión exclusiva destes señores (a Casa e a Torre), e non ás casas dos servidores que andando o tempo conformarían o lugar do Allo propiamente dito; a aldea máis próxima ás Torres, situada na súa zona sur, que antes aínda recibiría o nome do *Curro*. Xa que logo, consideramos que *O Allo* foi antes nome de terras, de casa e torre fidalgas e de parroquia que dunha aldea en concreto.

Como iremos vendo, practicamente todos os lugares que hoxe integran a parroquia do Allo se conformaron entre 1669 e 1750, destinados a vivendas dos colonos alí asentados para servizo dos señores das Torres. Francisco Antonio de Rioboo e esposa indicaban por volta de 1761 que todos eses lugares acasarados se reedificaran e ampliaron constantemente desde mediados do séc. XVIII. En documentos de 1773 e 1774 do AFR cítanse os seus nomes: “lugares de Curro, Molinos, Casas Novas, Cebola, Telo, Regalados, Debesa...”. Foron nomes na súa maior parte impostos polo pobo, polos propios colonos; non polos señores, que unicamente castellanizaron algúns nos seus documentos (como “Molinos”, por *Os Muíños*).

O citado en primeiro lugar, *O Curro*, foi o nome primitivo que se lle deu á aldea do Allo: un grupo de casas situadas na zona sur das Torres. Máis adiante este topónimo foi alternando co do *Allo*, tal como indica Sánchez García:

Finalmente, fuera de la parte principal de la finca [das Torres] ya se encontraba alguna de las viviendas de colonos que ocupan lo que se conoce como lugar “*do Curro*” o “*do Allo*” y el más alejado de “Pombal”, al otro lado de la avenida de acceso. Seguramente la construcción de estos lugares acasarados venía de los tiempos de D. Gómez de Rioboo, siendo reedificados y ampliados constantemente desde mediados del siglo XVIII como también indicaban D. Francisco Antonio de Rioboo y su esposa.

Non obstante, o topónimo *O Curro* nunca o rexistraron os posteriores nomenclátoreos oficiais dos séculos XIX e XX, nin tampouco o recolle o dicionario de Madoz (1845-1850) nin Carré Aldao (c. 1928). Si aparece no *Libro cobrador de las rentas del Allo* (1898) de Víctor López Seoane, esposo de Francisca Rioboo, a propietaria das Torres e do couto naquela altura. Don Víctor —o coñecido naturalista, o máis famoso da Galicia do séc. XIX— abandonara a práctica da medicina para levar a administración dos bens da súa muller, e neste libro figura un exhaustivo “Índice en orden alfabético de toda la fincabilidad dependiente de la Administración de las Torres del Allo”. Cita unha a unha as aldeas do Allo xunto cos seus arrendatarios, a excepción de Muriño. No lugar do Curro tiña tres casas en arrendamento, unha delas a escola.

O nome común galego de *curro* pode denominar un ‘curral pequeno’ ou tamén un ‘lugar no monte, cercado con pedras ou con paus, onde se gardan cabalos, vacas, cabras ou ovellas’; tamén pode ser o ‘lugar cercado onde se xuntan os cabalos e bestas bravas do monte para rapalas e marcalas’. Na etimoloxía de *curro* e da súa familia léxica conflúen os derivados do latín *CURRUS* ‘carro’ e os dunha raíz prerromana **corr-* ‘cercado circular’.

Sánchez García lembra que tamén formaba parte desta aldea unha eira circular que fotografara M. Durán-Loriga en 1948, recinto que posiblemente motivase a denominación *curro* para ela. Talvez nesta eira tiña lugar a rapa das bestas bravas pertencentes ós fidalgos das Torres.

Como xa advertiu o investigador na súa monografía, hoxe este lugar está deshabitado: “En el lugar «do *Curro*» se conservan abandonadas cinco viviendas de dos alturas colocadas frente a frente a los lados de una especie de calle central, con una disposición y características que sugieren una cronología más moderna, dentro del siglo XIX”. Unha das casas desta aldea servira como escola do Allo, onde impartiu clase a mestra rianxeira Pura Sánchez, nai do poeta Manuel Antonio, entre 1911 e 1916. A pesar do abandono de varias décadas, as estruturas das vivendas aínda se manteñen en pé e non se pode descartar que nun futuro máis ou menos próximo se vendan a particulares e que se restauren.

Ademais da denominación *O Curro*, a aldea do Allo tamén aparece nalgúns documentos como *As Torres*, aínda que non nos queda claro se se refire ó citado grupo de casas que acabamos de mencionar ou á mansión pacega propiamente dita. O nome común *torre* procede do latín *TURREM* ‘torre, lugar fortificado, edificio elevado civil ou militar’. A denominación de *Torres* [*do Allo*], en plural, debeu xurdir a finais do século XVII cando se rematou a construción da torre nova ou sur do edificio. *Torres*, en plural, é tamén a denominación habitual en comarcas de Galicia para un pazo ou mansión rural suntuosa da antiga fidalguía, que seguramente tivo a súa orixe nunha fortaleza defensiva medieval. No concello de Zas tamén se nomean deste xeito as Torres de Romelle, as Torres das Hedreiras e as Torres de Muíño, soares de importantes familias fidalgas soneirás. É raro que se lles chame ‘pazos’. En Vimianzo, o castelo medieval recibe popularmente a denominación de Torres de Martelo, por pertencer á familia fidalga dos Martelo de 1870 a 1965.

No dicionario de P. Madoz (1845-1850) figuran *Allo* e *Torres* como lugares distintos; no nomenclátor de 1920 só *Torres*, e en Carré Aldao (c. 1928), nos nomenclátos de 1860, 1888, 1930, 1940 e 1970, *Allo*; no NG 2003 restauróuselle o artigo: *O Allo*.

O único polígono industrial do concello de Zas recibiu o nome de *Parque Empresarial do Allo* por estar situado en terreos desta parroquia, a un e a outro lado da estrada A Coruña-Fisterra.

Hai un *Allo* en Navarra, concello da meirindade de Lizarra, xa documentado no séc. XI. Un blog navarro atribúelle a súa orixe a un nome de persoa de orixe latina.


Segundo a *Cartografía de Apellidos Galegos* (en adiante CAG) levan o apelido *Allo* en Galicia máis de mil persoas, boa parte delas residentes nas comarcas do ámbito da Costa da Morte, aínda que 179 moran na Illa de Arousa. Co nexo soldado (*Doallo*) contabilízanse 182 ocorrencias, maiormente concentradas no norte da provincia de Ourense.


Andragalla, A

Lugar da parroquia de Lamas

Este topónimo, un *unicum* no NG, ten unha etimoloxía moi escura. Del temos as seguintes atestacións: no século XVI atopamos en documentos do AHUS a forma *Andragalla* en 1537 e en 1575, e *Andragallo* en 1569 (repítese ata cinco veces) e en 1575. No século XVII prevaleceu *Andragalla* —en 1635, nun preito na Real Audiencia de Galicia, e en 1649, nun documento do ACS—. No séc. XVIII, nunha cita do Catastro de Ensenada (1753) volvemos atopar a forma rematada en -o (*Andragallo*), e, uns anos despois, nas Comprobacións do Catastro de Ensenada (c. 1760), faise mención de casas “en la aldea de *Andregallo*” en dúas ocasións; é a primeira vez que o rexistramos co <e> pretónico. Non obstante, nas Comprobacións do ano 1764 volve aparecer *Andragallo*.

Unha das dúas atestacións de *Andregallo*, con <e> pretónico, c. 1760. Comprobacións do Catastro de Ensenada. Fonte: PARES





Atestación de Andragallo,
ano 1764. Comprobacións
do Catastro de Ensenada.
Fonte: PARES

Xa coa forma *Andragalla* —que acabará sendo, polo menos na escrita, a oficial—, aparece nos séculos XIX, XX e XXI: no *Diccionario* de Madoz (1845-1850); na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928) e tamén nos nomenclátors de 1860, 1888, 1920, 1930, 1940 e 1970; no NG 2003 engadíuselle o artigo: *A Andragalla*. Non obstante, hoxe en día a xente pronuncia *Andregalla* —co <e> pretónico— e é moi remisa a aceptar a forma establecida como oficial.

Na procura de atopar unhas orixes etimolóxicas para este enigmático topónimo, recorremos á documentación do reino de Navarra, en que se rexistraban antropónimos con formas semellantes: en documentos do século XII deste antigo reino atopamos atestacións de *Andregalla* —talvez pronunciado *Andregala*— ou *Andregaila*, nome feminino ó que se lle supón unha orixe franca ou vasca, como así o expresa Ricardo Cierbide nun artigo de 2002 ó falar dos *praenomina* femininos:

Así tenemos Aima (1135), esposa de Bodinus de Stella. Dona Gala (1142, ‘iuxta domum domum de dona Gala in porticu Sanct Martini’) y la variante domna Gaila (1170: ‘Aimerico de Chartes et uxore tue Domne Gaile’). Dicho praenomen va asociado a veces al elemento vasco *andre* – *andere* ‘señora’: *Andregalla*, esposa de Johan de Lemoges (1138)

Ademais desta *Andregalla*, esposa de Johan de Limoges, anos despois, en 1178, e tamén en Lizarra, nuns rexestos de documentos mencionados na web da Eusko Ikaskuntza – Sociedad de Estudios Vascos en *Auñamendi Eusko Entziklopedia*, aparece na mesma xurisdición de San Juan de la Peña a Iratxe un tal Ramón Guillem, “hijo de *Andregalia*”, e tamén aparece como *Andregalla* no rexesto dun documento de 1138; e aínda, nun terceiro documento, de 1193, figura como apelido do que pode ser o fillo da señora mencionada: Guillermo *Andregaila*.

Nun documento en latín datado en 1189 en Burgos, publicado por Emilio Nieto Ballester (2006), *Andregalla* era o nome dunha das cinco fillas dun tal “Aemar de

Panpalona” (as outras catro chamábanse Orpesa, Entregode, Costantia e Urraca). No Archivo General de Navarra documéntanse entre 1234 e 1253 varias mulleres chamadas *Andregailla* / *Andregaylla* e *Andregalla*. Nun traballo de fin de mestrado da Universidade de Zaragoza, sobre o cabido de Pamplona no séc. XIII, Cristina García rexistra en 1251 unha “dona *Andregailla* de Sant German” (a autora do traballo tradúcea como *Andregalia*), que funda unha capelanía na catedral de Pamplona.

A finais do século XIII e principios do XIV, segundo Juan Carrasco, Pascual Tamburini e Íñigo Mugueta (2001), tamén había en Tudela mulleres chamadas *Andregalla*. O nome tamén se rexistra en terras italianas no séc. XVI, polo menos como apelido:

...da Camerino mercante di legname a favore di Vincenza *Andregalla* moglie di Rainerio Picchi ferrarese... (*Archivi d'Italia e Rassegna Internazionale e degli Archivi*).

Non sabemos como se pronunciaría este antropolónimo feminino navarro: como dixemos, Cristina García tradúceo como *Andregalia*, pero tanto a forma que recolle de 1251, *Andregailla*, coma a que citamos anteriormente de 1178, *Andregalia* (con *l* + iode), poden explicar perfectamente a palatal <ll>.

En resumo, para o antropolónimo navarro medieval temos as seguintes grafías: *Andregalla* (1138, 1189, 1234-1253, tamén nos séculos XIII e XIV, apelido en Italia no XV) e *Andregaila* (1138), *Andregalia* (1178), *Andregailla* / *Andregaylla* (1234-1253). E para o noso topónimo temos estas: *Andragalla* (1537, 1575, 1635, 1649, 1753; tamén se repite por escrito en documentos máis ou menos oficiais ó longo dos séculos XIX, XX e XXI), *Andragallo* (1569, 1575), *Andregallo* (1760) e *Andragallo* (1764). Hoxe en día, na fala: *Andregalla*.

Ricardo Cierbide propoñía para o antropolónimo navarro como étimo un *praenomen* latino (*Gala*) asociado ó elemento vasco *andre* – *andere* ‘señora’.

A zona da Andragalla
é moi chá, como toda
a parroquia de Lamas.
Foto: Evaristo Domínguez



Para o topónimo que nos ocupa, a vacilación entre as vocais finais *-a* e *-o* xunto coa forma documentada de 1760 *Andregallo* —e a actual da fala *Andregalla*—, lévannos a pensar na posibilidade de que o étimo puidese estar nun antigo posesor chamado *André Gallo* ou *André Galla*. A primeira parte faría referencia ó nome propio galego *André* ou ó seu feminino *Andrea* (< grego *Andréas*, derivado de *andréia* ‘virilidade, valor’ ou da redución cariñosa dalgún nome composto de *andr* ‘home, varón’). Os substantivos *gallo* ou *galla* poden referirse en galego a ‘cada unha das partes que saen do toro das árbores ou das demais bifurcacións’, ou tamén, por extensión, a ‘calquera obxecto que presenta unha bifurcación’. Podería ser, neste caso, unha bifurcación viaria.

Máis improbable é que se trate dunha castelanización do apelido galego *Galo*, que rexistramos na Coruña en 1803: nun documento do Arquivo Histórico Nacional, incluído no Portal de Archivos Españoles (PARES), figura un aspirante a escribán ou notario chamado *Manuel Antonio Galo*. Hoxe non aparece entre os apelidos de Galicia.

Así mesmo, atestamos en *Galiciana*, nun documento de 1735, un tal *Miguel Galla*, veciño da Graña, na ría de Ferrol. Hoxe non se rexistra na CAG este apelido, pero si en plural, *Gallas*, con tan só 36 portadores. O apelido *Gallo* conta con máis portadores, 187, concentrados na zona oriental da Mariña luguesa.

A favor da hipótese de que fose un composto do nome *Andrés* ou *Andrea* co apelido *Gallo* / *Galla* —que pola CAG parece característico da raia con Asturias—, está o feito de que se podería explicar a súa presenza no occidente galego por dobre vía: podería ser levado por administradores dos condes de Altamira ou tamén polo clero da diocese mindoniense en Bergantiños (onde tiña o enclave de Xornes). Neste caso, a relación con antroponimos de Navarra e de Italia sería pura coincidencia. De calquera xeito, a súa etimoloxía segue sendo un misterio.

Nin *Andragalla* nin *Andregalla* se rexistran en Galicia como apelido, segundo a CAG.

Arcar

Lugar da parroquia de Loroño

Topónimo único en Galicia, que podería ter a súa orixe en *ARCARI*, xenitivo do antroponimo latino medieval **Arcarius*; significaría ‘vila ou granxa de Arcario’. Ten certa semellanza cos *Arcai* dos concellos de Tordoia e Val do Dubra, que procederían do xenitivo *ARCA(D)II* ‘de Arcadio’.

O problema é que o nome de *Arcarius* non figura en ningún repertorio nin está atestado no CODOLGA, onde si aparece, en 1219, como sobrenome de oficio: *Joañes Arcarius* ‘Xoán encargado da arca: caixeiro, tesoureiro’.

Polo tanto, tamén podería ser un derivado de *arca* (< lat. *ARCA*) ‘caixa grande con tampa para gardar cousas’ ou ‘sepulcro megalítico contido dentro dun túmulo ou mámoa’. A favor desta última posibilidade cómpre engadir que se atopa preto

do lugar da *Medoña* desta mesma parroquia. De considerar esta opción habería que preguntarse con que sufixo.

En Galicia Nomeada rexistráronse varios microtopónimos *Arcal*, que en orixe contarían co sufixo *-ale*. O sufixo *-al* al térase en *-ar* por disimilación cando hai outro <l> na raíz (existen moitos topónimos *Abelar*, pero poucos *Abelal*). Neste caso sería o fenómeno contrario: a asimilación (*Arcal* > *Arcar*) que é menos común, pero non inverosímil; se a orixe fose esta, a forma que chegou a nós seguramente se consolidou despois dunha vacilación: *Arcal* > *Alcar* > *Arcar*.

A atestación máis antiga deste topónimo témola nun documento de 1574 no AHUS: un tal *Rodrigo d'Arcar*, veciño de San Pedro de Xallas (actual concello de Santa Comba). No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) aparece, por erro gráfico, *Aréas*; na *Geografía* de Carré e en todos os nomenclátore anótouse coa mesma forma da primeira atestación: *Arcar*.

Non se rexistra como apelido na CAG.

Artón

Lugar da parroquia de Vilar

É un topónimo único en Galicia, de etimoloxía escura. O seu parente máis próximo podería ser *Artoño*, do concello de Agolada, coma el emparentado con *Artes*, nome de dous lugares dos concellos de Carballo e de Ribeira que Cabeza Quiles relacionou co nome común *artesa*, ‘especie de caixón ou arca de madeira’, voz de orixe prerromana; engade que é habitual que se asocien nomes de recipientes con depresións de terreo con forma de artesa ou caixa orográfica.

Non obstante, Bascuas (2002) propoñía para *Artes* e outros topónimos en *Art*- unha orixe hidronímica derivada da raíz indoeuropea **er-* ‘moverse rapidamente, fluír, correr auga’, que, coa vogal radical *a* e alongamento de *t*, daría un tema **art-*. Na súa relación toponímica cita o río *Arto*, afluente do Oja e o composto vasco *Artibai*, río costeiro de Biscaia, e, así mesmo, o noso *Artón*, que supón derivado dun hipotético **Artone*. No lugar que nos ocupa, a “artesa xeográfica” sería a formada no regato de Artón, afluente do río de Zas pola esquerda. Con todo, a zona é bastante chá.

Artón aparece citado no Catastro de Ensenada (1753), no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátore. Non existe como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Como apuntamento histórico lembramos que un importante presidente do Centro Galego da Habana (Cuba), José López Pérez, que fora quen xestionara a compra do Gran Teatro Nacional para sede social do Centro Galego, que presidiu o acto da estrea do himno galego o 20 de decembro de 1907 e que foi un dos promotores da Real Academia Galega —da cal sería nomeado académico correspondente—, recoñecía con orgullo as súas raíces nesta pequena aldea de Vilar, de onde era seu pai e onde pasara a súa infancia (el nacera, accidentalmente, en Madrid). En marzo

de 1908 embarcou cara á Coruña acompañando o féretro do poeta Manuel Curros Enríquez; o 3 de abril presidiu, xunto co presidente da Academia, Manuel Murguía, o acto necrolóxico en honor ó vate celanovés, e o día 8, xunto co seu pai, foi visitar Artón, onde recibiría un “entusiasta recibimiento”, segundo a prensa.

Atalaia, A

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

A voz galega *atalaia* procede do árabe hispánico *aṭṭalāya*, e este do árabe clásico *talāʾi* ‘torre vixía’, ‘as sentinelas’.

Os topónimos denominados *A Atalaia* sinalan un lugar elevado, desde o cal se pode observar un amplo panorama. Neste caso, todo o val do río de Meanos, fonte principal do río de Zas. Nas súas inmediacións, nun outeiro bicudo, sitúase o *Castro da Atalaia* ou de *Froxán*, denominado de ambas as formas por estar entre estas dúas aldeas.

Rexístrase o lugar que nos ocupa coa grafía castelanizada de *Atalaya* en Madoz (1845-1850), en Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátors do séc. XX; nos de 1860 e 1888 figuraba *Talaya*. No NG 2003 recuperouse a forma galega e engadíuselle o artigo.

Aínda que o substantivo *atalaia* xa se documenta en galego na Idade Media (poucas veces referido a lugares galegos), a súa presenza na toponimia de Galicia debe ser posterior ó séc. XVI.

Existen outros dez lugares así chamados en Galicia: oito na provincia da Coruña con este de Zas (concellos de Ponteceso, Malpica, Carral, Valdoviño, Rianxo, A Pobra do Caramiñal e Ribeira); dous na de Pontevedra (en Cerdedo Cotobade e en Gondomar) e un na de Lugo (concello de Abadín).

Os situados na beira do mar son os máis habituais, pois sinalaban lugares altos para vixiar a arribada de barcos piratas ou frotas inimigas; eran tamén lugares para avistar baleas próximas á costa e así proceder á súa caza por parte de barcos baleeiros. En Galicia Nomeada recóllense 86 topónimos que conteñen o substantivo *Atalaia*, maioritariamente concentrados no litoral e na raia con Portugal. A igrexa parroquial de Laxe denomínase *Santa María da Atalaia* e contruíuse nun lugar alto que domina a entrada da ría; en Malpica, o curuto máis elevado que hai xunto á vila chámase *A Atalaia*, e, no mesmo concello, na illa Malante das Sisargas, sitúase o *Pico do Atalaieiro* (*atalaieiro*: ‘persoa que vixía desde unha atalaia’ é unha palabra que non acostuma figurar nos dicionarios).

Segundo a CAG non existe como apelido en Galicia.

Baio

Lugar da parroquia de Baio

Baio (Santa María)

Parroquia do concello

Baio Pequeno

Lugar de parroquia de Baio

A dificultade da etimoloxía do topónimo *Baio* é manifesta, tal como se reflectía nunha carta persoal que me enviara en 1991 o filólogo helenista Isidoro Millán González-Pardo, a quen lle fixera a consulta, xunto co topónimo veciño *A Piroga* (Bamiro): “De Baio non lle comunico nada. Teño varias hipóteses ‘in pectore’. Ningunha gañou polo de agora o meu asenso”.

O catedrático de lingua e literatura latinas da Universidade de Santiago de Compostela Abelardo Moralejo Laso aceptaba como a posible etimoloxía deste lugar a apuntada por Ramón Menéndez Pidal: o antropónimo latino *BADIUS, que sería o hipotético posuidor destas terras. Esta hipótese ten o inconveniente de que os antropotopónimos formados de nomes antigos adoitan vir do xenitivo, e non do acusativo como sería neste caso. O filólogo e lexicógrafo baiés Francisco Romero Lema dera por boa esta suposición, que callou popularmente na vila, pois Badius é o nome do grupo de teatro local, creado en 1984. Moralejo Laso tamén chamaba a atención sobre o céltico **bodio* (antecedente do antigo irlandés *buide*) á hora de explicar certos topónimos galegos formalmente afíns.

A proposta máis recente é a de Paulo Martínez Lema (2010), quen trata este topónimo a partir da súa posible relación etimolóxica con *Baiñas*. Despois de barrallar outras posibilidades, postulou como antecedente máis próximo o seguinte:

unha forma prelatina estreitamente emparentada [co adxectivo latino BADIUS ‘marrón, da cor da castaña’] e que remontaría igualmente á mesma raíz indoeuropea BADIOS ‘dourado, marrón’, a cal, polo que parece, deixou como únicos vestixios coñecidos o lat. BADIUS e o antigo irlandés *buide* ‘amarelo, dourado’, se ben contou tamén con certa repercusión onomástica patente nos cognomes latinos BADIUS e BADUSIUS como no etnónimo galo *Bodiocasses*, talvez orixe do actual topónimo francés *Bayeux*.

Unhas liñas máis adiante, xa referíndose concretamente a Baio, Martínez Lema engade que “nada nos desautoriza a reconstruír unha fase orixinaria *BADIO con evolución fonética plenamente equiparábel á de BĀDĪU > *baio* [‘marrón, cor castaña’]”.

En resumo, as orixes máis probables son estas dúas: o antropónimo latino *BADIUS (tese de Menéndez Pidal, apoiada por Moralejo Laso e F. Romero Lema) ou o adxectivo latino BĀDĪUS ‘marrón, da cor da castaña’ (Martínez Lema).

A parroquia ten como patroa *Santa María*, nai de Xesús Cristo para o cristianismo. O nome *María* procede do nome persoal hebreo *Maryam* (máis recentemente *Miriam*), adaptado ó grego como *Mariám* ou *María* e ó latín como *Maria*. Con

todo e con iso, a orixe do nome non está en Israel, senón no Exipto dos faraóns (lémbrese que a primeira muller bíblica así nomeada foi a irmá de Moisés).

Nun documento en latín do ano 1237, rexistramos no CODOLGA o que posiblemente sexa o primeiro veciño baiés de nome coñecido: *Petrus Petri dictus de Bayo* ('Pedro Pérez dito de Baio'). Uns anos máis tarde, en 1247, tamén no CODOLGA, atopamos outro veciño chamado *Rodericus Petri de Vayo* ('Rodrigo Pérez de Baio'). Xa no séc. XIV, en 1327, nun documento do AHUS, menciónase a *ffijgresía de Ssanta María de Bayo*.

No século XV aumentan as atestacións, onde se mantén maioritariamente o B-inicial e alternan as grafías <y> e <i>, como era habitual na Idade Media. Na acta do dote de dona Xoana de Castro, outorgada en 1425 polo seu tío don Fadrique, conde de Trastámara, figura *Santa Maria de Bayo* entre os lugares que forman parte da doazón; nun documento en galego do notario Vasco Gómez de 1452, dun arquivo privado, alternanse as grafías *Bayo* e *Baio* ("freegresia de *Santa Maria de Bayo*", *Johan de Baio*); noutro tamén en galego, de 1458, do arquivo da Casa de Altamira, prevalece a grafía con <y>: *Santa María de Bayo, Afonso de Bayo, Pero de Bayo*.

A finais desta centuria, no testamento de 1498 de dona Urraca de Moscoso, señora do porto de Laxe e tía do primeiro conde de Altamira, redactado nun castelán aínda moi galeguizado, aparece de novo con V- en dúas ocasións: "...de fazenderas que se deven en *Vayo*..."; "... a la hermita de Santa Maria de Monte Toran, que es cerca de *Vayo*".

É o anuncio do caos ortográfico do séc. XVI no tocante ás grafías e <v>, que na Idade Media distinguían fonemas diferentes, pero a estas alturas xa se confundían as pronuncias, o que se chama betacismo. Polo tanto, non é estraño que en 1528, en documentos referidos ás meirindades do Conde de Altamira, apareza en dúas ocasións *Vayo* e cinco *Bayo*. Non obstante, en documentos do Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) correspondentes a varios anos comprendidos entre 1566 e 1600, gráfase sempre con B-; unicamente nun de 1570, que fai referencia ás parroquias de "Lamas y *Vayo* que es en tierra de Soñera (sic)", aparece con V.

No séc. XVII aínda persiste a alternancia de grafías B- e V-: o visitador Jerónimo del Hoyo escribe *Santa Maria de Vayo* en 1607, e nos documentos desta centuria do AFR do Allo alternan *Bayo* e *Vayo/Vaio* (maioritarias estas dúas últimas). En documentos do arquivo familiar da Casa do Vao (Fornelos) dos séculos XVII e XVIII alternan as grafías *Bayo* e *Baio*. No Catastro de Ensenada (1753) *Baio* é a grafía amplamente maioritaria. No *Diccionario* de Pascual Madoz (1847) figura *Bayo*, grafía que xa se repetirá nos nomenclátors oficiais dos séculos XIX e XX (tamén na *Geografía* de Carré Aldao, c. 1928). En 2003 a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia ditaminou a grafía actual *Baio*, como corresponde á pronunciación popular.

Non se rexistra ningún outro *Baio* en Galicia; si existe en Asturias a freguesía de *Santa María de Vayu*, no concello de Grau e partido xudicial de Pravia; e un *El Bayo* ó norte da provincia de Zaragoza (concello de Ejea de los Caballeros).

Por outra parte, debido a que a feira —denominada *Feira de Baio* desde tempo inmemorial, polo menos desde 1741, segundo as investigacións de Lema Suárez e Rei Lema (2007)— tiña o seu sitio de celebración no lugar da Piroga (Bamiro, Vimianzo), na outra banda do río do Porto e da ponte (tamén denominada *ponte de Baio*), nos nomenclátors de 1860 e 1888 aparecía un *Baio* introducido na parroquia de Bamiro en substitución da Piroga, que entre os seus rueiros ten O Campo da Feira, recoñecido como lugar independente no NG 2003. Nos nomenclátors de 1940 e 1970 mesmo se rexistraba en vez da *Piroga* a denominación de *Vayo de Bamiro* (sic). Esta confusión explícase en parte pola continuidade urbana existente a ambos os dous lados do río, pois a simple vista parece que se trata da mesma vila. Nesta tesitura, hai quen supón que *Baio* podería ser un corónimo que abrangía máis territorio ca o dun lugar habitado.

Baio Pequeno é un topónimo replicante que naceu por contraposición con *Baio*. Trátase dun lugar intermedio entre Baio e Fornelos, situado na zona noroeste, o máis próximo á igrexa parroquial antiga (hai outra igrexa moderna no Campo do Rollo, inaugurada en 1985).

Segundo o investigador fornellan Ramón Romar, este lugar xa aparece nunha escritura do seu arquivo familiar no ano 1616: nun foro que se renova en 1687 en que se pode ler varias veces *Baio Pequeño*.

Menciónase no Catastro de Ensenada (1753), no *Diccionario* de Madoz (1847) e en Carré Aldao (c. 1928); no primeiro caso como *Baio Pequeño* e nos dous últimos como *Bayo Pequeño*. Non aparecía no nomenclátor de 1860, e si coas grafías castelánizadas nos nomenclátors de 1888, 1920, 1930, 1940 e 1970. O NG 2003 restituíu *Baio Pequeno*, tal como se pronuncia popularmente.

Un caso curioso é o de *Baio Grande*, que ten aparecido en mapas, na antiga guía telefónica e mesmo está documentado no séc. XVII. Non se rexistrou no NG 2003 porque ninguén usa hoxe localmente esta denominación, dado que nin sequera se sabería delimitar con exactitude a que zona baíesa corresponde, cando si están máis ou menos delimitados os núcleos ou rueiros do Chamberín, O Campo do Rollo, As Pedrisqueiras e Su a Agra, ademais dos lugares tradicionais de Baio Pequeno, Fornelos, A Braña, Agreanas e A Cacharosa.

Este caso xa merecera a atención do erudito baíes Francisco Romero Lema —cronista oficioso do Baio ata 1972, data da súa morte—, nun mecanoscrito da súa autoría que titulou *Toponomástica* (c. 1970), dedicado á toponimia baíesa:

En algunos mapas de la provincia se pone Bayo Grande donde es Bayo, y Bayo donde es Bayo Pequeño, lo cual no está bien. [...] De los libros y recibos de la Telefónica debe desaparecer Bayo Grande, pues debe figurar solamente Bayo. [...] Bayo Pequeño es de uso constante; Bayo Grande, no. Nadie dice: “voy a Bayo Grande, sinó: voy a Bayo”.



Vista parcial de Baio:
na zona máis alta,
O Chamberín, co monte
do Castelo do Allo por
detrás, e O Campo
do Rollo. As casas
do primeiro plano
corresponden á Piroga
(Bamiro-Vimianzo).

Como adiantamos, non se pode negar que aparece documentado a finais do séc. XVII, no xa citado foro denominado de Baio Pequeno do ano 1687 en que figuran tres propietarios de leiras residentes en *Baio Grande*. Segundo Ramón Romar —que foi quen nos facilitou esta documentación— este foro desembargouse en 1688 e en 1690 redactouse de novo, e no documento rexístranse tres veciños residentes en *Bayo Grande*. Tamén se fala de “una leyra en la agra de *Bayo*” (distinta da agra de *Bayo Grande*), co que se deduce que se distinguía entre *Baio*, *Baio Grande* e *Baio Pequeno*.

Romar, bo coñecedor da súa parroquia, opina que a denominación *Baio Grande* debeu ser creación dos veciños do seu Fornelos nativo, que é o lugar baiés máis arredado, distante arredor de 3 km dos outros, na zona noroeste da parroquia; desde el os afastados forneláns terían primeiro *Baio Pequeno* —o grupo de casas máis próximo ó seu lugar e á igrexa parroquial— e, despois, as casas restantes, as máis numerosas, o que para eles sería “o [lugar] grande”. Ollando a situación dos tres lugares no Mapa Topográfico Nacional 1:25.000 (68-II) esta observación é bastante razoable.

Aínda que se rexistra nalgunha ocasión no Catastro de Ensenada (1753), non é así nos libros parroquiais con anterioridade a 1774. Si aparece en 1846 en Madoz (*Bayo-grande*) e nos nomenclátors de 1888, 1920, 1930, 1940 e 1970. Contra 1928, Carré Aldao reparaba no seguinte ó falar da parroquia: “Sus aldeas son *Bayo Grande* (que justifica su título, pues es la más poblada del ayuntamiento...), *Bayo Pequeno*, Cacharosa y Fornelos”.

Como apelido, segundo a CAG, *Bayo* ten en Galicia 79 ocorrencias, maiormente na Coruña (38) e en Guitiriz (26), pero non podemos garantir que este topónimo do concello de Zas o orixinase.

Barral, O

Lugar da parroquia de Brandoñas desaparecido en 1966

Este topónimo fai referencia a un terreo en que abunda o *barro*, palabra proveniente da base prerromana *BARRUM ‘arxila’ ou ‘lama, bulleiro’, que mediante sufixos conforma unha familia léxica ampla: *Barredo*, *Barreira*, *Barreiro*, *Barrela* e outros. Edelmiro Bascuas relaciona a palabra común *barro* coa raíz prerromana *bharr-, derivada da raíz hidronímica indoeuropea *bher-, co significado de ‘brotar, fluír, brillar’.

Cítase por volta de 1592 na relación de apeos do conde de Altamira o do *lugar do Barral*. Sen o artigo aparece en Madoz (1845-1850), Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátore de 1860, 1888, 1930 e 1940. Non se rexistra no de 1920 e menos aínda no de 1970, pois en 1966 desapareceu baixo as augas do río Xallas cando se construíu o encoro da Fervenza, xunto cos lugares veciños de Vilarcovo e O Pego, e o mazaricán dos Vaos.

Barral é un topónimo moi abundante en Galicia, presente nas catro provincias, maioritariamente acompañado do artigo: como nome de núcleo habitado, *O Barral* figura 64 veces no NG 2003; sen o artigo, só nove. Na toponimia menor é moito máis común: cóntanse 241 ocorrencias en Galicia Nomeada.

Como apelido é bastante común en Galicia, pois lévano un total de 4 438 persoas segundo a CAG; ocupa o lugar 150 dos apelidos galegos, distribuído por 90 concellos, sobre todo polo interior das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. É practicamente inexistente nas comarcas do ámbito da Costa da Morte.

Beizana

Lugar da parroquia de Loroño

Este topónimo figura como *Baizana* no NG 2003, pero atendendo á oralidade actual e á documentación histórica maioritaria, o Seminario de Onomástica da RAG propuxo o cambio a *Beizana*.

Trátase dun topónimo único en Galicia, de orixe descoñecida. Ningunha das hipóteses propostas dá unha solución máis ou menos convincente.

A terminación *-ana* e a datación tardía da primeira atestación que localizamos, no séc. XVI (*Baizana*, atestación que provén dun rexesto), fan pensar que probablemente non é un topónimo patrimonial, senón unha creación desta época. Tamén puidera ser un apelido foráneo en *-ana* ou un feminino dun apelido de propietario en *-án* (como *As Galanas* ‘As de Galán’, ou incluso *A Vicenta* ‘A de Vicente’ desta mesma freguesía). Existe o apelido asturleonés *Baizán* a partir do cal podemos explicar o topónimo, pois no séc. XVI xa se castelanizaban coa introdución do *-N*-eses derivados (en Vigo existen *A Falcoa*, medieval, e *A Simona* do séc. XVI).

Otra al sitio da agra
 de Beizana Caua unfer, y otro
 tanto herbat regadio, aquel de reg-
 calidad, y este de tercera, L. y B.
 Juan Perez. A. y M. muro, y
 siendo uno p. los expresos per-
 hallaron que toda esta partida

“Sitio da Agra de Beizana”
 Comprobacións do
 Catastro de Ensenada,
 c. 1760

Tampouco é inverosímil que sexa un apelido *Bezana* alterado, pero resulta que, segundo o INE, hai moitas menos persoas apelidadas *Bezana*, e hoxe ningunha no occidente peninsular, o que fai máis probable a relación con *Baizán*. Algúns apelidos da área oriental de Galicia ou da raia con Asturias e León puideron chegar a esta zona occidental con administradores da casa de Altamira, e este puido ser un deles.

Atestamos o topónimo nun documento de 1561 en PARES, pero non puidemos comprobar a lectura. En 1627, nun documento do ACS figura un tal “*Alonso Rodríguez de Beyçana*, mercader, vecino de Santiago”, que lle fai un pagamento a un veciño da vila castelá de Medina de Rioseco. Noutro, de 1630, do AHUS, parece que pon *Beizana*. En 1751 un colono chamado *Froilán Beizana* foi o primeiro caseiro gardián das Torres do Allo, unha vez que os Rioboo as deixaron como segunda residencia (Sánchez García 2001). O apelido deste primeiro gardián das Torres, que tamén era taberneiro, aparece grafado con V- (*Veizana*) no Catastro de Ensenada (1753). Nas Comprobacións do Catastro (c. 1760), correspondentes á freguesía de Loroño, faise mención “al sitio da agra de *Beizana*”.

No *Diccionario* de Madoz (1845-1850), en Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátors de 1860, 1888, 1920 e 1930 aparecía grafado *Beizana* (tamén na folia 68 ‘Camariñas’ 1:50.000 do Instituto Geográfico Catastral, 1945), para despois aparecer cambiado a *Baizana* nos nomenclátors de 1940 e 1970.

O apelido *Beizana* rexistra un total de 32 portadores en Galicia, circunscritos á zona de influencia do topónimo (dezaseis en Cabana, seis en Laxe e dez na Coruña), mentres que *Baizana* non conta con ningún. *Baizán* ten sete ocorrencias, todas na cidade da Coruña.

Berbia

Lugar da parroquia de Santo Adrián do Castro

Topónimo único en Galicia, de orixe escura, pero con certeza prerromana. Segundo indicaba Bascuas (2014), podería tratarse dun hidrónimo que posiblemente proceda da raíz indoeuropea **bher*, **bherb* ‘burbullar, fluír (auga)’. Esta raíz estaría emparentada coa tamén prerromana **borb-* ‘burbullar auga’.

As atestacións máis antigas dun topónimo idéntico son as dun río *Bervia* citado nun documento en latín do ano 968, pertencente ó mosteiro de San Martiño de Lalín (“in fluvio de *Bervia*”, “de ipso rivulo... per ipsam aquam de *Bervia*”). Este denomínase hoxe río das Pontiñas ou das Cabirtas, que é o que pasa polo centro urbano.

Referida ó lugar que nos ocupa é a atestación doutro documento, tamén en latín, do ano 1139, do Tombo do convento de Toxos Outos, en que se fala da “*villa de Bervia* que fuit de Munio Ouiquici”. No Arquivo da Catedral de Santiago rexistramos dous veciños da propia parroquia de Santo Adrián do Castro que o levaban como apelido: *Domingo de Berbia* (1535) e *Gregorio de Berbia* (1551, 1556, 1572...). No Catastro de Ensenada (1753) cítase un muíño “sobre el río *Bervia*”. O *Diccionario* de Madoz (1845-1850) non cita o topónimo; tampouco o nomenclátor de 1860. Carré Aldao (c. 1928) rexístrao tamén como *Bervia*. Pasouse a escribilo cun segundo (*Berbia*) a partir do nomenclátor de 1888.

Este topónimo deu orixe ó apelido *Berbia* que levan 43 persoas en Galicia, 21 delas no veciño concello de Mazaricos. Coa grafía *Bervia* non ten portadores.

Bico da Cruz, O

Monte e castro de Gándara

Bico probablemente procede do céltico **bekkus*, a través do latín BECCUS ‘pico, especialmente o do galo’; e, tamén, por extensión, ‘obxecto de forma saínte ou aguzada’. Neste caso, ‘parte máis alta e aguzada dun monte’; nesta última acepción é equivalente a *pico*.

A palabra común *cruz* (< lat. CRŪCE) ten moita presenza na nosa toponimia. Pode facer referencia a unha encrucillada de camiños ou a un símbolo da relixión cristiá, xa sexa un cruceiro ou un gravado en forma de cruz nunha laxa ou nun pedo. Con todo, hai petróglifos con esta forma anteriores ó cristianismo. Pode ser tamén algún elemento da paisaxe que recorde a forma dunha cruz.

O Bico da Cruz —pronunciado *Crus*— é un monte de 354 m de altitude situado na zona setentrional da Serra do Bico de Meda, que ten no seu cume os restos dun castro da Idade de Ferro. Non lonxe, xa na chaira e preto do lugar do Sisto, queda *A Agra da Cruz*, onde se atoparon restos arqueolóxicos da época romana (véxase *Vilaestévez*).

Bico / Pico de Meda, O

Monte da parroquia de Gándara

O Bico ou *O Pico de Meda* —escóitase dicilo das dúas formas, preferiblemente *Bico* por parte das persoas maiores (así tamén o escribía en 1921 o escritor xalleiro Pepe de Xan Baña no seu libro *Suspiros na terriña*, publicado en Cuba)— é o monte máis elevado da Terra de Soneira (561 ou 567 m de altitude, dependendo do mapa consultado). No ámbito das comarcas da Costa da Morte só o supera en altitude o monte do Pindo (641 m).

O seu nome procede das palabras comúns galegas *bico* ou *pico* (< céltico **be-kkus*, a través do lat. BECCUS), e *meda* (< lat. MĒTA ‘cono, columna cónica’), pois presenta unha forma cónica semellante a unha *meda* ‘morea de monllos de ce-real colocados ordenadamente arredor dun pau, despois de mallar’. A súa perfecta forma cónica chamara a atención do xeógrafo Otero Pedrayo na súa *Historia de Galiza* (1962), que dixo del que era “o cerne e reitor das paisaxes desta Galicia”, “unha ‘meda’ de fino remate, ben torneada”. O certo é que os montes chamados *A Meda* son polo regular moi simétricos; algúns, como o de Herbón (Padrón), reciben este nome nas zonas onde se perciben simétricos e outro diferente desde outras perspectivas.

Tal como nos revelou o xornalista brasileiro Vítor Brandalise (2012), o matemático e cartógrafo Domingo Fontán empezou o 15 de decembro de 1823 no lugar de Follente, ó pé do Bico de Meda, o percorrido definitivo e case ininterrompido do que anos despois sería a *Carta Geométrica de Galicia*, rematada en 1834. O *Pico de Meda*, o primeiro accidente xeográfico que figura na primeira páxina do seu caderno de viaxe número 7, foi o principal punto de referencia na paisaxe no momento en que emprenda decididamente o seu proxecto e atravesese de leste a oeste a Terra de Soneira en dirección ó océano Atlántico. Calculoulle unha altitude de 675 m, máis de cen metros máis dos que ten en realidade.



A perfecta forma cónica do Bico de Meda, o monte máis alto do concello de Zas e da Terra de Soneira. En primeiro plano, o lugar Pedramaíor (Carreira).

Por extensión, o cordal montañoso da zona leste do concello de Zas que establece os lindes coas comarcas de Bergantiños e Xallas, tamén recibe o nome de *Serra do Bico / Pico de Meda*, aínda que a denominación cartográfica oficial é a de *A Serra de Santiago* (véxase).

Borreiros

Lugar da parroquia de Brandoñas

Este nome de lugar pode ser un derivado da palabra común galega *borra* ‘pouso, sedimento’, voz de orixe prerromana que tería relación coa constitución do terreo, formado por sedimentos procedentes dun curso fluvial, o río Xallas, neste caso.

Mais tamén pode ser un sobrenome da profesión dos habitantes dun lugar: os *borreiros* ‘persoas que comercian coa cera das abellas’ ou ‘persoas que esmelgan as colmeas’. *Borreiro* deriva, á súa vez, de *borra* ou *borro* (< lat. tardío BURRA ‘la basta’, ‘la groseira’), que neste caso é o resto que queda da cera ó arder. O plural tamén sustenta esta acepción (confróntese *Ferreiros* e *Oleiros*).

Cómpre salientar que, segundo o Interrogatorio do Catastro de Ensenada (1753), boa parte dos veciños de Brandoñas dedicábanse á apicultura; cítanse cos seus nomes e apelidos dezaioito deles dun total de 46 que sumaban 70 colmeas, algúns deles con seis, sete, oito e mesmo doce. Debía ser unha industria ben importante na época, pois en ningunha outra parroquia do actual concello de Zas se declaraba unha cantidade tan elevada. É de supoñer que boa parte deles vivisen na aldea de *Borreiros*, que gozaría dun clima ou ambiente propicio para a cría destes insectos. Non sobra lembrar a proximidade, pola zona norte, da aldea das Abellas da parroquia de Muíño (véxase).

A atestación máis antiga do topónimo data do séc. XII e corresponde a unha parroquia do concello de Gondomar: *S. Martini de Burreiros*. En documentos de 1240 do mosteiro de Caaveiro, contidos no AHUS, rexistramos un home chamado *Pelagius Pelagii de Borreiros*, que sen dúbida vivía en terras das Mariñas betan-ceiras ou do Eume.

Nos apeos do conde de Altamira (c. 1592) —transcritos por Juan López Bermúdez— atopamos a primeira atestación do *Borreiros* desta parroquia. No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e no nomenclátor de 1860 rexístrase *Barreiros*, por erro gráfico. Aparecerá *Borreiros* no nomenclátor de 1888 e en todos os seguintes.

Hai un total de dezaioito nomes de lugar chamados *Borreiros* ou que conteñan esta palabra en Galicia, distribuídos pola provincia da Coruña (once ocorrencias), Pontevedra (cinco) e Lugo (dous). No NG2003 figuran tamén catro *Burreiros*.

Como apelido só conta con 51 portadores, residentes nos concellos de Ferrol e Narón. No concello de Zas non se rexistra.

Bouzarroma

Lugar da parroquia de Loroño

O nome deste lugar, único en Galicia, consta de dous elementos: o primeiro, *bouza*, é unha palabra galega de orixe prerromana que significa ‘terreo inculto deixado a monte, con maleza, toxos, xestas, uces etc.’ Ten bastante presenza na toponimia galega. Na documentación medieval en latín adoita aparecer coas grafías *bautia*, *baucia*. O segundo elemento, *roma*, é máis problemático. Navaza Blanco, na súa obra *Fitotoponimia galega* (2006), consideraba que era un xermanismo co significado de ‘construción’ (compárese co inglés *room*).

Por outra parte, a relativa proximidade coa parroquia de Santa Sía de Roma podería levar a pensar nunha relación co segundo elemento desta freguesía, mais este elemento non é de orixe toponímica, senón un engadido eclesiástico do séc. XVI (véxase *Santa Sía de Roma*). Outra hipótese derivaa do apelido *Romo*, non presente na comarca, na forma ‘Bouza de Romo’ > *Bouzarroma*. Consideramos aínda que se pode deber á configuración do terreo, polo que *bouza* estaría en relación co adxectivo *romo* -a ‘sen punta, sen aguzar’, ‘de forma plana e pouco aguda’ (como, por exemplo, ‘nariz romo’).

A primeira atestación que atopamos do topónimo que nos ocupa é nunha copia dos apeos do ano 1592 do conde de Altamira —transcritos por López Bermúdez— en que se cita o “sobirto” (sic) da fonte de *Bouzarron* (sic) na parroquia de Santa Sía de Roma. No testamento de 1671 do párroco Juan de Pazos da veciña parroquia de Serramo (Vimianzo) —do cal temos unha copia no noso arquivo particular— faise referencia a unha propiedade “en el lugar de *Bouza rroma* feligresía de Loroño”. Non se rexistra na documentación do ACS.

No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) recolleuse, defectuosamente, como *Bouzama*. Figura xa como *Bouzarroma* nos nomenclátors de 1860, 1888 e en Carré Aldao (c. 1928), pero non no nomenclátor de 1920. No de 1930 segmentouse en



Lugar de Bouzarroma, situado nunha zona achanzada. Foto: Evaristo Domínguez Rial

dúas partes (*Bouza Roma*); tamén na folla 68 (“Camariñas”) 1:50.000 (1945) do Instituto Geográfico y Catastral. A partir do nomenclátor de 1940 xa se transcribe coa forma actual.

Nos documentos do Tombo de Toxos Outos aparece unha *Bouzarredonda* (Arca-Neda). Na Estrada rexístrase o topónimo *Bouzamar* (< **Bouza de Zamar*, segundo Cabeza Quiles) e en Carballo *Bouzanogueira* (< **Bouza da nogueira* ou de *Nogueira*, tamén na opinión de Cabeza Quiles).

Segundo a CAG *Bouzarroma* non se rexistra como apelido en Galicia.

Brandomil

Lugar da parroquia de Brandomil

Brandomil (San Pedro)

Parroquia do concello

Brandomil é un topónimo con moita sona en Galicia, tanto desde o punto de vista literario —pola poesía de Pondal— coma polo sobranceiro valor arqueolóxico do subsolo da parroquia.

Para a súa etimoloxía baralláronse varias hipóteses. Empecemos pola popular, que tampouco se debe deixar de lado: como se pode comprobar no documental *Brandomil, vila romana a carón do Xallas* (Rial 2019), para os veciños e veciñas a orixe do nome do seu lugar estaría no adxectivo galego *brando*, debido a que o terreo en que se asentan a maior parte das casas é moi mol, e sempre foi un problema atopar o firme onde asentar os alicerces. A veciñanza supón que en tempos antigos unha grande inundación do río Xallas asolagara a vila ou cidade que alí había: repítese a vella lenda da cidade asolagada das lagoas galegas. Como acontece con outras lendas populares, esta non deixa de ter un pouso real, pois moitas casas e construcións adxectivas erguéronse sobre os restos do asentamento romano aquí situado, e houbo moitas dificultades para dar coa cimentación axeitada.

O padre Sarmiento cita “el puente de *Brandomil*” na viaxe a Galicia de 1745, e no *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, escrito entre 1745 e 1754, comenta, baixo a epígrafe *Brandemil*, que “es cosa singular la semejanza” entre o nome galego de *Brandemil* (o *Brandemir*) con “el puente y río de *Bendemir*” (preto de Persépole, antiga cidade persa), do que dá noticia Cornelis de Bruijn, viaxeiro neerlandés do séc. XVII, que tamén anota que Pomponio Mela lle chama *Brandamir*. José Luis Pensado, no seu comentario crítico da obra do bieito, supón que Sarmiento altera un pouco o nome “para acomodarse a lo que lee” e así acen-tuar o parecido co topónimo persa. No *Onomástico*, Sarmiento inclúe este topónimo entre os de orixe sueva ou goda, pero unicamente polo feito de rematar en *-mil* (como *Ansemil*, *Seixomil*, *Ramil* etc.).

Os alemáns Joseph Piel e Dieter Kremer, no seu *Hispano-gotisches Namenbuch* (1976), ligan este nome de lugar á antroponimia de filiación xermánica: na súa opinión, procedería da forma —non documentada— **Brandemirus*, posible nome persoal (composto por *brand* ‘espada’ e *mereis*, latinizado *mirus* ‘célebre’).

Ó ano seguinte (1977), o catedrático de latín da USC Abelardo Moralejo Laso, aínda que nun principio chegara a considerar a aparente orixe xermánica do topónimo, despois de sometelo a un profundo estudo, acabou por non ter dúbida da identificación de *Grandimirum* —unha das paradas deostas citadas no Itinerario de Antonino do séc. III, do cal falaremos máis adiante— co actual Brandomil. Este era o seu razoamento, que reproducimos amplamente:

Ahora bien, lingüísticamente *Grandimiro* y *Brandomil* presentan una semejanza formal que no podía menos de llamar la atención [...]. La dificultad para sacar el topónimo actual del antiguo ha estibado durante mucho tiempo para mí, y acaso para otros, en el aspecto típicamente germánico de Brandomil. [...] Pero al fin he llegado a persuadirme de la identidad y de la continuidad entre los dos nombres [*Grandimirum* e *Brandomil*] en cuestión al hallar una explicación lingüística oportuna: se trata, creo, simplemente de un caso de confusión por equivalencia acústica de las consonantes iniciales *g-* y *b-*, pero con posible influencia de nombres ya germánicos en *brand-*, más de una disimilación entre *r – r* con influencia quizá también de otros topónimos en *-mil*. Es decir, que el antiguo compuesto que al parecer era *Grandimirum* pasó a ser el compuesto *Brandomil*, germánico aparente nada más por unos cambios fonéticos relativamente normales y unas influencias de otros germanismos efectivos [...]

En tempos máis recentes, Martínez Lema, na súa tese de doutoramento (2010), indica que, aínda que a explicación etimolóxica de Piel e Kremer

parece compatíbel tanto cos rexistros documentais aducidos como con certas tendencias formativas vixentes na antroponimia galega altomedieval, é bastante probábel que teñamos que descartala en favor dunha filiación xenuinamente prelatina do topónimo.

Móstrase, polo tanto, partidario da tese de Moralejo Laso, que

postulou a identificación entre o moderno *Brandomil* e o antigo Γλανδόμιρον [*Glandómiron*], citado por Ptolomeo como nome dunha mansión situada na vía que unía *Aquis Celenis* con *Brigantium* e que reaparece noutras fontes clásicas baixo variantes formais como *Glandimiro* ou *Glandomarium*. Esta identificación, aínda que en absoluto definitiva ou unánime, semella cando menos dun grao importante de verosimilitude. [...] Por tanto, a explicación asumida por Moralejo Laso parece combinar satisfactoriamente os datos extralingüísticos (históricos e xeográficos) cos propiamente lingüísticos, o que nos leva a priorizala (cando menos de xeito provisional) sobre a hipótese puramente xermánica de Piel / Kremer.

Pero para este filólogo aínda hai máis razóns que apoian a hipótese de que *Brandomil* procede de *Grandimirum* ou *Glandómiron*: a propia constitución lingüística e o significado remoto deste topónimo.

As hipóteses máis recentes tenden a interpretalo como un composto hidrotopónimo de filiación indoeuropea. Neste senso, Rosa Pedrero, nun artigo de 1996 sobre o topónimo prerromano *Mira*, que tamén considera hidrónimo, estableceu a relación entre o segundo elemento e un grupo de elementos onomásticos entre os que sobrancean topónimos como *Mera*, *Meira* ou *Mira*, para os cales propuxo como probable base etimolóxica unha forma adxectival **meiros*, que significa ‘tranquilo, en calma’, que remitiría ó indoeuropeo **mei-* / **moi-* / **mi-* ‘suave, mol’.

Para o primeiro compoñente, García Alonso (2003) suxería, con reservas, a posibilidade do céltico **glannos* ‘beira dun río’, conservado en topónimos antigos como *Glannibanta*, *Amboglanna* ou *Camboglanna*. Por outra parte, Ranko Matasović (2009), no seu dicionario etimolóxico do protocéltico, para a acepción ‘ribeira’ reconstrúe un tema **glendos-*, probablemente —na opinión de Martínez Lema— “un empréstimo tomado polas linguas célticas e xermánicas dun idioma preindoeuropeo e para o cal postula un significado de ‘val, ribeira’”. Isto dificulta a evolución fonética para o resultado, co cal queda de manifesto a prudencia con que hai que considerar estas raíces prerromanas.

Para Leonard Curchin (2008), “*Glandemiron* remite al celta **glando-* ‘orilla’ (galés y bretón *Glann*), de raíz indoeuropea occidental **gl(e)nd-*, de donde deriva el irlandés antiguo *Glenn*, galés *Glynn* ‘valle’”. Engade que *Mirum* “podría ser el nombre de un río”.

Por todo o exposto, Martínez Lema considera que o composto *Glandómiron* cumpre con boa parte destas hipóteses, e conclúe:

[*Glandómiron*] estaría a facer alusión a unha entidade de poboación situada ao carón dun río chamado **Mira* ou **Miro*. Esta hipótese, malia ser susceptible de certos matices e observacións no plano lingüístico, resulta significativamente coherente coas características do lugar no que se implantou o topónimo en cuestión. Por unha banda, encaixa perfectamente coa posición xeográfica da freguesía de San Pedro de Brandomil, situada efectivamente á beira do río Xallas [...]. Por outro lado, o contido atribuído por Rosa Pedrero tanto ao hipotético **Mira* ou **Miro* como aos demais topónimos emparentados con el pode conciliarse sen ningún problema coas propias características do río Xallas, que nesta altura do seu curso discorre aínda de xeito lento e tranquilo.

Cabeza Quiles (2014) dá por boa a explicación de Moralejo (“confusión por equivalencia acústica de las consonantes iniciales *g-* y *b-*, pero con posible influencia de nombres ya germánicos en *brand-*”) e, polo tanto, tamén apoia a orixe prerromana do topónimo.

Antes de entrar no capítulo das atestacións faremos un inciso para falar da importancia do xacemento arqueolóxico romano desta parroquia, o principal das comarcas da chamada Costa da Morte. Se hai algún lugar onde a arqueoloxía pode ser ciencia auxiliar da toponimia, un deles é sen dúbida Brandomil. No noso libro *Zas polo miúdo* (2020) dedicámoslle máis de vinte páxinas á enumeración dos restos arqueolóxicos achados na freguesía ata o ano 2020, pero unha relación máis exhaustiva témola nunha publicación posterior: *Brandomil. Vila soterrada* (2023), dos arqueólogos Lino Gorgoso e Abel Vigo, memoria das escavacións por eles realizadas a partir de 2019.

O asentamento romano na beira dereita do Xallas veu motivado pola existencia de ricas minas de ouro e de estaño na zona. Esa foi sen dúbida a causa principal da presenza de inmigrantes de diversas partes do Imperio, como o demostra a epigrafía de aras votivas ós deuses romanos e estelas funerarias con antropónimos de parte do Mediterráneo central e oriental (*Dentonijs Verecundus*, *Marcus Agaton*, *Domitia Pusinca* etc.); posiblemente libertos que virían traballar ás minas.

Despois das escavacións de Juan Naveiro de 2007-2008, Brandomil pasou de ser “un pequeno aglomerado romano secundario” de apenas catro ou cinco hectáreas a converterse no cuarto asentamento romano da actual provincia da Coruña, despois de Brigantium (a actual A Coruña), Iria Flavia e A Ciadella (en Sobrado), con máis de vinte hectáreas. As escavacións de Gorgoso e Vigo incrementaron aínda máis a importancia do xacemento, pois deixaron ó descuberto tramos de calzada con vestixios de pavimentos romanos de grava e saburra de tipo *glarea*, con características propias de vías urbanas. Ó carón dun destes tramos, na zona de Pedra do Altar, descubríronse as estruturas dunha *domus* (mansión familiar romana), entre outras construcións. Os materiais atopados datáronse entre os séculos I e V. A importancia destas últimas escavacións queda reflectida neste parágrafo da sinopse final do libro citado:



Alicerces da posible
'domus' romana;
escavacións de febreiro
de 2023

Tramo de calzada escavado en setembro de 2023, á entrada da ponte vella de Brandomil



Pero sen lugar a dúbidas o máis interesante de todo o conxunto é a propia existencia dun urbanismo, unha vila romana segundo a extensión e calidade dos restos, que cada día ofrece novos indicios da súa importancia. Os propios materiais cerámicos exhumados procedentes de boa parte do Imperio (Italia, Francia, Túnez) e especialmente da Península (A Ríoxa, Cádiz, Braga, Lugo etc.), inciden nesta consideración superior do espazo romano de Brandomil.

Xa para finalizar este apartado, os arqueólogos achegan un posible dato toponímico da cultura castrexa totalmente inédito:

Despois da descuberta recentemente dunha nova ara devocional e a constatación de que outra (ou dúas) tamén é da localidade, pódese dicir abertamente que unha parte das mencións a este deus Coso de todo o Imperio romano procede de Brandomil, polo que dita devoción debe ter unha orixe e un significado.

Para máis inri, a última descuberta menciona un topónimo vinculado ao deus, *Coso Maelobriga*, que quizais infira o propio nome do castro lindeiro (Cidade de Maelo). De ser correcta a interpretación, sería o primeiro castro con nome coñecido do *Conventus Lucensis*.

Deste xeito, o hoxe chamado *castro de Brandomil* —situado entre a Ponte Vella e a aldea— podería ser o único cun nome da época en que estivo habitado.

Toda esta riqueza arqueolóxica reafirma a suposición de que ó antigo Brandomil chegaba unha vía romana de primeira orde que salvaba o río Xallas pola Ponte Vella, obra esta de fábrica tardomedieval pero de base romana. Para a maior parte

dos especialistas, esa vía sería a XX do Itinerario de Antonino (c. 280) de Braga a Astorga pasando por Brigantium e Lugo. Era a máis achegada á costa entre as dúas cidades, de aí a súa denominación de vía *per loca maritima*. Poucos son os que arredan de Brandomil esta importante calzada.

Máis difícil é confirmar o nome da *mansio* ou parada de postas que sen dúbida houbo neste lugar, dada a súa importancia como centro mineiro. A versión máis aceptada é que fose a de *Grandimirum* ou *Glandomiro* —nome que figura no Itinerario citado e noutros documentos—, ou algunha das súas variantes: *Grandimarium*, no Anónimo de Rávena (do séc. VII; recolle documentación dos séculos IV e V); *Glandómirum* (en Ptolomeu). A segunda opción sería *Claudionerion* ou *Claudiomerion*, e non faltou quen se decantaba por *Ad Duos Pontes*.

A controversia xa vén de vello. No *Dictionarium Latino-Gallicum* do francés Nicolas Magniez —citado por Gorgoso e Vigo, editado en París en 1721 e reeditado en 1733 e 1750—, vincúlase a mansión *Grandimirum* con Brandomil. Nas *Memoorias para a Historia Ecclesiástica do Arcebispado de Braga*, publicadas en 1732 en Portugal polo clérigo Jerónimo Contador de Argote, en que se mencionan varias cidades da Gallaecia romana do “Itinerario de Antonino no segundo camiño de Braga a Astorga”, dise, por unha parte, que:

683. *Claudiomerio* era huma Cidade na Chancellaria de Lugo, segundo Ptolomeo acima citado. Queren alguns seja *Brandomil*; deixamos aos naturaes da Galliza esta averiguação. O nome parece Romano. Ptolomeo lhe dá cinco graos, e quarenta e cinco minutos de longitud, quarenta e cinco graos, e dez minutos de latitud.

Respectamos a ortografía do documento portugués da época. Non obstante, nunhas liñas máis adiante, o autor desbota a identificación de *Grandimiro* / *Glandomiro* con Brandomil, e sitúa esta “Cidade principal” na raia de Padrón e na costa, un porto importante en que desembarcaban as milicias de Braga para marcharen desde alí, por terra, a Astorga.

No mapa *Gallaecia Ptolemaei* da *Corographia* de Ptolemeu, que reproduce o padre Henrique Flórez no tomo XV do seu libro *España sagrada* (1763), aparece *Claudiomirium* (sic) no país dos ártabros. Seguindo a Ptolemeu, o ilustrado coruñés José Cornide, no seu *Mapa corográfico de la antigua Galicia / Callaeciae Antiquae Tabula* (1790) tamén identificaba Brandomil con *Claudionerion*, e situaba *Grandimirum* no lugariño de *Cantomir* (Rianxo), localización que axiña quedou descartada. O tamén ilustrado José Lucas Labrada —un dos primeiros valedores da importancia histórica de Brandomil—, na súa *Descripción económica del Reyno de Galicia* (1804) concordaba con Cornide.

A partir de segunda metade do séc. XIX, os investigadores foron decantándose por identificar *Grandimirum* con Brandomil, sobre todo cando se empezan a descubrir abundantes restos arqueolóxicos na parroquia. En 1883 o médico e investigador negreirés Pedro Rodríguez Rodríguez publicou en *Galicia Diplomática*

O posible itinerario da Vía XX 'per loca marítima', segundo Caamaño e Naveiro (1992). Mapa realizado por Roberto Mouzo (2010)



catro artigos sucesivos co mesmo título: “Grandimirum”, que identificaba con toda certeza con Brandomil. Pedro Rodríguez fixo unha exhaustiva descrición *in situ* da calzada que aínda se conservaba, e se usaba, na zona leste da Ponte Vella.

En 1898, Antonio López Ferreiro, historiador de probado prestixio, foi un dos que defenderon con maior tesón a identificación de *Grandimirum* con Brandomil, especialmente pola cantidade de restos arqueolóxicos romanos que por aquela época se estaban descubrindo na freguesía sen que nin sequera se fixesen escavacións. En artigos do *Boletín del Arzobispado de Santiago* de 1915 e 1920, doutros autores, tamén se dá por boa esta identificación.

Nos tempos máis achegados a nós tamén se mostraron favorables á identificación de *Grandimirum* / *Glandomiron* con Brandomil historiadores como José Barreiro Barral (1972), Elisa Ferreira Priegue (1988), os filólogos de linguas clásicas Abelardo Moralejo Laso (1977) e Isidoro Millán, e arqueólogos e/ou profesores de Historia Antiga da USC como Xosé M. Caamaño Gesto e Juan Naveiro (1992), Fernando Acuña Castroviejo e Raquel Casal García (1981), Felipe Arias Vilas (2023) e Manuel Villanueva Acuña (2000), ós que hai que unir o citado filólogo Paulo Martínez.

Caamaño e Naveiro aceptan o trazado proposto por López Ferreiro e identifican *Grandimirum* con Brandomil e Brigantium coa Coruña. Tiveron en conta a abundancia de restos arqueolóxicos na parroquia e na súa redonda —atopáranse tres miliarios— e a medición dos estadios do itinerario.

Os que situaban *Grandimirum* noutros lugares eran, maiormente, os que levaban a vía xx por zonas do interior, afastándoa de Brandomil e tamén da costa: en Pontecesures situárono Dulce Estefanía Álvarez (1960) e Roldán Hervás (1975). Rosa M.^a Franco Maside (2001) e Fermín Pérez Losada (2002) desprazárono a Carballo. Tamén se ten situado en Pontevea.

Non haberá absoluta certeza, como dicíamos, ata que apareza unha proba irrefutable: ese improbable “espectacular achado epigráfico” polo que degoran Gorgoso e Vigo, os arqueólogos que seguían escavando en 2024. Así e todo, son maioritarios os partidarios de *Grandimirum* = *Brandomil*.

Da grafía actual de *Brandomil* temos atestacións en época medieval, en latín (séc. XII), en galego (séculos XII, XIII, XIV e XV) e en castelán (séculos XIII e XV), pertencentes na súa maior parte ós arquivos dos conventos de Toxos Outos, de Santa Clara de Santiago de Compostela e tamén doutros que figuran na biblioteca virtual da Fundación Brandomil.

Brandimir é a grafía maioritaria nos documentos en latín medieval que se puideron consultar (cinco atestacións correspondentes ós anos 1166, 1203, 1247, 1257 e 1260 do Tombo de Toxos Outos) e un en galego, contido no testamento de dona Lionor Gonçalves de Saz (1334), transcrito por Pérez Rodríguez en 2004 e por Pichel Gotérrez e Martínez Lema en 2014. Unha variante pode ser a grafía *Brandemir*, do ano 1286, que aparece nun documento en castelán emitido en Burgos, na corte do rei Sancho IV. Este documento é o primeiro que fala da existencia da antiga ponte deste lugar: “...e por alfoz assy commo comienza desde do entra el rio d-Esar [Ézaro, actual Xallas] en la mar, como se va arriba fasta la puente de Brandemir...”.

Aínda que, nun preito de 1405 do convento de Santa Clara de Santiago de Compostela, redactado en galego, aparece tres veces *Brandomin* (“couto e fregresia de San Pedro de Brandomin”), a partir de principios do séc. XV xa se vai xeneralizando a grafía *Brandomill*, así grafada nos documentos deste mesmo convento feminino compostelán en galego (1421, 1427 e 1478) e tamén en castelán a partir de 1476. Esta forma, rematada en -ll, aínda se mantén en documentos en castelán dos séculos XVI e XVII e nos primeiros anos do XVIII (1546, 1632 e 1702). A partir do primeiro terzo do XVIII xa aparece coa grafía definitiva de *Brandomil* (1729, 1745, 1752...).

A antiga ponte seguiu sendo un paso importante durante séculos, e a proba está en que é das poucas que se sinala nun coñecido mapa de 1634 que comprende todos os reinos da Península Ibérica: o chamado *Atlas del Rey Planeta*, que o cartógrafo portugués Pedro de Teixeira lle dedica ó seu rei Filipe IV (III de Portugal). Transcribe unha forma deturpada do topónimo (“P[uen]te Vardomil”), que consideramos anecdótica, dado que xa estaba definitivamente consolidada a forma *Brandomil*. É ben sabido que os cartógrafos dos séculos XVI, XVII e XVIII e de principios do XIX se copiaban uns ós outros e escasamente acudían ós lugares que describían.

En suma: o topónimo inicialmente foi considerado antrotopónimo xermánico, pero as investigacións parecen concluír que é continuación do nome dunha *mansio* mencionada no Itinerario de Antonino; as escavacións realizadas na parroquia nos

últimos anos reforzan a idea de que o antigo Brandomil era un asentamento romano importante (o máis occidental do Imperio) e por esa razón se dirixiu a el unha tamén importante vía, a xx do Itinerario de Antonino, en que figura a *mansio* de *Glandimirum*; non é difícil supoñer que o nome desta parada de postas se acabase alterando debido á semellanza con nomes xermánicos e á proximidade de Brandoñas, parroquia anexa.

Ademais de todo o exposto, convén ter en conta o seguinte: a grafía *Brandimir* é maioritaria nas atestacións medievais, desde o séc. XII a finais do XIV. Tras un anecdótico *Brandomín* nun documento de principios do XV (que quizais fose un erro de copia ou de lectura) xa se xeneraliza a forma definitiva *Brandomil*. A substitución do *-i-* átono por un *-o-* (tamén átono) púidose dar a principios do séc. XV, aínda que non debemos esquecer a grafía alternativa *Glandomiron* da época romana.

Para ese cambio evolutivo (*Brandimir* > *Brandomil*) aventuramos que seguramente influiría a proximidade do topónimo “irmán” da parroquia filial, *Brandoñas*, xa documentado con <o> tónico no séc. XIII. Non é o primeiro caso en que se constatan influencias mutuas e unha evolución ata certo punto parella entre dous topónimos próximos entre si, como os das freguesías de *Berdeogas* e *Berdoias* —matriz e anexa, respectivamente—, segundo as atestacións medievais de *Verdeoas* (1400) para o primeiro, e *Verdoas* (1363) para o segundo. A alteración da vogal pretónica é fenómeno común, pero *Brandoñas* si puido influír na alteración do *Grand-* etimolóxico en *Brand-*.

Máis adiante, ó tratarmos de *Brandoñas*, veremos que Paulo Martínez, sobre a presenza da terminación prelatina *-(o)nias*, descarta calquera relación do nome da parroquia anexa con topónimos procedentes de nomes persoais xermánicos. Non sobra facer notar que no latín dos séculos XII (1166) e XIII (1257) e no galego do XIV (1334) conviven na escrita as formas *Brandimir* e *Brandonias*.

En resumo, este sería en esquema o desenvolvemento evolutivo máis probable: **gland(o)- + mi(r) > Grandimirum* (séc. III) > *Brandimir* (séculos XII, XIII, XIV) > *Brandomil* (séc. XV en adiante).

A sonoridade deste topónimo inspirou a poesía épica de Eduardo Pondal (1835-1917), de tal xeito que o converteu nun heroico guerreiro celta, “o valente *Brandomil*”, defensor do territorio galaico fronte ós invasores romanos, xunto con “*Brandoñas o forte*” e a intrépida “*virxe guerreira Maroñas*”. *Brandomil* morrería nesta loita desigual e tería a súa tumba na ciclópea *Arca da Piosa* (véxase *Piosa, A*). O bardo bergantiñán deulle a este imaxinario heroe unha importancia só comparable á que el mesmo lle outorgou a Breogán, o mítico fundador da patria galega, pois xunta os seus nomes no epitafio que desexaba para a súa propia tumba: “Xaz alí o nobre e celebrado cantor de Breogán e *Brandomil*”.

Brandomil non existe como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Brandoñas (Santa María)

Parroquia do concello

Topónimo de etimoloxía escura, talvez prerromana. Unicamente lle dá nome á parroquia, pois non existe como lugar. Non é, como *Brandomil*, topónimo único, pois no concello de Tordoia, na parroquia de Anxeriz, o NG 2003 rexistra *Brandoñas de Abaixo* e *Brandoñas de Arriba*, estudados por Lidia Gómez e Luz Méndez (2022).

Para Martínez Lema (2010), desde o punto de vista de filiación lingüística, *Brandoñas* pode integrarse a priori no substrato prelatino, “pois a terminación *-(o)ñia / -(o)ñias*, calquera que fose o seu valor específico, ten unha presenza notábel noutros topónimos galegos con esa mesma orixe, como p. ex. *Baroña*, *Oroña*...”.

Engade que a variante de plural que se observa en *Brandoñas* non sempre resulta doada de explicar:

Nalgúns casos quizais poida farse dun antigo apelativo de orixe toponímica, hipótese que axudaría a explicar casos como o de *As Maroñas*, con presenza do artigo determinado. Noutras ocasións, en troques, as formas de singular e plural alternan sen ningunha causa aparente xa desde época medieval: tal é o caso de *Brandoñas*, segundo pode inferirse das devanditas variantes *Brandonias / Brandonio*, mais tamén doutros topónimos como *Baroña*, que encontramos baixo as variantes *Uaronias* (1153) e *Varonia* (1289).

72

En todo caso:

a presenza da terminación prelatina *-(o)ñias* permítenos descartar calquera relación da forma *Brandoñas* coa serie de topónimos deantroponímicos procedentes de nomes persoais xermánicos con precompoñente **brand(a)* ‘fulgor de espada’, como *Brandariz*, *Brandufe*, *Brandián*...

Cabeza Quiles (2014) tamén se inclina pola orixe prelatina do topónimo e presuponlle como precedente un antigo **Glandonias* que rexeitan por completo outros especialistas. Martínez Lema non propón ningunha hipótese para a raíz; Lidia Gómez e Luz Méndez falan dun posible hidrónimo relacionado con *braña*.

Entre as atestacións medievais, Martínez Lema considera que o testemuño máis antigo do topónimo é *Blandonia*, documentado nun diploma do tombo de Sobrado contra o ano 989. Esta atestación parece estar referida ó topónimo de Tordoia e non ó que nos ocupa, e Lidia Gómez e Luz Méndez consideran

que non se pode afirmar con certeza plena [esta atestación] xa por ser ese texto copia dun documento anterior, e polo tanto pode conter erros, xa porque a zona á cal se refire o texto e onde se mencionan varios topónimos [...] parece que se corresponde mellor cunha área que abrangue concellos das comarcas da Coruña e Betanzos, e non co concello de Tordoia.



As terras de Brandoñas, como as de Brandomil, tamén están á beira do río Xallas. Boa parte delas foron asolagadas polo encoro da Fervenza en 1966, que borrou do mapa lugares como O Pego, Vilanova e Vilarcovo. Foto: Roberto Mouzo

Durante os séculos XII e XIII documéntase como *Brandonias*. Temos unha elevada cantidade de testemuños, maiormente en cadeas onomásticas, uns recollidos por Martínez Lema, outros do CODOLGA e outros presentes no fondo documental da Fundación Brandomil: *Martin Brandonias* (1154), *Martini Pelaiz dicti Brandonias* (1159), *Petrus Brandonias* (1166, 1171), *Martinus Brandonias* (1169), *Petrus Martini Brandonias* (1175), *Domne Maioris de Brandonias* (1257), *Martinus Lobo de Brandonias* (1257), “Adefunsus Martini, presbitero *Sancti Petri* (sic) *de Brandonias*” (1257), *Domna Maiore Fernandi de Brandonias* (1257), *Moor Fernandi de Brandonias* (1257), *Maioris de Brandonias* (1289), “*Martinus Petri et Petrus Martini*, clericos *de Brandonias*”, “*Afonsus Martini*, presbitero *Sancti Petri* (sic) *de Brandonias*” (1257), *Maioris de Brandonias* e *Martini Pelagii Brandonias* (1289) etc. O feito de lle atribuír o padroado a san Pedro, no canto de a santa María, debeu ser unha confusión coa parroquia matriz de Brandomil.

Lidia Gómez e Luz Méndez encontraron en documentos do séc. XII, principalmente do mosteiro de Toxos Outos, un segundo nome *Blandonias*, que levaban varios individuos, como *Martinus (Pelagii dictus) Blandonias*. Documentan tamén, en Toxos Outos, nun documento en galego do séc. XIII, a grafía *Brandoñas* (*Moor Fernández Brandoñas*). Todo parece indicar que estes documentos tamén se refíren ó Brandoñas de Zas e non ó de Tordoia.

No testamento de Lionor Gonçálves de Saz, do séc. XIV, en galego, Pérez Rodríguez (2004) rexistrara un *Martin Brandotias*, que Martínez Lema considera un erro de transcripción: *Martin Brandonas* sería para el a forma correcta.

Na Idade Moderna, *Brandoñas* será a forma única deste topónimo: nos apeos do conde de Altamira (c. 1592), na visita de Jerónimo del Hoyo (1607), no Catastro de Ensenada (1753), no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e en todos os nomenclátores dos séculos XIX, XX e XXI.

Como xa dixemos na entrada *Brandomil*, a sonoridade deste topónimo inspirou o bardo Eduardo Pondal para transformalo nun bravo e rexo guerreiro celta, “Brandoñas o forte”, defensor destas terras fronte ós invasores romanos.

Non se rexistra hoxe en día o apelido *Brandoñas*, como existiu en boa parte da Baixa Idade Media, como acabamos de comprobar.

Braña, A

Lugar da parroquia de Baio

Lugar da parroquia de Lamas

Este topónimo contén o substantivo galego *braña*, que fai referencia a un prado con auga perenne, terreo pantanoso ou alagadizo con humidade constante. Segundo Navaza Blanco, é unha voz presente no léxico e na toponimia de todo o noroeste peninsular, de Cantabria a Galicia, pasando por Asturias e León, mais non se rexistra na toponimia maior portuguesa.

Para a súa etimoloxía, a hipótese máis difundida parte dunha base do latín vulgar *VĒRANEA ‘pastos de verán’, por seren as brañas lugares onde pastaba o gando nesta estación do ano. Non obstante, o feito de presentar B- inicial en todas as épocas, levou a investigadores como Joan Coromines a pensar nunha orixe prerromana, probablemente céltica. Elixio Rivas propón unha forma emparentada coa raíz hidronímica céltica **bar-* ‘auga’. Tanto en Lamas coma en Baio estes lugares atópanse preto dun río, en sitios chans con humidade constante.

No caso de Baio, nun documento de 1690 do arquivo particular do investigador local Ramón Romar, cítase unha leira de “la Braña” próxima a outra chamada “de Agreanas”. Tanto *Agreanas* coma *A Braña* tardaron en seren recoñecidos como lugares habitados: *Agreanas* aparece por vez primeira no nomenclátor de 1930, e despois xa nos de 1940, 1970 e no de 2003, data en que aparece por vez primeira *A Braña* de Baio (o seu homónimo de Lamas xa figuraba no de 1930).

Como xa adiantamos en *Agreanas* (véxase), por estaren moi xuntas é difícil distinguir as casas destes dous lugares baieses, que para o erudito local Francisco Romero Lema (c. 1970) eran o mesmo: “[Agreanas] también se llama *Braña*”. No Mapa Topográfico Nacional 1:25.000 aparece sinalado *Agreanas*, pero non *A Braña*. Segundo o Concello de Zas, a maior parte das casas situadas ó oeste de Baio Pequeno, as máis próximas á estrada AC-430 de Baio ás Revoltas (Cabana), forman parte da Braña, mentres que as de Agreanas só son as tres ou catro máis arredadas en dirección oeste, situadas no camiño que se dirixe ó Mosquetín (Salto).

Braña é un topónimo moi abundante en Galicia, maiormente nas provincias atlánticas, A Coruña e Pontevedra; tamén no norte da de Lugo. É case inexistente na de Ourense.

O apelido *Braña* conta en Galicia con 842 ocorrencias, a inmensa maior parte localizadas na Mariña Oriental luguesa. A forma en plural, *Brañas*, lévana 690 persoas, residentes maiormente en concellos orientais da provincia da Coruña (Aranxa, Curtis, Sobrado). O carballés Alfredo Brañas (1859-1900), escritor e ideólogo do rexionalismo galego do séc. XIX, foi un dos persoeiros que o tivo.

Brondo, O

Monte da parroquia de San Martiño de Meanos

Denominado popularmente *O Brondo* ou *Monte Brondo* —e non **Monte do Brondo* nin tampouco **Monte de Brondo*— é unha das maiores alturas do concello de Zas e da Terra de Soneira (457 m de altitude). Está situado ó noroeste da parroquia de San Martiño de Meanos e establece lindes con Loroño e Santa Sía de Roma. Unha asociación deportiva tomou recentemente o nome *Monte Brondo*.

As atestacións que atopamos deste topónimo son tardías: sinálao Domingo Fontán na súa *Carta geométrica de Galicia* (1834-1845); aparece no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) na entrada Meanos, onde se di que esta freguesía está situada ó leste do *monte Brondo* (Fontán situábaa ó sur). Xa entrados no séc. XX tamén o rexistramos na hemeroteca de *Galicianas: Monte Bronco* (c. 1920), por erro gráfico, e *Monte de Brondo* (c. 1929), e tamén en Carré Aldao (c. 1928), *Monte Brondo*.

Hai unha aldea así chamada, *Brondo*, no sur do Piemonte (Italia), de tan só dez habitantes, case lindeira coa Liguria. Joan Coromines rexístrao como apelido en Cataluña no séc. XIV, onde subsiste hoxe ocasionalmente, e tamén en Galicia, aínda que de momento non figura no CAG.

O seu étimo é moi escuro. Parece difícil que proceda de *brondo* ‘louro’ (< lat. medieval *blundus*, do franco *blond*), que se podería aplicar á cor da terra. O problema é que a voz *brondo* non a rexistramos en galego ata o séc. XIX e só na literatura. Outra probabilidade é que fose o alcume dun propietario.

O latinista Xesús Ferro Ruibal chama a atención sobre a posibilidade de que o seu étimo teña relación co lexema de *Brondusium* / *Brindisium*, actual *Brindisi*, importante porto de Apulia (Italia), xa desde época romana. O nome desta cidade rexistrou xa en tempos antigos moitas variantes na vogal da súa raíz ou lexema: *Brand-* (*Brandicium*), *Brend-* (*Brendisium*), *Brind-* (*Brindisium*), *Brond-* (*Brondusium*, *Broduxium*), *Brund-* (*Brundesium*, *Brundisium*). No *Archivio Storico Pugliese* (1955) atribúeselle a *Brindisi* unha orixe mesápica: βρένδος ‘cervo’ (o mesápico foi unha lingua, xa morta, que antigamente se falou en Apulia).



Unha das fervezas
do río de Budián.
Foto: Tania Carreira

Budián

Lugar da parroquia de Gándara

Aínda que Abelardo Moralejo e Joan Coromines relacionan este topónimo co latín *BŪDA* ‘espadana, especie de xunco’, como *Boeiro* ou *Boedo*, que se asocian a lugares húmidos e abundantes en auga, polas atestacións medievais *Botilane* ou *Butilani* doutro topónimo actual homónimo (o de Acedre, Pantón), parece que o seu étimo pode ser máis ben o acusativo ou o xenitivo dun nome persoal medieval de orixe xermánica, *Butila*, tal como propoñen J. Piel e D. Kremer.

Relativas a este lugar de Zas temos no Arquivo da Catedral de Santiago atestacións do século XVI dun foro do lugar e casal de *Budián* da Confraría dos Clérigos do Coro de Santiago. De 1592 tamén consta un apeo do conde de Altamira “del casal de Doeña y Boén y heredades del coto de *Budián*”. No Catastro de Ensenada (1753) figura un muíño “llamado *Budián*”. O nome do lugar cítase en Madoz, Carré e en todos os nomenclátors.

No NG 2003 só se rexistran outros dous topónimos maiores con este nome, os dous na provincia de Lugo: un deles corresponde a un lugar e a unha parroquia no Valadouro: *Budián de Redeiro* (*Santa Eulalia de Budián*); o outro pertence á parroquia de Acedre (Pantón). Unha “hereditate indiuisa in *Budilam*”, de 1129, da documentación de Lourenzá pode referirse ó do Valadouro; outra máis antiga, do século IX, contida no CODOLGA (*Sancti Iohannis de Butilani*) identifícase co de Pantón.

Budián non existe como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Caberte

Lugar da parroquia de Santo Adrián do Castro

Este topónimo é un *unicum* no NG 2003, aínda que presenta unha forma moi semellante a *Caberta*, parroquia do concello de Muxía e microtopónimo en Vigo.

En *Galiciana* atestamos un preito de 1567 relacionado co “lugar y casal de *Caberta* y de Rial”, que para nada corresponde co topónimo que nos ocupa. Non se rexistra no Catastro de Ensenada (1753) nin no *Diccionario* de P. Madoz (1845-1850), nin en Carré (c. 1928); tampouco nos nomenclátors galegos anteriores ó de 2003.

Sen atestacións históricas é difícil dar co étimo deste topónimo zasense, que se pronuncia co <e> tónico aberto. Non é probable que sexa, como puidese aparentar, un composto de *cas(a)* + xenitivo de nome persoal. O *monte Caberta* das illas Cíes non parece que poida conter *casa* + xenitivo de nome persoal, dado que é unha zona penedosa inhabitable. De ser un composto, podería ter no seu segundo elemento o adxectivo *aberta*.

Segundo a CAG, *Caberte* non existe como apelido en Galicia, pero si hai dezaioito portadores de *Caberta*, residentes en Cee, que o tomaron, sen dúbida, do lugar muxián.

Cacharosa, A

Lugar da parroquia de Baio

É topónimo único en Galicia. Segundo o erudito e cronista local, Francisco Romero Lema, no seu inédito *Toponomástico* (c. 1970), este lugar debe o seu nome a que a súa primeira construción “fue una casa de planta baja a la que se le llamó *cacharosa*, que es lo mismo que ‘casucha’. [...] Ahora se dice *Cacharoza*”. No seu mecanoscrito, don Francisco aseguraba que mesmo chegou a coñecer o fillo do primeiro propietario desta casa, construída contra 1861.

Esta información é bastante veraz, pois o topónimo non aparece nos documentos con anterioridade ó séc. xx. Non se cita no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), pero si, coa forma *Cacharosa* (con <s>), no nomenclátor de 1920 por vez primeira; tamén en Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors seguintes; no NG 2003 engadíuselle o artigo. Hoxe tamén se pronuncia con <z>.

O *Diccionario Enciclopédico* de Eladio Rodríguez (1958) rexistra a voz común *cacharoza*: “En la comarca de Bergantiños, casucha pequeña donde se guarda la teja sin cocer para que seque”. É estraño que Romero Lema non recollese o apelativo común no seu *Vocabulario de Soneira* (2000), en que tamén se inclúen palabras das comarcas limítrofes.

Non existe como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Calabanda, A

Lugar da parroquia de Brandomil

Lugar da parroquia de San Cremenzo, desaparecido na década de 1970

Topónimo procedente de *Aquela Banda*, nome que adoitan recibir unhas poucas casas (ou tan só unha), situadas na outra beira ou *banda* (< francés *bande* ou *bende*, e este do franco *binda* ‘lazo, cinta’) dun río, separadas do resto da parroquia.

En Brandomil reciben este nome dúas casas solitarias (“as casas da *Calabanda*”) situadas nun outeiro na beira esquerda do río Xallas fronte ó resto da parroquia, que ocupa a marxe dereita. Contamos coas seguintes atestacións deste lugar: no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) aparece coa forma plena, *Aquellabanda*, castellanizada, e nos nomenclátors de 1860 e 1888 coa de *Aquelabanda*, en galego, coa cal tamén consta nun *Diccionario geográfico postal de España* de Correos de 1880, nas actas municipais de Zas de principios do séc. XX e en Carré Aldao (c. 1928). Nuns planos de 1929, previos á construción da estrada Santiago-Muxía —que nos facilitou a Fundación Brandomil— figuraba como “Lugar de *La Otra Vanda*”. Non se rexistra no NG 1920, e nos outros nomenclátors do séc. XX figura como *Calabanda*.

Na parroquia de San Cremenzo de Pazos a *Casa da Calabanda*, hoxe desaparecida, estaba situada a poucos metros da beira esquerda do río do Porto, entre A Cotela (San Cremenzo) e O Cotón do Muíño (Lamas). Estaba mesmo ó carón dunha desas pedras “cantadoras” coñecida localmente como *A Pedra que Tangué* (pronunciado “pedra que tanque” ou “pedra que tan”), e por iso tamén recibía este nome. Esta información facilitóunola unha señora que precisamente nacera nesta casa e que actualmente vive no Cotón do Muíño. Outros informantes confirmáronnos que a vivenda recibía indistintamente os dous nomes, pero unicamente chegou a figurar no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e no nomenclátor de 1860, con formas castellanizadas, o de *Piedraquetangue* (véxase *A Pedra que Tangué*).

Como outros lugares da parroquia de San Cremenzo, na década de 1970 o propietario do pazo e couto de Daneiro acordou cos seus colonos ou caseiros, indemnizacións por medio, o abandono das súas casas e terreos, pois desexaba dedicalos a explotacións forestais, que maiormente foron eucaliptais (coa excepción dun insólito bosque de secuioas na beira esquerda do río do Porto). Polo tanto, as familias que habitaban estes lugares tiveron que emigrar e asentarse noutros da redonda. Os da *Casa da Calabanda* levaron consigo o alcume *Calabanda*; aínda hoxe os seus descendentes son máis coñecidos por el que polo seu apelido (*Mira*). Como única lembranza xeográfica do topónimo queda o *Monte da Calabanda*, que se sinala no MTN 1:25.000 (Zas 68-II).

No NG 2003 restituíuselle ó de Brandomil o A- (*Acabalanda*). Non obstante, debido a que tanto no caso do topónimo brandomilés coma no de San Cremenzo da Pazos a xente interpretou o <a> inicial como artigo, ó comprobarse que no uso oral xa estaba consolidada a deglutinación, na vindeira versión do *Nomenclátor de Galicia* oficializarase *A Cabalanda* para os dous casos.

Un topónimo do mesmo significado ca este é *A Outra Banda*, existente no concello de Cabana de Bergantiños, na beira esquerda do río Anllóns, fronte a Ponteceso. Noutras zonas de Galicia tamén os *Tarrío* (lat. TRANS RIVU) e *Alemparte* —que se repite en dezaseis localidades galegas— designan lugares situados ó outro lado dunha corrente fluvial.

Campo do Rollo, O

Lugar da parroquia de Baio

O nome común *campo* procede do latín CAMPUS ‘campo, chaira’, e refírese a un lugar máis ou menos chan, como é o caso: unha zona achanzada na parte alta dun outeiro. O segundo elemento, *rollo* (< latín RÖTULUM ‘roda pequena’) non se rexistra no DRAG por considerarse un castelanismo substitutivo do galego *picota* ou *pelouriño*: ‘columna de pedra ou de madeira situada nas prazas ou nos campos públicos onde se expoñían os reos ou as cabezas dos axustizados á vergonza pública para que servisen de escarmento’.

Nun artigo de prensa de 2022, Alberte Reboreda afirmaba que “pelouriños, *rollos* e *picotas*, que fan a súa aparición no século XIII e seguen consolidándose ata o século XVII, permitían vulgar unicamente a viláns, nunca a nobres nin eclesiásticos”. Recollía tamén o articulista que Marcial Valladares citaba en 1884 a expresión “Vait’ò *rollo*” co senso de ‘vai á merda’, ou ‘vai á forza, afórcate’.

O Campo do Rollo de Baio debeu de ser no Antigo Réxime un lugar destinado a esta función propia da xustiza señorial; así o supoñía o erudito local Francisco Romero Lema. Máis que un lugar propiamente dito é un *rueiro* do lugar de Baio, de aí que non se cite en ningún dos nomenclátors, a non ser o NG 2003. A súa situación, nunha zona elevada e pedregosa ben visible desde boa parte dos outros rueiros baieses, parece confirmar que o sitio puido servir para expoñer os reos á vergonza pública. Ó ser un espazo comunal, neste campo construíronse en 1954 as escolas Agra Regueiro —as escolas do *Campo do Rollo*—, sufragadas pola veciñanza e polos emigrantes baieses de Buenos Aires.

Segundo Fernández González (2007), no Antigo Réxime a *picota* podía estar en calquera lugar, mentres que o *rollo* soamente se atopaba nas vilas capital dun señorío xurisdiccional, e Baio nunca foi cabeza de xurisdición, pois quen gozaba deste privilexio era a veciña vila de Vimianzo, onde os meiriños da fortaleza administraban xustiza en nome dos condes de Altamira. Polo tanto, non deixa de ser estraña a presenza na parroquia baiesa dun poste de castigo. O único elemento que dalgún xeito lembraría o mundo feudal sería unha “torre do Escudeiro” da cal fala o citado Romero Lema nos seus escritos, situada nas proximidades e desaparecida no séc. XIX, pero que aínda existía en decembro de 1823, pois fai mención da “torre de Bayo” o cartógrafo Domingo Fontán no seu caderno de campo.

No NG 2003 rexistramos o topónimo *O Rollo* nos concellos de Castro de Rei, A Estrada e Tui. Aínda que non aparece no citado nomenclátor, sabemos que en Corcubión tamén existe o rueiro do *Campo do Rollo*; ten a súa lóxica, pois esta vila

foi cabeza da xurisdición do seu nome, tamén pertencente ós condes de Altamira. A estes topónimos podemos unir outros que cita Reboveda no seu artigo: “chamadeiros como *A Cruz do Rollo* (en Vedra e en Viveiro), *A Praza do Rollo* (Cambados) e *O Rollo* (Barreiros e Xeve)”. *Pelourinho* é a denominación máis frecuente no norte de Portugal. Na parroquia de Tibiás, no Pereiro de Aguiar, figura *O Pelouriño* como núcleo habitado en todos os nomenclátors, tamén no NG 2003. O topónimo *A Picota* dálles nome a quince lugares habitados en Galicia e 141 non habitados. A capital do concello de Mazaricos leva este nome, e tamén o levaba a capital do de Laza, antes de que lle aplicasen o mesmo nome da parroquia e do concello.

Campos

Lugar da parroquia de Muíño

O topónimo *Campos*, plural de *campo* (< lat. CAMPUS ‘campo, chaira’), refírese a varias terras cultivadas en zonas máis ou menos chans, como é o caso.

O topónimo aparece citado dúas veces en 1762 nas Comprobacións do Catastro de Ensenada, unha sen artigo (*lugar de Campos*) e outra con el (*lugar dos Campos*). Sen artigo aparece en Madoz (1845-1850), Carré (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI.

Como apelido, *Campos* atópase entre os sesenta máis comúns de Galicia, pero non se rexistra no concello de Zas, co que se conclúe que este lugar non foi foco produtor deste apelido.

Carreira

Lugar da parroquia de Carreira

Carreira (Santiago)

Parroquia do concello

Carreira é un topónimo viario que contén o resultado galego do latín CARRARIA ou VIA CARRARIA, derivado de *carro* (< CARRU, un celtismo en latín). Fai alusión a un camiño de carro importante que pasaría por este lugar. Está en relación con *Carral*, *Carril* e outros nomes de lugar semellantes.

Na documentación en latín medieval do mosteiro de Celanova, das catedrais de Santiago e de León etc. aparece do século X ó XII o topónimo *Carraria* en máis dun cento de ocorrencias, segundo o CODOLGA, ningunha delas referida ó caso que nos ocupa. A atestación máis antiga do noso topónimo témola no ano 1176, nun documento do tombo de Sobrado: “...postea ad mamuas de Confurco inter *Sanc-tum Iacobum de Carreira* et Surdiiz”. Noutras atestacións do mesmo documento repítese “*ecclesia sancti Iacobi de Carreira*” en tres ocasións máis.

No Arquivo da Catedral de Santiago, un documento do século XVI menciona un crego de *Santiago de Carreira*. Coma no caso doutras parroquias da antiga

xurisdición de Vimianzo, a parroquia de Carreira tiña en 1592 obrigas feudais co conde de Altamira, entre elas “llevar el pan de manoxos que coxe el Conde en la feligresía así de novaos como de quintos a la eira de *Carreira* e allí lo cubran...”. No *Compendio del Estado de Altamira* (1724) —parcialmente publicado en Lema e Mouzo (1998)—, na xurisdición de Vimianzo, *Santiago de Carreira* era unha das “19 Feligresías acumulativas [del conde de Altamira] que están pro indiviso con Su Magestad”.

O nome da parroquia nunca se castelanizou, pois así figura no Catastro de Ensenada (1753), no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI.

O patrón da freguesía é *Santiago o Maior*, apóstolo de Cristo, quen, segundo a lenda, foi traído morto polos seus discípulos desde Palestina nunha barca de pedra a Galicia e enterrado en Compostela. O nome é o resultado da contracción de *Sant Iago*, procedente dun *Sanct- Jacobus* esdrúxulo (a variante *Xacobe* procede dun *Jacobus* grave).

O nome do patrón parroquial serviu tamén para dar nome oficial ó cordal montañoso que se ergue pola zona leste do concello —de Gándara a Santo Adrián do Castro, pasando por Carreira, Mira e Zas— e establece os lindes coas comarcas de Bergantiños e Xallas, pois recibe a denominación *A Serra de Santiago*. Actualmente tamén se coñece como *A Serra do Bico de Meda*.

Durante boa parte do séc. XX tivo uso a denominación (non oficial, pero frecuente) de *Zas de Carreira* para o concello; aparecen numerosas ocorrencias na hemeroteca de *Galiciana*. Este segundo elemento referíase a esta parroquia, e debeu servir para diferenciar o nome da capital municipal do Zas de Rei da Terra de Melide, ou de San Mamede de Zas do Val de Barcala. Segundo as investigacións de Domínguez e Lema (2020), de Carreira procedía un poderoso secretario municipal da época da Restauración borbónica, despois alcalde de 1888 a 1914: Manuel Montero Torreiro. Por tradición oral sábese que a casa consistorial de Zas chegou a estar na súa vivenda, e quizais esta sexa a explicación do engadido.

Carreira é un topónimo bastante frecuente en Galicia, pois dálles nome a máis de medio cento de lugares, case todos precedidos do artigo (*A Carreira*), e só media ducia sen el, entre eles o presente. Xunto con *Carreira* (*San Paio*), de Ribeira, son as dúas únicas parroquias con este nome en Galicia.

Como apelido, *Carreira* tamén é bastante frecuente en Galicia, pois lévano de primeiro ou de segundo arredor de 4550 galegos e galegas. No ámbito da Costa da Morte conta cun número apreciable de portadores, sobre todo nos concellos de Dumbria (97) e Mazaricos (91), que poderían ter a súa orixe remota nesta parroquia de Zas, concello onde o levan 26 persoas. Non obstante, está máis espallada en Galicia a forma castelanizada *Carrera*, con 7248 portadores, a inmensa maior parte residentes na Paradanta e no Baixo Miño (concellos de Pontearreas, Mos, O Porriño, Tomiño etc.); iso foi debido a que a diocese de Tui procedeu moi cedo á castelanización onomástica de maneira sistemática.

Casas Novas

Lugar da parroquia do Allo

O substantivo *casa* procede do lat. CĀSA ‘choupana’, ‘casa de campo, granxa’, que acabou asumindo os significados que tiña o substantivo latino *domus* ‘casa, residencia’. O adxectivo *nova* procede do lat. NŌVA. O nome común *casa* está moi presente na toponimia, case sempre acompañado de *nova* ou *vella*, *grande* ou *branca*, en singular e plural: *longa(s)*, *barata(s)* etc.; así mesmo, cun sintagma preposicional referencial: *de arriba*, *de abaixo*, *da ponte*, *da fonte*, *do monte*...

O topónimo *Casas Novas* fai referencia a un lugar onde se construíron casas de nova planta. O que nos ocupa foi un lugar creado no séc. XVIII pola familia fidalga dos Rioboo para colonos ó seu servizo no couto do Allo, a pouca distancia das Torres. Na documentación dun preito de 1761, contido no AFR, cando era titular do couto Francisco Antonio de Rioboo, fálase das moradas para os colonos do Curro, O Pombal, Regalados, e dunha casa para tres familias en “Zebola y *Casas Nuevas*”.

Non aparece citada esta aldea no *Diccionario* de Madoz (1845), pero si, en singular (*Casanova*) nos nomenclátors de 1860, 1888 e en Carré (c. 1928); o NG 1920 non a rexistra e, a partir do NG 1930, xa aparece en todos os nomenclátors coa forma actual *Casas Novas*. No *Libro cobrador de las rentas del Allo* (1898) do administrador dos bens do Allo, Víctor López Seoane, figura deste xeito: *Casas-novas*.

O apelido *Casasnovas* conta con 138 ocorrencias en Galicia, a maior parte nas provincias de Pontevedra e Ourense. *Casanova* é moito máis abundante: 1877 portadores; no concello de Zas só o levan seis persoas, pero no veciño de Santa Comba, 50.

Castelo de Muriño, O

Monte da parroquia do Allo

Castelo do Allo, O

Monte da parroquia do Allo

Castelo Grande do Allo, O

Monte da parroquia do Allo

Castelo Pequeno do Allo, O

Monte da parroquia do Allo

A orixe do topónimo *Castelo* —aquí pronunciado con <e> aberto— está na palabra latina CASTELLU ‘forte, reduto fortificado’, diminutivo de CASTRU ‘campamento fortificado’. No NG 2003 hai máis dun cento de lugares con este nome. En Galicia

O monte do Castelo do Allo asómase por detrás das Torres do Allo, considerado o primeiro pazo galego



este topónimo tanto pode vir motivado por unha fortificación medieval coma por unha montaña que poida ter a forma dalgunha desas fortificacións ou onde se supón que a houbo en tempos antigos. En xeoloxía tamén se denominan *castelos*, ou *rochas castelo* (en inglés *castle koppies*) aqueles outeiros pétreos relativamente elevados, acastelados, limitados por paredes moi inclinadas.

Nun documento de 1489 do AFR (citado por Sánchez García) onde se contén un apeo do couto de Borneiro co propósito de establecer os límites coas terras do Allo, todas as testemuñas coincidían en sinalar “como uno de los hitos más importantes el que llaman *Castelo Vicudo do Allo* o bien *Castelo Pequeno do Allo*”. É a atestación máis antiga que temos do *Castelo Pequeno*, que daquela polo visto tamén era coñecido como *Castelo Bicudo*.

A maior parte da parroquia do Allo é moi chá, a excepción da zona oeste, por onde se ergue, de sur a norte, unha serra en que sobrancean estas cotas máximas: *A Costa do Castelo*, que ten o seu punto culminante na *Corte das Cabras* (338 m de altitude), *O Castelo Pequeno* (339 m), *O Castelo do Allo* (286 m), *O Castelo Grande* (344 m), *O Cotón de Regalados* (341 m), *O Cotón do Marco* (338 m) e, máis ó norte, *O Castelo de Muriño*. Os máis próximos ás Torres son os tres primeiros.

O historiador Antonio de Rioboo na súa *Relación genealógica de los apellidos de Rioboo, Villardefrancos...*, de 1739, situaba no *Castelo do Allo* un castelo ou fortaleza medieval que supostamente fora demolido por orde dos Reis Católicos. Sánchez García, despois das prospeccións realizadas, a finais do séc. xx, por parte de arqueólogos dependentes da Deputación da Coruña “en las citadas elevaciones del ‘Castelo Grande’ y ‘Castelo Pequeno’, sin descartar el más alejado monte que lleva el sugerente nombre de ‘Castelo do Allo’”, desbotou por completo esta lenda erudita (e popular) que chegou ós tempos actuais, debido a que non se deu atopado ningún resto de construción nin indicios de que pezas pétreas procedentes destas supostas construcións medievais puidesen ser aproveitadas como material de construción para vivendas ou cercados en toda a redonda. Consideran os

investigadores que Antonio de Rioboo, coa pretensión de dar por certa esta lenda, podería estar motivado “por el deseo de encumbrar y enaltecer los orígenes del linaje con un elemento de tanto prestigio como un castillo propio”.

O apelido *Castelo* conta con 2837 portadores en Galicia, segundo a CAG; ningún no concello de Zas, aínda que o temos escoitado como alcume familiar en Baio: “os de *Castelo*” (pronunciado con <e> pechado).

Castro

Lugar da parroquia de San Cremenzo de Pazos

Este topónimo procede do substantivo común *castro*, e este do lat. CASTRUM ‘asentamento prehistórico fortificado’. Fai referencia a un poboado da Idade de Ferro caracterizado polas súas vivendas de planta circular ou ovalada rodeadas por unha ou dúas murallas protexidas por un foxo.

No CODOLGA temos exemplos en textos latinos de topónimos que conteñen a voz *castrum* desde o século VI (concilios de Braga e Lugo, do reino suevo da *Gallaecia*). Na división lucense en condados hai arredor de 45 exemplos anteriores ó séc. IX.

O lugar habitado da parroquia de San Cremenzo tomou o nome dun deses poboados prehistóricos, neste caso de reducidas dimensións, situado a uns 500 m da aldea, na beira esquerda do río do Porto; hoxe só quedan as súas ruínas. A aldea é citada no Catastro de Ensenada (1753) por un muíño que había nas súas proximidades, e tamén figura no *Diccionario* de Madoz, na *Geografía* de Carré Aldao e nos nomenclátors oficiais.

O NG2003 rexistra *Castro* como nome de concellos (*Castro Caldelas*, *Castro de Rei* e *Castroverde*) e abundantes parroquias denominadas *Castro* ou *O Castro* (*O Castro de Caldelas* unha delas). Forma parte de haxiotopónimos como *Santa Mariña* e *Santo Estevo do Castro de Amarante* (Antas de Ulla), *Santa Mariña do Castro* (Carballedo), *Santa Baia de Castro* (Coristanco), *San Miguel de Castro* (A Estrada), *Santo André de Castro* (Lugo), *San Martiño de Castro* (Paradela) ou o citado *Santo Adrián do Castro*, neste mesmo concello de Zas. O número de lugares con este nome na xeografía galega é moi alto: 421 no NG2003, 3603 en Galicia Nomeada.

Como apelido, segundo a CAG, ocupa o undécimo lugar dos apelidos de Galicia, con 60607 portadores que o levan de primeiro ou de segundo, distribuídos en 288 concellos de todo o país, pertencentes maiormente ás provincias da Coruña e Lugo e á parte norte da de Pontevedra. No concello de Zas, o lugar de San Cremenzo e, máis probablemente, a parroquia de Santo Adrián do Castro puideron ser o foco do apelido das 143 persoas que o levan.

Cebola de Abaixo, A

Lugar da parroquia do Allo

Cebola de Arriba, A

Lugar da parroquia do Allo

A *Cebola* —pronunciado *Sebola* por boa parte dos falantes, polo seseo da zona— procede do nome común galego *cebola* (< lat. CAEPŪLLA) e, a pesar das aparencias, non ten orixe fitonímica. Trátase dun topónimo que Navaza Blanco (2006) cualifica de “replicante”, sen dúbida creado polos propios veciños por oposición ó lugar do Allo da mesma freguesía, quizais con razoamentos como este: “Se ti es do Allo, eu sonche da *Cebola*...”. Isto indica que xa en séculos anteriores popularmente se identificaba a orixe do nome da parroquia e do lugar do Allo coa planta.

Indicamos ó falarmos da etimoloxía do topónimo *O Allo* (véxase) como a mediados do séc. XVIII xa existía unha copla popular en que se apreciaba a tendencia a xuntar ou emparentar *O Allo* co seu replicante (“Ai do Allo, ai do Allo / ai do Allo, ai da *Cebola*...”). Esta copla —que chegou cunha lixeira variante ós nosos días— pasaría á literatura galega dos Séculos Escuros debido a que inspirou unha famosa glosa do cura de Fruíme, Diego Cernadas y Castro, contra o historiador Antonio de Rioboo y Seixas, cóengo en Santiago e irmán do daquela dono das Torres, don Gómez A. de Rioboo y Seixas. Unha glosa aceda e retranqueira onde Cernadas xoga cos nomes do *Allo* e da *Cebola* con ambigüidade, sen que quede claro cando se refire ás plantas e cando ós dous lugares da freguesía, pois sempre os escribe con maiúscula inicial. A disputa entre os dous clérigos —xurdida pola autoría dun rezo á batalla de Clavijo— acontecera entre 1750 e 1752. Achegamos a seguir un fragmento.¹

Meu Antón, no que parolas,
en copras mal coziñadas,
facendo mil enversadas,
mezcras *Allos* con *Cebolas*.

[...]

pois eres do *Allo*, Antón,
nin te piques, que si non
Ay do *Allo*, ay do *Allo*.

[...]

e, anque na tua cachola,
ó *Allo* porreta en bóte,
ben sabes que en qualquer póte
ay do *Allo*, ay da *Cebola*

[...]

mais en fin, chanzas afora,
non habendo, así como así,
de ser eu mellor que ti,
nunca che eu do *Allo* fora.

1 Pódese ver a glosa ó completo e o desenvolvemento da controversia en *Zas polo miúdo*, de Domínguez e Lema (2020).

Case con toda seguridade o lugar da *Cebola* foi creado polos señores do couto para os seus vasalos na segunda metade do séc. XVII. Co mesmo fin naceron os de *Regalados*, *Casas Novas* e *O Curro*, tamén chamado *O Allo* (véxanse as correspondentes entradas). Así o considera Sánchez García (2001), en concreto cando a partir de 1669 se inicia o gran proceso de transformación das Torres por parte de Gómez de Rioboo Seixas Vilardefrancos, quen mandou construír “catorze casas y dos molinos todo desde los cimientos”. Todos estes lugares dos colonos serían reedificados e ampliados durante o séc. XVIII, como se indica na documentación do AFR anterior a 1761.

A *Cebola* naceu co nome en galego, o que indica que este topónimo replicante foi unha festiva e retranqueira creación popular. Máis adiante, en documentos do AFR de 1773 e 1774 cítanse estas aldeas de colonos na parroquia: “lugares de Curro, Molinos, Casas Novas, *Cebola*, Telo, Regalados, Debesa...”. Nun *Inventario de las Torres do Allo* do 6 de xaneiro de 1761, contido tamén no AFR, cítase a un colono chamado “Juan de Outeiro del *lugar da Zebola*”.

Como un único lugar, e non dous como na actualidade, figura en Madoz (1845-1850), coa forma castellanizada (*Cebolla*); nos nomenclátors de 1860, 1888, no *Libro cobrador* das rendas do Allo do administrador Víctor López Seoane e en Carré Aldao (c. 1928) figura como *Cebola*; e nos de 1930, 1940 e 1970 é cando empezan a aparecer os dous lugares diferenciados, mais con formas híbridas: *Cebola de Abajo* e *Cebola de Arriba*. No NG 2003 recuperáronse as formas galegas tradicionais: *A Cebola de Abaixo* e *A Cebola de Arriba*, a primeira situada máis ó sur, na beira dereita do río do Porto, onde quedan as ruínas de dous antigos muíños; na outra beira do río queda o lugar do Cotón do Muíño, xa da parroquia de Lamas.

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Chamberín, O

Lugar da parroquia de Baio

É un topónimo único en Galicia. Non se rexistra no Catastro de Ensenada (1753) nin no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) nin nos nomenclátors dos séculos XIX e XX —tampouco en Carré Aldao, (c. 1928)—, talvez porque, en realidade, non deixa de ser un rueiro ou barrio do lugar de Baio, situado na zona máis alta. Rexístrase oficialmente por vez primeira no NG 2003.

Sobre este topónimo, o filólogo e cronista oficioso baiés, Francisco Romero Lema (1903-1972), no seu mecanoscrito *Toponomástica* (c. 1970), en que estuda a orixe dos topónimos da súa parroquia, di o seguinte:

Hemos oído decir que uno de Bayo que estuvo en Madrid dio al barrio que hoy se llama *Chamberín*, el nombre de *Chamberí*, a imitación del barrio madrileño de *Chamberí*. Nos inclinamos por la autenticidad de este origen, porque no creemos que el nombre de *Chamberín* sea propio de nuestra región.

O *Diccionario etimológico de la lengua castellana* (1856) de Pedro Felipe Monlau di sobre *Chamberí*, daquela barrio extramuros de Madrid:

[Este barrio] debe su ser a la célebre cantatriz española Benita Moreno, la cual habiéndose establecido en una quinta ó casa de campo que fué la base de la actual población le dió el nombre de otra casa de recreo que había tenido en París y denominado *Chambery* tal vez por ser deudora de ella a la generosidad de algún saboyano. *Chambery* es en efecto una linda ciudad capital de la Saboya con sede arzobispal, tribunal superior etc.

Non obstante, o barrio xa existía antes de que nacesa a soprano citada, Benita Moreno (1792-1872): nun documento consultable en PARES, figura no ano 1755 un individuo chamado “Francisco de la Ros, natural de *Chamberí* (Madrid)”, que embarca para Indias na expedición de Agustín de Ahumada, vicerrei, gobernador e capitán xeral de Nueva España (México). Cabe preguntarse se a entrada deste nome tivo que ver coa chegada dos Borbóns como reis de España a principios do séc. XVIII. Non se rexistra o *Chamberí* madrileño no Catastro de Ensenada.

Chambéry é, en efecto, unha importante cidade francesa do departamento de Savoia; adquirida polos duques de Savoia, foi a súa capital política de 1329 a 1562, cando esta pasou a Turín. Parecen ser eco deste topónimo o *Chamberí* madrileño e outro que nomea un barrio de Tenerife.

Para o investigador fornellan Ramón Romar López, a cidade de Madrid debeu ser o primeiro destino migratorio dos veciños de Baio, particularmente de Fornelos; segundo as súas investigacións no seu arquivo familiar, entre 1778 e 1885 polo menos dezasete baieses —sobre unha poboación de arredor de 600 habitantes— estiveron traballando na capital.

Churía, A

Lugar da parroquia de Muíño

Este topónimo é único en Galicia e ten unha etimoloxía escura. Navaza Blanco, na súa *Fitotoponimia galega* (2006), na análise do grupo de topónimos relacionados coa forma adxectiva *florido*, *-a*, cita algúns como *Chorido* da Gudiña, *Choride* en Oza Cesuras; *Churío*, nome de parroquia e río en Irixoa; *Churiz* en Pol e *Churía* en Zas. Deste último non se atreve a asegurar a súa relación co tema fitonímico, pois como outros topónimos semellantes, “debe de remontar a un antropónimo da familia de *Florus*, e, polo tanto, só ten relación indirecta con este tema léxico”.

Nun documento do Arquivo do Reino de Galicia en *Galiciana* rexistramos en 1619 a *Agra de Choría*. Nun preito ou querela xudicial de 1684, relacionada cun conflito veciñal orixinado pola introdución do millo —“mijo grueso”, dise no documento transcrito polo historiador Barreiro Mallón en *La Jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII* (1973)—, cítanse dentro da freguesía de San Martiño de Meanos os “lugares da Mámoa, Jestoso y Churia”. No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) aínda

aparecía *Churías* (sic) como lugar pertencente a San Martiño. Non sabemos cando nin por que causa pasou logo a Muíño, pois xa aparece incluído nesta parroquia nos nomenclátors de 1860 e 1888; tamén na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátors de 1930, 1940 e 1970. No NG 2003 engadíuselle o artigo.

Pola súa eufonía, *Churía* foi o nome escolleito polo grupo de pandeireteiras da Asociación Cultural Castro-Meda de Zas.

Non se rexistra como apelido en Galicia.

Costa de Abaixo, A

Lugar da parroquia de Zas

Costa de Arriba, A

Lugar da parroquia de Mira

Lugar da parroquia de Zas

Topónimo transparente, que procede do nome común galego *costa* (< latín COSTA), que designa un terreo en pendente na aba dun monte ou outeiro, como así é neste caso.

Nas Comprobacións do Catastro de Ensenada (1761) figura un *Domingo da Costa* na parroquia de Mira e tamén na de Zas.

O lugar da *Costa de Abaixo* da parroquia de Zas non se rexistra no *Diccionario* de Madoz (1845-1850). Nos nomenclátors de 1860 e 1888 aparece formando parte da parroquia de Follente (suprimida en 1870 polo estamento eclesiástico e incorporada a Mira). A partir do nomenclátor de 1920 *Costa* soamente figura na parroquia de Mira. Non obstante, no Mapa Topográfico Nacional (MTN) 1:25.000 (Zas), de 1989 e de 2003, sinálase a división entre *A Costa de Abaixo* e *A Costa de Arriba*. Esta división existe na actualidade, coa novidade de que todas as vivendas da *Costa de Abaixo* pertencen á parroquia de Zas, xunto con algunhas das da *Costa de Arriba*. Na próxima edición do Nomenclátor de Galicia incluíranse estes topónimos das parroquias de Zas e de Mira, pois no NG 2003 só constaba *A Costa* na primeira das freguesías.

O apelido *Costa* conta con gran número de portadores en Galicia, 8 432 (ocupa o lugar 79 dos apelidos galegos, segundo a CAG), residentes en 158 concellos, boa parte deles do ámbito da Costa da Morte (en Zas lévano 67 persoas).

Cotela, A

Lugar da parroquia de San Cremenzo de Pazos, desaparecido c. 1970

Este topónimo, que fai referencia a unha ‘prominencia ou altura rochosa’, ten a súa orixe na base prerromana **cottu* (véxase *O Cotón do Muíño*) mais o sufixo diminutivo correspondente ó latín -ĒLLA. Tamén podería ser un feminino secundario e

indicar a propiedade —unha leira, por exemplo— dunha persoa apelidada *Cotelo*, que é un apelido característico da comarca de Bergantiños, con 2 082 portadores (nos concellos da Laracha, Ponteceso, Carballo e Malpica, principalmente). En Zas lévano quince persoas. Non obstante, *Cotela* non se rexistra como apelido na CAG, aínda que si o temos escoitado como alcume de casas na comarca.

O lugar da *Cotela*, hoxe en ruínas, estaba constituído por dúas ou tres casas situadas, en efecto, nunha altura rochosa no medio do monte da Calabanda. Os seus habitantes eran caseiros do dono do pazo de Daneiro e foron desaloxados, indemnización por medio, polo propietario do couto a principios dos anos setenta do séc XX. Unha ponte metálica sobre o río do Porto conserva nesta zona o nome de *ponte da Cotela*.

No Catastro de Ensenada (1753) cítase o muíño “llamado da *Cotela*”, e, como lugar habitado, aparece no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), nos nomenclátors de 1860, 1888 e na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928), así como nos nomenclátors de 1930 e 1940. Non no de 1970, pois xa fora abandonado. Aínda figuraba sinalado no MTN 1:25.000 (68-II, Zas) de 1989; non así na 2ª edición, de 2003.

Cotón do Muíño, O

Lugar da parroquia de Lamas

Este topónimo fai referencia a un penedo situado preto dun muíño —en realidade hai tres muíños, os tres en ruínas— situado nas marxes do río do Porto. *Cotón* procede da voz común *cotón* ‘parte alta dunha montaña de forma suave’, e esta da base prerromana **cottu* ‘prominencia, elevación do terreo, penedo, outeiro montañoso’ ou ‘punto máis alto dun monte ou outeiro’, mais un sufixo talvez de orixe prerromana asimilado ó latino -*ōNE*. Ó sufixo -*ón* atribúeselle hoxe un valor aumentativo, pero puido ser simplemente derivativo.

A única casa deste lugar está situada, efectivamente, na parte máis alta dun outeiro penedoso dunha ampla zona que se estende pola banda esquerda do río do Porto denominada monte da Calabanda. Agora está ocupada por unha rama da familia que ata 1970 vivía na desaparecida casa da Calabanda (véxase *Calabanda, A*).

O topónimo que nos ocupa non aparece citado en Madoz (1845-1850) nin en Carré Aldao (c. 1928), nin tampouco nos nomenclátors de 1860, 1888 e 1920. Coa forma castelanizada (*Cotón del Molino*) figura oficialmente nos nomenclátors de 1930, 1940 e 1970. No MTN 1:50.000 de 1945 aparece *Cotón del Molino* situado na zona central da parroquia de Lamas, desprazado máis de 3 km ó sur do lugar que hoxe ocupa, sinalado no mapa co nome de *Casa Balluso* (nome aínda en uso, por boca da súa dona; seica era un alcume que trouxera o seu home de Traba). No NG 2003 restaurouse a forma galega e engadíuselle o artigo.

Na parroquia de Brandoñas, unha mámoa de grandes dimensións —cun diámetro de 31 m e cunha croa de 2 m de altura— coñécese como *A Mina do Cotón*.

Levan o apelido *Cotón* unhas 447 persoas en Galicia, segundo a CAG; nungunha no concello de Zas.

Couto, O

Lugar da parroquia de Muíño.


A voz común *couto* procede do latín vulgar ou medieval CAUTU ‘cercado’, principio do verbo CĀVĒO ‘gardar, defender, tomar coidado, estar atento, vedar’. Pode designar unha extensión de monte valado e coutado ou un conxunto de parroquias e/ou lugares que formaban un feudo ou xurisdición señorial que, por estaren sometidos directamente a un señor —laico ou eclesiástico— gozaban da exención de certos impostos ou cargas.

Este último é precisamente o caso que nos ocupa: o *Couto señorial de Muíño*, xa existente nesta parroquia polo menos desde o séc. XVI. O seu centro reitor foi a Casa do Conde (tamén coñecida como a *Torre do Couto*, de Santiso ou de Muíño), que fora vendida contra 1962 polos seus donos ós seus caseiros, que a transformaron nun cabanote ou alpendre con intervencións construtivas pouco afortunadas, das que falamos en *Zas polo miúdo* (2020) máis amplamente.

No Interrogatorio do Catastro de Ensenada (1753) hai unha longa referencia ós impostos relativos ó denominado *Coto de Moíño*, recollida por Domínguez e Lema (2020):

Digeron [os informantes: o párroco, o xuíz do couto e dous peritos] que esta Jurisdiccion era de realengo por cuia razon no se pagan derechos algunos excepto el *Coto de Moíño* propio de Dn. Alonso Romero de Pazos por cuia razon no tienen entendido se paguen derechos algunos a excepcion de una alhaja de quatro pies por rrazon de luctuosa de el primero Cavo de Casa que muere [...]. Cada año en dho. *Coto* cuios derechos igualmente percive dho señor de Muíño en la fra. [feligresía] de San Tirso de Moíño que rregulados por quinquenio ascenderan cada año a diez y ocho Rs. de vellon.

En la fra. de *Muíño y su coto* solo percive el cura de dha fra. y referido *Cotto* la quarta parte de los diezmos de dhos términos [...].



A Casa do Conde, cabeza do Couto señorial de Muíño, que deu nome ó lugar, nunha foto de C. Martínez-Barbeito do seu libro *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña* (1978).

En el Coto de Muíño importan los diezmos del cura quarenta Rs [reales] y la primicia diez Rs y otros diez la oblata y los diezmos de Dn. Alonso Romero de Pazos ciento y veinte Rs la primicia y el *Coto* dos ferr[ad]os de Zen[te]no.

No Catastro de Ensenada (1753) aparece o topónimo castelanizado (*Coto*), pero xa non no *Diccionario* de Madoz (1845), na *Geografía* de Carré (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX e XX: en todos *Couto*, sen o artigo. O NG 2003 rexístrao co artigo, atendendo á fala: *O Couto*.

Na xeografía galega hai rexistrados máis de 80 topónimos maiores denominados *Couto* ou *O Couto*, incluídos compostos como *Couto Carballo*, *Couto de Arriba*, *Couto de Abaixo*, *Couto do Medio*, *Couto Pequeno*, *Monte do Couto*, *Pena / Pedra do Couto*, *Río do Couto* etc. Na provincia da Coruña contabilizamos 31, entre eles este do concello de Zas, outro no de Santa Comba e outro no de Ponteceso, por citarmos os máis próximos. Na provincia de Lugo cóntanse vinte, na de Pontevedra 26 e na de Ourense tan só cinco.

Segundo a CAG, levan en Galicia o apelido *Couto* 5 049 persoas; boa parte delas residentes na Ribeira Baixa do Anllóns (Bergantiños), que en orixe o tomarían do lugar deste nome da parroquia de Cospindo (Ponteceso). Non se rexistra ningún portador no concello de Zas, e si 116 no de Santa Comba.

Currais, Os

Lugar da parroquia de Brandoñas

Este é un topónimo transparente, que contén o plural do nome común *curral* (< latín vulgar *CURRALE ‘recinto para gardar o carro’ < lat. CURRŪS ‘carro’). *Curral* pasaría a significar un ‘recinto cercado situado diante ou ó carón da casa, que serve para recoller o gando e outros animais domésticos’.

O topónimo *O Curro*, que en tempos foi alternativo para *O Allo* (véxase), co significado de ‘curral pequeno’ ou ‘lugar cercado con pedras e paus onde se xuntan cabalos e bestas para marcalas’, tamén procede da mesma familia léxica latina, na cal confluírían os derivados do latín CURRUS ‘carro’ e os dunha raíz prerromana **corr-* ‘cercado circular’.

Nesta aldea debía haber varios recintos deste tipo. Chama a atención que nesta zona do bloque occidental de falas galegas (segundo a clasificación de Fernández Rei, 1990) un nome rematado en *-l* en singular rexistre o plural en *-is*, máis propio da zona oriental de Galicia; o esperado nesta zona sería *Os Currás*, do mesmo xeito que aínda se dan na fala desta área formas do galego común como *reás* ou *cadrís*. Así e todo non é un caso único, pois nas Comprobacións do Catastro de Ensenada de 1760 na veciña parroquia de San Martiño de Meanos rexistramos outros dous topónimos co plural rematado en *-is* dun singular en *-l*: *Orgais* e *Curtiña dos Casais*. *Casais* é tamén un lugar da parroquia de Vimianzo. En Galicia Nomeada vese que non é tan excepcional no occidente coruñés, pois temos *Cabrais* e *Nabais* no Porto do Son, *Cadavais* e *Fiais* no Val do Dubra, *Novais* en Santiago, *Roxais* e

Casais en Ames, *Novais* e *Pasais* en Rois, *Herbais* en Muros, *Trigais* en Brión etc. (en suma, un total de 444 resultados na provincia da Coruña).

Precisamente coa forma *Currás* aparece este lugar en 1592, na relación de apeos do conde de Altamira na súa xurisdición de Vimianzo, en que se fai mención en Brandoñas do apeo do lugar de Pedrouzo que:

por la travesía linda con la mámoa do raposo y de allí vay a mámoa do bao do pedrido y al rego das Tousas que está en la parte del Nordés hasta llegar a los términos del lugar de Gueymonde y de *Currás*.

Trátase dun documento transcrito polo citado erudito Juan López Bermúdez. Noutro lugar dos apeos nesta parroquia tamén se nomea a casa de *Rodrigo de Currás*.

En documentos do AHUS de 1561 hai tamén unha referencia a “...lugar dos [?] Pedrouços e el lugar de *Curraz*, sitos en la feligresía de Santa María de Brandoñas”. En 1708, no Padrón Calle-Hita da provincia de Santiago, aparece rexistrado un veciño de Brandomil chamado *Paulos de Currais*. A grafía *Currais*, sen o artigo, é a que figura en Madoz, en Carré e en todos os nomenclátors dos séculos XIX e XX. No nomenclátor de 2003 engadíuselle o artigo.

Parte das terras desta aldea quedaron asolagadas polo encoro da Fervenza en 1966; o lugar salvouse.

Con só catro ocorrencias, *Os Currais* é un topónimo bastante escaso en Galicia: na provincia da Coruña só o rexistramos no concello de Zas e no de Santiago de Compostela (parroquia de Busto); na de Lugo no concello do Incio (parroquias de San Salvador do Mao e de Sirgueiros). En cambio, é moito máis abundante *Currás* ou *Os Currás*, que conta con arredor de 75 lugares así chamados (31 na provincia da Coruña, 25 na de Lugo, catorce na de Pontevedra e só cinco na de Ourense).

Rexistran o apelido *Currais*, segundo a CAG, 176 galegos e galegas, residentes case por enteiro nas comarcas de Xallas (Santa Comba e Mazaricos) e Val de Barcala (A Baña e Negreira); polo tanto, é posible que a fonte inicial fose esta aldea brandoñesa.

Daneiro

Lugar da parroquia de San Cremenzo de Pazos

Daneiro é un topónimo único en Galicia. A súa orixe é escura; como simple hipótese, Cabeza Quiles suxire que podería proceder do latín *DANNARIU ‘Dannario’, o seu posible primitivo posesor.

Outra posibilidade é que sexa unha alteración de *Deneiro ou *Doneiro, contracción da preposición *de* co apelido *Neiro* (*de Neiro* ou *do Neiro*). Este apelido, que non leva ninguén no concello de Zas nin na comarca, ten na actualidade a súa maior concentración no Val do Dubra e na redonda de Santiago. Outra hipótese é

que proceda da contracción da preposición *de* e o topónimo *Aneiro*, lugar de Buscás (Ordes), que en tempos foi apelido: *Rodrigo de Aneiro* (c. 1528, nun documento do ACS), *Rui do Aneiro* (de Buscás, c. 1528, documento do AHUS), *Francisco Aneiro* (c. 1721, no AHUS). Hoxe non se rexistra o apelido *Aneiro* na CAG.

Na documentación do mosteiro de Oseira, contida no CODOLGA, localizamos un *Doneyro* medieval “que loca sunt in terra de Cedeyra”, moi lonxe, polo tanto, do concello de Zas.

Segundo consta no libro *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña* (1978) de Carlos Martínez-Barbeito, a propiedade da casa fidalga de Daneiro empeza co seu primeiro titular Fernando García de Gomariz, que fundou a mediados do séc. XVI, na igrexa da parroquia veciña de Lamas, a capela de San Bartolomeu, para que lle servise de sepultura. Un dos seus fillos foi *Fernando García de Daneiro*, quen instituíu o 31 de xaneiro de 1616 o vínculo da *Casa de Daneiro*, que hoxe é unha mansión cunha fachada de 32 m de longo que mira ó nacente, e que consta de dúas plantas; a ala sur estivo ocupada por unha capela dedicada a san Xoán Bautista, hoxe desaparecida, citada adoito nos libros do arquivo parroquial. O pazo ten na fachada un escudo de pedra moi desgastado pola erosión, no cal aínda se aprecian as armas dos Figueiroa, Moscoso, Varela e Montenegro.

O lugar figura no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e no nomenclátor de 1860, pero non no de 1888; volverá aparecer na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XX e XXI.

No cadro da evolución demográfica do lugar consultable en *Zas polo miúdo* (2020) pode observarse como Daneiro pasou de ter 49 habitantes en 1900, a 67 en 1950, nove en 2000 e tan só tres en 2018. Este descenso radical da poboación na segunda metade do século pasado foi debido a que na década de 1960 o propietario do pazo e das terras indemnizou os colonos da aldea para que lle deixasen libres as terras que traballaban e así dedicalas a unha explotación madeireira.

A pesar de ter sido apelido fidalgo no séc. XVII, *Daneiro* non se rexistra hoxe como tal en Galicia.

Devesa, A

Lugar da parroquia de Santo Adrián do Castro

Este topónimo contén o nome común galego *devesa*, que provén do latín tardío [TERRA] DĒFENSA ‘terra ou territorio cercado’, do verbo *defendere* ‘defender, preservar’ (e, tamén, ‘vedar, prohibir’). Designaba antigos espazos comunais de arboredo cun aproveitamento restrinxido.

A partir do séc. XV moitas destas *devesas* pasaron a considerarse propiedade do rei, de onde os monarcas sacaban madeira para construíren barcos (fálase de que a Grande Armada de Filipe II se fixo en boa parte con madeira das *devesas* galegas). Na actualidade aínda quedan topónimos como *Devesa Real*, *Devesa do Rei* etc.



Situación da Carballeira da Devesa de Baio, na beira dereita do río do Porto

O lugar da parroquia de Santo Adrián rexístrase sen artigo (*Devesa*) no *Diccionario* de Madoz, no nomenclátor de 1888, en Carré Aldao e en todos os nomenclátors do séc. xx, a excepción do de 1920, que o considera “grupo inferior” e non o inclúe. No NG 2003 engadíuselle o artigo, usual na fala. No nomenclátor de 1860 figuraba coa pronuncia vulgar (*Dobesa*).

Na parroquia de Baio consérvase a *Carballeira da Devesa*, de case 400 carballos, situada a pouco máis de 500 m da vila na confluencia do río do Porto co seu afluente o río de Vilar. Foi adquirida hai uns anos polo Concello de Zas e hoxe é de titularidade municipal. Non é un lugar habitado, pero si deu lugar a que unha casa soa de Bamiro (Vimianzo), da outra beira do río, se denominase localmente a *Casa da Devesa* (non está recollida como entidade de poboación no NG, pero si no MTN 68-II ‘Zas’).

Na parroquia de Muíño queda na memoria colectiva o microtopónimo *A Fraga da Devesa*, segundo a publicación local *A Pita Cega* (2018):

de catro hectáreas de vellas árbores situada no cerne da parroquia. Cortouse nos anos 50 e infelizmente non demos atopado nin unha soa fotografía paisaxística dela. [...] Pertencía á familia Ozores [familia fidalga, dona das Torres do Couto] e cortouse “a matarrasa”, isto é: a eito, toda ao mesmo tempo, sen clarear.

O NG 2003 recolle máis de 70 localidades que conteñen no seu nome o substantivo *devesa*.

Como apelido lévano cerca de dúas mil persoas en Galicia. Está espallado polo territorio en bolsas illadas sen conexión entre si; a máis próxima a Zas atópase nos concellos de Laxe (96 ocorrencias) e Camariñas (80).

Follente

Lugar da parroquia de Mira

San Pedro de Follente foi parroquia independente ata 1870, data en que foi suprimida polo arcebispado de Santiago de Compostela e incorporada a Mira, a súa matriz. Consérvase a pequena igrexa e os veciños aínda seguen celebrando a festa do patrón (san Pedro), o 29 de xuño, e o día seguinte a da Inmaculada, en día distinto da de Mira, neste caso, o que demostra o peso social que aínda ten a parroquia en Galicia.

No NG 2003 rexístranse un total de catro lugares con este nome, situados nos concellos de Caldas de Reis, Irixoa, Vilasantar e Zas. Trátase dun antropotónimo de orixe latina e o seu étimo sería FULGENTII ‘de Fulxencio’, nome do seu primitivo dono. O antropónimo *Fulgentius* (< latín *fulgens*, -*entis* ‘brillante’) está ben documentado en época medieval nos tombos de Sobrado, Samos e Carboeiro.


No ano 895, na documentación medieval en latín do mosteiro de Sobrado cítase unha referencia a un *Follente* da zona de Curtis, seguramente o da parroquia de Vilariño (Vilasantar): “villa que dicitur Curtis, *Fulgenti*, Rozata...”. Nun documento sen data, tamén da documentación medieval de Sobrado, rexistramos un *Petro Monago de Follenti*.

No Tombo de Toxos Outos atopamos en 1203 un topónimo que si se refire ó lugar que nos ocupa, como segundo nome de *Romanus de Folente* (‘Román de Follente’). Na documentación do mosteiro de Sobrado tamén aparece en 1223 un lugar chamado *Folente*, que neste caso se debe referir ó de Curtis.

Como parroquia e como lugar figura en documentos de 1592 relacionados cos servizos feudais do conde de Altamira e os apeos da xurisdición de Vimianzo (transcritos por López Bermúdez), de 1607 (Jerónimo del Hoyo), de 1753 (Catastro de Ensenada), de 1845-1850 (Madoz) e nos nomenclátors de 1860 e 1888. Incorporada a Mira en 1870, a partir de entón *Follente* figurará simplemente como un dos seus lugares en todos os nomenclátors do séculos XX e XXI. Non obstante, Carré Aldao (c. 1928) aínda a trata como parroquia independente, “anexo de Mira”.

Como apelido só conta con 42 ocorrencias, ningunha no concello de Zas (as máis próximas, sete no veciño concello de Coristanco).

Follente foi o lugar escolleito polo matemático e cartógrafo Domingo Fontán como cuarto punto para levar a cabo o primeiro mapa moderno de Galicia, a *Carta geométrica del Reino de Galicia*. Na primeira páxina do seu caderno de campo número 7 escribiu esta nota: “Casa del S^{or}. Loriga, en *Follente*, el 15 de Dizbre. de 1823”. A razón pola cal veu a este lugar ó principio do inverno dese ano foi porque nel tiña unha casa pacega o seu amigo e correlixionario liberal Antonio Loriga. Fontán fora despojado da súa cátedra de matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela polos absolutistas en outubro de 1823 e, véndose desempregado (e quizais perseguido), optou por dedicarse por enteiro á realización do seu proxecto cartográfico aplicando o innovador método da triangulación xeodésica, do cal só fixera tres probas previas entre 1816 e 1823. A mansión do seu amigo en Follente,



Caderno de campo de Fontán, en que se fai referencia á súa estadía en Follente e ós topónimos da redonda, en decembro de 1823.
Foto: Vítor H. Brandalise

onde estivo aloxado varios días, foi ademais o punto de arranque para as medicións do litoral galego, pois atravesou de leste a oeste a Terra de Soneira, de Follente a “la Peña del Cabo Vilaño” (Camariñas). Unha información máis ampla recóllese nas obras de Brandalise (2012) e Domínguez e Lema (2020).

Fonte Espiño

Lugar da parroquia de Muíño

Topónimo transparente, pois fai referencia expresa á existencia dunha *fonte* ‘lugar onde mana auga’ (< lat. FŌNTE) situada ó carón dun *espiño* ‘arbusto espiñoso bravo, con froitos que poden ser comestibles ou non’ (< lat. SPĪNU). Trátase dun topónimo por aposición, en que un substantivo (*fonte*) acompaña outro substantivo (*espiño*) sen nexo de unión.

A primeira atestación escrita témola nas Comprobacións do Catastro de Ensenada na parroquia de Muíño (1762): “lugar de *Fuente Espiño*”.

O lugar tamén se chama, aínda hoxe, *A Taberna*, e con este nome aparece citado en Madoz (1845-1850). Nos nomenclátors de 1860 e 1888, *Fuenteespiño*; no de 1920, *Taberna*; en Carré (c. 1928), *Fonte-espiño*; e *Fuente Espiño* nos nomenclátors de 1930, 1940 e 1970. O NG 2003 restaurou a forma galega e engadiulle o artigo: *A Fonte Espiño*.

Non obstante, na publicación parroquial *A Pita Cega* (2018) indicábase que “en Muíño dise sen o artigo *A* e popularmente coñécese como *A Taberna*”. Varios veciños confirmaron que o lugar se coñece polo nome de *Fonte Espiño*, sen artigo, ou *A Taberna*. A ausencia do artigo quedou demostrada cando os informantes nomearon o regueiro que nace nesta aldea, ó que chamaron *Rego de Fonte Espiño*.

Forcadenla

Lugar da parroquia de Loroño

Por dar idea dunha bifurcación, pode ser un topónimo viario, aínda que non se descarta que a bifurcación fose de regatos. É unha alteración de *forcadela*, e este un diminutivo de *forcada*, que vén do lat. FORCATA ‘bifurcada’ mais o sufixo -ĒLLA. O <n> non etimolóxico que se rexistra pode explicarse por influxo de topónimos como *Fontenla* (< lat. FONTANĒLLA) ou *Costenla* (< lat. COSTANĒLLA), que si teñen ese <n> na raíz.

Non se cita en Madoz (1845-1850) nin nos nomenclátore de 1860 e 1888; tam pouco en Carré Aldao (c.1928). Onde primeiro aparece é no NG 1920.

É un topónimo único en Galicia, pois non hai outro con esta forma. Coa forma etimolóxica *Forcadela* rexístrase nos concellos do Saviñao, de Tomiño e do Barco de Valdeorras.

Forcadenla non figura como apelido na CAG.

97

Fornelos

Lugar da parroquia de Baio

Este topónimo provén do substantivo común galego *fornelo* ‘forno pequeno’ ou ‘nicho, cavidade practicada nunha parede’. O seu étimo como nome de lugar podería estar no latín FURNELLOS, diminutivo plural de FŪRNUS ou FORNUS ‘forno, conca-vidade’, ou xurdir xa en romance, que, neste caso non fai referencia propiamente a ningún forno de cocer, senón probablemente á existencia de mámoas coas súas correspondentes antas ou dolmens, tumbas pétreas do período megalítico (IV-III milenio a. C.) que, co seu corredor de entrada en dirección á cámara sepulcral, darían aparencia de forno.

Os montes deste lugar, sobre todo pola súa parte noroeste, foron un verdadeiro campo de mámoas, continuación do existente no Chan de Borneiro. A tan só un par de quilómetros queda ó norte o famoso dolmen de Dombate, denominado popularmente, en épocas anteriores, *A Fornela de Vilaseco* ou *A Fornella de Miranda*, con estas dúas variantes. O investigador fornelán Ramón Romar (2019) tamén considera este significado o máis probable, pois no seu lugar de nacemento houbera, así mesmo, unha *fornella* (sic) nos montes da *Fornella*, dato corroborado por membros da asociación veciñal A Fonte de Fornelos (2022).

Atopamos o topónimo *Fornelos* en moitos documentos en latín medieval, do séc. VIII (ano 742) ó XIV (1364), pertencentes ós mosteiros de Caaveiro, Lourenzá, Toxos Outos, A Armenteira, Oseira, Melón, San Clodio... e tamén do actual norte de Portugal; ningún deles referido ó caso que nos ocupa.

Nun documento solto do ano 1458, en galego, do Arquivo da Casa de Altamira, transcrito por García Oro e Portela Silva, aparece un *Gonçalvo de Fornelos* xunto con outros trece veciños de Baio. É o documento máis antigo que cita esta aldea baiesa. Máis adiante, en 1530, entre os bens da meirindade de Laxe, tamén dos Altamira, anotamos un *Afonso de Lema de Fornelos*, “rico”, e un *Jácome de Fornellos*, “prove”.

Ademais das cadeas onomásticas que acabamos de citar, documéntase o lugar ó longo dos séculos XVI ó XXI, pois é citado no Catastro de Ensenada (1753); en Madoz (1846), Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI.

Fornelos conta na actualidade —segundo un estudo realizado pola asociación veciñal A Fonte no ano 2018— con estes rueiros ou entidades menores: *O Lugar* —o de maior número de casas, o núcleo orixinario—, *O Campo*, *O Vao*, *O Casquiño*, *As Pías* e *O Empalme*. Por outra parte, convén salientar que a asociación veciñal A Fonte de Fornelos recompilou entre 2018 e 2022 toda a microtoponimia do lugar, que se incorporaría á plataforma Galicia Nomeada en 2022. Recolléronse máis de 150 nomes sen repetir, os máis antigos datados xa nos anos 1573 e 1655, debidamente clasificados segundo a súa tipoloxía (en fitotopónimos, hidrotopónimos, hodotopónimos, litotopónimos, orotopónimos, zootopónimos, epónimos etc). Un traballo exemplar, pioneiro na Costa da Morte, coordinado por Rocío Romar Roel en que participou toda a veciñanza.

No NG 2003 rexístranse dezanove lugares con este nome, a maior parte na provincia da Coruña (dez); catro na de Pontevedra (entre eles o do concello de Fornelos de Montes); tres na de Ourense e dous na de Lugo. Tamén se rexistra no norte de Portugal. A pesar de figurar como apelido nos séculos XV e XVI, non figura na actualidade na CAG.

Froxán

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

Este topónimo podería proceder da forma de acusativo FROIANEM ou dun xenitivo FROIANI do nome persoal de orixe xermánica *Froia*, derivado da raíz *Froj-*, e este do gótico *frauja* ‘señor’.

O antropónimo *Froia* era moi abundante na Alta Idade Media na zona noroccidental peninsular, pois repítese polo menos en 75 atestacións, consultables no CODOLGA, desde o séc. IX ó XIII, en documentos dos mosteiros da Armenteira, Celanova, Dozón, das catedrais de Santiago de Compostela e de León, de Coímbra etc.: *Froia Arias* é dos máis repetidos; outros: *Froia Didaci*, *Froia Simeoniz*, *Froia Muniz* etc.

Un muíño “de canle y una rueda negrera llamado de *Froxán*” figuraba en 1753 no Interrogatorio do Catastro de Ensenada desta parroquia de San Martiño; oito anos máis tarde, nas Comprobacións deste mesmo catastro, de 1761, este mesmo muíño aparece denominado “de *Forjan*”. Vese que oscilaban as dúas grafías.

Volve aparecer coa forma deturpada *Forján* no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e nos nomenclátors de 1860, 1888, 1920, 1930, 1940 e 1970. Carré Aldao, na súa *Geografía de Galicia* (c. 1928) xa rexistra a grafía *Froxán*, proveniente da fala local, que é a que se oficializou no NG 2003.

Ademais do que nos ocupa, no NG rexístranse outros sete lugares coa grafía *Froxán* en zonas dispares de Galicia: en Ponteceso (dous, nas parroquias de Xornes e Corme Aldea), Lousame, Lalín, Sober e Folgoso do Courel. A outra forma, *Forxán*, tamén se atopa espallada por toda Galicia, en oito concellos: Brión, Viveiro, Foz, Pol, Quintela de Leirado, A Peroxa, Ribadumia e Sanxenxo.

Como apelido rexistrámolo en Galicia coa forma deturpada *Froján*, con 305 ocorrencias; os seus portadores viven na súa maior parte na comarca de Noia (concellos de Noia, Lousame e Outes). Coa forma, tamén deturpada *Forján* hai 425 ocorrencias, concentradas maiormente no Val da Barcala (concellos da Baña e Negreira), aínda que tamén o levan nove persoas no concello de Zas.

Gándara (Santa María)

Parroquia do concello

Lugar da parroquia de Gándara

O topónimo *Gándara* —aquí pronunciado *Ghandra*— é bastante frecuente en Galicia e en todo o norte peninsular. No galego común, unha *gándara* é, sobre todo, un ‘terreo chan pouco produtivo’. A igrexa parroquial e a casa reitoral, xunto co seu hórreo de pedra, son os únicos edificios do lugar, que se atopa en zona chaira e húmida, medio brañenta, bastante arredado das restantes aldeas da freguesía.

Segundo o profesor Búa Carballo (2018), a orixe da palabra común *gándara* está na precelta **ganda* ‘acumulación de pedras’, presente en distintos dialectos alemáns e románicos dos Alpes. Considéraa derivada de *ganda* mais o sufixo átono prerromano *-ara*, que para el ten un valor abundancial equivalente ó que ten en romance *-eiro/-eira*. Polo tanto, *ganda* + *-ara* significaría en orixe ‘terreo onde hai unha grande acumulación de pedras’.

No tocante ás atestacións, no Tombo de Toxos Outos rexistramos *Santa María de Gándara* en 1334. Xa no século xvi, entre a veciñanza xurisdiccional, dependente dos condes de Altamira, figuraban en 1507 *Afonso da Gándara* e *Martín da Gándara* (con artigo, polo tanto). Cítase tamén a freguesía de *Santa María de Gándara* (neste caso sen o artigo) nas obrigas feudais dos seus veciños co conde de Altamira (1592), pois a parroquia formaba parte da xurisdición de Vimianzo. Figura sen artigo na visita do cardeal Jerónimo del Hoyo (1607), no Catastro de Ensenada (1753), no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928) e en

todos os nomenclátoreos dos séculos XIX, XX e XXI. Como lugar, só Madoz non o cita (e si *Iglesia*, no seu sitio).

En Galicia levan o nome *Gándara*, *A Gándara* ou *As Gándaras* preto dun cento de lugares, localizados sobre todo nas provincias atlánticas: A Coruña (47, entre eles dúas parroquias: ademais da que nos ocupa, outra no concello de Oroso, *San Miguel da Gándara*) e Pontevedra (35). Na de Lugo soamente o rexistran doce lugares e na de Ourense, tres.

Como apelido lévano 2 844 galegos tanto en primeira coma en segunda posición. Un dos lugares onde se concentran os portadores deste apelido atópase na Terra de Soneira e na comarca de Fisterra, particularmente no concello de Vimianzo (102 ocorrencias); como en Zas só o levan nove persoas, o máis posible é que fosen os tres topónimos *Gándara* vimianceses os que máis xeraron o apelido na comarca.

Gomarís

Lugar da parroquia de Lamas

Este topónimo procede do xenitivo GOMARICI do nome xermánico dun posible posuidor destas terras: *Gumaricus* (en latín medieval) ou *Gumarigo* (en romance), composto do gótico **guma*- ‘home’ e *-ricus* (e este, á súa vez, do xermánico **rikaz* ‘poderoso’). Piel e Kremer (1976) inclúeno dentro dos topónimos formados a partir de nomes xermánicos que conteñen ese elemento **guma*, como o tamén galego *Gomesende*, o portugués *Gomarães* ou o francés *Gommerans*.

O antroponimo atópámolo coas formas *Gomarigus* e *Gomarigo* na documentación medieval dos mosteiros de Samos e Sobrado.

En Galicia hai catro lugares con este nome, todos coa forma *Gomariz* e sen o seseo do de Lamas: un na provincia de Lugo (concello de Vilalba) e tres na de Ourense: concellos de Baltar, Esgos e Leiro. O do concello ribeirao de Leiro existe como parroquia (*Santa Mariña de Gomariz*), pero non como lugar; estudouno Frutos Fernández González (2007), quen cita unha antiga *vila Gumariz* no documento fundacional do mosteiro de San Clodio, ano 928.

A primeira atestación do da parroquia de Lamas non a demos localizado ata o ano 1549: nun documento do Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela menciónase un tal Fernán García, veciño do lugar de *Gomarís* da freguesía de Santa María de Lamas. Identificamos este personaxe co fidalgo *Fernando García de Gomarís*, primeiro dono da casa de Daneiro de San Cremenzo de Pazos (véxase), quen, segundo as nosas investigacións no Libro de Fábrica de Lamas 1699-1722 (Lema Suárez 1993), no seu testamento de 1563 manda fundar unha capela no lado da epístola da igrexa de Lamas dedicada a san Bartolomeu.

Tamén aparecerá citado no ACS en 1569 nun preito cun xastre chamado Pedro Díaz, sobre rendas e froitos do beneficio de Santa María de Lamas. Neste último documento o topónimo aparece grafado *Gomariz*, e así figurará tamén no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), pero xa *Gomarís* coa representación do seseo

implosivo nos nomenclátore de 1860 e 1888, en Carré Aldao (c.1928) e nos nomenclátore dos séculos XX e XXI.

Segundo o censo, soamente dezaseis persoas levan en Galicia o apelido *Gomariz*.

Gontalde

Lugar da parroquia de Mira

Este topónimo seguramente fai referencia a un primitivo dono chamado *Guntaldo*, nome de orixe xermánica en que o primeiro elemento sería **gunth-* ‘loita’ e o segundo **aldus* < **alds-* ‘vello, antigo’. O lugar orixinario sería, polo tanto, unha antiga (VILLA) GUNTALDI ‘vila ou granxa de Guntaldo’.

Trátase dun topónimo único en Galicia, que garda moita semellanza cos *Gontade* dos concellos de Carballo, Brión, Cuntis e Vigo, que, segundo Cabeza Quiles (2020), tamén procederían dun antropónimo de orixe xermánica composto polo gótico **gunth-* ‘loita’ e o xermánico **hathu* ‘contenda’. *Gontado* e *Guntado* están moi atestados na documentación medieval, segundo o CODOLGA.

No tocante ás atestacións de *Gontalde*, constatamos na documentación medieval do mosteiro de Celanova a existencia do antropónimo *Guantaldus*; data do ano 941 e pode consultarse no CODOLGA, arquivo onde tamén aparece un *Gontald(o)* no séc. X e un *Guntaldo* no XI en Portugal.

Nas Comprobacións do Catastro de Ensenada (c. 1761) figura a *aldea de Gontalde*, a atestación máis antiga que demos localizado. Rexístrase en Madoz (1845-1850), en Carré (c. 1928) e en todos os nomenclátore dos séculos XIX, XX e XXI.

Segundo as informacións de Domínguez e Lema en *Zas polo miúdo* (2020), neste lugar celebrouse unha feira, coñecida como Feira Nova, durante máis de cen anos. Creouse no último terzo do séc. XVIII e suprimírase en 1904 por decisión do goberno municipal de Zas, que decretou o seu traslado á capital do concello, onde seguiu conservando durante décadas o nome de Feira Nova ata a súa definitiva desaparición na segunda metade do séc. XX.

Gontalde non figura como apelido na *Cartografía dos Apelidos Galegos*.

Gris, A

Lugar da parroquia de Brandoñas

A *Gris* é o resultado da redución fonética de *A Grix*, voz que procede do latín clásico ECCLĒSĪA ‘reunión do pobo’, ‘assemblea dos cristiáns para celebrar o culto’, que logo pasou a denominar o lugar onde se celebraba este culto: a *igrex*a. Segundo Antón Santamarina (2008), no paso do latín ó galego, primeiro produciuse unha aférese da vogal inicial *e-* debido a un fenómeno prosódico frecuente en galego, que simplifica os encontros *-a e-* en favor da vogal máis aberta, <a>, cambio que xa se aprecia no séc. XIII en topónimos como *Gres* (parroquia de Vila de Cruces).



Igrexa de Santa María de Brandoñas, que dá nome ó lugar chamado A Gris

Non obstante, E. Bascuas (2002) relaciona os topónimos *Gres* (Vila de Cruces) e *Gris* (Brandoñas) coa hidronimia paleoeuropea, e considera que se poden explicar como un acusativo singular **Grivicem* (< **grivis* ‘herba longa’) que daría primeiro *Grezcem* > *Grež*; “el hiato se resuelve con dos resultados distintos: *Gres* / *Gris* y -s por seseo”.

Con todo, o feito de estar situada neste lugar a igrexa parroquial de Santa María de Brandoñas parece despexar toda dúbida sobre a orixe relixiosa do topónimo.

No dicionario de Madoz (1845-1850) non se rexistra este topónimo, e si *Iglesario* no seu lugar. Nos nomenclátore de 1860, 1888, 1920 e en Carré (c. 1928) aparece substituído por *Brandoñas*, que non existe como lugar. Figura como *Gris* nos nomenclátore de 1930, 1940 e 1970. No NG 2003 engadíuselle o artigo: *A Gris*.

*A Grix*a é a forma toponímica máis habitual dentro do territorio da fala fisterrá norte, comarcas de Soneira e Fisterra: un total de nove lugares nos concellos de Camariñas (dous), Cee (un), Dumbría (tres) e Muxía (tres), ós que hai que sumar tres *A Gris*, este do concello de Zas, outro do de Mazaricos —o da parroquia dos Vaos, na outra banda do río Xallas— e outro máis do de Santa Comba.

Hedreiras, As

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

Este topónimo evoca un lugar con abundancia de *hedras* (< do lat. *HĚDĚRA*, ou tamén *ĚDĚRA* ‘hedra’).

Conforman o lugar un pequeno grupo de casas (as dos antigos colonos) e unha mansión pacea de aparente planta en -L- cun longo patín cuberto disposto cara ó leste cunha monumental escaleira de acceso. Esta mansión era o centro reitor do *couto das Hedreiras*, que no Antigo Réxime formou parte da xurisdición señorial de Xallas, administrada polo arcebispado de Santiago. Nela confluíron os apelidos

fidalgos *Vermúdez e Leis* nos séculos XVII e XVIII. Os donos do pazo residen na Coruña e o lugar pasou de ter un máximo de 75 habitantes en 1950 a tan só tres na actualidade.

Nun rexesto do ACS, do ano 1531, hai unha referencia ó lugar das *Edreiras* desta parroquia. En documentación relativa á parroquia lindeira de Santo Adrián do Castro, conservada no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (en adiante AHDS) e que publicamos en boa parte na nosa obra *A arte relixiosa na Terra de Soneira* (1993), o párroco de 1753 di que administra “*el Coto de Hedreiras* alternativamente con el Cura de Sn. Martín de Meanos”. A capela do pazo, fundada en 1738, estaba dedicada á Virxe do Rosario, e cando os visitantes pastorais do arcebispado se refiren a ela citan o topónimo, que tende a ser grafado maiormente con H-: *lugar de las Edreiras* (1741), *Coto de Hedreiras* (1749, 1752, 1753), *Coto de las Hedreiras* (1769).

O *Diccionario* de Madoz (1845-1850), Carré (c. 1928), os nomenclátors de 1888 —non figura no de 1860—, os do séc. XX e mesmo o NG 2003 rexístrano sen H- (*Edreiras*). Tras un estudo deste e doutros topónimos idénticos ou semellantes, no próximo *Nomenclátor de Galicia* restauraráselle o H-: *As Hedreiras*.

O NG 2003 recolle lugares denominados (*A*) *Hedreira* nos concellos da Baña, Begonte, Curtis, Dozón, Friol, Oleiros e Ordes; *As Hedreiras*, ademais de en Zas, tamén se rexistra nos concellos de Muíños e Baños de Molgas. (*O*) *Hedreiro* en Abadín, Narón, San Sadurniño e Vilalba; (*Os*) *Hedreiros* en Aranga, Cedeira e Irixoa.

Navaza Blanco (2006) localizou na documentación medieval topónimos galegos menores semellantes: *Edreyra* (1273), *Edreyra* (1407), *Edreyras* (1278); e estes apelidos: *Vasco Pérez da Hedreira* (1269), *Lopo Gómez da Edreira* (1498).

Segundo a CAG, *Hedreiras* non se rexistra como apelido en Galicia; en troques, *Edreiras* conta con 893 ocorrencias.

Lagoa, A

Lugar da parroquia de Brandomil

Este topónimo procede do substantivo común galego *lagoa* ‘extensión de auga rodeada de terra máis pequena ca o lago e de menor profundidade’, e este do latín *LĀCŪNA* ‘cavidade, oco, baleiro, carencia’, á súa vez derivada de *lācūs* ‘lago, depósito natural ou artificial de auga’, que tamén pode facer referencia, simplemente, a unha ‘zona alagada’. O espazo que ocupa agora este lugar dá idea da existencia dunha cavidade ou depósito natural con humidade permanente.

O documento máis antigo encontrado que cita este lugar é do ano 1708, tributación do Padrón Calle-Hita, en que figura co artigo galego: *Lugar da Lagoa*. Aparecerá sen o artigo en Madoz (1845-1850), nos nomenclátors de 1860 e de 1888, en Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors do séc. XX, agás o de 1920, que non o cita por consideralo ‘lugar menor’. O NG 2003 restauroulle o artigo, presente na fala: *A Lagoa*.



Ó leste do lugar da Lagoa, esta valgada húmida dá testemuño da existencia dunha antiga lagoa

Hai máis de 70 lugares en Galicia chamados *A(s) Lagoa(s)*, *A Lagúa* e *Lagúas*, e tamén é un topónimo que se repite en Portugal.

O apelido *Lagoa* xa existía na comarca no séc. XVII, polo menos na parroquia de Berdoías, como constatamos nas nosas investigacións onomásticas nesta freguesía soneirá (2018). Na actualidade lévano en toda Galicia 882 persoas. Na comarca de Fisterra e, en concreto, no concello de Cee é onde se atopa unha das concentracións de portadores, sen dúbida motivada polo lugar da *Lagoa* de Lires. No concello de Zas lévano vinte persoas.

Lamas (Santa María)

Parroquia do concello

Lugar da parroquia de Lamas

O topónimo que lles dá nome á parroquia e ó lugar onde se sitúa a igrexa parroquial —moi preto do río localmente chamado de Zas ou de Lamas— é o plural do substantivo *lama* ‘barro, lodo, masa branda que se forma ó mesturarse a terra coa auga’ ou ‘terreo baldío con pastos para o gando dos veciños’, palabra común galega pero que tamén ten presenza no asturleonés (*llama*), no castelán (*lama*) e mesmo nas falas do sur de Francia e centro e norte de Italia: na área ilírico-etrusca, no gascón, no occitano e no rético. O vocábulo procede do latín *LĀMA*, de orixe prelatina, para uns relacionada cos falares véneto-ilirios, para outros coas linguas célticas.

É un topónimo referido a lugares húmidos, como é o caso: unha zona chá que se inunda con frecuencia no inverno cando se desborda o río.

A igrexa de Lamas e o lugar do mesmo nome están situados na beira dereita do río de Lamas, nunha zona chá que habitualmente se inunda no inverno



Esta parroquia soneirá foi o lar primitivo dunha familia nobre galega que tomou o apelido propia freguesía: os Lamas, unha das sobranceiras do reino de Galicia, segundo diversos xenealoxistas.²

Nun rexesto do ACS mencionase en 1549 un veciño do lugar de Gomarís, parroquia de *Santa María de Lamas*, por unha operación de venda de terras.

A proxección toponímica da palabra *lama* en Galicia é enorme, pois, ademais da forma simple en singular e en plural, contamos con numerosos derivados: *Lamaceda*, *Lamacido*, *Lamagal*, *Lamazares*, *Lamego*, *Lameiro*, *Lamela* etc. No NG 2003 hai máis dun cento de entidades de poboación nomeadas por algún destes derivados, maiormente nas provincias setentrionais: A Coruña (31) e Lugo (43); en menor número nas meridionais: Ourense (quince) e Pontevedra (catorce). Arredor dunha ducia de freguesías levan este topónimo, entre elas cinco dedicadas a Santa María, incluída esta de Zas.

Moitos destes lugares orixinaron o apelido toponímico correspondente que portan uns 8 933 galegos (ocupa o lugar número 75 dos apelidos de Galicia), que habitan en 157 concellos, na súa maior parte do interior das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

2 Para termos unha información máis ampla desta estirpe remitimos á nosa introdución e a obras como *Blasones y linajes del Reino de Galicia* (1957-1965), de Crespo Pozo; *Brandomil na historia. Un couto de mulleres* (2021), de Rodríguez Suárez e Vázquez Bertomeu, ou ó noso *Zas polo miúdo* (Dominguez e Lema 2020).

Lingueirón

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

Este topónimo, xunto con outro dun lugar e parroquia do concello de Ponteceso, é único no NG2003. Como nesta área lingüística no grupo *-ng-* non se produce gheada na pronuncia popular, senón que se tende ó enxordecemento do <g>, nos dous casos dise *Lanqueirón* (como tamén se di *dominco* e *ninquén*).

Segundo Cabeza Quiles, que estudou o topónimo de Ponteceso, estes dous nomes de lugar poderían ter a súa orixe na forma *Longueirón*, que derivaría na forma actual ó sufrir disimilación do seu primeiro <o> en <a>. Seguramente os escribáns dubidaban entre esta variante e a de *Lanqueirón*, que é a que aparece nun documento de 1330 do TMILG (*Garçia de Langeyrón*, testemuña de Xallas). Con relación ó de Ponteceso, atestamos en AHUS (consultable en Galiciana) en 1529 un veciño de Cores chamado *Fernando de Langeyrón*.

Para Cabeza Quiles, o topónimo *Lanqueirón* (antes *Longueirón*) sería un derivado do adxectivo latino *LONGUS* ‘longo’, aplicado a unha leira ou propiedade alongada. Esta é tamén a versión popular dos propios veciños desta parroquia bergantiñá, pois asóciana a un terreo longo e chan. O noso lugar soneirán tamén está situado no amplo e largacío val que forma o río de Meanos no seu curso alto: cara ó norte dexérgase a igrexa da parroquia veciña de San Martiño de Meanos, a unha distancia de case dous quilómetros.

Non obstante o historiador López Ferreiro transcribe nun documento do ano 1105 o topónimo pontecesán como *villa Lanqueirón*, co <a> na primeira sílaba; o <q> podería ser un erro de transcripción, pois a gheada non se data ata bastantes séculos máis tarde. En caso de que este *Lanqueirón* do séc. XII fose lectura correcta, habería que abandonar a explicación etimolóxica que se dá —un derivado do lat. *LONGUS*— e pensar nunha orixe prerromana.



O longo val, amplo e chan, onde se asenta o lugar de Lanqueirón (casas da esquerda). Ó fondo, a igrexa de San Martiño de Meanos

Non é inverosímil que o significado prerromano sexa o mesmo ca o da explicación románica: hai linguas célticas que teñen unha familia léxica *lanc-* que parece cognada (da mesma orixe etimolóxica) do latín *LONGUS*. Polo tanto a orografía, neste caso concreto o amplo val onde se sitúa esta aldea soneirá, podería ser tamén a motivación remota do topónimo.

No tocante ás atestacións do nome de lugar deste concello, nas Comprobacións do Catastro de Ensenada, de 1761, menciónase un muíño existente en *Langueirón*. Figura o lugar con esta mesma grafía no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), nos nomenclátors de 1860 e de 1888, na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XX e XXI.

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Limideiro

Lugar da parroquia de Brandomil

Limideiro é un topónimo único no NG 2003. A súa orixe remota, segundo propón Martínez Lema (2010), posiblemente estea no latín (LÖCŪ) LĪMĪTĀRĪŪ ‘lugar pegado a outro’ ou, tamén, ‘límite, linde, terreo estreito que indica o remate dunha propiedade’, un lugar derivado do substantivo latino LĪMES ‘carreiro entre dous campos’, co engadido do sufixo -ĀRĪŪS.

Ten polo tanto, carácter de terra límite ou raiana, como os *Lindoso* (< lat. LĪMĪTOSU) do Bierzo e do norte de Portugal (concello da Ponte da Barca), este fronteiro co concello galego de Entrimo.

No testamento de Lionor González de Saz (1334) —transcrito por Pérez Rodríguez en 2004 e revisado por Pichel Gotérrez e Martínez Lema en 2014—, cítase “o casal de *Limideyro*”. De 1410 data unha cadea onomástica co topónimo: *Afonso de Limideiro*. Documentamos o “lugar de *Limideiro*” en 1562 no Arquivo do Reino de Galicia (consultable en Galiciana) e en 1708 no Padrón Calle-Hita.

Un pouco despois, nun documento de 1714 conservado no arquivo da Fundación Brandomil, fálase do “prado da *Calçada de Limideiro*”, que fai referencia ós restos da antiga calzada ou vía de orixe romana que seguramente se dirixía ás minas do chamado *Pozo de Limideiro*, onde se acabou formando unha lagoa no sitio onde antano houbo escavacións mineiras, auríferas e estanníferas. A palabra común *pozo* procede do lat. PŪTEŪ ‘burato, fosa’, e entre as súas acepcións o dicionario tamén inclúe a de ‘escavación vertical que se fai nunha mina para extraer mineral’.³ Na súa *Geografía* (c. 1928), Carré Aldao escribe o seguinte: “Próximo a *Limideiro* está el ‘*Pozo Limideiro*’, que se ve que fue obra de la mano del hombre, dícese que para la explotación del estaño”.

3 Para unha información máis completa sobre a actividade mineira de Limideiro e de toda a parroquia de Brandomil desde a antigüidade podese consultar a obra *Brandomil. Vila soterrada*, de Gorgoso e Vigo (2023).



Lagoa denominada Pozo de Limideiro, testemuño das escavacións mineiras de antano

O lugar de *Limideiro* figura no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e en todos os nomenclátoreos dos séculos XIX, XX e XXI. Domingo Fontán sinala o *Pozo Limidoiro* (sic) na súa *Carta geométrica de Galicia* (1834-1845).

Segundo a CAG, como apelido lévano 28 persoas en Galicia, a maior parte residentes no veciño concello de Vimianzo, co que queda claro que en orixe o recibiron deste singular topónimo brandomilés.

Loroño (Santiago)

Parroquia do concello

Lugar da parroquia de Loroño

Loroño é outro dos topónimos únicos que se rexistran neste concello, pois non hai outro con este nome en Galicia. O máis semellante é *Leroño*, parroquia do concello de Rois. Con todo, hai un *Loroño* no partido xudicial de Bilbao, onde se atesta como apelido por volta de 1554: *Juan de Loroño* e *Miguel de Loroño* (PARES).

Santa María de Leroño (Rois) aparece documentado no Tombo de Toxos Outos nos séculos XII e XIII como *Nederonio*, *Neeronio* e *Nederonii* (*Sancte Marie de Nederonio*, en 1128). As orixes de *Leroño* e *Loroño* poden estar emparentadas. O primeiro procedería dun elemento *neder-* para o cal só hai hipóteses. Pokorny dá varias raíces indoeuropeas que poden explicar esta formación; a máis probable é a primeira das raíces *ned-*, que leva asociados os significados de ‘enlazar, atar’, e a que deriva no latín *nōdus* ‘nó’.

No tocante a *Loroño*, en caso de que proceda dun étimo con N- inicial, é probable que estea en relación co lat. *nōdus* ‘nó’, precisamente porque o núcleo inmediato á igrexa é o de *Forcadenla* (véxase), topónimo viario que dá idea dunha antiga bifurcación de camiños ou de regatos. As alteracións das alveolares iniciais N- > L- ou ó revés (L- > N-) non son raras na toponimia (*Nepotiani* > *Lebozán*, por exemplo); este

cambio debeuse producir antes do séc. XIV. A terminación *-onio* é un sufixo complexo *-ono* + *-io* que E. Bascuas considera taxativamente celta. Outra hipótese, a de Juan José Moralejo, é que proceda do antropónimo (non documentado) **Loronius*, probablemente prerromano.

En documentos do AHUS atestamos a parroquia de *Santiago de Loroño* por volta de 1534, e no ACS en 1574. Na súa visita do ano 1607, o cardeal Jerónimo del Hoyo escribe *Santiago de Noroño*; pode ser que se trate dun dos erros ortográficos deste eclesiástico, castelán de orixe, ou tamén que aínda houbese vacilación entre o L- e o N- iniciais.

Segundo a CAG, *Loroño* é o primeiro ou o segundo apelido de 86 galegos e galegas, que non habitan nin no concello de Zas nin na Terra de Soneira, senón en Vilagarcía de Arousa, en Vigo e na Coruña.

Mámoa, A

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

Mámoa é a palabra galega máis común para designar un túmulo funerario da época megalítica que no seu interior garda un monumento denominado en galego *anta*, *arca* ou *dolmen*. Procede do lat. MAMMŪLA, diminutivo de *mamma* ‘mama, seo’, pola semellanza do perfil do túmulo funerario co seo feminino. O seu uso como topónimo indica que neste lugar hai ou houbo —como é o caso— un monumento megalítico deste tipo.

Rexistramos o topónimo que nos ocupa nun documento do ano 1684 da xurisdición de Xallas, relativo a un conflito veciñal nos “lugares de *Mámoa*, Jestoso y Churía” de San Martiño de Meanos orixinado pola introdución do cultivo do millo, segundo as investigacións do historiador Barreiro Mallón (1978). Tamén aparece no Catastro de Ensenada (1753), en que se cita un muíño “llamado *da Mamoa* [que] es de canle y una rueda negrera”, e despois como lugar habitado en Madoz (1845-1850) —onde ten entrada propia—, nos nomenclátors de 1860 e de 1888, e, así mesmo, en Carré Aldao (c. 1928). Non obstante, nos nomenclátors do séc. XX fíxose desaparecer, talvez para incrementar o núcleo da aldea de Meanos, a máis próxima, que complementa o nome da parroquia. Con todo e iso, na información non oficial que se manexa no Concello de Zas figura na relación de lugares da parroquia de San Martiño de Meanos. Por todo isto, incluírase na vindeira edición do *Nomenclátor de Galicia*.

No NG 2003 figuran dezaseis lugares chamados *A Mámoa*: cinco na provincia da Coruña (nos concellos de Ames, Mazaricos, Ordes, Rianxo e Ribeira); sete na de Lugo (nos concellos de Friol, Guitiriz —onde hai dous—, Palas de Rei, Paradelá, O Páramo e Vilalba); catro na de Pontevedra (concellos de Cerdedo Cotobade, Forcarei, Nigrán e Salvaterra de Miño); ningún na de Ourense.

Este é o único núcleo habitado chamado *A Mámoa* do concello de Zas e de toda a Terra de Soneira. Atópase, precisamente, nunha zona rica en túmulos megalíticos. Non lonxe queda, en Muíño, a Arca da Piosa (véxase *Piosa, A*), popularmente denominada Pedra da Arca.

Segundo a CAG, levan o apelido *Mámoa* once persoas en Galicia; ningunha no concello de Zas.

Marán

Lugar da parroquia de Muíño

Este nome de lugar relaciónano Piel e Kremer (1976) cun posible nome persoal de orixe xermánica **Mara, -ane*, persoa que estaría á fronte dunha *villa* ou granxa agrícola do período medieval. O problema é que non se documenta este nome na Galicia do medievo, polo que non podemos descartar que *Marán* sexa prerromano.

O poeta xalleiro emigrado en Cuba José Baña Pose, Pepe de Xan Baña, cita nunha das poesías do seu libro *Suspiros na terriña* (1921), en que evoca lugares da súa comarca de nacemento e limítrofes, “o riu Marán”, afluente do Xallas no seu curso alto; aclara que este río nace na Braña da Serra.

No Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela cítase en 1639 o “lugar de *Marán* en San Tirso de Muíño”. O topónimo figura no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), na *Geografía* de Carré Aldao e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI (no de 1930 coa forma errada de *Mazán*).

Hai outro lugar co mesmo nome na parroquia de Arcos da Condesa (Caldas de Reis) e un *Maráns* na de Santa Cristina de Veá (A Estrada). En Portugal rexístranse varios *Marão* que poden ter relación con este topónimo; non así a *Serra de Marão*, ó norte do río Douro, que aparece documentada no séc. VI como *Montem Maraon*, que sen dúbida nada ten que ver coa antroponimia de orixe xermánica.

O apelido *Marán*, coa maioría dos seus portadores no concello de Caldas de Reis e na redonda, posiblemente teña o seu foco no lugar homónimo deste municipio pontevedrés.

Maxín

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

Este topónimo, único en Galicia, ten a súa orixe no xenitivo dun nome persoal latino, a partir dun **MAGINI* ‘casa e granxa de Maginus’, o seu primitivo posuidor. O antroponimo *Maginus*, que figura nos repertorios de onomástica latina, podería ser un derivado de *Magus* ‘mago, meigo’.

Nas Comprobacións do Catastro de Ensenada da parroquia de San Martiño de Meanos, de 1761, aparece tres veces con distintas grafías: *Majín*, *Magín* e *Meixín*. Chama a atención a terceira, que semella hipergaleguizada.

Coa grafía *Magin* figura no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e no nomenclátor de 1860. Coa xa galeguizada, e fiel á fala, *Maxín*, ademais de na *Geografía* de Carré (c. 1928), aparece nos nomenclátors de 1888, 1930, 1940, 1970 e o de 2003 (o de 1920 non cita o lugar).

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Meanos

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

O nome deste lugar serviu como complemento do da parroquia de *San Martiño*. Non é habitual que a igrexa parroquial non se atope na poboación que lle dá nome á parroquia, como acontece aquí, pois o templo de *San Martiño de Meanos* sitúase a uns tres quilómetros de distancia desta aldea.

Meanos é un topónimo único en Galicia. Probablemente procede do masculino plural do adxectivo latino *mēdiānu* ‘mediano, do medio’, referido a un terreo, un penedo etc., que está no medio ou entre outras dúas realidades físicas.

Nesta zona occidental este adxectivo latino debería dar en galego **Meáns*, como acontece en *Quintáns Meáns*, lugar situado na parroquia de Soesto (Laxe), a uns 30 km de distancia. O NG 2003 non rexistra hoxe este topónimo laxeiro, pero sabemos da súa existencia porque o cita nas súas memorias —escritas en León contra 1834— o chamado crego liberal don Juan Antonio Posse (Soesto, Laxe 1766 - San Andrés del Rabanedo, León 1854) como o seu lugar de nacemento:

A las extremidades de la Europa occidental nació D. Juan Antonio Posse, en *Quintáns means*, lugarillo de la Parroquia de San Estevan de Suesto, Jurisdicción de Vimianzo, en el Arzobispado de Santiago, el cual, por ser más bajo e inmediato a las riberas del mar, se llama también *Lugar de Abajo*, acia fines del año de 1766, de una familia honesta. (Posse 1984)

Con todo, nas Comprobacións do Catastro de Ensenada da parroquia de Soesto (c. 1760), só aparecía *Quintáns* a secas.

Moito máis preto localizamos na toponimia menor un *monte Meán* na parroquia de Brandoñas e outro na de Treos (Vimianzo), de 325 m e 257 m de altitude, respectivamente. *Meanos* podería ser, logo, un semicultismo ou un nome de lugar arcaizante que non perdeu o seu *-n-* intervocálico. No concello de Rois existe un lugar chamado *A Meana*, e, así mesmo, tamén temos en Galicia o apelido *Meana*, con 51 ocorrencias (en cambio, segundo a CAG, non se rexistra en Galicia o apelido *Meanos*).

Tamén se podería pensar nun xentilicio plural (quizais derivado dun topónimo *Meán* < lat. *MEDIANU*, *MEDIANA*), pero non é facilmente explicable a conservación no *-n-* intervocálico.

Sen rexistros medievais pouca certeza podemos ter. Parece que o primeiro rexistro é do séc. XVI, como veremos a continuación, cando se incorpora como “apelido” da parroquia de San Martiño. Deste xeito, se *Meanos* é unha castelanización dese momento, a forma orixinaria podería ser *Meáns*; é a solución que máis nos convence.

Como complemento da parroquia de San Martiño (véxase) rexistramos o topónimo en 1528 nun documento do AHUS: *Sant Martiño de Meanos*; tamén no ACS hai abundantes atestacións (de 1534, 1569, 1594 etc.) coa denominación parroquial plena (*San Martiño de Meanos*) ou abreviada (*San M^{no}. de Meanos*). En todo caso, a grafía *Meanos* mantense sempre sen ningunha variación, tamén cando se fai mención unicamente do lugar: no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) figura a aldea como *Meanos de Arriba*, pero unicamente *Meanos* en Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI.

Medoña, A

Lugar da parroquia de Loroño

Medoña é outro dos substantivos galegos, sinónimo de *mámoa* e *medorra*, que designa un túmulo ou sepulcro da época megalítica, formado por unha anta ou dolmen e cuberto por un montículo de terra de forma circular ou ovada. É un derivado da palabra galega *meda* (< lat. *MĒTA* ‘columna cónica’), pola súa semellanza, máis o sufixo *-oña*, de probable orixe prelatina.

Este lugar, situado na aba noroeste do monte do Peón, entre Romelle e Arcar, non aparece citado no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), pero si en Carré Aldao (c. 1928): “*Medoña* (por la mámoa o medoña que tiene próxima)”. Tampouco figura en ningún dos nomenclátors dos séculos XIX e XX, nin no de 2003. Ó comprobarse que está habitado, incluírase no *Nomenclátor de Galicia*.

Cómpre engadir que un monte da zona norte da parroquia de Gándara se denomina *As Medornas*, de parecida orixe etimolóxica. Segundo informacións do profesor Evaristo Domínguez Rial, natural desta parroquia, por estas terras había polo menos catro mámoas; unha delas servía de linde entre as parroquias de Gándara e Nantón; hoxe está arrasada.

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Mira (Santa María)

Parroquia do concello

Lugar da parroquia de Mira

Mera, *Meira*, *Mira* e semellantes considéranse hidrotopónimos co significado de ‘augas mansas’, que Pokorni vincula á raíz *mei-*. Rosa Pedrero propón para os *Mira* un derivado de **meiros*, que significa ‘tranquilo, en calma’ e reconece que a confusión ou confluencia con hidrónimos de raíz **mor-* / **mar-* (a que deu en latín

maris ‘mar’) é posible que se dese nalgunhas áreas peninsulares, aínda que non en Galicia. Dun ou doutro xeito, os especialistas coinciden no significado da raíz prerromana: ‘augas mansas, tranquilas, en calma’.

Mira é a única parroquia con este nome en toda Galicia, pero hai unha aldea en Seavia (Coristanco) e outra en Santiago de Trasariz (Cenlle, Ourense). En Portugal temos o concello de *Mira*, no distrito de Coímbra, onde conflúen varios ríos que forman albufeiras ou lagoas costeiras. Así mesmo, temos, na comarca da Limia, *Trasmiras* (< *Trans* + *Miras*), xusto onde rematan as áreas inundables da desecada lagoa de Antela.

Entre as atestacións, rexistramos en 1522, nun documento do AHUS, a freguesía de *Santa María de Mira*, e noutro de 1586 do ACS a “sinecura de *Santa María de Mira*”.

O apelido *Mira*, segundo a CAG, lévano en Galicia 1 434 persoas e ocupa o lugar número 452 dos apelidos galegos. A súa zona de expansión está moi focalizada no interior da Terra de Soneira e Bergantiños —particularmente nos concellos de Coristanco (137 ocorrencias), Laxe (101), Carballo (99) e Zas (85)— e na cidade da Coruña (229). Iso significa que o apelido procede de calquera dos dous lugares desta zona: os dos concellos de Coristanco e Zas. O da outra área, o da cidade de Ourense (117 ocorrencias), tería a súa orixe na aldea do concello de Cenlle.

Moreira

Lugar desaparecido da parroquia de Loroño

Para Navaza Blanco (2006), o máis seguro é que se trate dun fitotopónimo relativo á *moreira* ‘árbore da familia das moráceas cuxo froito é a mora ou amora’.

As denominacións do castelán *morera* e *moral* corresponden ás especies *Morus alba* e *Morus nigra*, respectivamente, en galego *moreira branca* e *moreira negra*. Ámbalas dúas especies cultívanse en Occidente desde o tempo dos romanos; a primeira delas é pouco común en Galicia. O froito de ambas, o mesmo có da silveira, recibe os nomes de *mora* ou *amora*. [...] Son formas relacionadas con lat. *MŌRU* ‘moreira’, lat. vulg. *MŌRA*, aínda que algúns autores defenden unha raíz prerromana paralela coa cal pode haber interferencia.

Engade Navaza que

A tradición filolóxica española vén explicando a partir do lat. *MŌRU*, *MŌRA* os topónimos *Moreda*, *Morera*, *Moreruela*, *Moral*, *Moraleja*, etc. do dominio lingüístico castelán, e fai extensible a explicación ós correspondentes *Moreira*, *Moreda* galegos [...], e a mesma opinión sostén a tradición portuguesa cos *Moreira*, *Moreiras*, *Amoreiras* etc., e a galega.

Con anterioridade, Elixio Rivas (1982) desbotara a posibilidade do fitotopónimo por considerar demasiado exótica en Galicia esta árbore asociada ó verme da seda, e propuxera —para o *Moreira* de Marín— unha orixe oronímica a partir dunha base prerromana **m-r-* ‘rocha, monte’.

Siendo una especie arbórea foránea y apropiada para el gusano de seda, llega tardamente desde el Al-Ándalus cuando los cristianos empezaron a triunfar en la Reconquista [...]. Este árbol, siempre exótico entre nosotros y algo extendido por los monjes de las riberas del Sil, no se haya ni una sola vez mencionado en la documentación local, donde tanto se mencionan otras especies, incluidos naranjo y limonero.

Admitindo que a chegada da árbore a Galicia está condicionada polo cultivo da seda, Navaza replicaríalle a Rivas con atestacións medievais de *morares* no séc. x (ano 931) e *morarias* no XI (ano 1032), co cal “á vista da documentación medieval hai que retrasar polo menos en tres séculos o *terminus post quem* que el fixa no XIII, ou ben considerar que xa existía previamente a *moreira* en Galicia”.

Na provincia da Coruña hai cinco lugares en singular e tres en plural, incluído *Cal de Moreiras*. Na de Pontevedra hai nove. Lévano tamén varias parroquias: nos concellos de Castroverde, Boborás, A Estrada, Pontearreas etc. En plural, é coñecida a de *Santa Marta de Moreiras* (O Pereiro de Aguiar), debido a unha monografía de Xosé Ramón Fernández-Oxea, Ben-Cho-Shey, publicada en 1968.

Este lugar de Loroño unicamente aparece citado no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), mais non no Catastro de Ensenada (1753) nin nas posteriores Comprobacións, nin tampouco en ningún dos nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI.

Como apelido lévano 5 959 persoas en Galicia segundo a CAG. Un dos núcleos de maior concentración atopámolo na Terra de Soneira e comarcas de Bergantiños e Fisterra: en Zas lévano 131 persoas, en Cabana 115, en Vimianzo 105, en Laxe 101, en Muxía 100 etc. O máis probable é que os *Moreira* de Touriñán (Muxía) e de Cereixo (Vimianzo) fosen os que máis influísen na difusión do apelido nesta zona, e moi pouco ou nada o de Loroño.

Mosqueira, A

Lugar da parroquia de Gándara

Topónimo, abundancial, co sufixo *-eira*, que ten a súa orixe no nome común *mosca* (< lat. *MUSCA*); pode dar nome a un lugar abundante en moscas.

Non figura no NG 2003, tampouco en Madoz (1845-1850), Carré Aldao (c. 1928) nin en ningún dos nomenclátors anteriores dos séculos XIX e XX, pero si aparece no MTN 1:25 000 (Zas) preto do lugar do Sisto. Na próxima edición do *Nomenclátor de Galicia* constará este topónimo, xa que é un lugar habitado e identificado pola xente. Deste xeito, pasa a ser un *unicum* na toponimia maior de Galicia, pois só se rexistra *A Pena Mosqueira* da parroquia das Oiras, no concello de Alfoz. Así

e todo, hai uns 204 microtopónimos en Galicia denominados *Mosqueiro* e *Mosqueira*, máis abundantes coa forma masculina.

Segundo a CAG, unicamente 175 persoas levan en Galicia o apelido na súa forma galega orixinal, *Mosqueira*, case a metade no concello de Ponteceso (é improbable que influíse este pequeno lugar de Gándara). Arredor duns 13 650 galegos e galegas lévano na súa forma castelanizada, *Mosquera*, que ocupa o lugar número 48 dos apelidos de Galicia. A súa castelanización xa se aprecia no séc. xv.

Muíño (San Tirso)

Parroquia do concello

Muíño é un topónimo transparente, pois procede do substantivo común galego *muiño*, e este do lat. *MÖLĬNU*, co mesmo significado: unha construción que contaba cunha maquinaria que, movida pola auga dun río ou dun regato —en casos contados pola marea nunha ría—, moía o gran dos cereais. Os muiños movidos polo vento son escasos nas comarcas que conforman a Costa da Morte; houbo un en Laxe, que estivo activo ata mediados do séc. xx; del só queda a súa base circular.

Muíño dálle nome a esta parroquia, pero non o leva ningún dos seus lugares. É a única parroquia de Galicia con esta denominación; en plural rexistramos a que lle dá nome ó concello de *Muíños* (Ourense).

Exerce o seu padroado *san Tirso* (ou *san Tiso*), mártir no séc. iii en Apolonia de Bitina (actual Turquía), un dos máis antigos no culto hispánico, titular en Galicia de catorce freguesías; a de *Muíño* é a única do concello de Zas e da Terra de Soneira con este patrón. Temos atestacións desta parroquia no séc. xvi no AHUS: nun documento de 1572 cítase *Santiso do Muiño*.

A pesar de non existir como lugar, *Moyño* ou *Moiño* era unha das moi escasas poboacións que sempre se sinalaban nesta zona nos mapas máis antigos de Galicia, como a *Descripción del Reyno de Galizia*, de 1598, de Fernándo Oxea, ou noutro de autor anónimo titulado *Gallicia*, de 1632. Isto era debido á existencia das *Torres de Muíño* no lugar do Couto (véxase), xa existentes no séc. xvi, residencia dos señores do chamado *Couto de Muíño*.

O visitador pastoral Jerónimo del Hoyo (1607) escribe *San Tirso de Moíño*. Xa no séc. xviii, tanto no Catastro de Ensenada (1753) coma nas súas Comprobacións (1762) —e, así mesmo, na documentación dos arquivos da fidalguía do couto— altéranse as grafías *Moiño*, *Moyño*, *Muíño* e *Muyño*, aínda que prevalece claramente a primeira (*Coto de Moíño*, *San Tirso de Moíño* / *Moyño* / *Muíño* / *Muyño*...).

No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) gráfase *Muíño* (*San Tirso de*); en Carré Aldao (c.1928) rexorde a dobre denominación: *San Tirso de Moíño o Muíño*; nos nomenclátors do séc. xx, sempre *Muíño*, *San Tirso*.

Muíño, *O Muíño*, *Os Muíños* —o da parroquia de Moraime do concello de Muxía denomínase localmente *Os Muños*— son topónimos moi repetidos en Galicia pola abundancia de cursos de auga onde se instalaren estas construcións. Na

cunca do río do Porto, a arteria principal das augas da Terra de Soneira, segundo Domínguez Rial e outros (2019) contabilizáronse un total de 277 muíños, case todos en estado de abandono.

Na toponimia galega tamén aparecen en innumerables topónimos compostos: *O(s) Muíños de Arriba*, *O(s) Muíños de Abaixo*, *O(s) Muíño(s) do Vento* etc.

Como apelido, *Muíño* é tamén moi repetido en Galicia, pois conta con 3600 portadores, concentrados nas zonas central e setentrional da provincia da Coruña. En plural, *Muíños*, lévano arredor de 2 800 galegos e galegas, residentes sobre todo no interior da provincia de Pontevedra.

Muíños do Allo, Os

Lugar da parroquia do Allo

No NG 2003 figura unicamente como *Os Muíños*. Así e todo, e considerando que esta é a denominación popular do lugar, o próximo *Nomenclátor de Galicia* recollerá o topónimo *Os Muíños do Allo*. Para a etimoloxía, véxanse *Muíño* e *Allo*, *O*.

Os Muíños do Allo é hoxe un lugar dunha única casa, que conta entre as súas dependencias con dous antigos muíños situados nun dos últimos meandros que forma o río do Porto antes de saír da parroquia do Allo e entrar na de Baio. Na casa viviu o seu último muíneiro, falecido a principios do séc. XXI; hoxe, reformada, só é habitada ocasionalmente polos seus donos, veciños de Baio.

Estes muíños xa existían en 1644. Nun documento do AFR, transcrito por Sánchez García, consta que o daquela dono das Torres do Allo, Antonio Gómez de Rioboo

fue cerrando desde junto a dichos *Molinos del Allo* donde se alla un Marco antiguo junto al riego que divide las felegresías de Santa Maria de Vayo de la de San Pedro del Allo, y desde dicho marco asta pasar la Puente Lodoso de donde se alla dicho molino nuevo es tierra del Conde de Altamira y términos de dicha feligresía de Vaio.

É un dos primeiros lugares documentados da parroquia do Allo, pois a maior parte non o serán ata despois de 1669, cando Gómez de Rioboo Seixas pon en marcha o seu gran proxecto de transformación do couto, non só iniciando as obras da torre nova da súa mansión, senón tamén construíndo dous muíños e catorce casas para os seus colonos labradores (véxase *Allo*, *O*). O primeiro testemuño de que o lugar de *Molinos* está habitado é de 1761, pero tamén se cita, castelanizado, noutros documentos de 1773 e 1774: “lugares de Curro, *Molinos*, Casas Novas, Cebola, Telo, Regalados, Debesa...”.

Non se rexistra como lugar da parroquia en Madoz (1845-1850) nin nos nomenclátors de 1860, 1888, 1920; tampouco en Carré Aldao (c. 1928). No *Libro cobrador* das rendas do Allo do administrador Víctor López Seoane figura *Muíños*

(*Lugar dos*). En cambio, si aparece, castelanizado (*Los Molinos*) nos nomenclátos de 1930, 1940 e 1970. Como xa indicamos, no NG 2003 aparece simplemente como *Os Muíños*.

Cómpre indicar que desde principios do século actual se viñeron contabilizando nos censos do concello de Zas novos habitantes neste lugar, cando en realidade correspondían ó veciño *O Regueiro do Allo* (véxase).

Muriño

Lugar da parroquia do Allo

Este topónimo seguramente ten a súa orixe nun diminutivo do substantivo común *muro* (< lat. MŪRU ‘valado, muro, muralla’).

No ano 1401 rexistramos no AHUS, nun documento en galego do “moesteiro de san Gíao de Mouramea [mosteiro de San Xiao de Moraima]”, un tal “*Gonçalvo Lopes de Moriño*, notario del rrey jurado enna dita terra de Soneira”.

A principios do séc. XVI, entre os bens da Casa de Altamira na meirindade de Laxe —que recollen García Oro e Portela Silva no seu libro *La Casa de Altamira durante el Renacimiento*—, figuran nunha folla solta do arquivo familiar desta casa dous vasalos chamados *Gonzalo de Moryno* e *Juan de Morino*. Trátase dun padrón do xulgado de Laxe, escrito en castelán, en que se cita tamén un vasalo chamado Gomes do Allo, entre outros da redonda (de Traba, Soesto, Serantes, Baio, Fornelos, Vilachán...).

Nun documento de 1548 do arquivo particular do investigador fornellan Ramón Romar aparece un tal “*Fernán González de Morino* vecino de San Esteban de Anos”. Tendo en conta a proximidade da parroquia de Anos, non queda dúbida de que este *Morino* se identifica co noso Muriño.

Con estas atestacións, sobre todo a do notario soneirán de principios do séc. XV, podemos asegurar que *Muriño* é o topónimo que conta coa atestación escrita máis antiga da parroquia do Allo, despois de Xerne, coa particularidade de que este último lugar non entrou a formar parte da freguesía ata as últimas décadas do séc. XIX. Cando os Rioboo empezaron a construír casas para os seus colonos a partir de 1669, *Muriño* xa tiña, polo que parece, máis de 250 anos de existencia.

É a aldea máis setentrional do concello de Zas e da parroquia do Allo. Dista máis de 1,5 km das outras da freguesía, e, en parte por esta distancia, sospeitamos que nunca pertenceu ó couto do Allo nin ás propiedades dos Rioboo.

Non a atopamos citada na ampla documentación do AFR, e no Catastro de Ensenada (1753), cando se fala das cargas e impostos dos veciños do Allo, dise que o párroco

percibe enteramente los [diezmos] de todos los lugares de la fr.^a [feligresía] a excepción del lugar de *Moriño*, que de este solo percibe la mitad y la otra mitad la percibe el Conde [de Maceda] y la oblata el cura parrocho.

É a única vez en que se menciona este lugar dentro da parroquia no Catastro (1753); non obstante, xa figura coa forma actual de *Muriño* nas Comprobacións do Catastro de Ensenada de 1760, no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928), en todos os nomenclátors do séc. XX e no NG 2003.

Tampouco figuraba no minucioso *Libro cobrador de las rentas del Allo*, redactado en 1898 por Víctor López Seoane, que levaba con todo detalle toda a administración dos bens da súa esposa Francisca de Rioboo. No “Índice en orden alfabético de toda la fincabilidad dependiente de la Administración de las Torres del Allo” aparecen citados os nomes de todos os colonos de parroquias de trece concellos e cinco partidos xudiciais —*grosso modo*, de Zas e Vimianzo a Carballo, Malpica, Corcubión, Mazaricos, Muros, O Porto do Son...—, e, no tocante á parroquia do Allo, non deixa de mencionar todos as aldeas e os nomes dos arrendatarios de cada unha delas: “Allo (San Pedro), Casas-novas, Cebola, Curro, Jerne, Muíños (lugar dos) y Pombal”, pero nesta relación non aparece Muriño por ningures.

Na actualidade non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Padreiro

Lugar da parroquia de Brandomil

Unha das denominacións no galego occidental da árbore denominada na tradición lexicográfica galega como *pradairo* ou *falso plátano* é *padreiro* (especie *Acer pseudoplatanus*). O seu étimo é PLĂȚĂNARIU, derivado da forma latina *plătănu* ‘plátano’ co sufixo *-ariu*, co que se conclúe que neste lugar houbo unha destas árbores.

Na parte occidental de Galicia son máis frecuentes as formas co *-r-* desprazado, como é este caso e o de *Pedra Padreiro* da freguesía veciña de Muíño. Tampouco quedan lonxe *Padreiro de Arriba* e *Padreiro de Abaixo* (Baíñas-Vimianzo), nin a parroquia de *San Salvador de Padreiro* (Santa Comba); un pouco máis afastados quedan *O Padreiro* dos concellos de Carballo e Curtis. Así mesmo, tamén se atopa *Padreiro* na toponimia de Portugal.

A primeira documentación que temos deste topónimo de Brandomil é do ano 1624, do convento de Santa Clara de Santiago: “lugar y casar que se dize de *Padreiro*”. Tamén se cita con esta forma no Padrón Calle-Hita da provincia de Santiago, no ano 1708. No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) figura dividido en dúas partes e cun erro incluído: *Pedreiro de abajo*, *Pedreiro de arriba*; nos nomenclátors de 1860 e 1888, en Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátors de 1920, 1930 e 1940 e 2003 aparece xa co nome real, *Padreiro* (no de 1970 aparecía equivocado: *Pedreiro*).

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Fervenza de Parga
(Gándara)



Parga

Lugar da parroquia de Gándara

O río *Parga* da Terra Chá —afluente do Ladra que, á súa vez, tamén o é do Miño no seu curso alto—, é a corrente fluvial máis coñecida de Galicia con este nome. Martínez Lema (2018) dedícalle un documentado estudo a este hidrónimo da Terra Chá, onde se ocupa de varias poboacións que conservan esta forma nas súas respectivas denominacións: *Parga*, *San Breixo de Parga*, *Santa Cruz de Parga*, *Santa Locaia de Parga* e *A Pobra de Parga*, todas elas pertencentes ó concello de Guitiriz, municipio que foi coñecido ata ben entrado o século xx como *Trasparga*, nome dunha das parroquias que o constitúen.

No tocante á súa etimoloxía, para Martínez Lema está fóra de toda dúbida que nos encontramos ante un hidrónimo de filiación prelatina, cunhas atestacións medievais moi frecuentes que nos permiten un étimo **Parrika* (> **Párrega* > *Parga*); por exemplo, “in territorio *Parrica*” (mosteiro de Sobrado, sen data), “inter duos riuulos *Parreca* et Lanera” (Tombo A, ano 920), “valle *Parriga*” (Sobrado anos 971, 1019) etc.

Para explicar ese derivado **Parrika*, Luis Monteagudo (1999) propuxo partir dun radical indoeuropeo **perk/prek* ‘manchado, polícromo’, que deu orixe a nomes de peixes en irlandés medieval (*orc* ‘salmón’) e mesmo en latín *PERCA* ‘perca’; neste caso, faría referencia á abundancia de troitas ou salmóns nesta corrente fluvial. Fagamos un inciso para lembrar que Edelmiro Bascuas (2014) propuxo unha procedencia da raíz indoeuropea **per* ‘atravesar’.

Despois de toda esta explicación, sorprende que Martínez Lema remate o seu estudo engadindo que

quizais resulte preferíbel relacionar o topónimo con palabras do léxico común como *parra* ‘armazón sostida por estacas ou puntais de madeira’, e, máis en

concreto, cun tema **parrik-* que significaría ‘curral, cercado, terradas valadas’ ‘grella, trenzado’ e similares. Similar orixe tería o substantivo común *parga* ‘morea feita con monllos de trigo, centeo etc. para resgardar o gran da chuvia’.

Só nos concellos de Pontedeume e Zas hai outros topónimos maiores denominados *Parga*. O que nos ocupa ten, sen dúbida, a súa orixe na corrente fluvial, o *río de Parga*, afluente do de Budián, un dos dous brazos principais que conforman o río do Porto no seu curso alto. A aldea aparece citada no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátos.

O apelido *Parga* conta con máis de 2 500 portadores en Galicia; hai dúas zonas de máxima concentracións: na Terra Chá (concellos de Guitiriz, Outeiro de Rei e Cospeito) e na bergantiñá Ribeira Baixa do Anllóns: concellos de Cabana de Bergantiños —lindeiro co de Zas— e Ponteceso, con 99 e 65 portadores respectivamente; no de Zas tan só dez. Un dos persoeiros famosos portadores deste apelido foi o xeólogo Isidro Parga Pondal (1900-1980), natural de Laxe, creador do Laboratorio Xeolóxico de Laxe.

Parrocha, A

Lugar da parroquia de Loroño

Este topónimo suscita as mesmas dúbidas etimolóxicas ca *Parga* (véxase), e tanto un coma o outro poderían ou non estar emparentados entre si. As hipóteses son dúas: ou teñen a súa orixe nun hidrónimo prerromano ou gardan relación co nome común *parra*, probablemente tamén de orixe prerromana. Apoia a primeira hipótese a existencia da *ponte da Parrocha* nun dos regatos que conforman o río de Vilar, afluente do río do Porto.

Outra das posibilidades podería ser que se aplique o nome a unha leira pequena ou a un alcume do seu propietario ou propietaria (a do *Parrocho* ou da *Parrocha*). O dicionario galego-castelán de Franco Grande (1968) define *parrocha* como “caseta para guardar ferramentas para guarecerse cuando se tiene una finca lejos de casa”; en cambio, o lexicógrafo comarcán Francisco Romero Lema, ignora este significado no seu minucioso *Vocabulario de Soneira* (2000); para el, *parrocha* é o mesmo que ‘xouba’, unha sardiña pequena.

As escasas atestacións deste topónimo non fan referencia a un lugar habitado, senón a unha ponte ou a unha leira, como esta do ano 1788 contida no Libro de Fábrica 1689-1799 da veciña parroquia de Treos (Vimianzo):

zesión de una pieza de molino en el de la *punte dela Parocha* que hizo D. Narciso de Soto, cura que ha sido de Sn. Miguel de Treos a favor de la Virgen de Agua de Lupe. (Lema Suárez 1993)

Este lugar non consta en ningún dos nomenclátos oficiais e debe ser de habitación recente. Por este motivo constará na vindeira edición do *Nomenclátor de Galicia*. Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Pazos

Lugar da parroquia de Vilar

A palabra galega *pazo* —equivalente ó portugués *paço* e ó castelán *palacio*— procede da voz do baixo latín *PĀLĀTĪU*, forma que, en orixe, designaba a mansión dos emperadores romanos no monte *Palatinum* de Roma e que acabou tendo o significado de ‘casa señorial, residencia dun señor’. Hoxe en día en Galicia entendemos por *pazo* ‘unha antiga casa señorial propia da zona rural galega, destinada a residencia fixa ou temporal de familias fidalgas, con escudos ou signos heráldicos nalgunha das súas paredes e de proporcións e formas suntuarias que superan notoriamente ás das vivendas normais da súa contorna’.

Non está claro se se poderían considerar pazos todas as casas fidalgas brasonadas, pois moitas delas teñen pouco de suntuosas e en pouco se diferencian das outras da súa aldea. Os ditos ou refráns de carácter erudito que algúns achegan —“capilla, palomar y ciprés, pazo es”, no castelán de Galicia; ou “hórreo, capela e escudo: pazo seguro”—, non sempre se cumpren. Queda tamén no aire se as *villae* tardorromanas e altomedievais xa se poderían considerar pazos e se xa empezaban a recibir esta denominación.

A pesar de ser bastante clara a relación etimolóxica entre este topónimo e o seu étimo latino, a concentración da práctica totalidade dos topónimos *Pazo(s)*/*Pacio(s)* en Galicia levou a algún investigador, como Juan José Moralejo (2005), a pensar nun étimo distinto: que procedese do lat. **palat-io* cun significado relacionado co pastoreo: ‘lugar para gardar o gando, curral’.

Hoxe non queda ningún vestixio de casa medianamente suntuosa ou, simplemente, brasonada neste lugar da parroquia zasense de Vilar, pero reputados xenealoxistas sitúan o berce dunha das ramas da familia fidalga dos *Pazos* nesta aldea: contra o ano 1450 vivía no lugar de *Pacios* (segundo as investigacións de Martínez-Barbeito, 1978) da parroquia de Vilar o matrimonio formado por Pedro Crespo e Teresa Crespo Pazos; o seu fillo *Gil (Crespo) de Pazos* —que, segundo Crespo Pozo (1957-1965), tamén aparece como *Pacios* ou *Palacios* nos documentos— aínda vivía na aldea en 1480, pero o seu neto *Pedro Crespo de Pazos* casaría para Laxe contra 1510. Varios descendentes converteranse no séc. XVI en escribáns ó servizo dos condes de Altamira e espallaranse coas súas familias por diversas parroquias da xurisdición de Vimianzo.

Na memoria oral da redonda queda o recordo dun grande incendio que destruíu todas as casas do lugar vilarés de Pazos nos primeiros anos de séc. XX; talvez con el desapareceu a casa-berce desta familia fidalga, que si deixou probas heráldicas na veciña parroquia de Bamiro (Vimianzo): a casa brasonada do Ceán de *Antonio Rodríguez de Pazos* (séc. XVII), que en 1793 habitaba un dos seus descendentes: *Fernando Rodríguez de Pazos Varela*.

Esta aldea que nos ocupa, compartida coa parroquia veciña de Tines (Vimianzo), figura no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), en Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI.

Pazos é un topónimo moi repetido en Galicia, son moi numerosos os lugares así chamados, en especial nas provincias da Coruña e Pontevedra e na parte occidental das de Lugo e Ourense. Lévaos a parroquia de *Pazos* do concello de *Pazos de Borbén* e outras freguesías dos concellos de Tui (*Pazos de Reis*), Silleda, Boborás (*Pazos de Arenteiro*), San Cibrao das Viñas (*Pazos de San Clodio*), Verín e Ponteceso. No concello de Zas lévaos de complemento a parroquia de San Cremenzo de Pazos, onde non existe ningún lugar con este nome. A variante *Pacios* é propia da zona oriental da provincia de Lugo e parte da de Ourense. Lévanos sete parroquias, todas elas luguesas: nos concellos de Baralla, Begonte, Castro de Rei, A Fonsagrada, O Incio, Quiroga e Pedrafita do Cebreiro.

Como apelido, *Pazos* é un dos máis frecuentes, pois ocupa o lugar n.º 40 dos de Galicia, con 14 670 ocorrencias. No concello de Zas pórtono 73 persoas, pero nos municipios lindeiros de Vimianzo e Santa Comba son 219 e 439, respectivamente. Coa forma *Pacios* só hai 295 galegos que o teñen, todos da zona oriental.

Pedra dos Cregos, A

Pedra senlleira entre as parroquias de Carreira, Lamas, Mira e Zas

No medio do monte que se estende ó sur do lugar de Castro (San Cremenzo de Pazos) queda *A Pedra dos Cregos*, un simbólico marco en forma de asento cuadripartito que, segundo o que fora párroco de San Cremenzo e O Allo, Fidel Fernández Bello, sinalaba os lindes das parroquias de Carreira, Lamas, Mira e Zas.⁴ Unha curiosa lenda popular indícanos que nela se sentaban os cregos titulares de catro destas freguesías mirando cadaquén o seu territorio para poder así establecer os lindes. O topónimo está formado polos substantivos *pedra* (< lat. PĒTRA) e *crego* (< lat. eclesiástico CLĒRICU ‘membro do clero’).

Pedra Padreiro

Lugar da parroquia de Muíño

En orixe este topónimo debeu ser **A Pedra do Padreiro*, que sinalaría unha *pedra* (< lat. PĒTRA) situada ó lado dun *pradairo* ou falso plátano (< lat. PLĀTĀNU). Para ver a evolución do latín ó galego do nome desta árbore véxase *Padreiro*.

Trátase dun topónimo por aposición, en que un substantivo (*pedra*) acompaña outro substantivo (*padreiro*) sen nexo de unión.

No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) figura, equivocadamente, como *Pedra-pereiro*; nos nomenclátors de 1860 e de 1888 co híbrido *Piedrapadreiro*; non figura no de 1920, e, coa forma definitiva de *Pedra Padreiro* en Carré Aldao (c.1928) e nos nomenclátors de 1930, 1940 1970 e 2003.

4 Na súa opinión, non chega a tocar a de San Cremenzo por poucos metros, aínda que hai quen asegura que a parroquia que non toca é a de Zas.

Pedra que Tangué, A

Lugar da parroquia de San Cremenzo de Pazos desaparecido contra 1970

A Pedra que Tangué —pronunciado *A Pedra que Tanque* ou *A Pedra que Tanca* (ou, incluso, como escoitamos persoalmente, *A Pedra que Tan*)— fai referencia a esas “pedras cantadoras” do noso mundo rural, cheas de lendas: seguramente alí había unha pedra ‘que tanguía’, é dicir, que resoaba coma unha campá por efecto do vento.

Para a etimoloxía de *Pedra* véxase *Pedra Padreiro*. O verbo galego *tanguer* / *tanxer* procede do lat. TANGĒRE ‘tocar’.

No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) figuraba a forma híbrida *Piedra que Tangué* e no nomenclátor de 1860 *Piedraquetangué* como lugar habitado, e, de feito estívoo ata finais dos anos sesenta do séc. xx. Había unha única vivenda, que tamén era coñecida como a *Casa da Calabanda* (véxase), topónimo que nunca apareceu nos nomenclátors.

Talvez a proximidade desta senlleira pedra “cantadora” ou “faladora” favorecese que durante moitos anos, ata finais dos anos sesenta do pasado século e principios dos setenta, a dona recibise moitas visitas de toda a veciñanza da redonda pola súa sona de meiga que tiña o don de saber “quitarlles o aire” ás crianzas débiles ou enfermizas. Veciños e veciñas de certa idade recoñecen tela visitado na súa infancia, levados polos seus pais ante a imposibilidade de que os médicos lles curasen certas doenzas.

Pedra Vixía

Área natural compartida polas parroquias de Lamas e Baio

Na área natural de *Pedra Vixía* desemboca o río de Zas ou de Lamas no río do Porto, a corrente principal. Nela atópanse os restos dunha anta ou dolmen e tamén se construíra, en 1899, un dos primeiros serradoiros hidráulicos da zona, que acabaría destruído por un incendio. A finais do séc. xx, veciños de Baio, de Lamas, de Bamiro e doutras parroquias limparon de maleza esta zona e recuperárona para uso recreativo: a Área Natural de Pedra Vixía, de singular beleza paisaxística.

Pedra Vixía é un composto dos nomes comúns galegos *pedra* (< lat. PĒTRA) + *vixia*, de *vixiar* (< lat. VĪĠĪLĀRE ‘velar, estar desperto, vixiar’) e pode ser un dos pednedos sobresaíntes do chan en sentido vertical, unha pedra senlleira desde onde se podía exercer certa vixilancia noutro tempo, sobre os animais ou sobre as persoas.

A primeira atestación do topónimo que coñecemos data dun documento da xurisdición de Vimianzo do ano 1592, copiado por Juan López Bermúdez, no cal se cita o “molino da *Pedra da Bexia* que está en el río que viene de Lamas para Baio y de la Braña de Cobas”; “apeo de los molinos da *Pedra da Vexia* y braña das Cobas en Bamiro”. No Catastro de Ensenada (1753) fálase de dous muíños no río de Lamas chamados un *Pedra Bexia* e o outro *Pedra Bexia de Arriva*. Nas Comprobacións do Catastro de Ensenada (c. 1761) aparece a referencia a un destes muíños grafado con <s> e non con <x>: “...llamado *Pedra Besia* sobre el río Lamas”.



Este penedo aflorante do chan é posible que sexa a Pedra Vixía que lle deu nome á área natural situada na desembocadura do río de Zas no do Porto.

A Pedra Moura de Pedra Vixía é o nome que recibe un monumento megalítico, situado á beira do río de Lamas na zona leste desta área, que constaba dunha mámoa duns 15 m de diámetro e unha anta ou dolmen do que só restan sete lousas verticais, que formarían parte dunha cámara poligonal; a tampa de cubrición foi destruída na década de 1950 por un veciño de Lamas cun barreno para poder aproveitar as súas pedras.

A Pedra Moura é outro dos nomes populares que reciben en Galicia as mámoas ou tumbas pétreas galegas do período megalítico (IV-III milenio a. C.). Podería pensarse tamén na cor da pedra (moura, negra), pero no caso que nos ocupa non é así. Ademais, non é o único monumento megalítico así denominado, pois temos, non moi lonxe, *A Pedra Moura de Carnio*, na parroquia de Treos-Vimianzo.

O apelativo *moura* débese a que a lenda máis espallada era, desde tempos remotos, que esas construcións foran obra das mouras, seres mitolóxicos dotados de gran poder. Segundo unha publicación de F. Alonso Romero (1998): “As pedras tróuxoas unha moura na cabeza, que viña fiando nunha roca ó tempo que lle daba de mamar a un neno que levaba no colo”. Mouras e mouros son considerados en Galicia seres moi antigos, anteriores ós romanos; polo tanto, nada teñen que ver cos musulmáns que habitaron o sur da Península Ibérica na Idade Media. Na documentación latina da Gallaecia, segundo Lidia Gómez e Luz Méndez (2022) xa se rexistra no séc. VI o topónimo *Maura Morta* (cf. *Mouromorto* en Teo e en Palas de Rei), dous séculos antes da invasión musulmá da Península.

Para Isidoro Millán (1990), a palabra *mouro* procedería do celta **mrvos*, afín ó termo indoeuropeo **mr-tuos* (que deu lugar ó latín MORTUUS ‘morto’); da forma celta procedería directamente, segundo este filólogo, a voz que utilizaron os antigos galaicos: **maruos* ‘mortos’.

Pedramaior

Lugar da parroquia de Carreira

O topónimo *Pedramaior* está composto por dous termos comúns en galego: o substantivo *pedra* (< lat. PĒTRA) e o adxectivo *maior* (< lat. MĀIÖRE), e probablemente faría referencia a un antigo marco de pedra de apreciable tamaño colocado para establecer lindes; neste caso podería ser unha separación de tipo parroquial coa veciña Mira. Así e todo, e dada a súa situación orográfica —nunha zona moi pedregosa do somonte da serra do Bico de Meda—, tamén puido tomar o nome dunha desas rochas senlleiras que, por algunha característica que descoñecemos, mereceu recibir unha denominación especial por parte da xente.

Nesta mesma serra de Santiago (ou do Bico de Meda) hai abundancia de pedras con nome propio: *A Pedra Branca*, *O Camiño da Pedra*, *A Pedra da Xesta*, *A Pedra Garrida* —próxima a Pedramaior—, *A Pedra da Aiga* —próxima ó Bico de Meda—, *As Pedras Miúdas*, *As Penas*, *O Seixo Branco*, *As Pedras Grandes*, *Can Lapido*, *A Pedra de Doeña* etc.

Nas Comprobacións do Catastro de Ensenada (c. 1761) rexistramos na parroquia de Carreira “una [casa] terrena en la aldea de *Pedramaior*”.

No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) aparece castelanizado, *Piedra-mayor*, así como nos nomenclátors de 1860, 1888 e nos do séc. xx: *Piedramayor*. Na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928), recóllese un híbrido: *Pedra-mayor*. O NG 2003 restaurou a forma galega.

Pedreira, A

Lugar da parroquia de Gándara

Procede do lat. PETRARIA ‘lugar abundante en pedra’, derivado de *pētra* ‘pedra’.

O lugar parece ser o mencionado como segundo nome dunha cadea onomástica nun documento do ACS de 1630: “*Domingos da Pedreira*, clérigo rretor de los beneficios de Santa María de Gándara y Santiago de Carreira”. Ademais, é con certeza o lugar chamado *Pedreira do Sisto* dun preito de 1710 conservado no ARG. Tamén figura *A Pedreira* como nome de terras de labradío na Comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia (1761).

Non aparece citado en ningún nomenclátor. Despois de comprobar a súa existencia como lugar habitado, constará no próximo *Nomenclátor de Galicia*.

Non se rexistra como apelido no concello, pero si o levan máis de 3 900 galegos e galegas, residentes sobre todo no sueste da provincia da Coruña.

Pedrisqueiras, As

Lugar da parroquia de Baio

Este topónimo é un derivado do lat. PĚTRA ‘pedra’, con dobre sufixación: *-asco* ou *-isco*, mais o correspondente ó lat. *-ARIAS*.

Atopamos a súa primeira atestación nas Comprobacións do Catastro de Ensenada de 1760: unha leira “llamada *Pedrasqueiras*”, incluso “das *Pedrasqueiras*”, con artigo; noutras atestacións destas Comprobacións tamén figura como *Pedrescais*, aínda que este podía ser un lugar distinto.

Este topónimo, por denominar un lugar habitado, recolleráse na vindeira edición do *Nomenclátor de Galicia*. Aínda que tamén se escoita pronunciar localmente *Pedresqueiras*, escolleuse a grafía *Pedrisqueiras* para harmonizar con outros topónimos rexistrados no NG 2003 e *Galicia Nomeada*.

Pedrouzos, Os

Lugar da parroquia de Brandoñas

O topónimo *Os Pedrouzos* é un derivado de *pedra* (< lat. PĚTRA) cun sufixo *-ouzo* de orixe prerromana. Fai mención a unha zona onde hai moreas de pedras ou unha pedra moi grande. Pronúnciase *Pedrousos*, polo seseo imperante na zona.

No Tombo de Toxos Outos xa aparece coa forma *Pedrouzos* en documentos en latín dos anos 1154, 1165 e 1222 referidos a outros lugares coa mesma denominación. Na relación de apeos do conde de Altamira na xurisdición de Vimianzo (1592), segundo a transcrición de Juan López Bermúdez, cítase en Brandoñas o do lugar de *Pedrouzo*, en singular. En documentos do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de 1561 hai tamén unha referencia ó “...lugar *dos* [?] *Pedrouços* e el lugar de Curraz, sitios en la feligresía de Santa María de Brandoñas”.

Rexístrase o topónimo en Madoz (1847), nos nomenclátos dos séculos XIX, XX e XXI; tamén en Carré Aldao (c. 1928). No nomenclátor de 1930 aparece en singular: *Pedrouzo*.

O apelido *Pedrouzo* lévano 408 persoas en Galicia, e *Pedrouso* 157. Ningunha das dúas formas está presente no concello de Zas.

Pego, O

Lugar da parroquia de Brandoñas desaparecido en 1966

Este topónimo —pronunciado *pègho* (con <e> aberto e con gheada)— procede do latín PĚLĀGUS e este do grego *pélagos*, que pode significar ‘mar’, orixe do cultismo *pélago* para galego e portugués, e *piélagos* para castelán: ‘mar aberto’. Tamén ‘pozo ou fosa profunda nun río’, como sería neste caso, pois este lugar estaba situado na beira dereita do río Xallas e foi un dos que desapareceron ó quedar asolagado como consecuencia da construción do encoro da Fervenza en 1966.

Figuraba no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), nos nomenclátore de 1860, 1888, en Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátore de 1930 e 1940. Xa non, obviamente, no de 1970.

Como apelido lévano en Galicia 960 persoas; ningunha no concello de Zas nin na comarca.

Penedo

Lugar da parroquia de Lamas

Topónimo transparente: un *penedo* é unha pena ou rocha grande que destaca na paisaxe. Procede do lat. PĪNNA + o sufixo abundancial -ĒTU, que dá -*edo*. A orixe da voz primitiva, *pena*, vén do lat. PĪNNA ‘pluma’ e, tamén, ‘pedra alta, pedra grande que sobresaia na terra ou no mar’; outra opción é que proceda do lat. PENNA, ‘pluma’ e ‘amea’, por se ter comparado metaforicamente as rochas da crista dun monte penedoso coas ameas dunha fortaleza.⁵

As tres casas orixinarias de Penedo —hoxe son seis—, coma as da maior parte da parroquia de Lamas, construíronse en zona chá, pero as deste lugar situáronse ó abrigo dunha elevación de certa altura que se ergue pola zona sur, culminada por un penedo grande coñecido como *A Pedra da Nus* e, nunha zona máis alta, outro aínda maior denominado *O Penedo Grande*. Estas dúas formacións pétreas destacaban na paisaxe pola súa altura: “son auténticos penedos”, segundo un veciño do lugar, e en conxunto protexen as casas da aldea dos vendavais. Dentro deste recinto queda tamén a chamada *Pedra dos Chinchés*, que é máis ben unha laxe. Esta zona penedosa atópase hoxe cuberta de vexetación e os penedos quedaron ocultos, mais na foto do voo americano de 1956 aínda se apreciaban con certa claridade.

Nun documento de 1556 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago rexistramos, na freguesía de Santa María de Lamas, a “...*Constança de Penedo*... en el lugar de Penedo y Vilachán”. *Penedo* figura entre os lugares da parroquia no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), na *Geografía* de Carré (c. 1928) e en todos os nomenclátore dos séculos XIX, XX e XXI.

No NG 2003 rexistramos 54 aldeas chamadas *Penedo* ou *O Penedo*, distribuídas polas catro provincias, con maior presenza na da Coruña (28 ocorrencias).

Segundo a CAG levan este apelido 1940 persoas en Galicia; ningunha no concello de Zas nin nas comarcas lindeiras.

5 Con todo, convén lembrar que as ameas non son as pezas que sobresaen (*merlóns*), senón os espazos que quedan entre elas.



Monte do Peón (356 m).
Á esquerda, oculto pola vexetación, atópase o lugar do Peón, á mesma altitude (300 m) que as Torres de Romelle e o lugar do mesmo nome que se ve á dereita. As casas da parte inferior son de Berbia

Peón, O

Lugar da parroquia de Loroño

Monte da parroquia de Loroño

Este nome de lugar posiblemente ten o seu étimo no latín PEDONE(M), derivado de *pede(m)* ‘pé’.

Ignoramos se o seu étimo está ou non en relación coa súa situación xeográfica: a uns 300 m de altitude na aba norte do *monte do Peón* (365 m). Tampouco sabemos se podería estar en relación con *píos* ou tanques de auga (neste caso, podería prevalecer a variante *Pión*).

Hai outras dúas aldeas así chamadas nas parroquias de Laraxe (Cabanas) e de Suegos (O Vicedo); outra no concello berciano de Toral de los Vados, e un *Cal de Peón* en Orbazai (Lugo). En Razo (Carballo) temos o monte *Peados*.

Levan este apelido en Galicia 1 620 persoas; ningunda residente no concello de Zas, pero si no veciño de Mazaricos.

Pereiras, As

Lugar da parroquia de Lamas

Son numerosísimos os topónimos que conteñen formas correspondentes ó lat. *PÍRARIA, a árbore que dá como froito a *pera* (< lat. PÍRA, pl. de PÍRU). Segundo Navaza Blanco (2006), poden presentar homofonía con derivados do lat. PETRA ‘pedra’, pois *pereira* é nalgúns casos variante alternativa de *pedreira* (< lat. PETRARIA), que fai referencia a un lugar pedregoso. Esta confluencia daríase en galego, pois o latín distinguía ben entre PIRARIA e PETRARIA, polo que só a documentación antiga pode dilucidar a orixe de cada topónimo. Navaza inclínase pola fitonímica.

Deste xeito, tamén nós consideramos que este que nos ocupa seguramente fai referencia á abundancia de destas árbores froiteiras nestas terras.

En relación con outros lugares doutras zonas de Galicia, entre os séculos ix e xiii xa aparece, en documentos en latín dos mosteiros de Lourenzá e de Melón, *Pereiras* como nome de lugar. A atestación máis antiga relativa ó lugar desta parroquia de Lamas témola en 1592, nun documento que fala dos apeos do conde de Altamira na xurisdición de Vimianzo, un deles “del *lugar das Pereiras* y sus términos que traen Lope Amado y Diego Alvarez de Sotomayor” (transcrición de López Bermúdez). Como se ve, malia estar en castelán, o topónimo rexistra o artigo galego.

No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) anotouse como *Pedreiras* (sic), pero non tardará en aparecer de novo *Pereiras* nos nomenclátors de 1860 e 1888, en Carré e nos nomenclátors do séc. xx. No NG 2003 restituíuselle o artigo.

Os topónimos *Pereira*, *A Pereira*, *Pereiras*, *As Pereiras* e *O Pereiro* son bastante frecuentes en Galicia, onde tamén atopamos *A Pereiriña* e *As Pereiriñas*.

O apelido *Pereiras* conta máis de 900 portadores en Galicia (ningún no concello de Zas nin no ámbito da Costa da Morte). Moito máis abundante é *Pereira*, en singular, con 24 000 ocorrencias, que ocupa o posto número 24 dos apelidos galegos. Este si está presente no concello de Zas e nas comarcas da Costa da Morte.

Piosa, A

Monte da parroquia de Muíño

O topónimo *A Piosa* podería ser un abundancial en *-osa* de *pía* (< lat. *PĪLA*), en referencia a unha cavidade natural formada nas rochas pola auga, aínda que tamén as hai de factura humana, como se comproba en moitos petróglifos da Idade do Bronce (contra o milenio I a. C.). Non temos constancia da existencia destas pías ou cavidades nas laxas do amplo *Monte da Piosa*, pero é posible que existan. Algunha destas pías mesmo puideron formarse nas tampas dos dólmenes ou antas do extenso campo de mámoas que aquí houbo; unha delas, a famosa *Arca da Piosa*, cantada por Eduardo Pondal.

O *monte da Piosa* —hoxe un eucaliptal pertencente a unha empresa madeireira— foi comunal ata mediados do séc. xx, e seica nel se daban boas anadas de trigo, como se reflicte nestes versos desta poesía dunha veciña de Muíño:

Terra de pan é a nosa,
terra de pan é a nosa,
que se dá o trigo nela
coma no chan da *Piosa*.

Rosalía Castiñeira. *A Pita Cega* 2018

Na zona central deste monte atópase a estación meteorolóxica denominada *Coto Muíño*, que ben debería mudar o nome polo de *Monte da Piosa* para respectar a toponimia da zona.

No testamento de 1671 de Juan de Pazos, párroco da veciña parroquia de Serramo (do cal temos unha copia no noso arquivo particular), cítase nunha ocasión “el molino *da Peosa*” e en dúas “el prado que se dice *da Peosa*”, situado preto do lugar do Comareiro (Serramo-Vimianzo), o máis próximo ó monte onde se atopa o monumento megalítico da Arca da Piosa.

A *Arca da Piosa*, tamén chamada popularmente *A Pedra da Arca*, é un dos monumentos megalíticos máis coñecidos de Galicia. Eduardo Pondal elevouno, contra 1886, na literatura galega ó mesmo nivel que o dolmen de Dombate, pois imaxinou nel, no poema “Á hora en que o doce luceiro”, a tumba dun dos seus míticos guerreiros celtas, o valente Brandomil:

*Arca antiga da Piosa,
o vento que é triste oír
[...]
debaixo das túas antes
está o valente Brandomil.*

O nome común galego *arca* (< lat. ARCAM) ten como primeira acepción a de ‘caixa grande con tampa plana usada para gardar roupa, cereais e outras cousas’, pero tamén é un dos nomes populares que en Galicia recibe o sepulcro do período megalítico (IV-III milenio a. C.) gardado no interior dun túmulo que en galego recibe o nome de *mámoa*.

Hoxe en día os nomes patrimoniais deste monumento foron esmorecendo a partir de que no séc. XIX se introducise, a través dos eruditos, a palabra bretoa



Vista aérea da mámoa da Arca da Piosa (Muíño), en que se aprecia a forma de *arca* do monumento.
Foto: Tania Carreira

dolmen, que contribuíu a popularizar o propio Pondal coa súa poesía “O dolmen de Dombate” (c. 1886).

Varias xeracións de arqueólogos galegos fomentarían en tempos máis recentes o uso alternativo de nomes patrimoniais galegos. Así o expresa o profesor Antón A. Rodríguez Casal na súa obra de 1990 *O megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*:

Contamos en Galicia, como para o caso das estruturas tumulares, cunha terminoloxía propia para referirnos ós mal chamados dólmenes (este barbarismo vén significar “mesa de pedra”; o que non é dicir moito, habida conta que un megalito é moito máis que a súa estrutura visible). Así consérvanse nomes tales como *anta*, *arca*, *arqueta*, *arquiña*, *pedra moura*, *forno* e *casa dos mouros*, *pedra da arca* etc.

Se os antigos bretóns pensaron na semellanza deste megálito cunha mesa de pedra, boa parte dos antigos galegos pensaron nunha caixa grande con tampa para gardar cousas, como acabamos de ver na enumeración de Rodríguez Casal, en que *arca* e derivados son maioritarios. Como veremos máis adiante, tamén se estableceu popularmente a semellanza cun *forno* (*fornela*, *fornella*, *fornelo*...). *Anta* —a denominación preferida polos portugueses— tamén pode denominar cada unha das pedras verticais que conforman este sepulcro megalítico, ou outro monumento megalítico consistente nunha gran pedra alongada chantada verticalmente sobre o chan, que coñecemos como *pedrafitas* (palabra galega) ou *menhir* (palabra bretoa).

A *Pedra da Arca* conserva case integramente a súa monumental mámoa. Neste monte da *Piosa*, dedicado a eucaliptal por unha empresa madeireira, había outras nove ou dez mámoas máis; era unha enorme necrópole megalítica.

A *Piosa* é un lugar da parroquia de Xaviña (Camariñas), único no NG 2003. Como microtopónimo tamén se rexistra en Vimianzo, e existe un *Peosas* no Vice-do. Temos arredor dunha ducia de lugares denominados *Pías* e *As Pías* en Galicia; o máis próximo, na parroquia de Dumbría.

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Pombal, O

Lugar da parroquia do Allo

O nome deste lugar procede do nome común galego *pombal* ‘construción onde viven pombas domésticas’, palabra que procede do latín PALUMBALE, co mesmo significado, e este de *palumba* ‘pomba brava’, despois tamén ‘pomba común’.

Sánchez García (2001) considera que este e outros lugares da parroquia do Allo tiveron a súa orixe despois da gran transformación iniciada por don Gómez de Rioboo y Seixas e esposa a partir de 1669, cando decidiron construír catorce casas para os seus colonos “que ocupan el lugar ‘do Curro’ o ‘do Allo’ y el más alejado



Este antigo pombal, seguramente tricentenário, foi o que sen dúbida deu nome ó lugar homónimo do Allo

de *Pombal*, al lado de la avenida de acceso”. Estes lugares serían reedificados constantemente desde mediados do séc. XVIII.

Nun preito de 1761 citado no AFR, en que se nomean os lugares de “Regalados, Zebola y Casas Nuevas”, dise tamén que na aldea do *Pombal* vivían catro colonos “en una casa y bajo de un tejado, aunque divididas las viviendas de cada uno”.

O pombal que lle deu nome está situado entre este lugar e as ruínas do Curro / O Allo, equidistante a uns 250 m de cada un deles. Trátase dunha sólida construción de planta circular, de mampostería e parcialmente pintada de branco polo exterior, cuberta cun tellado cónico cun pináculo pétreo no seu cumio. A pesar do abandono de moitos anos, consérvase bastante ben; no interior; ademais dos innumerables nichos, conta unha mesa de pedra para comedero das pombas, que xa non o habitan. Aínda que non se atopan elementos arquitectónicos que nos permitan unha datación certa, todo parece indicar que se construíu antes que o lugar que tomou o seu nome, a finais do séc. XVII ou a principios do XVIII. O pináculo labrado de curvas e contracurvas do tellado lembra os dos remates das fachadas barrocas dalgunhas igrexas da comarca.

Esta aldea aparece citada no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), nos nomenclátors de 1860 e 1888, no *Libro cobrador* das rendas do Allo do administrador Víctor López Seoane (1898), en Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátors do séc. XX. No NG 2003 restablecéuselle o artigo.

Segundo a CAG, levan o apelido *Pombal* unhas 280 persoas en Galicia, todas elas residentes no Baixo Miño.

Ponte Lodoso, A

Ponte da parroquia de Baio

Lodoso é un topónimo que contén un derivado do nome común *lodo* (< lat. LUTU) co sufixo *-oso*. Podería designar unha zona de río de moita lama, por ser de augas tranquilas.

A ponte actual construíuse en 1898 sobre o río do Porto no lugar da Cacharosa (Baio), paso importante da estrada de Santiago a Camariñas que se iniciara en 1894 (Domínguez e Lema 2020). Con todo, xa existía outra ponte anterior, citada por volta de 1644 nun documento do AFR do Allo, segundo Sánchez García: “y desde dicho marco asta pasar la *Puente Lodoso* de donde se alla dicho molino nuevo es tierra del Conde de Altamira y términos de dicha feligresía de Vaio”.

A finais de 1823, o cartógrafo Domingo Fontán constata a existencia de “*P[uen]te Ledoso*” (sic) no mesmo lugar onde se sitúa a ponte actual.

Hoxe en día é máis coñecida como a *Ponte da Cacharosa*.

Porto, río do

Río do concello

O *río do Porto* —hoxe impropriamente denominado *río Grande*—, de 47,7 km de longo, é a arteria fluvial principal da Terra de Soneira, pois atravesa de leste a oeste o seu territorio para desembocar na ría de Camariñas entre A Ponte do Porto (Camariñas) e Cereixo (Vimianzo).

Nace nas abas orientais da Serra de Santiago ou do Bico de Meda, en fontes xalleiras e bergantiñas, pero axiña se interna en terras do concello de Zas —e, polo tanto, na Terra de Soneira—, e rega este municipio no seu curso alto e boa parte do medio: uns 21 quilómetros polas parroquias de Gándara, San Cremenzo, O Allo, Lamas e Baio, nas cales recibe as achegas dos seus principais afluentes: os ríos de Budián, de Mira, de Zas (ou de Lamas) e de Vilar.

Como acontece con outros ríos, este recibe popularmente o nome local dos lugares polos que pasa —como ben se aprecia no Catastro de Ensenada (1753), ás veces con tres ou catro nomes distintos na mesma parroquia—, de aí que no seu curso alto e parte do medio aínda prevalezan os nomes *río do Rabiñoso*, *río do Sisto* e *río de Baio*.

O nome xenérico *río do Porto*, que o ilustrado José Cornide atesta por vez primeira en 1764, acabou sendo o máis repetido nos mapas de Galicia dos séculos XIX e XX, talvez polo aval que lle deron a esta denominación, ademais de Cornide, intelectuais de prestixio como o cartógrafo Domingo Fontán e o xeógrafo Ramón Otero Pedrayo. Con todo, dado que nas enciclopedias escolares españolas os ríos galegos —a excepción do Miño, do Sil e, ás veces, do Ulla e do Tambre— non se citaban, para a maior parte da xente da propia comarca o nome do seu río foi sempre unha incógnita, e continuouse denominando cos nomes locais.



Mapa Gallaecia Ptolemaei, da Cosmographia de Ptolemeu, onde aparece o Vir fluvius ó norte do territorio dos ártabros. Real Academia de la Historia

Paradoxalmente, segundo a nosa tradición histórica, este pequeno río da Terra de Soneira tamén tivo nome na antigüidade clásica. Segundo notables eruditos galegos de séculos pasados ese nome era *Vir*. Co nome de *Vir fluvius* aparece no mapa *Gallaecia Ptolemaei*, que á súa vez procede da *Cosmographia* de Ptolemeu, en que se representan as antigas colonias na provincia romana da Gallaecia cunha “leve denominación de topónimos en latín”. Reprodúcese este mapa no libro *España sagrada*, tomo XV (1763) do padre Henrique Flórez, e nel sitúase a desembocadura do río Vir no territorio dos ártabros, ó nordeste da *mansio* viaria *Claudiomirium* (sic). A identificación do “*Vir fluvius* de los romanos” —como repetiron adoito algúns eruditos ó referirse a el— co río que rega as terras soneirás xa a deron por boa ilustrados galegos de finais do séc. XVIII e principios do XIX como Cornide —que o sinala con claridade no seu mapa *Callaeciae Antiquae Tabula* (1790)— e Lucas Labrada, e mesmo chegou a ben entrado o séc. XX (Carré Aldao, c. 1928).

Nos mapas máis antigos do Reino de Galicia da Idade Moderna, de finais do século XVI e do XVII, como os do dominico Fernando Oxea de 1598 e 1603 ou o *Atlas del rey Planeta* (1634) do portugués Pedro Teixeira, reproducen o curso do río, pero sen nome. O italiano Giacomo Cantelli da Vignola, no seu mapa *Il Regno di Galicia* (1696), confúndeo co Allóns (sic). Os mapas dos dous primeiros terzos do séc. XVIII non ofrecen moitas novidades, pois en ningún deles se lle pon nome ó río da “Tierra de Soneyra”, que si segue aparecendo e en case todos con caracteres destacados.

É importante facer notar que a primeira atestación documental do nome moderno e máis repetido deste río aparece na segunda metade do séc. XVIII e proporcionola o reputado ilustrado coruñés José Cornide Saavedra. Na súa obra de 1764, *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia*, a pesar de estar escrita en castelán, denomina este río en galego, *río do Porto*:

En el centro de esta bahía [de Camariñas] desemboca *un río* llamado *do Porto* [“antiguamente *Vir*”, di en nota a rodapé] este nace más arriba de Vimianzo, baña toda la tierra de Soneira, pasa por el puente de Porto y desagua en esta bahía.

Ó dicir “llamado *do Porto*”, Cornide parece recoller o que escoitou de primeira man, da xente, e lembremos que este intelectual era na segunda metade do séc. XVIII o mellor coñecedor da xeografía de Galicia, en boa parte polo seu bo costume de viaxar e acudir con frecuencia a moitos lugares que logo describe; segundo a súa biógrafa Carmen Manso Porto (2010-2011):

supo combinar el trabajo de campo con el de gabinete para hacer los mapas del reino de Galicia. [...] Durante muchos años colaboró con la administración borbónica en el conocimiento geográfico de Galicia y en la construcción y mejora de sus caminos.

É, polo tanto, unha denominación con máis de dous séculos e medio de antigüidade, atestada por un persoeiro de prestixio. Denominación que foi debida, obviamente, a que o río desemboca pouco despois de San Pedro do Porto, hoxe *A Ponte do Porto*.

A voz común galega *porto* procede do latín *PORTŪ*, que en orixe tiña varios significados: ‘abertura, paso con pouca altura’; ‘refuxio, asilo, retiro’; obviamente tamén ‘abrigo natural ou artificial á beira dun mar ou dun río que serve de refuxio de embarcacións ou para as diversas operacións de embarque e desembarque’. No caso que nos ocupa, na desembocadura do río entre Cereixo e A Ponte do Porto formouse no seu esteiro un porto fluvial natural, moi abrigoso, como ben se observaba na representación da ría de Camariñas no citado *Atlas del Rey Planeta* (1634), de Pedro Teixeira.

Río del Puerto na *Carta Geométrica de Galicia* (1834) de Domingo Fontán



A denominación que prevaleceu ó longo do tempo a partir do séc. XVIII entre os cartógrafos foi a de *río do Porto*, a pesar de que despois de Cornide algúns deles o sinalen como *río de la Puente* —tamén pola vila da Ponte do Porto— nas últimas décadas do séc. XVIII e na primeira do XIX: Tomás López, no seu mapa de 1785; J. Lucas Labrada en 1804; Vicente Beneyto en 1810; Tomás López fillo, en 1816. Nun pouco coñecido *Mapa geográfico del Reyno de Galicia* de 1813 aparecía como *R[ío] Puente del Puerto*.

Sen dúbida quen consagrou definitivamente o nome do río foi o gran cartógrafo e matemático Domingo Fontán, quen, na súa *Carta geométrica de Galicia* (1834-1845) o denominou *río del Puerto*, en castelán. Cómpre salientar que Fontán, que iniciara en Follente (Mira) en decembro de 1823 o camiño cara á costa para as medicións do seu famoso mapa, foi seguindo durante varios días, a cabalo e a pé —non había outros medios— o val do río de leste a oeste desde o curso alto á desembocadura. Fontán permaneceu en Follente polo menos unha semana; tivo, polo tanto, no treito de ida e volta de Follente a Camariñas, coñecemento de primeira man do nome máis repetido.

Nas diversas entradas do *Diccionario* de Madoz (1845-1850) correspondentes ás parroquias polas que pasa alternanse as denominacións *río del Puerto* e *río de la Puente*, ás veces xuntando as dúas: *río de la Puente del Puerto*.

Nunha *Carta esférica de la costa de Galicia desde el cabo Toriñana al de Ortegal (La Coruña)*, de 1870, que forma parte dunha colección de cartas náuticas da provincia da Coruña, sinálase o *Puente y Río del Puerto*. Nun moi detallado mapa alemán de todo o Noroeste hispánico, de finais do séc. XIX, de C. Vogel (1894-1899), aparece de novo *Río del Puerto*.

A famosa fotografía estadounidense Ruth Mathilda Anderson, que entre 1923 e 1924 percorreu parroquias e vilas do seu val —O Allo, Vimianzo, A Ponte do Porto...— trasladou o nome castelán á súa lingua inglesa: *the Puerto river*. Otero Pedrayo, nun artigo de 1925 sobre os ríos galegos, denomínoa coa forma galega, *río do Porto*, ó igual que Carré Aldao na súa *Geografía* (c. 1928), aínda que este nun par de ocasións escribe a forma castelá entre paréntese.

A primeira vez que se viu escrito o nome innovador de *río Grande* aconteceu contra 1965 e foi nos letreiros indicadores das estradas colocados nas pontes polas que pasa o río: en Baio, Pasarela, A Furaqueira (Carantoña) e A Ponte do Porto. Constituíu para todos unha sorpresa maiúscula esta denominación, que mesmo motivou algunha reclamación en forma de carta ó director nun xornal coruñés:

Río “Grande”, ¿por qué?

Cuando hace unos años el organismo competente rotuló por su nombre a todos los ríos españoles que atraviesan las carreteras y otras vías, fue grande nuestra sorpresa (por ser oriundo de Bayo, vivir allí muchos años y visitarlo a menudo) al ver que el río que pasa por dicha localidad se le bautiza con el nombre de “Río Grande”. Cuando en la niñez frecuentábamos la escuela y luego en otros estudios aprendimos geografía, nos enseñaron, y lo veíamos en cualquier atlas

elemental, que al río que nace en el Pico de Meda, que pasa por Bayo y desemboca en el Puente del Puerto se le llama “Río Puerto” o “río del Puerto”, y en gallego “río do Porto”. [...] Lo que se le pide en esta Carta al Director es que por el organismo correspondiente se ponga el rótulo debido al río que pasa por Bayo. Perfecto Garrido Vidal.

La Voz de Galicia. 24/X/1967.

O remitente desta carta era daquela mestre en Berdeogas (Dumbría), segundo nos informaron.

Supoñemos que os promotores deste inesperado cambio foron os técnicos de Obras Públicas, e non se entende de que atestación histórica sacaron este apelativo tan aséptico, xenérico e escasamente representativo, pois “ríos grandes” son todos os que non son afluentes; sen irmos máis lonxe, “río Grande” é tamén o nome que recibe o brazo principal do veciño río Anllóns bergantiñán no seu curso alto (Cabeza Quiles e outros 2020); e, así mesmo, o do Ulla no seu curso medio, para veciños dos concellos das dúas beiras.

A primeira atestación que atopamos de *río Grande* data de 1945, no *Mapa Topográfico Nacional* [MTN] 1:50.000. Dirección General del Instituto Geográfico Nacional. Hoja 68. Camariñas.⁶ Tamén aparece este nome nun *Plano de las vías de comunicación de la provincia* (1950), da Xefatura de Obras Públicas da Coruña, noutro de 1956 da Deputación coruñesa (*Red de Comunicaciones de la provincia*) e no *Mapa Topográfico Nacional* 1:25.000, de 1959, do Exército. Estes tres mapas serían, polo tanto, as atestacións “máis antigas” deste nome, ata entón inédito. Chama a atención que os autores do MTN de 1945 fixesen caso omiso do considerado primeiro mapa topográfico galego, o *Mapa del Instituto Geográfico Nacional de 1940*, en que aparece ben claro o nome de *río del Puerto*.

Visto o visto, eses anónimos técnicos ou funcionarios de Obras Públicas non se molestaron en efectuar unha mínima consulta ós xeógrafos galegos —reputados profesores como Otero Pedrayo ou Río Barja— e impuxeron un nome de apenas vinte anos de existencia fronte a outro de máis de dous séculos.

En todo caso, este mapas topográficos chegaron a pouca xente, e parece que mesmo a burocracia oficial non se deu por informada, posto que a denominación de *río del Puerto* prevaleceu en documentos municipais e provinciais durante a primeira metade do séc. XX, e non só, como se demostra en numerosas atestacións contidas no *Boletín Oficial da provincia da Coruña* e na documentación da Confederación Hidrográfica del Norte (con sede en Oviedo), segundo investigacións realizadas polo doutorando vimiancés Roque Cernadas para a súa tese na Universidade de Santiago de Compostela, relacionada co aproveitamento deste e doutros

6 Con todo, esta denominación circunscribe ó curso do río desde Baio á desembocadura, uns 26 km dos 47,7 totais, unha vez que recibe nesta parroquia tres ramais tratados como simples afluentes: os ríos de Baio, de Zas e de Vilar.



A denominación *Río del Puerto* aínda se mantén en documentos oficiais de 1950. Atestación facilitada por Roque Cernadas

ríos, que levará o título de *Unha mirada transversal das orixes do desenvolvemento eléctrico galego. 1888-1936*.

Segundo esta investigación, do ano 1900 data un “Proyecto de un aprovechamiento de aguas en el *Río del Puerto*”, que presenta un enxeñeiro para levar a cabo en Pasarela-Calo (Vimianzo); en 1901, José M.^a Fariña, veciño da Coruña, presenta —na Confederación Hidrográfica del Norte— autorización para “el aprovechamiento de seis mil litros de agua por segundo para producir energía eléctrica con destino a usos industriales y alumbrado tomados del río del Puerto”; en 1938, outro veciño, José Miñones, solicita a inscrición de “los Registros de aprovechamientos del que utiliza del *río del Puerto* en el lugar de Gayoso (Calo)”; en 1944 o mesmo Miñones solicita autorización para a distribución de enerxía eléctrica “para alumbrado [...] en la villa de Vimianzo [...] desde la subestación elevadora de tensión del aprovechamiento hidráulico del *río del Puerto*”; de 1950 data un “Proyecto de aprovechamiento hidráulico” para un muíño fariñeiro “en *el río del Puerto*. Término municipal de Zas” (o muíño situábase no Sisto, parroquia de Gándara).

A proba de que o nome oficial do río seguía sendo o atestado por Cornide en 1764 é que figura nunha das acepcións da entrada “Puerto” no tomo VI do voluminoso *Diccionario Enciclopédico Abreviado* da editorial Espasa-Calpe (Madrid, 1957):

Puerto. // Geog[raña]. Río de España, prov[incia] de La Coruña, n[ace] en el Gico [erro, por Pico] de Bubela y des[emboca] en el Atlántico después de 37 km de curso.

Cómpre salientar que é o único río de todo o territorio español que aparece nesta obra con este nome.

Así mesmo, os xeógrafos galegos non o deixaron de lado, pois Salvador Parga Pondal, na súa tese de doutoramento sobre a comarca de Bergantiños, do ano 1950, denomínoa *río del Puerto*, o mesmo que o xeógrafo Río Barja en 1956, e Ramón Otero Pedrayo, na súa *Historia de Galiza* (1962) publicada en Buenos Aires —e, polo tanto, libre da censura idiomática franquista— volve restituírlle o nome galego, *río do Porto*, ó tempo que describe o seu lugar de nacemento:

Unha mesta silva de piñeiros encobre a demarcación entre Bergantiños e Soneira, nas encostas aflora a pedra de gra e soio xorden nus os cotos que cumean no Meda, cerne e reitor das paisaxes desta Galiza. Nela se cría o *río do Porto*.

A contragusto, eruditos locais foron incorporando o novo nome do río, como o erudito baiés Francisco Romero Lema, quen escribía en 1971: “El río de Soneira es el *río del Puerto*, *río Grande* o *río Rabiñoso*...”. Xeógrafos alleos á zona —como o francés Abel Bouhier (1979)— foron aceptando a nova denominación, aínda que non na súa totalidade, pois o nome *río do Porto* aínda aparece no mapa xeral da “Red y cuencas fluviales gallegas” da *Enciclopedia Temática de Galicia* (Barcelona, 1988); o autor do apartado de hidrografía era o xeógrafo galego Augusto Pérez Alberti.

En resumo: consideramos que tres ou catro atestacións contidas en mapas topográficos dos anos corenta e cincuenta do pasado século coa ata daquela inédita denominación de *río Grande* —non avalada por ningún xeógrafo galego importante—, e a determinación arbitraria e inxustificada por parte de técnicos de Obras Públicas de colocar letreiros indicadores nas pontes con ela —que foi o motivo principal do espallamento desta forma— non poden prevalecer sobre unha tradición histórica de polo menos 260 anos, iniciada na atestación recollida por Cornide de 1764 e documentada e reafirmada por cartógrafos e xeógrafos tan prestixiosos como Fontán no séc. XIX e Otero Pedrayo no XX. Polo tanto avogamos pola recuperación do nome de *río do Porto* para a principal corrente fluvial do concello de Zas e dos outros dous concellos da Terra de Soneira.

Segundo a CAG, levan o apelido *Porto* 5 630 persoas en Galicia; ningunha residente nas comarcas da Costa da Morte. Coa forma castelanizada *Puerto* soamente o teñen 52.

Pudenza

Lugar da parroquia de Brandomil

A orixe do topónimo *Pudenza* —segundo Martínez Lema (2010)— atópase no cognome latino PŎTENTĪŪS, que denota fortaleza corporal e/ou mental, a través do sintagma (VILLA) POTĒNTĪI ou similar. A orixe remota pode estar na palabra latina PŎTENTĪA ‘forza, poder, poderío, autoridade’, e tamén ‘virtude, creto, influencia’.

Este topónimo está ben atestado na Idade Media e na Moderna no Tombo de Toxos Outos, en textos en latín: “...unum in *Podenci* et alium in Uimianço” (1166, mandas testamentarias do crego Fernando Martiz); “Petrus Martini et Martinus Gabado de *Podensa*” (1257, mandas testamentarias de Maior Fernández de Brandoñas); e en documentos en galego: “o casal de *Podença* que lavra Juan Doureiro o vello” (1410). Tamén se rexistra en documentos en castelán e en galego do convento de Santa Clara de Santiago de Compostela: “a vos Iohan Trigo, morador eno lugar que dizen *Podença*” (1421), “Fuero del lugar y casal de *Podença*” (1546); “lugar de *Podenza* en San Pedro de Brandomil” (1591). Figura ademais como “Lugar de *Podenza*” en 1707 na tributación do Padrón Padre-Hita. Algunhas destas atestacións poden consultarse no sitio web da Fundación Brandomil; tamén no libro *Brandomil na historia. Un couto de mulleres* (2021).

De acordo con elas, a evolución gráfica histórica do topónimo foi deste xeito: *Podenci* (1166), *Podensa* (1257), *Podença* (1410, 1421, 1546), *Podenza* (1591, 1708) e, finalmente, *Pudenza* na fala actual (e *Pudensa* polo seseo explosivo propio da súa área lingüística). Resumindo: POTĒNTĪ (xenitivo do nome persoal *Pōtentūs*) > *Podence* > *Podença* > *Pudenza*.

Chama a atención que non se rexistre o topónimo no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), que si aparece xa coa forma actual nos nomenclátors de 1860 e 1888, en Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátors dos séculos XX e XXI.

Este nome de lugar é un *unicum* na toponimia galega actual, aínda que o NG rexistra posibles “parentes”, como *Podente* (nos concellos de Monterroso e Chantada), ou cognados, como *Podence* (no concello de Palas de Rei).

A título de simple curiosidade, da mesma familia léxica de *Pudenza* é a importante cidade italiana de *Potenza*, de 68 000 habitantes, que foi refundada polos romanos no séc. II a. C. co nome de *Potentia*, co significado augural de ‘a potente, a poderosa’. A diferenza está en que o nome da capital da rexión da Basilicata vén do substantivo abstracto e o topónimo de Zas dun nome persoal.

Pudenza non se rexistra como apelido en Galicia.

Quintáns

Lugar da parroquia de Brandomil

Lugar da parroquia de Gándara

Lugar da parroquia de Vilar

Este topónimo procede da voz latina QUINTĀNA, feminino do adx. QUINTĀNŪS, e este derivado do ordinal latino QUINTŪS, que indica división en cinco partes. En orixe, a voz latina parece que foi un termo militar do exército romano, que en romance pasaría a significar ‘praza pequena no campo, mercado’, equivalente a ‘quinteiro’.

Sobre a aldea de Brandomil temos unha atestación do ano 1203 do Tombo de Toxos Outos, nun texto en latín: “unum in *Quintaas*” (mandas testamentarias de

Pedro Eanes). Séculos máis tarde, no ano 1708, nun texto en castelán da Tributación do Padrón Padre-Hita figura o “Lugar de *Quintáns*”, xa coa forma actual.

Os tres lugares das tres freguesías de Zas son citados no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), en Carré Aldao (c. 1928) e nos nomenclátore dos séculos XIX, XX e XXI.

Hai máis de 40 localidades en Galicia co nome de *Quintáns* no NG2003, e o apelido conta con máis 2 600 portadores, a inmensa maior parte residentes nas comarcas ó noroeste do río Tambre; 41 neles no concello de Zas, que seguramente o tomaron de calquera dos tres lugares citados.

Rabiñoso, O

Río da parroquia de Gándara

O *Rabiñoso*, e, por extensión, o *río do Rabiñoso*, é o nome que recibe localmente o río do Porto (véxase) no primeiro tramo do seu curso alto, nunha zona onde existen, catro quilómetros despois do seu nacemento, unhas fervenzas —*as fervenzas do Rabiñoso*, preto do lugar de Vilar Ramilo— onde as augas baixan a gran velocidade e violencia: en pouco máis de 200 m de percorrido salvan un desnivel de 45 m.

Este topónimo pode ser un adxectivo en *-osu* a partir dun termo da familia léxica do adxectivo latino RAPĪDUS ‘rápido, veloz’.

Rabión ‘rápido dun río’ é palabra común en Asturias. Menéndez Pidal consideraba que era un derivado do lat. RAPĪDUS (citaba *aqua rapia* nun documento leonés do ano 1019), mentres que outro investigador, Spitzer, opinaba que viña de *rabia* (< lat. vulgar *RABIA), pero co sentido de ‘rabia grande’, Corominas inclinábase pola opción de Pidal: **rabeo*, **rabeon*, que procedería do substantivo latino *RAPIDIUM.

Os rápidos do Rabiñoso pódense asociar, sen a máis mínima dúbida, a esa rabia grande ou furor que suxería Spitzer, polo ruído que producen as augas ó se precipitaren violentamente.

As sucesivas fervenzas
do río do Porto
no seu curso alto quizais
orixinaron a denominación
de río do Rabiñoso.



No Interrogatorio do Catastro de Ensenada (1753) correspondente á parroquia de Gándara cítase un muíño “llamado de *Rabiñoso* que muele seis meses propio de Dn. Joseph Varela”. Hoxe quedan na mesma beira das fervenzas do Rabiñoso os restos de dous muíños, un coa moa escavada na propia laxa do chan.

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Regalados

Lugar da parroquia do Allo

Este topónimo, plural do adxectivo *regalado* (< francés *regaler* ‘obsequiar, pagar, regalar’), talvez teña neste caso o significado de ‘[terreos] produtivos, fértils’. Non se descarta que fixese referencia a ‘terreos regalados’, supostamente polos fidalgos das Torres do Allo a algúns dos seus colonos. Outra posibilidade, improbable, é que se refira ó apelido dalgún dos seus posuidores.

Nas Comprobacións do Catastro de Ensenada, de 1760, consignamos *Regalados*, *Agra Regalados* e *Agra Regalado*.

Ó contrario da maior parte dos lugares do Allo, este non se rexistra nos documentos do AFR ata o ano 1761, nun preito en que se fala dunha casa en *Regalados* onde vivían tres familias de colonos. No inventario dos bens do Allo, realizado este mesmo ano, figura “Francisco Beizana *de Regalados*”. Por se é un dato significativo, en 1751, un tal Froilán Beizana, talvez familiar do anterior, figura como o primeiro caseiro gardián das Torres do Allo, en ausencia dos señores.

Rexístrano como lugar o *Diccionario* de Madoz (1845-1850), os nomenclátors de 1860 e de 1888, no *Libro cobrador* do Allo (1898) de López Seoane, Carré Aldao (c. 1928) e, a excepción do nomenclátor de 1920, todos os demais do séc. XX, xunto co NG 2003.

Só existe no NG 2003 outro lugar con este nome, que neste caso leva artigo: *Os Regalados*, parroquia de Goente (As Pontes de García Rodríguez), pero houbo en Galicia algún outro lugar así chamado, pois na documentación medieval de Celanova menciónase en latín a vila de *Regallatos* no ano 1024: “*alia villa in Regallatos qui fuit de Salamiro et uxor sua Vistello*” (CODOLGA).

Non hai apelidos con esta forma, pero si en singular: *Regalado* (40 ocorrencias) e *Regalade* (doce), sen ningunha incidencia no concello de Zas nin na comarca.

Regos, Os

Lugar da parroquia de San Cremenzo de Pazos

Este topónimo contén o nome común galego *rego*, que pode ser, segundo os dicionarios, ‘un curso de auga pouco abundante, de leito estreito e pouco profundo’ ou ‘unha escavación longa e pouco profunda que se fai nun terreo para sementar, para distribuír a auga da rega etc.’ Pola súa proximidade ó curso do río do Porto pensamos que se trata neste caso da primeira acepción. No tocante ó seu étimo,

pénsase que *rego* procede do celta **reku* ‘gabia’ (tamén ‘regato’), que seguramente confluíu cos derivados do verbo latino *RĪGĀRE* ‘facer fluír dirixindo, regar’.

Este lugar de San Cremenzo de Pazos non figura no NG 2003 nin en ningún dos nomenclátors anteriores. Aparecerá recollido na próxima edición do *Nomenclátor de Galicia*.

Como apelido, *Regos* conta con 360 portadores en Galicia, e *Rego* con 670, segundo a CAG.

Regueiro do Allo, O

Lugar da parroquia do Allo

O substantivo común *regueiro* é un derivado de *rego*, co mesmo significado de ‘curso de auga pouco abundante’ (véxase *Regos*, *Os*).

O lugar do *Regueiro do Allo* non figura no NG 2003 nin nos anteriores. Paradoxalmente, pola súa proximidade ó lugar da Cacharosa (Baio) e ó Parque Empresarial do Allo, acabou converténdose na única aldea da freguesía do Allo —e mesmo de todo o concello— en que se produciu un importante aumento de poboación desde finais do séc. xx: de tres habitantes en 1996 ós aproximadamente 60 da actualidade, que se viñan incluíndo, erroneamente, no censo municipal no lugar dos Muíños do Allo; lugar dunha única casa, hoxe deshabitada. No próximo *Nomenclátor de Galicia* constará como nome dunha entidade de poboación diferenciada.

O topónimo ten unhas orixes históricas moi claras, pois este minúsculo *regueiro*, afluente do río do Porto pola dereita, serviu para establecer os límites históricos entre as parroquias do Allo e Baio, como se demostra nun documento do ano 1644, contido no AFR, do cal xa falamos ó tratarmos Os Muíños do Allo:

[Antonio Gómez de Rioboo, señor do Allo] fue cerrando desde junto a dichos Molinos del Allo donde se alla un Marco antiguo junto al *riego* que divide las felegresías de Santa Maria de Vayo de la de San Pedro del Allo, y desde dicho marco asta pasar la Puente Lodoso de donde se alla dicho molino nuevo es tierra del Conde de Altamira y términos de dicha feligresía de Vaio.

Ese *riego* do documento non é máis que un intento de castelanización da palabra galega *rego* —e *regueiro* neste caso concreto—: ‘curso de auga pouco abundante, de leito estreito e pouco profundo’.

Nese mesmo espazo “fronteirizo” entre parroquias instalouse polos anos setenta do séc. xx unha estación de servizo que se chamou *O Regueiro*, en parte polo propio sitio onde se situou, en parte tamén porque o seu dono tiña o sobrenome de *Regueiro* por nacer nunha casa próxima. Hoxe hai tamén unha casa de turismo rural denominada *O Regueiro do Allo*.



O Regueiro do Allo: esta pequena corrente fluvial, que desemboca no río do Porto, establece os lindeiros entre as parroquias do Allo e Baio, polo menos desde o séc. XVII, e deulle nome ó único lugar do concello que medra en habitantes desde finais do séc. XX

Non aparece citado no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) nin en ningún dos nomenclátoreos dos séculos XIX e XX, por non ser lugar habitado ata finais do século pasado. No *Libro cobrador* das rendas do Allo (1898), o administrador López Seoane cita o arrendamento do monte *Regueiro do Allo* no lugar dos Muíños.

Os nomes de lugar denominados *Regueiro* ou *O Regueiro* son moi abundantes no territorio galego.

Como apelido, *Regueiro* ocupa o posto 99 de entre os galegos, con 6 170 portadores, concentrados no interior das provincias da Coruña e Lugo. Existe no concello de Zas e nas comarcas do ámbito da Costa da Morte, aínda que non é moi frecuente.

Reguengo, O

Lugar da parroquia de Lamas

O topónimo *Reguengo* —aquí, debido á gheada, pronunciado *Reghenco*— procede do latín medieval *REGALENGUM*, derivado de *regalis* ‘que pertence ó rei, que é patrimonio real’.

Trátase dun grupo de casas novas, construídas na zona oeste da parroquia de Lamas, na súa maior parte a finais do século pasado, nuns terreos que antano serían propiedade do rei, de xurisdición real. Aparecerá recollido por vez primeira nun nomenclátor oficial na vindeira edición do de Galicia.

É un nome de lugar con bastante presenza nas provincias de Pontevedra (doce poboacións), Lugo (once) e Ourense (sete); na da Coruña só noutros tres concellos: A Baña, Boqueixón e Cabana de Bergantiños.

Como apelido, *Reguengo* conta con vinte portadores en Galicia, segundo a CAG.

Rial de Abaixo

Lugar da parroquia de Santo Adrián do Castro

Rial de Arriba

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

Rial é un hidrotopónimo que ten o seu étimo no lat. RĪVALE(M), derivado de RĪVU(M) ‘arroio, curso de auga’. *Abaixo* é o adverbio —formado por *a* + *baixo* (e este do lat. tardío BASSUS ‘gordo e pouco alto’)— que indica que o lugar está situado nun nivel ou altitude inferior. *Arriba* —do lat. AD RIPA(M) ‘na ribeira, na beira’— é o adverbio que indica que o lugar está situado nun nivel ou altitude superior.

Nas Comprobacións do Catastro de Ensenada da parroquia de Santo Adrián do Castro (c. 1760) cítase un muíño “llamado *Rial de Abajo*”. Coa grafía castelaniada, *Rial de Abajo*, aparece no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e en todos os nomenclátors do XIX e do XX. Carré Aldao (c. 1928) escribeo coa forma galega: *Rial de Abaixo*, que é a observada no NG 2003.

Nun documento do ano 1462 do ACS rexistramos a primeira atestación do actual *Rial de Arriba*, aínda sen aditamento: unhas casas “del lugar de *Rial*, sito en la fra. [feligresía] de San Martiño de Meanos”. Aparece tamén no *Diccionario* de Madoz, en Carré Aldao e en todos os nomenclátors.

Pola abundancia de auga en terras galegas, non é estraño que sexa un topónimo moi repetido en Galicia, de tal xeito que, segundo o NG 2003, atopamos *Rial* ou *O Rial* —nalgunha ocasión *O Rialiño* ou *A Rialiña*— en dezaioito lugares da provincia da Coruña, dous na de Lugo, dez na de Ourense e 24 na de Pontevedra (54 en toda Galicia).

O apelido *Rial* lévano 11121 persoas en Galicia, concentradas sobre todo na franxa occidental (provincias da Coruña e Pontevedra): Cangas (710), Santiago de Compostela (696), Rianxo (571), Nigrán (484), A Illa de Arousa (363). O concello de Zas ocupa o 6º lugar, con 298 portadores (2,5% do total), co que queda claro que o apelido nesta zona procede deste topónimo local.

Romelle

Lugar da parroquia de Loroño

A orixe etimolóxica deste nome de lugar é verdadeiramente complicada. Para Joseph Piel (1976) estaría en ROMILDI, nome de posesor xermánico. Non obstante, Edelmiro Bascuas (2002), para o *Romelle* de Samos, cuestiona esta hipótese baseándose na documentación medieval deste lugar, onde se atesta a forma *Riomelli* en 1093 (“aula Sancti Martini de *Riomelli*”), en 1083 (“riu qui discurrit de *Riome-lli*”), 1100 e 1125 (*Rio Melli*), mais tamén, contra 1058, 1175 e 1199, *Romeli* (*Sancto Martino de Romeli*).

Estas grafías medievais do *Romelle* samonense parecen referirse ó nome dun río, polo que Bascuas supón, por unha parte, que se puidese tratar dunha relatinización caprichosa “que levase a los notarios a interpretar la sílaba inicial *Ro-* como *Rio*”; ou, pola outra, “parece preferible partir de un compuesto **Rivo Melli*, del nombre personal latino *Melius* ou *Maelius*”, nome que perviviu na antroponimia medieval. Por todo isto, Bascuas considera que coa connotación do ano 1083 de “riu qui discurrit de *Riomelli*” se pode deducir “que era el nombre de un río, no un simple genitivo de posesor”.

Pero o *Romelle* de Loroño non está situado á beira de ningún río, senón a uns 300 m de altitude na aba norte do monte do Peón. Polo tanto, o seu étimo si que podería estar nun antropónimo, o nome dun posesor, ben de orixe xermánica (ROMILDI), como propoñía Piel, ben de orixe latina (*Romilius*), como propoñía como alternativa o propio Bascuas. *Romilius* ten a vantaxe de que está presente nos repertorios. Resumindo, segundo esta segunda opción, a máis probable, a orixe deste lugar loroñés podería estar nunha (VILLA) ROMILDI ou unha (VILLA) ROMILII ‘vila ou granxa de [alguén chamado] Romildo ou Romilio’.

A atestación máis antiga que demos localizado do topónimo que nos ocupa atópase nun documento do ACS do ano 1498: un arrendamento de frei Pedro de Aragón (do Hospital Real de Santiago) a Álvaro de Caamaño, escudeiro veciño de Noia, de por vida e por catro voces máis 29 anos, do lugar de *Romelle*. No mesmo arquivo figuran outros documentos de 1532 e de 1544 que rexistran este nome de lugar, que tamén consta no Catastro de Ensenada (1753), no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), en Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI.

Romelle foi un importante couto señorial que no Antigo Réxime formou parte, xunto co das Hedreiras de San Martiño de Meanos, da xurisdición de Xallas. Eran coutos independentes administrados polo arcebispo de Santiago. Xunto ás casas da aldea sitúanse as *Torres de Romelle*, pazo de trazas barrocas do séc. XVIII que foi segunda residencia da poderosa familia fidalga dos Caamaño, orixinaria de Santa

María de Caamaño (O Porto do Son), que chegaron a ser, por parentesco, Grandes de España a mediados do séc. XVIII.⁷

Por outra parte, advertimos que no ACS figuran varios documentos dos séculos XVII e XVIII sen dixitalizar atribuídos á parroquia de *Santa María de Romelle*. Trátase dun erro, pois en realidade son de *Santa María de Rumille*, parroquia anexa de Carcacia (Padrón). Aclarado este erro, concluímos que só existe en Galicia outro lugar homónimo: o xa citado da freguesía de *San Martiño de Romelle* (concello de Samos), a única parroquia que o leva.

Romelle non se rexistra como apelido na CAG.

Rosende

Lugar da parroquia de Mira

Os filólogos alemáns J. Piel e D. Kremer (1976) explican a orixe deste topónimo a partir do xenitivo do antropónimo de orixe xermánica latinizado como *Rudesindus* ‘Rosendo’, formado polas raíces góticas **hroths* ‘vitoria, gloria’ e *sinths* ‘camiño’. Nacería como unha (VILLA) RUDESINDI ‘vila ou granxa dun posesor chamado Rudesindo (actual Rosendo)’.

O nome persoal *Rudesindus* xa se documenta en Galicia nos séculos VIII, IX e X. Levouno san Rosendo (907-977), importante persoeiro no reino de Galicia do séc. X, fundador do mosteiro de Celanova, bispo de Mondoñedo e arcebispo de Santiago, ademais de gobernador da Galicia nuclear durante o reinado do monarca galaico-leonés Ordoño III.

Non temos documentacións medievais deste topónimo, que formou parte da desaparecida parroquia de Follente ata 1870, cando quedou incorporada a Mira esta freguesía, e así figura en Madoz (1845-1850), nos nomenclátors de 1860 e de 1888 e en Carré Aldao (c. 1928); a partir do nomenclátor de 1920 xa se inclúe na parroquia de Mira.

Integrado en Follente, documentámolo por vez primeira nunha copia dos apeos do conde de Altamira en 1592, en que se fala do foro das facendeiras de *Rosende* e dun “casal que se dice de *Rosende*”. En documentos do Arquivo da Catedral de Santiago cítanse ó longo do séc. XVI persoas co apelido toponímico *de Rosende*, pero son na súa maior parte veciños de Santiago de Compostela ou da súa comarca; ningún da Terra de Soneira.

É un topónimo bastante repetido en Galicia, con dezasete lugares así denominados. Sete na provincia da Coruña: ademais do de Zas, nos concellos de Ribeira, Touro, Trazo, Vedra, Carballo (*A Ponte Rosende*) e As Pontes de García Rodríguez (*A Cruz de Rosende*). Na provincia de Lugo outros sete, nos concellos de Friol,

7 Véxanse as notas históricas da introdución deste mesmo volume e o libro *Zas polo miúdo*, de E. Domínguez e X. M. Lema (2020).

Palas de Rei, Paradela, dous en Sarria, Xermade e Sober (o deste concello é o único que dá nome a unha parroquia: *San Miguel de Rosende*). Dous, na de Pontevedra: Pontevedra e Silleda.

O apelido *Rosende* lévano en Galicia 1830 persoas, concentradas en Santiago de Compostela e na súa contorna (Tordoia, Trazo, Teo, Boqueixón, A Estrada) e tamén na Terra Chá (concello de Guitiriz, sobre todo). No concello de Zas non se rexistra na actualidade ningún portador.

Rus

Lugar da parroquia de Santa Sía de Roma

Soamente existe no NG2003 outro lugar con este nome, o da parroquia de *Rus* (*Santa María*), do concello de Carballo, estudado por Fernando Cabeza Quiles (2020), quen considera que é un topónimo escuro, de difícil interpretación: “Podería ser de orixe prerromana ou o plural de *Rui*, forma proclítica ou abreviada do nome persoal de orixe xermánica *Rudericus* [Rodrigo]”. Este nome, *Rodericus* está composto polas raíces góticas **hróths* ‘vitoria’ e **rikaz* ‘poderoso’.

Na opinión de Cabeza, as atestacións medievais —todas referidas ó *Rus* bergantiñán; ningunha ó soneirán—, “que presentan -s de maneira consistente, descartan que proceda dun patronímico, porque daquela terían que rematar en -z”. Nun documento de 1240 do mosteiro de San Martiño Pinario a parroquia carballesa menciónase como *Sancte Marie de Ruys*, e en 1271 como *Sancta Maria de Ruis*. Noutras atestacións escríbese *Rues* (1316), *Ruys* (1325), *Vasco de Rruus* (1391, notario), *Aras de Ruus* (1401). Xa na Idade Moderna, no ACS lemos en 1578 *Santa Maria de Rrus*, e en 1588, “Afonso Leal, vecino de *Santa María de Rus*”. No Catastro de Ensenada (1753) aparece a parroquia coa forma *Ruz*.

O noso *Rus* aparece no *Apeo de los términos y montes de Sta. Zeçia de Roma*, do conde de Altamira (1592) —copiados por J. López Bermúdez— en que se citan os dous lugares da freguesía: “*Rus* e Sta. Zeçia”. A diferenza do carballés, este de Zas figura no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) coa grafía actual, *Rus*, a mesma que se rexistra en Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI.

Como apelido, *Rus* conta con 68 portadores en Galicia; non consta ningún en Zas.

Saconde

Lugar da parroquia de Vilar

Saconde é un topónimo único no NG2003. A súa orixe é problemática: os filólogos alemáns Piel e Kremer (1976), con moitas dúbidas, aventuran que podería proceder de **Salagundi*, antropónimo de orixe xermánica con raíz no gótico **sal(a)-* ‘pazo, residencia principal’.

Ó non dispoñermos de atestacións medievais vai ser difícil explicar a etimoloxía. A hipótese de Piel e Kremer ten o problema do enxordecemento do g-, a menos que se explique como interferencia do nome común *conde*. Tamén podería ser un composto do común *sala* > *Sa*, apelativo, non integrado no antropónimo. No portal PARES rexistramos un apelido *Segonde*, que pode explicarse desde o xenitivo do antropónimo latino *Secundus* ‘Segundo’ e que tamén podería explicar a orixe do topónimo (admitindo de novo o enxordecemento do g- por interferencia do nome común *conde*).

A primeira atestación documental que demos atopado data de 1590, no Arquivo da Catedral de Santiago; trátase dun antropónimo: *Juan de Saconde*, individuo que foi demandado por outro pertencente ó couto de Baíñas.

O topónimo figura no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), en Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátore dos séculos XIX, XX e XXI.

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

San Cremenzo de Pazos

Lugar da parroquia de San Cremenzo de Pazos


San Cremenzo de Pazos (San Cremenzo)

Parroquia do concello

San Cremenzo de Pazos é un dos catro haxiotopónimos que dan nome a outras tantas parroquias do concello de Zas, xunto con *Santa Sía de Roma*, *San Martiño de Meanos* e *Santo Adrián do Castro*. Lembramos que *haxiotopónimo* (< do grego *hagios* ‘santo’ + *topos* ‘lugar’ + *ónoma* ‘nome’), é un nome de lugar que debe a súa orixe a un santo ou santa ou a cultos relixiosos; cómpre distinguilo de *advocación* (< lat. *ADVOCARE* ‘chamar’) que é o título complementario dado a un templo, ermida ou capela polo feito de estaren dedicados a un santo ou santa, á Virxe ou a Cristo; neste caso, non entran a formar parte do topónimo.

Os naturais de cada unha das parroquias citadas refírense a elas co nome do patrón ou patroa (*San Cremenzo*, *Santa Sía*, *San Martiño* e *Santo Adrián*) e habitualmente prescinden do complemento. A ninguén se lle ocorre denominalas *Pazos*, *Roma*, *Meanos* ou *Castro*; só o fan os doutras parroquias distantes cando din, por exemplo, que van a unha festa a Meanos ou a un casamento a Roma (nin sequera os de fóra din que van a Castro ou a Pazos; entenderíanse outros lugares). A aldea onde se ergue a igrexa desta parroquia é coñecida localmente como *San Cremenzo* a secas, sen outro aditamento.

O nome propio de *Clemente* procede do latín *Clemens* ‘clemente’ (acusativo *CLEMENTEM*), cognome romano que significaba ‘clemente’. Segundo o *Diccionario dos nomes galegos* (1992), da mesma maneira que *Vincentem* tivo unha variante en galego que acabou dando *Vicenzo*, *Clementem* tamén creou a variante latina



Graffas de San Cremenço de Paços en dúas visitas pastorais do séc. XVII

Clementium, da que saíron as formas populares galegas históricas de *Clemenço*, *Climenço*, *Cremenço* ou *Crimenço*.

O santo que lle deu nome a esta parroquia foi un dos primeiros papas; tivo o seu pontificado entre o 92 e o 101, ano en que foi martirizado. Ademais do santo, levaron este nome outros trece pontífices romanos.

Aínda que hoxe en día moita xente tende a dicir *San Clemente* á hora de se referir a esta parroquia e ó lugar —a forza de o repetiren os párrocos e de velo escrito durante tantos anos coa esta grafía en documentos oficiais—, o certo é que popularmente chegou ós nosos días a súa forma máis primitiva, *San Cremenço*, que aínda se mantiña non hai moitos anos en boca dos vellos. Segundo o xornalista Santi Garrido, a súa avoa (nacida en 1928) viuse forzada na escola a cambiar, mesmo na fala, o *San Cremenço* de toda a veciñanza polo *San Clemente* oficial.

Como proba de que esta era a forma histórica parroquial temos o testemuño gráfico en documentos do Arquivo da Catedral de Santiago de finais do séc. XVI, redactados en castelán, pero conservando aínda a grafía popular galega. En 1582, nun documento do 27 de xullo, fálase do beneficio de *San Cremenço de Paços*. En 1593, o arcipreste de Soneira, Martiño do Souto, recibe un xuramento relacionado cos bens eclesiásticos desta parroquia, por parte de dous dos seus veciños; este documento é importante, pois é a primeira proba escrita que certifica que *San Cremenço de Paços* non só era o nome da parroquia, senón dun dos seus lugares, coma agora, e tamén porque un dos seus veciños levaba idéntico nome:

En el lugar y fra. de Sn Cremenço de Paços a siete días del mes de mayo de dho.[dicho] ano de noventa y tres dho. Martiño do Souto arcipreste [...] recevi jura[ment]o [...] de Cremenço de Paços y Juan de Capeáns que prometieron...

Na primeira metade do século XVII aínda estaba moi viva a forma galega, como se demostra no encabezamento deste libro parroquial iniciado en 1607: *Libro de Fábrica de Sn. Cremenso de Paços y Sn. Pedro do Allo 1607*. Neste mesmo ano escribe o cardeal Jerónimo del Hoyo na súa visita: “*San Clemente de Paços*, anexo de Santiago de Carrera”; ademais de castellanizar os nomes, o visitador comete o erro de afirmar que esta parroquia era anexa de Carreira. En 1611, nun documento en que aparece polo medio Alonso Gómez de Rioboo “v[ezin]º de San P[edr]o do Allo” —o fidalgo dono das Torres do Allo— hai na liña 11ª unha referencia ó “bene-
f[ici]o de *San Cremenço de Paços*”. En 1616: “Visita de la yglesia de *San Cremenso de Paços* ano de 1616”, escribe un novo visitador arcebispal deste ano no libro de fábrica 1607-1723, antes citado. En 1619, outro visitador arcebispal, e tamén no libro de fábrica: “Visita de la parroquial yglesia de *Ssan Crimenço de Paços* ano de 1619”. Non obstante, os visitantes pastorais de 1630 e 1640 xa empezan decididamente a adaptar o nome ó que entenden que é a súa forma castelá: *San Clemente de Paços*, no libro de fábrica 1607-1723. Mantense a forma primitiva galega neste libro en 1640, 1650 e 1652: *San Cremenço de Paços*. A partir de entón, prevalece a forma coincidente co castelán: en 1665, *San Clemente de Passos*, visita, no libro da confraría do Rosario 1638-1766; en 1702, neste mesmo libro: *San Clem[en]te de Paços*. En 1726, *San Clemente de Pazos*, no libro de fábrica 1723-1851.⁸

Como se pode ver, a forma *San Cremenzo*, (coas súas variantes gráficas *San Cremenso*, *San Cremenço* e *San Crimenço*, resistiu nos documentos parroquiais ata mediados do séc. XVII. Despois os sucesivos párrocos e visitantes pastorais foron impoñendo na escritura a forma “cultá” de *San Clemente [de Paços, de Passos e, xa entrado o XVIII, de Pazos]* sen dúbida pola súa coincidencia co castelán.

Nos documentos máis ou menos oficiais —o Catastro de Ensenada (1753); a *Carta geométrica de Galicia* de Domingo Fontán (1834); o *Diccionario* de Madoz (1845-1850); a *Geografía de Galicia* de E. Carré Aldao (c. 1928)— a forma de entrada para a parroquia sempre era *Pazos (San Clemente)*; así consta nos nomenclátors de 1860, 1888 e nos do século XX. Como lugar figura *San Clemente* en Madoz, en Carré e nos nomenclátors de 1858, 1860, 1888 e 1920; nos posteriores do século XX será substituído polo inexistente de *Pazos*.

Esta foi a razón pola que, en 1991, os veciños solicitasen do pleno municipal de Zas a denominación oficial de *San Cremenzo* —ou, mesmo, de *San Cremenzo de Pazos*—, e non a de *Pazos* a secas, na que ninguén se recoñecía e que daba lugar a confusións constantes no servizo de Correos, dada a proximidade da aldea de Pazos da parroquia de Vilar, deste mesmo concello. A corporación municipal aprobou esta proposta e elevouna á Xunta de Galicia. Tras un informe favorable da Comisión de Toponimia, a Xunta aprobou a denominación de *San Cremenzo de Pazos (San*

8 Todas estas atestacións constan no apéndice documental da miña tese *A arte relixiosa na Terra de Soneira* (1993).

Cremenzo) na Orde do 22 de decembro de 1994 (publicada no *DOG* nº 8, do 12 de xaneiro de 1995). No NG 2003 xa se observa este cambio.

Hoxe conserva a forma histórica *San Crimenzo* un lugar de Santa Uxía do Ézaro (Dumbría).

O santo que exerce o padroado, malia ser un dos máis antigos, é titular de poucas parroquias en Galicia. Unha delas é a do concello de Caldas de Reis: *San Clemente de Cesar* (*San Clemente*), onde tamén é haxiotopónimo, pois dálle nome ó lugar (en documentos do séc. XVI aparecía coa forma *San Clemenzo*). As outras freguesías galegas nas cales é patrón o santo son as seguintes: O Pindo (Carnota), Mercurín (Ordes), Morás (Xove), Cesures (O Barco de Valdeorras) e Arnado (Vilamartín de Valdeorras).

A cidade castelá-manchega de *San Clemente*, de 7 200 habitantes, a segunda da provincia de Cuenca, ten o haxiotopónimo de máis sona deste santo en territorio español.

San Martiño

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

San Martiño de Meanos (San Martiño)

Parroquia do concello

San Martiño é un dos catro haxiotopónimos titulares de parroquias no concello de Zas. Ó contrario dos outros tres, aquí a aldea onde está situada a igrexa que lle dá nome á parroquia (San Martiño), e a do seu complemento (*Meanos*, véxase) non coinciden no mesmo sitio e incluso están situadas a unha respectable distancia unha da outra, uns 3 km, cunha zona despoboadá, de monte, polo medio.

Localmente os veciños da propia parroquia e os da redonda nomean esta parroquia unicamente co haxiotopónimo, *San Martiño*, elidindo o complemento *de Meanos*. Son os das parroquias máis arredadas os que falan da parroquia de *Meanos* e habitualmente esquecen antepoñer *San Martiño*; por exemplo en frases como estas: “Vou a un casamento (ou a unha misa, a un cabodano, a unha festa...) a *Meanos*”.

O nome *Martiño* procede do latín MARTĪNUS, derivado de MARS, MARTIS ‘Marte’ (deus romano da guerra). Significa ‘do deus Marte’ ou ‘dedicado ó deus Marte’. Foi un nome de orixe pagá moi frecuente na Galia, que aceptaron os cristiáns pola perda de conciencia do seu étimo ou pola popularidade de san Martiño de Tours (316-397), santo orixinario da Panonia (actual Hungría) e bispo desta cidade. En Galicia o seu culto é dos máis antigos —documentase no séc. VI—, talvez porque o fomentou san Martiño de Dumio ou de Braga (510-580), apóstolo dos suevos da Gallaecia e tamén orixinario da Panonia.

Este nome de persoa daría orixe ó apelido galego *Martiz* ou *Martís*, do cal quedan na actualidade, segundo a CAG, poucos testemuños (só o levan 200 persoas), dado que a partir do século XVII foi substituído pola forma castelanizada *Martínez*, que acabou converténdose nun dos apelidos máis frecuentes de Galicia, con 113 430 portadores (ocupa o 7º lugar, tamén en Zas).

Formas plenamente galegas de apelidos provenientes deste nome son tamén *Martín* (5 690 portadores; ningún no concello de Zas) e *Martíns*, coincidente coa forma portuguesa, con 739 portadores que se concentran no sur de Galicia.

O apelido *Sanmartín*, formado a partir do haxiónimo, tamén conta cun número respectable de portadores en Galicia, uns 5 510, concentrados sobre todo na zona das Mariñas betanceiras, en Ferrolterra e no nordeste da provincia de Pontevedra (destaca no concello da Estrada). En Zas non se rexistra hoxe ningunha ocorrencia.

O complemento *Meanos* (véxase, para o seu étimo) incorporouse ó nome da parroquia en data relativamente tardía, a finais do séc. XV ou a principios do XVI.

No ACS hai abundantes atestacións de documentos en castelán do séc. XVI co nome galego da advocación parroquial, xa coa forma completa (*San Martiño de Meanos*) ou abreviada (*San M^{no}. de Meanos*): anos 1534, 1569, 1570, 1575, 1585, 1589, 1594 etc. Neste arquivo hai tamén un documento de 1462 en galego que cita o nome da parroquia.

O visitador eclesiástico Jerónimo del Hoyo escribe en 1607 o nome da parroquia coa forma galeguizada en uso: “*San Martiño de Meanos*, cabeza de Santa Cecilia de Roma”; despois, cando vai a esta parroquia, trabúcase e di que é “anexo de *Santa Minia de Meaño*”. Nun documento en castelán do ano 1684 relacionado cun conflito veciñal orixinado pola introdución do novo cultivo do millo americano, citado polo historiador Barreiro Mallón (1978), aparece o haxiotopónimo de dúas maneiras: “feligresía de *san Martiño de Meanos*” e “feligresía de *san martin de Meanos*”.

No Catastro de Ensenada denomínase *San Martín de Meanos* a freguesía, pero logo fábase dun muíño “llamado de *Sn. Martiño*”, referido ó lugar. No *Diccionario de Madoz* (1845-1850) rexístrase a parroquia como *Meanos (San Martín)* —considérase advocación, e non haxiotopónimo— e denomínase *Iglesia* o lugar onde se ergue o templo parroquial. Na *Geografía* de Carré (c. 1928) dáselle preferencia á denominación galega —*San Martiño (Martín) de Meanos*— para a parroquia e recoñécese *San Martiño* como un dos seus lugares. Como era de esperar, os nomenclátors de 1858, 1860, 1888 e todos os do séc. XX, rexistran a advocación relixiosa en castelán (*San Martín*), e o lugar da igrexa como *Sanmartín* (o de 1860), *San Martín* (o de 1888, e todos os demais do séc. XX). O NG 2003 restauroulle a forma galega tradicional desta zona: *San Martiño de Meanos (San Martiño)*.

Coma no caso de parroquias que teñen a súa igrexa nun sitio distinto ó que dá nome, aquí tamén se escoita entre a veciñanza a lenda dun antigo traslado do templo dun lugar para outro. O actual edificio relixioso presenta trazos arquitectónicos barroco-neoclásicos, propios da época en que foi reconstruído case *a cimentis*: a

partir de 1810, segundo datos que recolleemos do Libro de Fábrica 1777-1885, traballo encargado ó mestre de obras Ignacio Mira. A existencia dun sartego pétreo nunha das casas próximas, testemuño dunha necrópole altomedieval, leva a pensar que a igrexa parroquial sempre estivo neste mesmo lugar e que non houbo tal traslado.

San Roque do Monte

Ermida da parroquia de Mira

A ermida de *San Roque do Monte*, como se denomina hoxe —pois en documentos do séc. XVI documéntase como *San Roque do Monte Cronado*— está situada nun campíño da aba occidental da Serra de Santiago ou do Bico de Meda, ó abeiro duns carballos. Esta denominación tamén serve para diferenciala da de *San Roque da Ermida*, da veciña parroquia de Anos.

San Roque de Montpellier é un santo de existencia dubidosa, pero que recibiu moita veneración, sobre todo desde principios do século XVI, por ser avogoso contra a peste, función en que substituíu a san Sebastián. Na arte leva roupas de peregrino debido a que, segundo a tradición, peregrinara ós tres lugares principais da cristiandade: Roma, Xerusalén e Santiago de Compostela. Segundo o *Dicionario de nomes galegos* (DNG), o nome procede do occitano *Roc*, pois supostamente nacería en Montpellier a finais do séc. XIII. É de etimoloxía moi discutida; probablemente a forma medieval *Rochus* sexa a latinización dunha raíz xermánica, quizais *hroc* ‘choia; gralla’. Outra hipótese relaciónao coa voz común *roca*, *rocha*.

Monte procede do latín MONTE ‘elevación importante do terreo’. O antigo complemento *Cronado* (< lat. CORONATUS, que tanto pode dar *Coroado* como *Cornado*) quedou hoxe en desuso.

En 1565 fundaron a confraría da ermida de *San Roque do Monte Cronado* —así consta nos documentos parroquiais, que publicamos n’*A arte relixiosa na Terra de Soneira* (1993)— fidalgos da zona oeste da comarca de Xallas e do leste da Terra de Soneira:

Constituciones y ordenanças dela Cofradia del glorioso Sn. Roque de Monte Cronado sita su hermita en los terminos de la fra. de Ssta. María de Mira su ercion el año de mill quinientos y sesenta y cinco años por los Señores de la Cassa de Sas, Romelle, Sisere, y los nominados Figueroas, Pitas, Sotos, Montenegro, Rodrigues, Luzes, las quales familias, con otras como los Romero, Caamaños y Leys las ordenaron en la forma ssgte = [...]

O mordomo desta confraría tiña que ser fidalgo, e os confrades tamén tiñan que ser, ademais de fidalgos, matrimonios; non se admitían solteiros nin, moito menos, solteiras. En certas épocas houbo un ermitán ou anacoreta ó seu coidado (consta un en 1709). As constitucións redactáronse en 1606 nun castelán inzado de galeguismos. Os visitantes dos séculos XVII, XVIII e mesmo do primeiro terzo do

xix prohibiron reiteradamente as pantagruélicas pitanzas que se facían na véspera da romaxe (24 de agosto), sen que nin os cregos nin os confrades lles fixesen moito caso (Lema Suárez 1993).

O nomenclátor de 1860 rexistra *San Roque* como lugar da parroquia de Mira, pero despois ningún outro, por ser lugar inhabitado.

Sandrexo

Lugar da parroquia de Vilar

Sandrexo é un lugar compartido polas parroquias de Vilar (Zas) e Treos (Vimianzo). Trátase dun topónimo único en Galicia, de orixe escura. Existe outro topónimo semellante, *Sandrenzo*, na parroquia de Cespón (Boiro), tamén de orixe escura; posiblemente son cognados, que comparten a mesma orixe.

A hipótese dunha posible orixe xermánica destes dous topónimos comporta algúns problemas: Piel e Kremer recollen SINDERIGU, pero daría *Sandreo* ou talvez *Sandrego*, a non ser que se pense nunha variante *SENDERIGIU ou que presente ultracorrección da gheada: *Sandrego* > *Sandreggho* > *Sandrexo*. Do mesmo xeito, recollen SENDERICU, que daría *Sandrego*.

Por se é de utilidade para facilitar algunha pista sobre o posible étimo común, engadimos algunhas atestacións do *Sandrenzo* barbanzán. A máis antiga atopámola en latín medieval no Tombo de Toxos Outos: *Sanderezo* (1203), e *Sanderecio* uns anos despois; máis adiante, *Sanderez* (1218), e de novo *Sanderezo* en 1247.

Para a etimoloxía do noso *Sandrexo* pensouse nun antropónimo latino rematado en *-etio* ou *-egio* e iniciado por *San-*, ou noutro xermánico coa raíz gótica **santh* ‘verdadeiro’ que Piel e Kremer rexistran para o antropónimo medieval comostelán *Sandamirus*, como recolle Boullón Agrelo (1999). Non obstante, o feito de que poida estar emparentado co de Boiro obriga a considerar o topónimo vilarés unha soa palabra e non un composto do lat *SANCTU*, de *SALTU* ou doutra cousa que poida xustificar a primeira sílaba.

Son simples suposicións que pouco esclarecen. Ó non haber unha etimoloxía clara, os expertos acaban pensando na posibilidade dunha orixe prerromana tanto para *Sandrenzo* coma para *Sandrexo*.

A atestación máis antiga data da Idade Moderna, nun documento —transcrito polo erudito ceense Juan López Bermúdez— en que se fai mención do “apeo del lugar de *Sandrexo* aforado por Dn. Lope Osorio de Moscoso [III conde de Altamira] en 16 de febrero de 1540”.

En 1797 consignamos no libro de fábrica de Vilar (1669-1797) unha partida para acabar de pagar un retablo do templo parroquial “qe. costó 800 rs. de vellón que llevó el M[aest]ro Castro Agudín vecino del *Lugar de Sn.drejo*”.

O mestre Francisco Castro Agudín foi un escultor e retablista que tiña o seu obradoiro nesta aldea, pero nunha das casas pertencentes á parroquia de Treos. Estivo activo durante o derradeiro terzo do séc. XVIII e o primeiro do XIX. Del

documentamos na nosa tese de doutoramento *A arte relixiosa na Terra de Soneira* (1993) o maior número de retablos de toda a historia artística do arciprestado soneirán. O imaxineiro iniciouse dentro das directrices do estilo rococó, pero axiña soubo incorporar as innovacións propias do neoclasicismo que desde Santiago se estaban impoñendo na época. A súa clientela procedía das propias parroquias de Vilar e Treos e doutras da súa redonda, como Tines, Bamiro, Salto, Loroño, Zas, Mira e Gándara.

Aparecerá a aldea coa grafía castelanizada de *Sandrejo* no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e en todos os nomenclátors, a partir do de 1860. Non obstante, Carré Aldao (c. 1928) rexístrao coa grafía *Sandrexo*, acorde coa fala, que será a que se ditaminou no NG 2003.

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG; tampouco na súa forma pseudocastelanizada.

Santa, A

Lugar da parroquia de Muíño

Este lugar ten unha soa casa, situada na zona norte do campo da ermida denominada polos documentos parroquiais *Santa Margarida de Fonte Crego*, a *Santa* por antonomasia nesta zona, cunha romaxe moi concorrida que antano empezaba o 25 de xullo pola tarde para rematar o 26, o día principal, hoxe declarado polo Concello de Zas festivo oficial.

Santa procede do latín SANCTA, feminino do adxectivo *sanctu* ‘sagrado’. *Margarida* procede do nome latino *Margarita*, usado nas inscricións dos primeiros séculos do cristianismo; fora tomado do nome común latino MARGĀRITA ‘perla’, préstamo do substantivo común grego *margarítēs* ‘perla’, de posible orixe oriental; é unha forma afín á palabra sánscrita *manjari* ‘botón de flor’, ‘perla’.

Fonte Crego probablemente foi con anterioridade *Fonte do Crego*; co paso do tempo perdeu o nexo. *Fonte* procede do lat. FONTE e *crego* do lat. tardío CLERĪCU.

Santa Margarida de Antioquía de Pisidia foi a santa que popularizou este nome no cristianismo; a súa historia é fabulosa, moi semellante á doutras santas como santa Mariña ou santa Pelaxia. Todas elas, segundo as lendas, sufrirían castigos inimaxinables.

A ermida de *Santa Margarida*, que, polas súas trazas arquitectónicas, debeu ser construída a mediados do séc. XVIII, sen dúbida foi fundación privada dos señores da Casa e Couto de Muíño, pois na súa fachada ten un ostentoso escudo coas armas das principais familias desta estirpe: os Pazos, Moscoso, Figueiroa e Romero; no interior da capela maior da igrexa de San Tirso de Muíño hai un escudo semellante. Non obstante, é probable que existise con anterioridade unha ermida máis modesta, pois hai noticias de que neste lugar había unha romaxe contra 1670. Así e todo, Jerónimo del Hoyo, na súa visita de 1607, non a cita.



Ermida de Santa Margarida, no lugar da Santa,
co escudo dos señores do Couto de Muíño

Na carballeira que rodea a ermida houbo unha pequena feira, denominada a *Feira da Santa*, que debeu crearse na segunda metade do séc. XIX. Cítase nas actas do Concello de Zas en 1890 e en 1907, cando se pretendeu suprimila para potenciar a da capital municipal. Tardaría en desaparecer, pois Carré Aldao (c. 1928) aínda fala dela.

O *Diccionario* de Madoz (1845-1850) cita a ermida, pero non o lugar, que si consta nos nomenclátore de 1860, 1888 e en Carré Aldao como *Santa Margarita*. O nomenclátor de 1920 ignora o lugar, talvez porque o consideraba un dos “grupos inferiores, inhabitables” da parroquia. Para os nomenclátore do séc. XX é *La Santa*. O NG 2003 restableceulle o artigo galego: *A Santa*.

Santa Sía de Roma

Lugar da parroquia de Santa Sía de Roma

Santa Sía de Roma (Santa Sía)

Parroquia do concello

É outro dos catro haxiotopónimos que denominan parroquias do concello de Zas. O lugar onde se sitúa a igrexa é coñecido entre a veciñanza unicamente como *Santa Sía*, sen o segundo elemento.



Relevo do ático do retablo maior da igrexa de Santa Sía de Roma, de pedra, barroco do séc. XVIII, que representa a santa como patroa da música


Sía é a grafía con seseo de *Cía*, e esta o resultado dunha evolución histórica a partir do nome latino CAECĪLIA ‘Cecilia’. Joseph Piel (1948) explica este nome persoal como un derivado de *Caeciūs*, pero, en vez de relacionalo con *caeciūs* ‘cego’, prefire interpretalo como unha formación xentílica creada a partir da denominación familiar dos *Caecinae*. Tampouco Kajanto (1982) admite a conexión etimolóxica entre o citado adxectivo *caeciūs* e os cognomes *Caecianus* ou *Caeciĭanūs*/*Caecinianūs*, que considera cognomes latinos derivados de xentilicios.

No paso do latín ó galego, no caso que nos ocupa, a forma latina SANCTA CAECĪLIA deu *Santa Cecía*, e esta, por haplloxía, deu finalmente *Santa Cía* ou *Santa Sía*, esta última grafía debida ó seseo predominante na área lingüística fisterá norte.

Noutras zonas de Galicia en que tamén houbo haplloxía o resultado foi *Cilla* (*Santa Cilla do Valadouro*, na Mariña luguesa) ou *Icía* (*Santa Icía de Trasancos*, parroquia do concello de Narón, lindeira con Ferrol). Tanto *Santa Cecía* como *Santa Sía* representan un tratamento do grupo etimolóxico -LI- con perda da consoante lateral dentoalveolar en vez da súa máis habitual palatalización, resultando este último que si se dá na variante *Santa Cilla*. Pola contra, noutras zonas permaneceron as formas plenas, con certas variantes gráficas: *Santa Cecilia*, *Cicilia*, *Sicilia*, *Secilia* etc.

En relación coa parroquia deste concello temos as seguintes atestacións medievais: *Sancte Cecilie* (ano 1173), *Sancta Cecilia* (1195), *Santa Çeçya de Soneyra* (finais séc. XIII, principios XIV), *Santa Cezia* (sen data), todas elas en documentos medievais en latín e en galego, presentes no Tombo do mosteiro de Toxos Outos e recollidas por Martínez Lema (2010).

Como se pode observar, na Idade Media non aparece o complemento *de Roma* por ningures, e si en cambio o *de Soneyra*, referido á comarca histórica da cal formaba e forma parte, quizais para darlle unha situación xeográfica.



Sancta Sezia de rroma nunha atestación do ano 1548, facilitada por Ramón Romar López

Ese complemento non aparecerá na documentación ata mediados do séc. XVI. A primeira atestación que temos do seu emprego provén do arquivo particular do minucioso investigador Ramón Romar López: un atado documental de 62 folios de varias compras realizadas por Jorge Vázquez Caamaño, fundador do vínculo de Romelle (Loroño), nun período que vai de 1548 a 1582. Nun dos documentos, datado en Santa María de Baio “a veinte y ocho días del mes de abril de mill y quinie[nto]s y quarenta y ocho” cítase como unha das testemuñas a “Alonso Domínguez de rros, vezino de la felegresía de *Sancta Sezia de rroma*”.

Este dato é importante porque as atestacións que tiñamos do engadido de *Roma* eran todas do último terzo do séc. XVI, recollidas por Icíá Moreiras Villamarín para o seu traballo *Os resultados do nome latino Caecilia* (2017) e confrontadas e aumentadas por nós na web do ACS: “San M[ar]tino de Meanos ... y su anexo *Santa Zezilia de rroma*” (1570), *Santa Cezilia de rroma* (1574), *Santa Zezilia de Roma* (1575), *Santa Sezilia de rroma* (1587), *Santa Cezilia de Roma* (1589), *Santa Çiçilia de Roma* (1591), “rector de *Santa Cezilia de Roma*”, “...de San M^{no} de Meanos y de S^{ta} Cecilia de Roma” (1594). O erudito Juan López Bermúdez recolleu *Santa Zeçia de Roma* (1592) nun documento sobre as obrigas feudais dos veciños co conde de Altamira. Moreiras Villamarín, no traballo antes citado, interpreta que

o segundo elemento (*Roma*) forma parte do haxiotopónimo, isto é, do nome da santa, como cando se di *San Tomé de Aquino* ou *Santa Rosa de Lima*, aínda que tamén se ten interpretado ese *Roma* como un topónimo de orixe xermánica.

Concordamos coa primeira parte deste razoamento, pero tamén pensamos que cómpre reparar no momento no cal se introduciu ese segundo elemento no nome da patroa titular da parroquia: mediados do século XVI. Nun principio pensamos que se trataba dun caso semellante ós que describe Antón Palacio Sánchez no artigo titulado “*Malos, Perros e Cas*, topónimos interditos” (2014). Estas tres parroquias galegas, que ata mediados do séc. XVI se denominaban *Santa María de Malos* (Melide), *Santa María de Perros* (Brión) e *San Mamede de Canes/Cas* (Oroso), seguramente por se consideraren os seus nomes feos ou irreverentes para figuraren

acompañando o do patrón ou da patroa da freguesía, foron substituídos nos tres casos por *Los Ángeles: Santa María de Los Ángeles*, nos dous primeiros casos, e *San Mamed de Los Ángeles* no terceiro. Palacio Sánchez supón que este cambio estético foi, dalgún xeito, resultado dos acordos do Concilio de Trento, rematado en 1563, ó que asistiu o prelado castelán Gaspar de Zúñiga, que tomara posesión como arcebispo de Santiago de Compostela en 1559. Cando volve de Trento este arcebispo convoca un Concilio Provincial Compostelán, celebrado en Salamanca entre 1565 e 1569, en que se acorda aplicar decontado as normas tridentinas e, entre outras cousas, impulsar a veneración e o culto á Virxe e ós santos.

Nun artigo anterior (Lema Suárez 2019) deducimos que para o caso que nos ocupa tamén se trataba dalgunha das medidas que tomara o citado prelado castelán de Compostela ó seu regreso de Trento, dado que tiñamos os cambios do complemento rexistrados a partir de 1565. A atestación de Romar López, datada en 1548, bota abaixo esta suposición: queda claro, polo tanto, que o engadido *de Roma* non foi consecuencia directa das novas disposicións tridentinas.

Non obstante, esta alteración da denominación parroquial puido tomarse nun período de reafirmación doutrinal desde as xerarquías eclesiásticas católicas tras o cisma ocasionado pola excomuñón de Lutero (1521) e a subseguinte Reforma luterana. O luteranismo negaba a validez das oracións á Virxe e ós santos e, polo tanto, talvez isto provocou un inmediato efecto contrario no mundo católico, que cristalizaría na reafirmación do seu culto na Contrarreforma tridentina (1563). Posiblemente este ambiente “purista” previo a Trento levaría as autoridades eclesiásticas compostelás a considerar que unha freguesía rural co nome popular de *Santa Cecia* a secas —oralmente *Santa Sesía*, pola pronuncia seseante da zona, ou, talvez xa, *Santa Sía*— non quedaba moi claro que se correspondese co dunha santa oficial do santoral católico.

Desta maneira, engadíndolle o complemento *de Roma* quedaba claro que a patroa desta pequena e recóndita parroquia soneirá era a mesma santa que, segundo a tradición, fora martirizada en Roma no séc. III e que, andando o tempo, se convertera tamén en patroa da música e dos músicos, e se reafirmaba o seu culto. Sería, pois, un engadido máis que nada aclaratorio, pois *Roma* non é aquí un topónimo orixinado no territorio, senón un préstamo tomado da antiga capital do Imperio romano. Isto cadra en parte coa explicación dada por Icíá Moreiras de que o segundo elemento é parte inherente do haxiotopónimo da mesma maneira que Santa Rosa de Lima ou San Tomé de Aquino.

En resumo: o nome da parroquia durante toda a Idade Media foi primeiro en latín, *Sancta Cecilia* e *Sancte Cecilie*; despois en galego *Santa Çeçya de Soneyra* e *Santa Cezia*. A partir de mediados do séc. XVI pasou a levar o complemento *de Roma* posiblemente por decisión dalgunha autoridade eclesiástica. Aceptouse o engadido, pero a xente seguiu mantendo na fala *Santa Sesía* a secas primeiro e, despois, *Santa Sía*, polo menos para referirse ó lugar onde está situada a igrexa parroquial (non sabemos se tamén con referencia á santa).

Recortes de atestacións
coa presenza do
complemento “de Roma”,
no último terzo do séc. XVI

1574

1591

Polo tanto, non ía nada descarreirado Cabeza Quiles (2014) cando aventuraba que este *Roma* non era un topónimo de orixe xermánica coma outros que existen en Galicia (un deles no concello de Ponteceso), para os cales os filólogos remiten a unha voz *roma* de orixe xermánica co significado de ‘casa, construción’ (relacionada co inglés *room* ‘cuarto’). O polígrafo bergantiñán xa se decatara de que o complemento de *Santa Sía* era postizo e que “debe facer alusión [...] ao nome desta cidade [á Roma de Italia] por ser o lugar de nacemento da santa”.

A principios do séc. XVII o segundo elemento xa estaba consolidado, pois o cardeal Jerónimo del Hoyo escribe, na visita que fixo á freguesía en 1607, *Santa Cecilia de Roma*.

Con todo e iso, a xulgar polas incontables vacilacións gráficas que se aprecian nos libros parroquiais dos séculos XVII e XVIII, nin sequera os párrocos —nin tampouco algúns visitadores pastorais do arcebispado, de maior formación teolóxica— debían ter claro o nome canónico da santa: no *Libro de Fábrica y rentas dela Yglesia Parrochial de santa Cicilia de Roma* (1695-1790) que revisamos persoalmente no AHDS, aparecen de ano en ano grafías dispares: *santa ssecilia de rroma* (1695), *santa Seçilia* (1699), *Santa Seçilia* (1702), *Santa Sicilia* (1716 e 1745, esta última nunha visita pastoral); *santa Cecilia* (1720), *Santa Zecilia* e *Santa Zeçilia* (1726), *santa Zicilia / Secilia / Zezilia / Cecilia* (na mesma visita pastoral de 1727), *Santa Cecilia* (1754, visita de Bartolomé de Raxoi, arcebispo de Santiago), *santa Cezilia* e *santa Cecilia* (1778) etc. Cómpre ter en conta que desde finais do séc. XVII e ata 1747 houbo un único párroco, Juan Antonio Salazar y Alvarado.

O nome na súa forma plena empeza a estabilizarse a mediados do séc. XVIII. No Catastro de Ensenada (1753) xa se rexistra *Santa Cecilia de Roma*; no *Diccionario* de Madoz a entrada é *Roma (Sta. Cecilia)* para a parroquia, e o nome da aldea onde se atopa a igrexa consta tamén como *Roma*. As entradas das parroquias na *Geografía* de Carré Aldao realízanse pola advocación relixiosa e non deben tomarse como haxiotopónimos; neste caso escribe *Santa Cecilia de Roma* para a freguesía,

e *Roma* para un dos dous lugares. Repetirase a entrada *Roma (Santa Cecilia)* para a parroquia e *Roma* para a aldea nos nomenclátos de 1860, 1888 e nos do séc. xx. No NG 2003 efectuouse o cambio ó haxiotopónimo, que é o que consta na actualidade: *Santa Sía de Roma (Santa Sía)*, e como lugar quedou *Santa Sía de Roma* (que para a veciñanza é *Santa Sía a secas*).

Ó sur de Santa Sía de Roma e ó noroeste de San Martiño de Meanos érguese o *monte de Roma*, que con 469 m é unha das máximas alturas do concello de Zas. O nome foi posto, sen dúbida, por xente de fóra da parroquia ou por xeógrafos alleos á zona.

Santo Adrián

Lugar da parroquia de Santo Adrián do Castro

Santo Adrián do Castro (Santo Adrián)

Parroquia do concello


Santo Adrián é o nome que recibe o lugar da parroquia formado arredor da igrexa, cuxo patrón é o santo homónimo. Está situado na ladeira sur do monte do Castro, outeiro de 337 m de altitude que no seu cume ten as ruínas dun *castro* (< lat. CASTRUM), poboado da Idade do Ferro caracterizado polas súas vivendas de planta circular ou ovalada rodeadas con murallas de protección. A existencia deste recinto fortificado prehistórico motivou o complemento *do Castro* que acompaña o haxiotopónimo co que se coñece a parroquia.

O nome *Adrián* (ou *Hadrián*) procede do lat. HĀDRĪĀNUS, sobrenome dunha estirpe romana que procedía da cidade de Adria (lat. HĀDRĪĀ), localidade da beira italiana do Adriático (mar que, precisamente, tomou o nome desta poboación).



Ó pé do monte do Castro (ó fondo), o lugar de Santo Adrián e a igrexa parroquial

Atestacións de “Santo Adrao do Castro” e “Sant M[art]iño de Meanos”, en documentos do séc. XVI (AHUS)



Santo Adrián, segundo a tradición cristiá, foi un militar romano dos séculos III-IV que padeceu martirio. Na mitoloxía galega, este santo estaría predicando por estas comarcas occidentais, daquela infestadas de serpes; deu un golpe cunha caxata no chan e abriu un burato por onde desapareceron para sempre os ofidios (trátase dunha lenda semellante á de san Patricio en Irlanda). Relaciónanse con esta lenda a ermida de Santo Adrián do Mar (Malpica de Bergantiños) e a Pedra da Serpe de Gondomil (Corme-Ponteceso).

Segundo documentos do ano 1592 dos “Servicios y derechuras” debidos ó Conde de Altamira, que publicamos no libro *O castelo de Vimianzo e os Moscoso de Altamira* (1998), os veciños que eran “pións lanceiros” de varias parroquias da xurisdición de Vimianzo —en concreto: Vimianzo, Follente, Santa Sía de Roma, Treos, Lamas, O Esto, Gándara, Mira, Vilar, Tines, Bamiro e Salto, entre outras— tiñan a obriga de acompañar o conde de Altamira ou o seu meiriño da fortaleza de Vimianzo

el día de *Sant'Adrao* [8 de setembro] con sus lanzas y espadas y ellos [o conde ou o meiriño] les han de dar de beber y comer y son libres aquel día que no los tienen que prender sino es por delitos criminales.

En contra do esperado, esta celebración non se facía na única freguesía da xurisdición que tiña o *santo Adrián* como patrón (esta que nos ocupa), senón na fortaleza de Vimianzo. Os lanceiros desta nosa parroquia non tiñan a obriga de ir escoltar o conde. Chama a atención a liberdade que gozaban o día de *Sant'Adrao* os lanceiros para certos excesos, pois tiñan garantía de que non os ían prender, a non ser que cometesen delitos criminais.

No documento máis antigo que cita a parroquia, do ano 1528, ó cal tivemos acceso, contido nos fondos documentais do AHUS, aparece grafada como *Santo Adrao do Castro*. No fondo documental do ACS volvemos atopar as atestacións seguintes: *Santo Adrao do Castro* (1577), *Sto. Adrao de Castro* (1581 e 1585), *Santadrao de Castro* (1587), *S[an]tadran de Castro* (1614), *Santo Adrao do Castro* (1591 e 1630).

En documentos da xurisdición de Vimianzo do ano 1592, transcritos por Juan López Bermúdez, fálase do “Apeo de la casa de fábrica de la iglesia de *Santo Adrao do Castro*”, “del camino francés que va de *Santo Adrao* para Brandomil”. Nalgunha ocasión tamén aparece *Santo Adrán*. En 1607, para o visitador Jerónimo del Hoyo o nome da parroquia tamén era *San Adrián do Castro*.

Adrán sería o resultado esperado nesta área lingüística do galego —hai tres lugares con esta grafía nos concellos da Laracha, Ordes e Teo—, se non obrase polo medio unha restitución cultista por parte da Igrexa. Nestes contextos fónicos (oclusiva + R + iode), o iode pérdese normalmente en galego, como *Cibrán* (e non *Cibrián*); o mesmo debería acontecer con *Adrán* (e non *Adrián*), pero non foi así.

Son todos documentos escritos xa en castelán e chama a atención que se manteña a contracción galega *do*, sinal de que así se nomeaba a parroquia. En 1749, nun documento do AHDS, publicado en Lema Suárez (1993), fálase do cura propio de “*Sn. Adrián do Castro* y Stº [Santiago] de Loroño”. Esta forma manterase no Catastro de Ensenada (1753), *Sn. Adrián do Castro*, aínda que nel xa se empeza a castelanizar: *San Adrián de el Castro* e *San Adrián del Castro*. Un século despois, no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), xa aparecerá *San Adrián de Castro*. Nos nomenclátors dos séculos XIX e XX a entrada sempre será *Castro* (*San Adrián*) e considérase *Castro* o lugar da igrexa. No NG 2003, atendendo as informacións, mudáronse as entradas da parroquia e do lugar para respectar o haxiotopónimo: *Santo Adrián de Castro* (*Santo Adrián*) e *Santo Adrián de Castro*, respectivamente.

Finalmente, en 2017, unha vez que se comprobou que na documentación histórica se rexistraba a contracción <do> ata mediados do séc. XVIII, no vindeiro *Nomenclátor de Galicia* a denominación oficial da parroquia será *Santo Adrián do Castro*.

Seixas, As

Lugar da parroquia de San Cremenzo de Pazos

As Seixas é un lugar novo nesta parroquia formado por casas construídas no século XX a unha e a outra beira da estrada xeral AC-552 A Coruña-Fisterra, por iso non estaba recollido en ningún dos nomenclátors, tampouco no NG 2003, o máis actualizado. Incluírase no próximo *Nomenclátor de Galicia* tras comprobar que é un lugar independente do de San Cremenzo, do cal dista máis de medio quilómetro.

Seixo (< lat. SAXU ‘pedra dura, coio’) é unha palabra común galega que significa ‘pedra dura de tamaño variable arredondada pola erosión’ ou, como sinónimo de *cuarzo*, ‘tipo de pedra xeralmente branca e moi dura’. Polo tanto, o topónimo *As Seixas* fai referencia a un lugar con abundancia de cuarzo ou con este tipo de pedras moi duras, xeralmente de cor branca. Moi preto desta aldea, ó norte, queda o monte de *Seixos Brancos*. Navaza Blanco rexistrou exemplos de como na Alta Idade Media galega lugares hoxe denominados *As Seixas* recibían a denominación de SAXA, plural neutro de SAXU.

(*As*) *Seixas* é un topónimo abundante nas provincias da Coruña (onde ten, polo menos, doce ocorrencias) e Lugo (arredor de dez), e menos nas de Ourense (un só) e Pontevedra (dous). Hai dúas parroquias con este nome nos concellos de Cospeito e As Somozas. Tamén está presente no norte de Portugal, onde hai dúas freguesías con este nome: unha no concello de Caminha (distrito de Viana do Castelo) e a outra no de Vila Nova de Foz Côa (distrito de Guarda).

Como apelido acabou pseudocastelanizándose na forma híbrida *Seijas*, que levan uns 5000 galegos e galegas (ocupa o posto 125 dos apelidos de Galicia); está espallado pola zona central da provincia de Lugo. A forma auténtica desde o punto de vista etimolóxico, *Seixas*, segundo os datos da Cartografía dos Apelidos de Galicia, non a leva ninguén en Galicia na actualidade (2024): Malia que algunhas persoas restituíron a forma galega, non aparecen rexistradas na CAG por non haber polo menos cinco persoas por concello.

Curiosamente, varios membros da familia fidalga dos Rioboo do Allo levaron como segundo apelido a forma etimolóxica *Seixas* ó longo dos séculos XVII e XVIII, polo menos tres vinculeiros do señorío. Introducírase nas Torres do Allo por vía matrimonial, pois trouxéran de terras eumesas *María das Seixas* (sic) y *Losada* cando casou en 1644 con Antonio Gómez de Rioboo Villardefrancos, dono do couto. Ela procedía do pazo de Cabanas (comarca do Eume) e, como era a única herdeira de todos os bens da liñaxe, segundo as investigacións de Sánchez García (2001), o seu pai (Diego Gómez das Seixas) fixera constar no seu testamento a obriga de que os fillos deste matrimonio deberían conservar o apelido *Seixas*. A manda testamentaria cumpriuse durante máis de cen anos, pois levárono de segundo apelido os seguintes herdeiros das Torres do Allo (e tamén os seus irmáns máis novos): Gómez de Rioboo y Seixas Villardefrancos (1646-1722); Gómez Antonio de Rioboo y Seixas (1670-1742) e Francisco de Rioboo Seixas y Suárez de Deza (1704-1762). Así mesmo, tamén o portou un tío deste último, o cóengo compostelán Antonio de Rioboo y Seixas (1685-1763), historiador de gran prestixio na súa época.

Convén sinalar que, antes da creación do Rexistro Civil español, na década de 1870, que regularizou o <j> na grafía deste apelido, era relativamente común a grafía con <x>, aínda que se pronunciase á castelá. Pode comprobarse cunha busca de *Seixas* no portal PARES.

Serra de Santiago, A

Cordal montañoso do concello

O cordal montañoso que se estende polo leste do concello e que establece os lindes da Terra de Soneira coas comarcas veciñas de Bergantiños e Xallas recibe oficialmente o nome de *Serra de Santiago*. Esténdese de norte a sur pola zona oriental das parroquias de Gándara, Carreira, Mira, Zas e Santo Adrián do Castro. Na zona leste da serra ten as súas fontes primeiras o río do Porto.



A Serra de Santiago ou do Bico de Meda, vista desde a zona leste, preto do lugar de Vilar Ramilo.

A palabra galega *serra* (< lat. SERRA) é un termo xeográfico que designa unha ‘sucesión de montañas que pola súa forma recorda unha serra’. O antropónimo *Santiago* deulle nome a esta serra debido, sen dúbida, ó patrón da parroquia de Carreira, o apóstolo Santiago, pois esta freguesía é unha das que se atopan metidas na zona central e máis elevada da cordilleira, a correspondente ó Bico de Meda, a máxima cota.

Non debe estrañar que reciba o nome do patrón ou patroa dunha das parroquias situadas ó seu pé; en *Galicia Nomeada* recóllense moitos compostos coa advocación parroquial cando o nome da freguesía é outro; por exemplo: o Monte de San Pedro en Frameán (Monterroso), o Monte de San Tirso en Oseiro (Arteixo), o Monte de Santo Adrán en Aldán (Cangas) etc. Nada ten que ver, polo tanto, coa cidade de Santiago de Compostela, como se podería pensar, que si queda cara ó leste, pero a unha distancia considerable (arredor de 45 quilómetros).

Localmente tamén se lle chama *A Serra do Bico / Pico de Meda*.

Sisto, O

Lugar da parroquia de Gándara

O topónimo *Sisto* ou *O Sisto* parece ter a súa orixe nun nome relacionado co verbo latino SISTĒRE ‘establecer, colocar, poñer, fixar’, referido a un establecemento relacionado coa gandería. Contra o que se ten afirmado, non é probable que proceda do antropónimo latino SEXTUS ou do numeral, tamen latino, *sextus*, ‘sexta parte’. Ademais, dende o séc. VIII rexístrase sistematicamente *Sisto*, mentres que o numeral aparece sempre como *sextus*.

O lugar de Gándara aparece citado no Catastro de Ensenada alternativamente coas grafías *Sisto* e *Sixto* no mesmo documento e con poucas liñas de separación, mentres que no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), Carré Aldao (c. 1928), os no-

menclátore de 1860, 1888, 1920, 1930 e 1940 aparece sempre *Sisto*. No nomenclátor de 1970 pasouse a *Sixto*, e o de 2003 volveu a *Sisto* e engadiulle o artigo.

Así mesmo, tamén se lle chama localmente *río do Sisto* a boa parte dos tramos alto e medio do río do Porto, maiormente os comprendidos dentro das terras da parroquia de Gándara, pero non só, porque tamén se estende polas de San Cremenzo de Pazos. A *ponte do Sisto* xa existía a mediados do séc. XVIII, pois cítase no Catastro de Ensenada xunto con tres muíños.

O Sisto —maiormente con artigo— é un nome de lugar bastante abundante en Galicia, sobre todo nas provincias da Coruña (25 aldeas distribuídas en 22 concellos) e Lugo (22 aldeas en catorce concellos); na de Pontevedra existen sete lugares con este nome, noutros tantos concellos, e na de Ourense, non hai ningún.

Como apelido, impúxose maioritariamente a forma coa grafía non etimolóxica con <x> (*Sixto*), debido a unha interpretación cultista do topónimo ou do apelido; este conta con 1871 portadores concentrados na comarca de Ferrol e na Mariña Central luguesa. Coa grafía <s> (*Sisto*) só o levan 91 persoas en Galicia. Non nos consta ningún veciño de Zas que teña este apelido, con calquera das grafías.

Sobreira

Lugar da parroquia de Gándara

Sobreira, do latín vulgar *SŪBĒRARIA*, é o nome galego da árbore *Quercus suber*, que conta cunha cortiza que se aproveita con finalidades diversas. O feito de que dea nome a un lugar supón que seguramente houbo alí unha sobreira solitaria ou senlleira pola súa corpulencia (de feito, na comarca son moi raras estas árbores produtoras de cortizas); tamén pode responder ó feito de ser esta árbore un punto de referencia ou linde territorial.

Dado que tamén se rexistra en galego o nome da árbore en masculino, *sobreiro*, a forma en *-eira* podería ter valor colectivo, como sucede en casos en que o nome común da árbore se forma co sufixo *-eiro*, por exemplo, *Pereiro*.

Navaza Blanco, na súa obra *Fitotoponimia galega* (2006), recolle atestacións medievais do topónimo, pero ningunha referida ó que nos ocupa: en latín, *Soveraria* (1004), *Suveyra* (1238), *Soveyra* (1274); en galego, *Val de Soveyra* (1274), *Al-dara Perez de Soveyra* (1280), *Soureira* (1400), *Soveira* (1436), *Sobreira* (1480).

Na documentación da xurisdición de Vimianzo, de 1592, dependente dos condes de Altamira —segundo a copia de Juan López Bermúdez—, cítase en Gándara o “Apeo de las facendeiras del lugar de *Sobreira*”. No Catastro de Ensenada (1753) faise mención de dous muíños en *Sobreira*. O lugar tamén aparece no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), en Carré Aldao (c. 1928), nos nomenclátore de 1860 e de 1888, en todos os do XX e no de 2003.

Como topónimo *Sobreira* ou *A Sobreira* aparece no NG 2003 polo menos noutras dezaseis ocasións: Boimorto, Cenlle, Chantada, Cuntis, A Estrada, Maside, Meis, Ordes, Pontearreas, Sober, Vigo (dúas), Vilaboa, Vilagarcía e Vilamarín.

O apelido *Sobreira* lévano 181 galegos e galegas, concentrados no Morrazo, na cidade de Vigo e no Baixo Miño. Non o leva ninguén no concello de Zas.

Soneira

Terra medieval e comarca actual

A *Terra de Soneira* é unha das 53 comarcas recoñecidas oficialmente no Mapa Comarcal de Galicia, segundo o ditame da Xunta de Galicia (*Diario Oficial de Galicia*, 3/IV/1997). Na actualidade confórmana tres concellos: dous interiores (Zas e Vimianzo) e un costeiro (Camariñas), pero en séculos anteriores tamén formaban parte da Soneira histórica todas as parroquias do actual concello de Laxe e a maior parte das de Cabana de Bergantiños —nomeadamente: Borneiro, Canduas, Cesullas, Cundíns, Anos, Nantón e Riobó—, como o proban os documentos.

Desde o máis antigo mapa do reino de Galicia do que temos noticia (a *Descripción del Reyno de Galizia* de Fernando Oxea, 1598), aparece con caracteres moi destacados *Tierra de Soneyra*, igualándoa en importancia ás que daquela se consideraban as principais comarcas de Galicia: *Tierra Deça*, *Tierra de Ulloa*, *Comarca de Lemos* etc.

Como acabamos de dicir, o seu territorio era de maior extensión que o que quedou oficialmente recoñecido na división comarcal de 1997. Talvez o mapa que amosa con máis claridade a importancia da entidade comarcal soneirá sexa *Il Regno di Galicia* (Roma, 1696), do italiano Giacomo Cantelli da Vignola. A *Tierra de Soneyra* tamén aparece en mapas franceses, como os de Nicolas de Fer (1705 e 1708) e outros que abarcan territorios que exceden o reino de Galicia, pois tamén



A Terra de Soneira, con caracteres destacados, no mapa *Il Regno de Galicia* (1696) de G. Cantelli da Vignola



A Terra de Soneira na *Carta geométrica* (1834-1845), de Domingo Fontán

comprenden Asturias, León e mesmo chegan ata o País Vasco: Jean Baptiste Nolin (París, 1762) e Robert de Vaugondy (Venecia, 1776). Dando remate ós mapas do séc. XVIII, o *Marco geographico del Reyno de Galicia* (Madrid, 1784), de Tomás López, tamén rexistra o nome da comarca.

No séc. XIX, no primeiro dos mapas realizados con métodos modernos, a *Carta geométrica de Galicia* de Domingo Fontán, rematado en 1834 e impreso en 1843 en París, aparecen diferenciadas a *Tierra de Soneira* —na zona leste da comarca, circunscrita ás parroquias do norte do concello de Zas— e o Val de Vimianzo. Posiblemente esta diferenciación a tomase Fontán da *Descripción económica del Reyno de Galicia* (1804) do ilustrado José Lucas Labrada. Xa no séc. XX, os xeógrafos Ramón Otero Pedrayo (1926) e Antón Fraguas (1953) tamén se sumaron á diferenciación entre a *Terra de Soneira* e o Val de Vimianzo.

Carré Aldao, na súa colaboración na *Geografía de Galicia* (c. 1928) dirixida por Carreras Candi, afirmaba que “la antigua *Tierra de Soneira* perteneció a la extinta provincia de Santiago, en la que formaba las jurisdicciones de Vimianzo y Soneira”. Estaba ben atinado, pois coincide plenamente co territorio histórico soneirán, que se viu partido cando en 1836 a administración liberal dividiu o Estado en provincias e estas á súa vez en partidos xudiciais, que, dalgún xeito, acabaron identificándose con comarcas: as parroquias asignadas ós actuais concellos de Laxe e Cabana pasaron a depender do partido xudicial de Carballo e, polo tanto, deuse por sentado que se integraban na comarca de Bergantiños; as dos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas pasaron a depender do partido de Corcubión.

Cómpre engadir que os veciños de Gándara (Zas) consideraban que o primitivo *Val de Soneira* se circunscibía ó extenso val do río do Sisto —curso medio do río do Porto— cara ó oeste. De feito, na carta “Camariñas 68 - 1:50.000” do Instituto Geográfico y Catastral (1945) figura o pequeno *Valle de Soneira* entre os lugares do Sisto (Gándara) e San Cremenzo de Pazos.

A xurisdición señorial de Soneira, de señorío real, conformábase no Antigo Réxime oito parroquias da comarca histórica (as outras pertencían á xurisdición de Vimianzo, do conde de Altamira): Anos, Borneiro, Canduas e Nantón —todas do actual concello de Cabana— e Brandomil, Muíño, San Cremenzo de Pazos e Zas —do de Zas— (Río Barja 1990).

Pasando ó eido eclesiástico, ó arceprelado de Soneira pertencen desde hai case mil anos as freguesías centrais e setentrionais do concello de Zas (Santo Adrián do Castro, Loroño, Vilar, Zas, Mira, Gándara, San Cremenzo de Pazos, O Allo, Lamas e Baio) xunto con todas as do concello de Laxe e a maior parte das de Vimianzo e Cabana.

Soneira aparece nas atestacións máis antigas como un territorio diferenciado xa desde os séculos IX e X, primeiro denominado *commisso* (condado) e despois *terra*, palabra equivalente a ‘comarca’. A atestación máis antiga data do ano 868: atópase nun documento en latín que se coñece como Designación de Tructino —transcrito por López Ferreiro— onde se indica que a igrexa de San Sadurniño, hoxe de San Vicenzo, de Vimianzo pertencía ó territorio de *Seminaria*: “In *Seminaria* sanctum Saturninum in Vimianço”.

É esta a única ocasión en que figura con esta denominación, pois en adiante, no Medievo, aparecerá con formas latinizantes —*Somnaria*, *Sonaria*, *Sunaria*, *Subnaria* ou *Subneria*— ata desembocar en documentos en galego e despois en castelán coa forma actual: *Soneyra* e *Soneira*. En época moderna houbo algún intento castelanzador (*Sonera*).

Dispoñemos de numerosas atestacións durante a Idade Media, que citaremos polo miúdo, debido a que son a proba evidente da existencia diferenciada desta comarca desde hai máis de mil anos, aínda que se puxese en dúbida.

No ano 899 cítase por vez primeira o “*commisso de Sonaria*”, nun diploma outorgado polo rei Afonso III de Galicia e Asturias o día da consagración da igrexa de Santiago. Entre os anos 900 e 950 figura o *commisso* de *Somnaria* ou *Sonaria* entre os *commissa* dependentes do bispado de Iria; segundo os historiadores, comprendería case ó completo o territorio dos actuais concellos de Zas, Vimianzo, Camariñas, Laxe e Cabana. En 915 figura *Somnaria* en documentos do Tombo A da Catedral de Santiago; neste mesmo ano disólvese a decanía de *Soneira*, posuída polo bispo de Tui, segundo lemos en *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media* (1988) de Fernando López Alsina. En 950, na relación de parroquias extensas da sé episcopal de Iria, volve aparecer *Somnaria*, cun territorio idéntico ó ‘*commisso*’ do mesmo nome. En 968, noutro documento relátase a fuxida cara a Compostela, a causa dos ataques de piratas sarracenos, dos monxes do pequeno cenobio de Santa Mariña de Cabo Tosto, situado “in *terra de Somnaria*”; esta aldea pertence á parroquia de Xaviña (Camariñas).

En 1095, “Burnario [Borneiro] est in *territorio Subnaria*, prope litore maris”, e en 1105, aparece “Condines [Cundíns] in *Sunaria*”. En 1177, entre os arceprelados da diocese de Santiago de Compostela aparece o de *Soneira*; estas comarcas ecle-

siásticas adoitan herdar o territorio das antigas parroquias extensas irienses, pero neste cambio o arciprestado soneirán perderá as freguesías da ría de Camariñas a favor do de Nemancos. En 1189, “Cesulles [Cesullas] et infantaticum de Neaño [Neaño] quod is *terra de Sonaria*”. En 1223: “Sancti Michaelis de Trees [San Miguel de Treos] in *Sonaria*”. Borneiro, Cundíns e Cesullas forman parte hoxe do concello de Cabana de Bergantiños e, polo tanto, considéranse integradas na comarca de Bergantiños.

Nun documento do Tombo de Toxos Outos de entre finais do séc. XIII e principios do XIV cítase a parroquia de “Santa Çeçya de *Soneyra*” (actual Santa Sía de Roma). En 1334, nun documento en galego —o testamento de Lionor Gonçalves de Saz— indícase que a parroquia de Nantón estaba situada “en *terra de Soneyra*”. En 1362, no Arquivo de San Paio de Antealtares —onde figura o *Índice del Archivo de la Casa da Altamira*, que estudou Pardo de Guevara (2000b)—, cítase a *tierra de Soneyra* en 1362 e en 1383 (“la casa fuerte de Vimianzo que es en *tierra de Soneyra*”). No mesmo documento, e xa no séc. XV, vólvese citar na doazón de 1426 de Paio Mariño e Sancha de Lobeira o seu fillo Rui Soga de Lobeira de “el castillo de Peñafiel y las cassas fuertes de Vimianzo, que es en *tierra de Soneyra*, y la de Broño, en tierra de Barcala”. Posteriormente, en 1458, na relación de contas e padróns da facenda da Casa de Altamira, no “Repartimiento en la Provincia de Vimianzo” cítanse moradores de “çinquo freegresias de *Soneira*: Borneiro, Bayo, Baamiro, Salto e Treos” (García Oro e Portela Silva 2003).

Pasando á Idade Moderna, no Arquivo da Casa de Altamira (García Oro e Portela Silva 2003) temos estas atestacións: en 1507, no “Vecindario del Juzgado de *Soneira*. [...] Reçiby de Roy Calbo, juez de *Soneyra*, çient ducados...”. En 1519, desde Barcelona, o emperador Carlos V concédelle o xulgado de *Soneira* a Lope Osorio de Moscoso, conde de Altamira:

Don Carlos por la gracia de Dios [...] Rey de romanos e Enperador sienpre agosto [...] que agora y de aqui adelante hasta tres años cunplidos primeros siguientes [...] seades nuestro juez del *valle de Soneyra*, que es en nuestro Reyno de Galizia.

En 1609, na *Crónica de la Orden de San Benito*, de frei Antonio de Yepes, consta que a freguesía de “San Antonino de Bayñas era Monasterio en *tierra de Soneyra*”.

No tocante á súa posible etimoloxía, son dúas as hipóteses que se barallaron como posible orixe. A primeira, que proceda do citado *Seminaria* do documento de Tructino do ano 868, segundo a transcripción de López Ferreiro. Cabeza Quiles (2008) desenvolveu a etimoloxía a partir desta variante, recorrendo a alteracións fonéticas que levarían a que se pasase de *SEMĪNĀRĪA a *Sem’neria por síncope da vogal pretónica Ī; posteriormente a *Sem’neira > *Somneira > *Soneira*. A palabra latina SEMĪNĀRĪA é a forma feminina de SEMĪNĀRĪŪ ‘pebideiro, terreo onde se sementan plantas que despois serán transplantadas a outro lugar’. Segundo esta hi-

pótese, *Soneira* sería un topónimo agrícola cun significado relacionado co de ‘sementeira, un viveiro de pequenos vexetais ou sementes’, semellante ó de Viveiro, e posiblemente sería paralelo de *Samieira* (Poio), que se rexistra como *Samenaria* e *Saminaria*.

Martínez Lema (2010) rexeita esta hipótese por varios motivos. Dunha banda, porque se articula a partir dun testemuño documental illado —e talvez errado (tamén se di que o patrón é san Sadurniño, e non san Vincenzo)—, formalmente desconectado do resto dos rexistros que dispoñemos. Pola outra, porque resulta difícil explicar como un morteiro de pequenos vexetais podería acabar dándolle nome a un corónimo, a todo un extenso territorio histórico. Así o razoa:

Esta eiva é aínda máis insalvável se temos en conta que as comarcas da Galicia altomedieval aséntanse sobre realidades territoriais preexistentes, de orixe en moitos casos anterior á propia romanización e cuxa denominación, en consecuencia, remitía a un substrato lingüístico prelatino. Os nomes dos territorios naturais situados na contorna xeográfica inmediata de Soneira son un bo exemplo do que vimos de dicir, pois Céltigos, Nemancos e Bergantiños son todos topónimos de carácter xentílico ou etnonímico creados a partir de bases lingüísticas prelatinas.

Polo tanto, Martínez inclínase por outra hipótese que no seu día defendera Isidoro Millán González-Pardo: que *Soneira* procedería dun antigo sintagma *SŪB NERĬA, que aludiría a un antigo territorio situado próximo (lat. SŪB ‘ó pé de, xunto a’) a outro —talvez máis amplo— habitado polos *nerios*, pobo prerromano asentado ó norte do río Tambre na contorna dos cabos de Fisterra e de Touriñán. Concordamos con esa opinión, de xeito que *Soneira* designaría esas terras situadas ‘ó pé dos nerios, xunto ós nerios, en veciñanza cos nerios’.



Zona leste da Terra de Soneira desde o Bico de Meda, que comprende boa parte do concello de Zas

Na recensión que Martínez Lema fai en 2015 do libro *Toponimia celta de Galicia* (2014), de Cabeza Quiles, estráñase de que nel

cando se fala do etnónimo *nerios* (para o cal se ofrece unha explicación moi razoábel, con certeza) non hai a máis mínima mención á que parece, cun grao de probabilidade moi elevado, a súa pervivencia toponímica máis clara: *Soneira* (< *SUB NERĬA), se cadra por o autor ter defendido unha orixe etimolóxica diferente para o dito topónimo.

Escribiron sobre o pobo nerio cronistas romanos como Pomponio Mela ou Plinio o Vello, quen os considera celtas (“Celtici cognomine *Nerii*”); Estrabón fai referencia ó cabo ou promontorio Nerio —*Nérion Akrotérion* en grego; *Promontorium Nerium* en latín—, que se adoita identificar co cabo de Fisterra, aínda que non faltou quen o identificase co de Touriñán. Mela denomínoa *Promontorium Celticum*.

Xa que logo, a forma hipotética *NERĬA designaría o territorio ocupado polos nerios. Martínez Lema comparte a opinión de Antonio Tovar (1989) que no seu día propuxo para este etnónimo como base a raíz indoeuropea **ner-* / *aner-* ‘forza vital’, ‘home’, recoñecible en formacións léxicas como no grego *aner*, *andrós* ‘proxenitor, que enxendra, home’ ou no ámbito das linguas célticas **nero-* ‘heroe’. Polo tanto, *Neria* tería un carácter enfático para subliñar certas calidades relacionadas coa nobreza, coa forza, coa valentía ou coa belicosidade.

En resumo, entre as dúas posibilidades que se propuxeron: *SEMĬNĬRĬA > **Sem’neira* > **Somneira* > *Soneira*; e *SŪB NERĬA (< lat. *sŭb* ‘debaixo de’, ‘xunto a’ + *NERĬA < indoeuropeo **ner-* / *aner-*) > *Soneira*, aínda que pode haber puntos de discusión, parécenos máis axeitada a segunda.

Este topónimo deu apelido a fidalgos desta zona desde o séc. XIV: en 1375, don Pedro Enríquez, conde de Trastámara, doa a *Ruy Soneira*, “fidalgo notorio, su vasallo”, as freguesías de Corcoesto e Riobó (Pardo de Guevara 2000b). Na igrexa desta última parroquia enterrárase outro *Rui Soneira de Rioboo*, que ditou testamento a finais do séc. XVI (Crespo 1957-1965). En 1546 era veciño de Brandomil un labrador chamado *Afonso Soneyra*. En 1753 eran veciños de Zas Juan e Pedro *Soneira*, segundo o Catastro de Ensenada.

Levan na actualidade o apelido *Soneira*, segundo a CAG, 747 persoas en Galicia, espalladas por 21 concellos, a maior parte deles do ámbito da Costa da Morte (comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra); o concello de Muxía, con 143 portadores, encabeza a lista, seguido do de Camariñas, con 95.



Presa e muíño novo de Su a Agra (Baio), no río do Porto. Foto: Asociación de Veciños Tabeirón (Baio)

Su a Agra

Lugar da parroquia de Baio

Este topónimo é un composto de *so/su* (preposición) + *a* (artigo) + *agra* (nome). A preposición *su* (< lat. *sŭb* ‘debaixo de’, xunto a’) é a que sitúa este espazo con respecto ó referente, *a agra* de Baio, neste caso. En latín sería **SŪB ILLĀ(M) AGRA(M)*, e significaría ‘ó pé da agra’ ou ‘a un nivel máis baixo da agra’. Un *agro* [< lat. *AGRU(M)*] é unha ‘extensión de terreo cultivado’ e unha *agra* unha extensión aínda máis grande, xeralmente de varios propietarios.

Nesta zona construíronse dous muíños, hoxe denominados *muíño Vello de Su a Agra* —datado no séc. XVII— e *muíño Novo de Su a Agra* —datado no XVIII—, ó carón do cal tamén se construíu a *presa de Su a Agra*, que, así mesmo, tamén recolle as augas do río de Zas ou de Lamas, afluente do río do Porto pola esquerda. Aínda que con pouco uso na actualidade, tamén existiu en tempos a chamada *praia de Su a Agra*, un remanso do río onde adoitaba bañarse a rapazada no verán, sobre todo durante as décadas de 1940 a 1980.

Finalmente, unha asociación deportiva creada en 1988 para potenciar deportes distintos do fútbol tomou o nome de *Asociación Deportiva Su a Agra* por estar a zona deportiva baiesa situada neste espazo: o campo de fútbol municipal Platas Reinoso e unha piscina, tamén municipal.

Teixidón

Lugar da parroquia de Mira

Este topónimo —único no NG 2003— procede do colectivo *TAXETU*, derivado do latín *TAXU* ‘teixo’ (árbore) + o sufixo *-ONE*. Fai referencia a unha zona abundante en *teixos*, árbores que en tempos foron comúns en Galicia. As súas bagas ou follas son tóxicas, e disque con elas se suicidaron na antigüidade —segundo Paulo Orosio

e outros cronistas da época romana— os defensores galaicos do monte Medulio para evitaren ser escravizados polos romanos. Segundo o DRAG, ademais de ser nome de árbore, *teixo* tamén pode ser un adxectivo de cor que significa ‘pardo ou castaño escuro’; nalgúns topónimos podería estar con este significado, pero non é este o caso, pois un derivado con ese sufixo -ONE ten que ser fitónimo.

Derivados tamén do lat. TAXU ‘teixo’ son outros topónimos como *Teixido* (existen varios, entre eles *Santo André de Teixido*, a parroquia do famoso santuario da Serra da Capelada), *Teixidos*, *Teixedo*, *Teixeda*, *Teixedal*, *Teixide* e *Teixeira* (moi abundante).

Fálase deste lugar de Mira nos apeos do conde de Altamira do ano 1592: “Otro [apeo] del lugar de *Teixidon* que labra Juan do Rial en Mira” (documento transcrito por López Bermúdez). No Catastro de Ensenada (1753) faise mención, na parroquia de Zas, de tres muíños “en el rio de *Teixidon*”.

No *Diccionario* de Madoz figura como *Teijidor*, por erro gráfico. No nomenclátor de 1860, *Teigidón* e no de 1920 *Teijidón*; nos dous casos pseudocastelanizados. En Carré Aldao (c. 1928) e nos outros nomenclátors de 1888, 1930, 1940, 1970 e no de 2003 aparece correctamente, co <x> etimolóxico: *Teixidón*.

Non se rexistra como apelido en Galicia.

Torres de Boén, As

Sitio arqueolóxico da parroquia de Gándara

No inventario de Bens arqueolóxicos e arquitectónicos do PXOM de Zas (2008) figuran en Gándara as *Torres de Boén* ou *do Surribado*.

A empresa Arkhaios recollía hai anos nun informe arqueolóxico:

Trátase dun xacemento de tipo mota, de pequenas dimensións, no interior do cal se conservan aínda os restos dunha posible torre de planta rectangular. [...] No centro da mota conserva os restos dunha construción rectangular; as súas medidas interiores son de 7,40 m de lonxitude nos lados maiores e de 5,80 m nos lados menores, que interpretamos coma os restos dunha posible torre medieval.

Boén é un topónimo de orixe escura, que podería provir do xenitivo dun nome de posesor rematado en -ENIUS (como pasou con EUGENII, xenitivo de EUGENIUS, que deu *Oxén*) ou -ENUS (p.ex. *Bolenus*, documentado en xenitivo, *Boleni*, na epígrafa romana en Lugo). Parece un nome persoal vinculado co adxectivo latino BONUS, BONA ‘bo, boa’.

Elixio Rivas cita un *fili Boeni* na entrada BONUS en *Onomástica persoal do Noroeste hispano*. Na documentación da catedral de León hai un confirmante *Bonen* en 1008. Na documentación do cartulario do mosteiro de Fiães, de Melgaço (Portugal), contida no CODOLGA, do século XIII, atopamos esta cita: “illo *casale de Boen* quod uos ibi habemus in monte”. Nesta mesma centuria, nun documento en

latín do TMILG datado entre 1234 e 1236, relacionado cunhas posesións disputadas polo mosteiro de Sobrado, cítase un particular, *Martinus de Boen*, e un topónimo próximo á parroquia de Gándara, *Surdiís* (Sordíns), lugar da parroquia de Cuns (Coristanco).

Nas investigacións que a historiadora Ana Framiñán fixo hai uns anos sobre os Condes de Altamira atopou un documento que fala das torres de Boén, que constituíron un importante peñor para un préstamo entre notorias señoras da nobreza galega da época, das familias Soutomaior e Moscoso. O que segue a continuación é un fragmento dun texto publicado en *La Voz de Galicia* o 19 de setembro de 1999 a raíz da entrevista coa citada historiadora:

Había una vez una torre de piedra en la tierra de Sonera y eran los años de la mitad del siglo xv. La señora Doña Mayor de Sotomayor, más conocida en la zona por ser la mujer de Ruy Sánchez de Moscoso, le hizo un préstamo de 150.000 maravedís a la señora Doña Teresa de Estúñiga, también conocida por ser la esposa de Diego Pérez Sarmiento, conde y adelantado. Como prenda de devolución de la suma, le dio la “casa de Boén” que estaba en “Sonera”, según reza el documento hipotecario. Y los siglos han pasado y ya no queda más que los recuerdos de la casa que conoció otros tiempos de la actual Gándara.

Da importancia desta fortaleza na Idade Media dá proba o testamento, en galego, da fidalga dona Lionor Gonçalves de Saz, esposa de Rui Soga, do 6 de agosto de 1334, transcrito en 2004 por Pérez Rodríguez: “...que entreguen ante o arçibispo de Santiago quanto herdamento que [de] min teen en Camboo, en *Baen* et enna friigrisia de Santa Maria de Gandara”.

Nesta transcripción de 2004 o seu autor anunciaba que cubría as lagoas da inicial de Antonio López Ferreiro en *El Eco de la Verdad* (1868). Nunha transcripción máis recente, de 2014, Pichel Gotérrez e Martínez Lema len *Boem*.

Por outra parte, o erudito Juan López Bermúdez, na copia que fixo dos apeos e servizos feudais do conde de Altamira de c. 1592, fai mención do apeo do Casal de Dueña, casal de *Boén* e Couto de Budián en Gándara, e comenta: “... tres testigos que hablan de la existencia de la *torre de Boén* (feligresía de Santa María de Gándara) que pertenecía al conde de Altamira y que se había apropiado de la torre y sus heredades Gonzalo do Souto”. Neste mesmo documento tamén se cita o “Apeo de la torre de *Boén* y sus heredades en Gándara”. O topónimo aínda era de uso corrente no séc. XVIII: nas Comprobacións do Catastro de Ensenada menciónase “otra [pieza] llamada *Boén*”.

Non é un lugar habitado, pero incluímolo pola súa importancia histórica para o concello e a comarca, posto que se trata dunha torre ou fortaleza anterior ás Torres do Allo.

En Galicia non existe ningún lugar habitado con este nome; si hai un *Boel* nos concellos de Outes e Ribeira de Piquín, e un concello na comarca de Eo-Navia no occidente de Asturias, de fala galega.

Os veciños de Gándara tamén adoitan usar o nome alternativo de *Torres do Surribado*, mais *O Surribado* é, en realidade, o nome das leiras que quedan na zona chá ó pé do outeiro con forma de península onde están as ruínas, outeiro que se ergue na beira esquerda do río do Porto (denominado río do Sisto nesta zona). O topónimo tería a súa orixe no latín: *sŪB* ‘ó pé de’, ‘xunto a’, mais un adxectivo derivado de *rīpa* ‘ribeira’.

No Interrogatorio do Catastro de Ensenada (1753) cítase en Gándara un muíño “llamado *Survivado* que muele diez meses propio del ya dho Rodrigo Pardiñas”. Nas Comprobacións do Catastro, de 1760, vólvese citar este mesmo muíño “llamado *Sorribado* sobre el río Sisto”.

Toxa, A

Lugar da parroquia de Muíño

Lugar da parroquia de Zas

A pesar das aparencias, o feminino *Toxa* non ten relación coa planta (o *toxo*: arbusto espiñento da familia das leguminosas). Isidoro Millán, no estudo que fixo do río *Toxa* de Silleda (1984), considera que é un hidrónimo derivado da raíz indoeuropea **teku* ‘correr, fluír’, patente no topónimo *Toga*, testemuñado pola epigrafía. Tamén Bascuas (2006) o relaciona con hidrónimos derivados da raíz indoeuropea *tā-* ‘derreterse, fluír’, xunto co [río] *Tagus* > *Texo*.

Os dous lugares con este nome deste concello son entidades de poboación moi escasa (o de Zas quedou xa deshabitado). No *Diccionario* de Madoz non figuraba ningún dos dous. Coa grafía castelanizada *Toja* recóllense ambos no nomenclátor de 1860, pero só o de Muíño no de 1888. No de 1920 ningún deles. En Carré (c. 1928) achábase o de Muíño coa grafía galega, aínda que sen o artigo (*Toxa*). Volven figurar os dous, co artigo en castelán e coa grafía castelanizada (*La Toja*), nos nomenclátors de 1930, 1940 e 1970. No NG 2003 tamén se rexistran os dous, xa coa grafía galega: *A Toxa*.

Na Terra de Soneira hai outro lugar denominado *A Toxa*, na parroquia de Vimianzo, e en Galicia outros tres: en Touro, Silleda e Pontecesures. Xa antes citamos o *río da Toxa*, afluente do Deza, que conta cunha fermosa fervenza. No Grove atópase a *illa da Toxa*, que localmente era máis coñecida como *illa de Louxo*.

O apelido *Toxa* non se rexistra en Galicia, segundo a CAG. Na forma castelanizada *Toja* hai 530 portadores, concentrados sobre todo nos concellos de Laxe (134) e Vimianzo (48), co que deducimos que foi o lugar vimiancés a súa posible orixe.

Vaodosal ou Vadusal

Ponte de San Cremenzo de Pazos

Resultou extremadamente complicado pescudar o nome dunha ponte de grosas e longas lousas de pedra situada sobre as augas do río do Porto, a uns 11 km do seu nacemento, que dá servizo a unha pista forestal entre os lugares de San Cremenzo e Daneiro. Na súa entrada sur —na beira esquerda do río— hai un insólito bosque de secuioas, plantadas nos anos sesenta do século pasado. Indicámolo como simple curiosidade, pois nada teñen que ver estas exóticas árbores co nome da ponte nin co sitio onde está situada.

Na información que recibimos cando estabamos preparando a publicación *O río do Porto, o río grande da Terra de Soneira* (2019), escoitamos pronunciar *Vaodosal* ou *Vadosal*. En 2025 volvemos preguntar, neste caso a un coñecido xornalista natural de San Cremenzo, Santi Garrido, e este informounos que a súa bisavoa (nacida en 1908) pronunciaba *Vaodosal* (e mesmo *Vaudosal*) e a súa avoa (nacida en 1928) *Vadusal*.

No Catastro de Ensenada (1753) faise mención en San Cremenzo de Pazos do muíño “llamado *Badousal* sito en el rio de este nombre”. Nas Comprobacións do Catastro (contra 1760), figura este mesmo muíño “llamado do *Baoduzal* sito en el rio del mismo nombre”. O muíño aínda existe, e o río é o principal do concello e da comarca, xa en 1764 “llamado do Porto” (véxase) por José Cornide, pero, como é adoito no Catastro de Ensenada, aparece coa denominación local dos sitios por onde pasa, recollendo o que daquela dixeran os informantes.

Temos, polo tanto, por orde cronolóxica, estas atestacións: *Badousal* (1753), *Baoduzal* (c. 1760), *Vaodosal* e *Vadosal* (2019) e *Vaodosal/Vaudosal* e *Vadusal* (2025).

A primeira parte de topónimo identificámola con *Vao* —ou, abreviado, *Va*—, termo que procede do lat. *VĀDU* ‘vao’ e fai referencia a aqueles sitios pouco profundos dos ríos nos cales case se pode pasar andando, sen apenas mollar os pés. Para a segunda parte chegamos a considerar, nun primeiro momento, a voz *Sal*, e que se podería referir ó que en realidade aparentaba: a voz latina *SĀL*, *SĀLIS* ‘sal’.

Mais as atestacións de 1753 e de 1760 lévannos a pensar que o topónimo real foi, en orixe, **Vao do Uzal*, convertido no *Badousal* da primeira atestación pola anarquía ortográfica do castelán da época e polo seseo propio da zona. A outra atestación, *Baoduzal*, levaríanos a un primitivo **Vao de Uzal*.

Concluímos, polo tanto, que esta ponte foi construída nun vao do río situado á beira dun *uzal* ou *uceira*, lugar con abundancia de uces. Nada que ver, xa que logo, co *sal*. A *uz* (< lat. *ULEX*, -*ICIS*), é unha planta arbustiva da familia das ericáceas (*Erica arborea*) de follas moi pequenas e flores brancas e rosáceas, moi común nos montes de Galicia. O noso informante confirmounos que no lugar abundan as uceiras, e mesmo a súa familia ten a moi pouca distancia unha leira de monte baixo chamada *A Uceira*. No *Vocabulario de Soneira* de Francisco Romero Lema (2000) figura *uzal* como entrada; polo tanto, tamén é común esta denominación na comarca.

En conclusión, dámoslle prioridade ás denominacións *Vaodosal* e *Vadusal* que chegaron ós nosos días en boca de xente de idade, resultado da evolución duns primitivos **Vao do Uzal* ou **Va de Uzal*, seseo interposto.

Ventoselo

Lugar da parroquia de Mira

Este topónimo designa un lugar, habitualmente elevado, desprotexido dos ventos. A súa orixe está no latín *VENTOSĒLLU*, diminutivo feminino de *ventōsus*, adxectivo derivado de *vēntu* ‘vento’.

Documentamos no ACS por volta de 1581 varias atestacións dos “lugares de *Bentoselo* sitos en la feligresía de Santa María de Mira”.

No séc. XIX o *Diccionario* de Madoz non rexistra este topónimo, pero si o nomenclátor de 1860 como *Bentocelo*. Xa coa grafía correcta, *Ventoselo*, figura no nomenclátor de 1888, en todos os do séc. XX e no de 2003. Tampouco aparecía na *Geografía* de Carré Aldao (c. 1928).

No NG 2003 recóllese outros tres lugares chamados *Ventoselo*: dous no concello de San Amaro, un no da Lama e un *Ventoselos* no de Vilalba. Hai tamén cinco *Ventosela*, nos concellos da Estrada, Forcarei, Punxín, O Pereiro de Aguiar e Ribadavia (este, ademais, é parroquia). Como país ventoso que é Galicia, son máis de trinta os lugares maiores con nomes relacionados co *vento* (*Ventoso*, *Ventosa* etc.); é ben coñecido o do *Mesón do Vento* (Ordes).

Non se rexistra como apelido na CAG.

Vermello

Lugar da parroquia de Lamas

É un topónimo único no NG 2003. O adxectivo galego *vermello*, *-a*, que ten o seu étimo no lat. *VERMĪCŪLU* ‘cochinilla’ (diminutivo do lat. *vermis* ‘verme’) fai referencia á cor do sangue, debido a que se usaba o sangue destes insectos para tinguir os tecidos. Posiblemente a cor encarnada, vermella, sexa a que se advirte no solo onde está asentada esta aldea, aínda que non se descarta que o topónimo proceda dun apelido ou alcume dun antigo propietario.

Aparece grafado co B- (*Bermello*) no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), en Carré Aldao (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX e XX. O NG 2003 oficializou a forma con V- (*Vermello*).

Como apelido, *Vermello* só rexistra seis portadores; escrito con B- conta con 47, a maior parte residentes en Ourense e provincia.

Vicenta, A

Lugar da parroquia de Loroño

A *Vicenta* é un topónimo único no NG 2003. Seguramente procede da propiedade dunha muller chamada *Vicenta*, ou da muller dun home chamado *Vicente*. Tamén pode ser un simple adxectivo para identificar unha propiedade: ‘a [leira] de Vicente’ > *A Vicenta*.

O antropónimo galego *Vicente* procede do latín VINCENTEM, participio presente do verbo *vincere* ‘vencer’; significa “o vencedor, o vitorioso”. A variante *Vicenzo* procede dun derivado: VICENTIUM. Segundo Ferro Ruibal (1992) foi un nome moi usado entre os primeiros cristiáns polo seu valor augural: a vitoria sobre o demo, as tentacións do mundo etc.

É un topónimo de introdución relativamente recente, pois non aparece citado ata o nomenclátor de 1930 (*Vicenta*). No NG 2003, seguindo a pronuncia local, engadíuselle o artigo: *A Vicenta*.

Vila

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

O substantivo *vila* designa no galego de hoxe unha poboación de tamaño intermedio entre o dunha cidade e o dunha aldea. A palabra latina VILLA ‘vila’ designaba unha explotación agraria ó redor dunha casa de campo, unha especie de granxa agrícola e gandeira pertencente a un señor importante. Andando o tempo, no período tardorromano ou altomedieval, estas *villae* ‘vilas’ pasaron a ser pequenos núcleos de poboación semellantes ás nosas aldeas, como acontece no caso que nos ocupa, mentres que algunhas delas, a partir do séc. XI, lograron converterse en núcleos de poboación máis grandes, de aspecto urbano, dotados de certos servizos, e mesmo se chegou a empregar como sinónimo de *cidade* (por exemplo, na referencia popular a Pontevedra como “a boa vila”, ou como sucede en lingua francesa: *ville*).

No Catastro de Ensenada cítase na parroquia de [San Martiño] de Meanos un muíño “llamado de *Vila*”. Curiosamente, este topónimo non sufriu a castellanización administrativa, pois sempre aparece grafado *Vila*, tanto no *Diccionario* de Madoz coma en todos os nomenclátors que o sucederon.

Vila é un dos nomes de lugar máis frecuentes do territorio galego (hai máis de 1 500). Como era de esperar, tamén é común en Portugal.

O apelido *Vila* procede de topónimos semellantes. Lévanos unhas 14 600 persoas en Galicia e ocupa o lugar 41 dos nosos apelidos; en Zas só ten nove portadores. Á cifra citada das persoas que o levan en Galicia hai que sumar os 3 584 da forma soldada coa contracción da preposición *de* + o artigo feminino *a*: *Davila* (ou, mesmo, a deturpada *Dávila*). En plural, *Vilas*, ascende a 5 599 portadores galegos. A forma castellanizada ou de procedencia foránea, *Villa*, conta con menos posuídores: 820.

Vilachán

Lugar da parroquia de Lamas

O topónimo *Vilachán* é transparente e está formado polo substantivo *vila* e o cualificativo *chan*. Procede do lat. *VILLA PLANA*, e alude a unha propiedade agraria ou aldea edificada sobre terreos chans, que se corresponde por enteiro co sitio en que está situada a aldea que nos ocupa, pois se por algo se caracteriza a orografía da parroquia de Lamas é por presentar formas totalmente achanzadas: “un val [do río de Lamas] de fondo moi plano onde son imperceptibles os desniveis”, como se indica na obra *Zas polo miúdo* (Domínguez e Lema 2020).

No galego occidental, a terminación do masculino *-anu* e a do feminino *-ana* resólvense nos dous casos en *-án*, como en *irmán* (< lat. *GERMANU* / *GERMANA*) fronte ó modelo estándar *-án* (m.) / *-á* (f.): *irmán* < lat. *GERMANU* / *irmá* < lat. *GERMANA*.

Deste xeito, no NG 2003 atopamos sete *Vilachán*, todos situados na zona occidental: cinco en concellos da provincia da Coruña (Carballo, Muxía, Negreira, Rois e este de Zas) e dous no de Tomiño (Pontevedra). Para a forma *Vilachá* rexistramos 25 ocorrencias, a maior parte de concellos das provincias de Lugo e Ourense, xunto con algún da zona oriental da da Coruña. No norte de Portugal tamén se rexistra o topónimo, presente, por exemplo, na freguesía de *Vila Chã* do concello de Vila do Conde (distrito do Porto).

A atestación documentada máis antiga deste lugar da parroquia de Lamas pode corresponder a un tal *Pedro de Bilachaaaz* (sic) de principios do séc. XVI, que figura nunha folla solta dun libro do arquivo familiar da Casa de Altamira, entre os bens na meirindade de Laxe, segundo as investigacións de García Oro e Portela Silva (2003). Tamén do séc. XVI, en documentos do Arquivo da Catedral de Santiago cítase na resolución dun preito un tal *Gregorio de Vilachán*, veciño de San Amedio de Bamiro. No Catastro de Ensenada (1753) faise mención dun muíño “llamado de *Vilachán* sobre el río de Lamas con el que muele por canle todo el año Dn Jorje Caamaño y consortes vezino de Santiago de Lampón”. Este Caamaño era o dono das Torres de Romelle (Loroño).

No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) aparece grafado *Vilacha*, sen o til. En Carré (c. 1928) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI, sempre *Vilachán*.

Como apelido, *Vilachán* soamente ten 60 portadores en Galicia; ningún no concello de Zas. *Vilachá* conta con algúns máis: 161.

Vilaestévez

Lugar da parroquia de Gándara

O topónimo *Vilaestévez* reproduce a habitual estrutura romance usada para a expresión de propiedade: *vila* + (de) + *poseedor*.

En Galiciana podemos consultar a que podería ser a atestación máis antiga deste topónimo, datada en 1349, en que figura —segundo o rexesto— unha muller chamada Maior González que lle vende ó seu fillo Fernando Becerra de Ceree (Cereo) a cuarta parte do couto de Carreira, salvo un casal sito en *Villa Esteuee*. O documento está asinado por un notario público xurado da Terra de Soneira.

A seguinte atestación que localizamos xa é de 1594, contida nun documento do ACS en que se fai mención do “lugar de *Villar Estévez*”.

A etimoloxía do segundo elemento do topónimo, *Estévez*, deunos bastantes problemas. Nun primeiro momento chegamos a considerar —pola atestación bastante tardía, de finais do séc. XVI— que xa era orixinariamente este segundo elemento o patronímico *Estévez*, pero a posterior localización da atestación de mediados do séc. XIV (*Villaesteuee*) lévanos a concluír que xa había un *Esteve* (‘Estevo’) inicial que se acabou modificando, posiblemente para asocialo ó apelido *Estévez*.


En resumo: o topónimo era, na Idade Media: *Vilaesteve*, composto de *Vila* (< lat. *VILLA*) + o xenitivo *Stephani* do nome latino *Stēphānus* ‘Estevo’, que á súa vez procedería do grego *Stēphanos*, nome persoal moi antigo, e tamén nome común *stēphanos* ‘coroa’.

O apelido *Estévez* formouse a partir do nome galego *Estevo* mais o sufixo *-ez*. É moi abundante en Galicia (ocupa o posto 30º dos apelidos galegos), pois lévano case 19 500 persoas, residentes en 179 concellos, na súa maior parte do sur das provincias de Pontevedra e Ourense.

Santo Estevo, diácono, foi o protomártir por antonomasia do cristianismo, lapidado ás portas de Xerusalén por blasfemar contra Moisés só uns días despois da morte de Cristo; por esta razón o seu nome foi moi usado polos primeiros cristiáns.

Ademais das dúas atestacións dos séculos XIV e XVI citadas, nas Comprobacións do Catastro de Ensenada (1761) existe unha referencia a unha casa “sita en

Atestacións de 1349 de *Carreyra* (arriba) e de *Villa Esteuee* (abaixo). Galiciana



la aldea de *Villastebes*”. No *Diccionario* de Madoz (1845-1850) rexístrase xa coa grafía galega *Vilaestévez*, como en Carré (c. 1928): *Vila-estévez*. No nomenclátor de 1860 aparece como *Vilaestébes*, e no de 1888 *Vilaesteves*, co seseo implosivo propio desta área lingüística. Nos nomenclátors do séc. XX presenta a grafía castelanizada de *Villaestévez*, ata que no NG 2003 se repuxo a patrimonial galega de *Vilaestévez*.

Soamente hai outro lugar chamado *Vilaestévez* no NG 2003, parroquia de San Xoán do Alto (concello de Lugo), que parece que tamén era un *Vilaesteve* orixinario: “in *Uilla Stephani*” (CODOLGA). Como apelido non hai ninguén que o leve en Galicia.

Aínda que posiblemente non teña que ver coa etimoloxía do topónimo, cómpre facer mención de que nesta parroquia de Gándara, na leira coñecida como *Agra da Cruz*, se localizaron en 1971 restos arqueolóxicos dunha *villa* romana datada nos séculos II e III. O descubrimento foi obra do daquela estudante Evaristo Domínguez Rial. Segundo o artigo publicado na revista *Gallaecia* (1979) pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela Raquel Casal García, a cantidade de restos cerámicos atopados nunha extensión de terreo de máis dun quilómetro e a súa calidade (*terra sigillata*, tégulas etc.) indican que esta *villa* era de certa importancia. Localizáronse restos arqueolóxicos do Baixo imperio noutras leiras entre O Sisto e Quintáns, a menos de 1 km de Vilaestévez.

Á beira desta poboación, pola zona sur, aséntase, ademais, o chamado *castro de Vilaestévez*, de dimensións considerables, que conserva unhas murallas de respectable altura; encontráronse nel abundantes restos de cerámica castrexa e, así mesmo, unha fusaiola (Domínguez e Lema 2020).

Vilanova

Lugar desaparecido da parroquia de Brandoñas

Topónimo de significado transparente, procedente das palabras latinas *VILLA* + *NŌVA* ‘nova’ (véxase *Vila*). As *Vilanovas* fan referencia xeralmente a fundacións ou concesións reais forais dos séculos X, XI e XII, que se chamaron así en comparación con outros asentamentos máis antigos. Esta da parroquia de Brandoñas non aparece citada no Catastro de Ensenada, polo tanto, é pouco probable que nacesse no medievo.

Debeu ser unha entidade de poboación de tan só unha ou dúas casas, pois tampouco se cita no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) nin nos nomenclátors do séc. XX; unicamente a rexistran o nomenclátor de 1888 e Carré Aldao (c. 1928).

É un nome de lugar moi repetido en Galicia, que denomina máis de 120 poboacións, entre elas os concellos e vilas de *Vilanova de Arousa* e *Vilanova de Lourenzá*.

O apelido *Vilanova* lévano en Galicia 1430 persoas. Coa forma castelá ou castelanizada de *Villanueva*, 4250. Ningunha das dúas formas ten presenza no concello de Zas.

Vilar

Lugar da parroquia de Vilar

Lugar desaparecido da parroquia de Loroño

Vilar (San Pedro)

Parroquia do concello

O nome común galego *vilar* procede da forma tardolatina *VILLĀRE, que á súa vez deriva do substantivo latino *villa* (véxase *Vila*).

En época tardorromana os *villares* eran simples anexos das *villae*, e no caso concreto do que lle dá nome a esta parroquia cuxo patrón é san Pedro, cabe pensar que puido nacer como anexo da *villa* romana que houbo onde hoxe está o adro da igrexa da parroquia veciña de Tines (Vimianzo), a tan só 1 km de distancia. Como proba desta posible primitiva dependencia aínda queda a denominación de *Vilar de Tines* en boca de moitas persoas da redonda, que tamén serve para diferencialo doutros topónimos do mesmo nome dentro da comarca, en especial os máis próximos: *Vilar de Lamas* (San Martiño de Meanos) e *O Vilar* (Muíño).

No adro de Tines atopáronse importantes restos arqueolóxicos en 1952. Entre estes restos, a estela de *Victorinus*, de finais do séc. IV, considerada o testemuño epigráfico máis antigo da presenza dunha comunidade cristiá en Galicia, xunto cunha necrópole romano-sueva datada entre os séculos I-VIII.

A finais do primeiro milenio, o topónimo *Vilar* empregouse co mesmo significado que anteriormente tivera o latín *villa*. Na actualidade, un *vilar* é unha pequena agrupación de casas, ou, así mesmo, ‘un conxunto de casas de labradío, cerradas e pertencentes a varios donos’.

A atestación máis antiga da parroquia de Vilar atopámola nun documento do Arquivo da Catedral de Santiago de 1569, en que se fala dun arrendo feito por Pedro Graíño Lamas y Señoraz, “señor del coto de Saz y Brandomil” a un veciño de Matasueiro dos froitos e rendas da sinecura de *Sampedro de Bilar* (sic).

Nos anos e séculos seguintes, o topónimo aparece na maior parte das veces castelanizado (*Villar*) con escasas excepcións, tanto nos libros de fábrica parroquiais coma nos documentos: *San Pedro de Villar* (Del Hoyo, 1607); *Libro dela obra y fábrica de la iglesia de Sn Pedro de Villar*, 1669). *Villar* repítese nos libros de fábrica e confrarías parroquiais dos séculos XVIII, XIX e XX, que persoalmente revisamos. No Interrogatorio do Catastro de Ensenada consta a freguesía como *San Pedro del Villar* (con algunha excepción como “el puente de *Vilar* sobre el rio *Vilar*”); *San Pedro de Vilar* nas Comprobacións do Catastro (1761); *Villar* de novo no *Diccionario* de Madoz (1845-1850), nos nomenclátors do séc. XIX e todos os do XX agás o de 1970, que fai a curiosa distinción entre *Vilar* (parroquia) e *Villar* (lugar). Carré Aldao (c. 1928) transcribe correctamente a forma galega.

O *Vilar* da parroquia de Loroño cítase nos nomenclátors de 1860, de 1888 e en Carré Aldao; non así en Madoz nin nos nomenclátors do séc. XX e no de 2003.

O da parroquia de Muíño cítase coa forma *Vilar* —sen artigo— en Madoz, Carré e en todos os nomenclátore desde os de 1860 e 1888, exceptuando o de 1920. No de 2003, atendendo á fala local, introducíuselle o artigo: *O Vilar*.

Os topónimos *Vilar* e *O Vilar* son dos máis abundantes en Galicia. Cinguíndonos só ás parroquias, lévano arredor dunha vintena delas distribuídas polas catro provincias. Os lugares son numerosos: o *Nomenclátor de Galicia* ofrece 784 resultados para a busca ‘vilar’ no campo ‘lugar’. Hai que engadir ademais os seus compostos e derivados como *Vilariño*, *Vilarmide*, *Vilarmel*, *Vilardevós*, *Vilarmaior* etc.

Tamén pasou a apelido de moitos galegos e galegas: na actualidade levan a forma propiamente galega *Vilar* 4 780 persoas (delas tan só sete viven do concello de Zas, pero no veciño de Santa Comba hai 187). A súa forma castelanizada *Villar* rexistra 15 620 ocorrencias (con esta grafía lévano no concello de Zas 34 persoas).

Vilar de Lamas

Lugar da parroquia de San Martiño de Meanos

Para a etimoloxía, véxanse *Vilar*, *O* e *Lamas*, respectivamente.

O complemento *de Lamas* serve para diferencialo doutros topónimos do mesmo nome existentes no concello: *Vilar* (parroquia de *San Pedro de Vilar*), *O Vilar* (Muíño) e *Vilar do Mato* (Zas).

A atestación máis antiga que rexistramos deste lugar data do ano 1552 e atópase nun documento do AHUS; nel fálase do “lugar de *Villar de Lamas* sito en la feligresía de San Martino de Meanos”. De 1589 data outro documento do ACS en que se cita unha casa con curral e horta “sita en *Villar de Lamas*” que o párroco de “San Martiño de Meanos y de Santa Zezilia de Roma”, Juan Pita da Veiga Alfeirán, lle aluga a outro clérigo, o bacharel Cristóbal Alonso, cunha renda anual de catro cargas de trigo.

Aparece só como *Vilar* no *Diccionario* de Madoz; como *Vilardelamas* nos nomenclátore de 1860 e 1888, e, xa na forma actual de *Vilar de Lamas*, en Carré e todos os nomenclátore dos séculos XX e XXI.

Vilar do Mato

Lugar da parroquia de Zas

O nome común galego *vilar* fai referencia a unhas instalacións anexas a unha antiga vila agraria ou granxa (véxase *Vilar*), explotación seguramente situada nun lugar boscoso, de moita maleza, de aí o complemento *do Mato*.

Segundo Navaza Blanco (2006) as voces *mata*, *mato* ‘arbusto, planta espesa’ e ‘bosque, selva’ son de orixe prelatina e están presentes nas diferentes linguas peninsulares. O seu posible étimo tardolatino sería *MATTÁ, *MATTU, e este, segundo E. Rivas (citado por Fernández González, 2007) da raíz indoeuropea **matt-* mon-
tón de plantas’.

No ACS localizamos a primeira atestación de “el lugar y casal de *Vilar do Mato*”, no ano 1566. Nos apeos do conde de Altamira na súa xurisdición de Vímianzo (c. 1592) —segundo a copia de López Bermúdez— faise mención de “el camino francés que viene de Santiago para *Vilar do Mato*”, o que responde á realidade, pois o antigo camiño real procedente de Santiago de Compostela baixaba da comarca de Xallas por Rial de Arriba (Meanos) e entraba na freguesía de Zas por este lugar.

No *Diccionario* de Madoz escríbese, castelanizado, *Villar de Mato*; en Carré, *Vilar do Mato*, e todo xunto e castelanizado en parte (*Villardomato*) nos nomenclátors de 1860, 1888 e en todos os do séc. XX, ata que o de NG 2003 o oficializou na forma actual.

O apelido toponímico *Mato* é bastante frecuente en Galicia, cuns 5 700 portadores (78 deles en Zas). Coa forma *Domato* —que conserva a preposición que antano adoitaba preceder o apelido—, lévano 179 persoas.

Vilar, O

Lugar da parroquia de Muíño

Véxase *Vilar (San Pedro)*.

Vilar Ramilo

Lugar da parroquia de Gándara

Este topónimo ten a súa orixe nun *vilar* ou granxa (véxase *Vilar*) pertencente a un posesor chamado *Ramilo*, nome xermánico de onde procede tamén *Ramil*. O antroponimo orixinario medieval atéstase como *Ranimirus* ‘Ramiro’. O paso de *Ramiro* á variante *Ramilo* explícase por disimilación das consoantes líquidas.

Nunha carballeira ó leste desta aldea atopouse cerámica dos séculos XII ou XIII, segundo análises efectuadas na Facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela. A pouco máis de 1 km, polo sur, queda outro *vilar*: a aldea xalleira de Vilarqueimado (Santa Comba).

No relativo ás atestacións, nada atopamos con anterioridade ó Catastro de Ensenada (1753), en que se cita un muíño “llamado de *Vilar*”. Os sucesivos transcritores do topónimo ó longo dos séculos XIX e XX deberon considerar que *Ramilo* era incorrecto e sempre anotaron *Ramiro*, de diversas maneiras: *Vilaramiro* (*Diccionario* de Madoz e nomenclátor de 1860), *Vila Ramiro* (Carré Aldao), *Vilarramiro* (nomenclátors de 1888 e 1920), e *Vilar Ramiro* nos nomenclátors de 1930, 1940 e 1970. Acabouse restaurando a forma histórica e popular de *Vilar Ramilo* no nomenclátor de 2003.

Non é de estrañar esta reticencia administrativa de escribir o topónimo con <l>, pois *Vilar Ramilo* é un *unicum* en Galicia, como tamén o é o seu “parente” *Vilarramil*, existente no concello de Palas de Rei. Non obstante, o topónimo *Ramilo* si

que se rexistra no NG 2003: unha parroquia en Viana do Bolo (*Ramilo, San Pedro*) e outro lugar chamado *Ramilo* (Monteagudo, Arteixo). Non rexistrado no NG 2003 pero si en Galicia Nomeada temos o lugar de *Ramilo* da parroquia de Petelos (Mos). Así mesmo, no NG rexístranse *Ramil* en Lalín e *Fonte Ramil* en Ribeira.

O apelido *Ramilo* xa é bastante máis coñecido, pois lévano 1 128 galegos, maiormente na zona oriental de Bergantiños (concellos de Carballo e A Laracha) e no Baixo Miño (O Porriño, Tomiño, O Rosal). O foco da primeira zona é o de Arteixo e o da segunda, o de Mos.

Vilarcovo

Lugar da parroquia de Brandoñas desaparecido en 1966

Este topónimo describe a orografía onde está situado: un *vilar* (para o seu étimo vexase *Vilar*) ou antiga explotación agraria situada nunha depresión do terreo, que é o que indica o adxectivo galego *covo* (< latín hispánico *cōvu* ‘oco, escavado’). Neste caso concreto, o lugar faría referencia a unha poboación asentada nunha zona arqueada ou afundida, como así era, pois estaba situado nunha ladeira bastante pronunciada cara á beira dereita do río Xallas.

O adxectivo *covo* está presente noutros topónimos como *Agrocovo* ou *Riocovo*. Este é un lugar de zona mineira desde a época do Imperio romano, coma outros desta parroquia. Proba disto é a expropiación de leiras para a prospección “de la mina de *Vilarcobo*” (*Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña* nº 235, 14 de abril de 1887). Aínda en época ben recente, en xaneiro de 1984, a Empresa Nacional Adaro de Investigaciones Mineras seguía buscando ouro (sobre todo) na área de Vilarcovo-Alborés, segundo un documento tamén facilitado —coma o anterior— pola Fundación Brandomil: “Investigación de las reservas del Estado Finisterre B2 (Sn, W, Cu, Au)”.

Ó estar a aldea situada nunha depresión, cando en 1966 se construíu o encoro da Fervenza no leito do río Xallas, aínda que as casas se mantiveron en pé, as terras de cultivo quedaron asolagadas polas augas e os veciños víronse obrigados a abandonalas e a asentarse noutras terras.

Encontramos atestacións do lugar desde o século XVI: en 1524 no AHUS “en el lugar de Vilarcobo”; en 1592 na relación de apeos do conde de Altamira: “Apeo de *Vilarcobo de baixo* y *Vilarcobo de Riba* en Sta. Maria de Brandoñas”. No Catastro de Ensenada (1753) cítase un muíño “llamado *Vilarcovo*”. No *Diccionario* de Madoz gráfase *Vilarcobo*; en Carré, por erro gráfico, aparece como se fosen dous lugares (*Vilar, Cobo*); no nomenclátor de 1860 *Vilarcobo*, no de 1888 *Vilar-Covo* e *Vilarcovo* nos nomenclátors de 1920, 1930, 1940 e 1970. No de 2003 xa non se rexistrou como lugar habitado, como é obvio.

Non se rexistra como apelido en Galicia, segundo a CAG.

Xallas

Xurisdición señorial, comarca e río

Incluímos este topónimo debido a que, en primeiro lugar, o río Xallas baña as dúas parroquias meridionais do concello de Zas, Brandomil e Brandoñas; en segundo lugar, debido a que á antiga *xurisdición de Xallas* pertencían dúas freguesías do municipio: Loroño e San Martiño de Meanos. Formaban parte desta xurisdición un total de 23 parroquias, case todas da actual comarca de Xallas e do concello de Santa Comba (Río Barja 1990). A comarca de Xallas, integrada polos concellos de Santa Comba e Mazaricos, é unha das 53 comarcas de Galicia oficialmente recoñecidas no Mapa Comarcal de Galicia (*Diario Oficial de Galicia*, 3/IV/1997).

O río Xallas ten a súa cabeceira no monte Castelo (569 m), parroquia de Bazar (Santa Comba). A poucos quilómetros do seu nacemento xúntase no lugar de Castriz (parroquia de Xallas de Castriz, Santa Comba) co río Mira, que procede da Braña Rubia (Coristanco). É unha corrente fluvial netamente xalleira, pois atravesa os concellos de Santa Comba e Mazaricos de leste a oeste para desembocar, despois de 64,5 km de curso, en fervenza na ría de Corcubión ó pé do monte do Pindo, no lugar do Ézaro (Dumbría); é o único río de Europa occidental que desemboca no mar deste xeito.

A denominación xeral de *Xallas* para este río é bastante serodia, posterior ó período medieval. O nome máis habitual era *río (de) Ézaro*; así se denomina (*rio d-Esar*) no primeiro documento, ano 1286, en que se fala da ponte de Brandomil. Frei Martín Sarmiento tamén se refire a el como “el río *Ézaro*, que en los mapas llaman *Lézaro*” (1745), o mesmo nome que lle dá o ilustrado José Cornide en 1764: “el río también llamado *Lézaro*. Nace en el valle de Rus [...] baña da *tierra de Jallas...*”. Así tamén o denominan os cartógrafos Tomás López (1784) e Vicente Beneyto (1810). José Lucas Labrada (1804) alterna esta denominación coa de *Xallas*: “el río *Lézaro* o de *Xallas*, *Noelius fluvius*”. Seguramente foi Domingo Fontán quen



O río Xallas ó seu paso por Brandomil

asentou definitivamente o cambio de denominación de *Ézaro* / *Lézaro* a *Xallas*: na súa *Carta geométrica de Galicia* (1834-1845) grafou río *Jallas* e *Comarca de Jallas*.

A etimoloxía do topónimo *Xallas* é realmente complicada. Filólogos como Moralejo Laso (1980), Luis Monteagudo (1999), Martínez Lema (2010) e Bascuas (2014) expuxeron por escrito as súas teorías, sen que ningunha delas, para algúns deles mesmos, chegase a ser enteiramente convincente.

Formuláronse dúas hipóteses principais: ou ten a súa orixe no nome dun río (hidrónimo) ou no dun territorio (corónimo). De ser a primeira opción, sería un hidrónimo paleoeuropeo referido unicamente ó curso alto do río (pois no medio e baixo o nome histórico foi, como xa dixemos, o de río *Ézaro*); de ser a segunda, trataríase dun corónimo celta, un nome de cor emparentado con *giallo*, *yellow* ('amarelo', en italiano e inglés, respectivamente).

Seguindo a Bascuas, a hipótese hidronímica esixiría un orixinario **Yalias*, “doadamente analizable como **Ya-l-iās*, co radical **yā-* + sufixo *-l-*, co significado de ‘correr, apresurarse’”. Para Moralejo Laso, *Xallas* derivaría da raíz hidronímica **sal-* e sería unha variante de *Salia* ‘corrente de auga’, probable étimo do asturiano [río] *Sella*. Monteagudo descarta a opción de hidrotopónimo primario e pensa nun radical indoeuropeo **iam-* / *iem-* ‘escavar’, que xustifica pola riqueza mineral—ouro e estaño en especial— desta comarca na antigüidade.

A Bascuas non o convence ningunha destas hipóteses; aínda que nun principio tivera en consideración a hidronímica, observou que *Xallas* “na documentación medieval aparece con frecuencia como nome dun territorio, un couto ou unha localidade, pero nunca dun río”.

As atestacións documentais do medievo véñenlle dar a razón, pois todas elas están referidas á parroquia de San Pedro de Xallas [de Castriz], ó castelo de Xallas (tamén situado nesta freguesía), ó couto de Xallas, á vila de Xallas... ou ós lugares deste nome existentes, tamén, nos concellos de Negreira e Rois. Hai unha atestación de 1137, en latín, que cita un “río *de Xallas*” (pero non “un río [de nome] *Xallas*”).

Aínda que con moitas reservas, Bascuas indica que, como simple topónimo, *Xallas* pode relacionarse coa raíz celta e balto-eslava **iēlo-*, **yalo-* ‘verde, non cultivado’, galo *-ialo-* ‘calveiro, claro no bosque’, moi frecuente en topónimos franceses como *Nanteuil* ‘calveiro do val’. A partir dunha forma *ialo-* non hai a menor dificultade para un derivado con sufixo *-io-* **Ialas* > *Xallas*, co sentido de ‘calveiro’. “Se se examinan sen prexuízos todos os elementos en xogo, o celtismo sería o máis probable”. Remata dicindo que non deixa de ser sorprendente que na documentación relativa a *Xallas* “non haxa a mínima connotación hidronímica, a pesar da abundancia de testemuños. Ademais, aínda que os nomes dos ríos están en singular, *Xallas* está en plural”.

Como xa advertiamos, non hai ningunha hipótese definitiva sobre a orixe do topónimo, como recoñece o propio Edelmiro Bascuas ó remate do seu pormenorizado estudo: “En conclusión, en tanto non apareza algún documento que permita resolver a cuestión nun sentido ou no outro, a dúbida non parece ter solución”.

Estas son as atestacións documentais máis antigas, recollidas por Martínez Lema e Bascuas: *Jalas* (sen data), “ribulum de Derzone sicut discurrit de *Jalis* et intrat in fluium Tamaris” (1137, río de *Xallas*, non río *Xallas*), “super *Jalles*” (1138), “ecclesia *Sancti Petri de Iales*” (1138, igrexa de San Pedro de *Xallas*, de Castriz), “couto de *Jalas*” (sen data, o *Xallas* de Negreira), “uilla *Iales*” (1153-1156), “villa [...] de *Iales*” (1221), “palacios de *Iales*” (1254, o *Xallas* de Urdilde, Rois), “terra... *Jalles*” (1209), “*Ialis* de Alcayaa” (1255, *Xallas* de Alcaíán, identificable coa actual freguesía de San Pedro de *Xallas* de Castriz, segundo Martínez Lema 2010), “castiellos de Rocha Forte de *Ialles*” (1282), “couto de *Ialles*” (1286, *Xallas* de Castriz e a súa terra), *Petrus Fernandi de Iales* (1218), *Johannes de Ialis* (1236), *Jallas* (1333, 1409, 1437), *Roy Padron de Jallas* (1330), “ecclesia *sancti Petri de Jallas*” (1483, 1484) etc.

Bascuas comenta que estas grañas, seleccionadas entre outras moitas, representan a pronunciación medieval correspondente ó actual *Xallas*, “pero coa final relaxada en *-es* ata o séc. XIV e posteriormente reposta”. Este filólogo fai notar a ausencia de mencións hidronímicas nesta abondosa documentación medieval, e, así mesmo, “a concentración dos usos toponímicos nun espazo reducido do SW coruñés, nunca demasiado lonxe do río”.

En efecto, ademais de *Xallas de Castriz*, no concello de Santa Comba, temos outros *Xallas* nos concellos de Negreira (*Xallas de Abaixo*, parroquia de *San Pedro de Xallas*), Rois (parroquia de Urdilde), Vimianzo (parroquia de Serramo) e Cee (parroquia de Cee).

Por outra parte, na historia medieval e moderna de Galicia, o castelo ou fortaleza de *Xallas* —que acabaría sendo destruída— e o seu couto aparecen citados con frecuencia como motivo de disputa entre os señores en 1408, 1460, 1530 etc. Estaba situada en *Xallas* de Castriz.

Como apelido, lévano na forma deturpada *Jallas* un total de 149 persoas, residentes na zona noroccidental de Galicia, no ámbito das comarcas da Costa da Morte. Pola contra, a forma *Xallas* non a porta ninguén; tampouco a de *Ézaro*.

Existe tamén o apelido *Gallas*, que en Galicia levan 36 persoas. Pode ser outra forma deturpada —gheadofóbica de *Xallas*—, pero cómpre ter en conta que en *Galicia Nomeada* hai topónimos *Gallas* e *As Gallas* que ben poden xustificar o apelido sen recorrer a casos de gueada, focalizado maiormente na comarca de Caldas, fóra polo tanto do ámbito da Costa da Morte.

Xerne

Lugar da parroquia do Allo

Topónimo de orixe escura, que talvez corresponda a unha VILLAM GERNIU situada no *commisso de Sonaria* (‘condado de Soneira’), da cal se fala nun documento do ano 899, nun diploma outorgado polo rei galaico Afonso III o día da consagración da igrexa de Santiago:

Item offerimus vestrae gloriae ecclesias et villas [...] et in comisso de Sonaria ecclesiam Sct. Iuliani, quae est fundata in villa Onexa, sive et *villam Gerniu*, quam nobis donavit Gadinus in territorio conimabriense villas [...]

O historiador Antonio López Ferreiro (1898-1909) transcribiu GERNIU, mentres que outros autores leron GERNIO: Henrique Flórez (*España sagrada*), Floriano Cumbreño (*Diplomática Astur*) e Lucas Álvarez (Tombo A da Catedral de Santiago). As catro lecturas poden consultarse no CODOLGA.

Edelmiro Bascuas (2002), apoiándose na atestación con -o final, asóciaio ó hidrónimo de raíz indoeuropea *gwer-‘tragar’, e engade que “[Xerne] puede compararse con el mencionado albanés *gwerna ‘intestino, vísceras’; la final se relaja en -e, como *Trobo / Trobe*, etc.”.

Mentres non haxa outras atestacións, o prudente sería considerar que os outros rexistros históricos, que veremos a continuación (*Gerne, Jerne, Xerne...*), con -e final remiten a un topónimo de xenitivo. A explicación antroponímica segue sendo verosímil aceptando que tivo -o final en orixe, como suxire o documento do ano 899, pois podería explicarse a partir do acusativo dun nome persoal.

Este lugar incorporouse serodiamente á parroquia do Allo, entre 1860 e 1888, pois anteriormente pertencía á de Lamas. Nel houbo unha casa brasonada cos emblemas das familias fidalgas dos Caamaño, Rioboo, Romero e Vilardefrancos. Segundo Carlos Martínez-Barbeito en *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, mandouna construír Martín de Samoedo Caamaño, quen outorgou testamento en 1571.

Cando aínda figuraba dentro da parroquia de Lamas aparece o *lugar de Gerne* nun documento do ano 1626 do Arquivo do Reino de Galicia. No Catastro de Ensenada (1753) figura coas grafías de *Xerne* e *Jerne* no documento en que se fala dos décimos e primicias que percibía do párroco de Lamas. Gráfase *Gerne* no *Diccionario* de Madoz (1845-1850) e no nomenclátor de 1860. No nomenclátor de 1888 xa aparece incorporado ó Allo e grafado como *Xerne*, forma única que rexistran os nomenclátors do séc. xx e o de 2003. En cambio, en 1898 o administrador das Torres do Allo, Víctor López Seoane, escribe *Jerne* no *Libro cobrador* das rendas.

É un topónimo único en Galicia, pois o que se cita no NG 2003 na veciña parroquia de Anos (Cabana de Bergantiños) en realidade corresponde ó *Monte de Xerne*, pero non a un sitio habitado.

Segundo a CAG, non se rexistra como apelido.

Xestosa, A

Lugar da parroquia de Brandoñas

Este fitotopónimo provén do lat. vulgar *GENĒSTŌSA, que indica un terreo con abundancia de *xestas*. Tamén pode ser un derivado da palabra galega *xesta* (< lat. vulgar GĒNESTA < lat. clásico GĒNISTA) + o sufixo -osa.

As atestacións máis antigas que temos deste lugar proceden dos apeos do conde de Altamira de c. 1592, na xurisdición de Vimianzo (transcrición de J. López Bermúdez); aparece grafado de tres maneiras: *Gestosa*, *Jestosa* e *Xestosa*.

No *Diccionario* de Madoz e no nomenclátor de 1860 aparece *Gestosa*, pero xa se rexistra *Xestosa* no de 1888, en Carré (c. 1928) e nos nomenclátoreos do séc. XX, a excepción do de 1920, que non o cita. No de 2003, atendendo ó uso oral, engadíuselle o artigo: *A Xestosa*.

Este nome de lugar tamén se rexistra nos concellos de Dumbría, Mesía e As Neves. É máis común o masculino *Xestoso*, pois no NG 2003 hai polo menos unha ducia de topónimos así chamados.



O feminino non se rexistra como apelido na CAG, nin sequera na forma castellanizada, pero si hai 673 persoas apelidadas *Gestoso*.

Zas (Santo André)

Parroquia do concello

Lugar da parroquia de Zas

Ademais da parroquia capital do concello, *Zas (Santo André)*, hai en Galicia outras dúas freguesías con este nome: unha no Val da Barcala, *Zas (San Mamede)*, e outra na Terra de Melide, *Zas de Rei (San Xiao)*. Talvez por iso, para distinguir o soneirán, nun longo período do séc. XX tivo certo uso o composto *Zas de Carreira*, por referencia a esta parroquia do municipio, situada a escasos quilómetros da capital. Por transmisión oral sábese que durante un anos, a finais do séc. XIX e en parte do XX, a casa consistorial de Zas estivo en Carreira, seguramente porque de alí era Manuel Montero Torreiro, secretario do Concello que chegaría a ser alcalde de 1888 a 1914, segundo as investigacións nas actas municipais de Domínguez e Lema contidas en *Zas polo miúdo*.



Atestacións medievais de Zas:

- 1ª Johannes Petri de Saz (1207).
Toxos Outos).
- 2ª. Johannes Petri de Saz (1220).
Toxos Outos).
- 3ª. Afonsus Johannis de Saz (1230).
Toxos Outos)

No tocante á etimoloxía do topónimo, ata hai pouco dábase por certa a hipótese de Joseph Piel (1989) de que procedía do xermánico **sala* ‘pazo, residencia principal’. Esta si é a orixe certa do melidense *Zas de Rei*, pois rexístrase en latín medieval como *Saas* e *Salas*: “in Avianquos prope *Sancti Iuliani de Saas de Rege*” (1177); *sancto Iuliano de Salas regis* (1225), o que permite identificar nel o plural do xermanismo *sala* con presenza na toponimia coas formas *Sa* e *Saa* (por exemplo, no composto *Saavedra* < SALA UĚTERA).

A etimoloxía do *Zas* da Terra de Melide aplicouse tamén ós outros dous *Zas* galegos occidentais, pero a documentación medieval demostra que non poden ter a mesma orixe.

O do Val da Barcala atéstase en latín, en 1208, como *San Mameto de Saz*. Esta mesma forma, *Saz*, é a que aparece nos rexistros máis antigos do *Zas* soneirán, da Idade Media, contidos maiormente no Tombo de Toxos Outos.

Velaquí algúns exemplos. Do séc. XIII: *Johannes e Iohannis Petri de Saz* (1207, 1220), *Afonsus Iohannis de Saz* (1230), *Fernando de Saz* (1239). Do séc. XIV: *Gundisalvus de Saz* (1308); *Iohanis Gundisalvi de Saz* (1308); *Johan Gonçalves de Saz* (1334) e a súa filla *Lionor Gonçalves de Saz* (1334) —a que mandou construír a capela que levou o seu nome na catedral de Santiago de Compostela—; *Thareyia de Saz* (1334), *Ruy Fernandez de Ssaz* (sen data), *Fernandus de Saz* (1345), *Alfonsi Iohannis de Saz* (1390) entre outros antropónimos. O historiador Antonio López Ferreiro documentou o nome da parroquia coa súa advocación (*Sancte Andree de Saz* e *Sancti Andre de Saz*) en dúas atestacións datadas en 1390.

Estes rexistros medievais —e outros xa da Idade Moderna que citaremos— levaron o filólogo Paulo Martínez Lema (2010) a descartar unha explicación etimolóxica baseada no xermánico **sala*, e a pensar noutra orixe, que atopou no fitónimo latino *salīx* ‘salgueiro’, pero non desde a forma derivada **salīcarīū*, que foi a que orixinou o nome común ‘salgueiro’ en galego, senón desde o acusativo *SALĪCE*, que foi o que prevaleceu en castelán para dar a forma ‘sauce’ no idioma de Castela. Isto explicaría que a partir da forma *SALĪCE* atopemos na Idade Media en latín e en galego a forma *Saz*, resultado da caída do -L- intervocálico no paso do latín ó noso idioma (acusativo latino *SALĪCE* > gal. *Saz*).

Recoñecen unha orixe etimolóxica a partir do acusativo latino desta árbore, *sauce* en castelán, poboacións como *Valdesaz de los Oteros* (León) e *Fuente el Saz de Jarama* (Guadalajara). No sitio web deste último concello dise o seguinte sobre a orixe do nome da vila: “Nos imaginamos que un sauce como este [adxúntase foto dun vizoso salgueiro], situado en la zona próxima a la fuente dio en su día nombre al pueblo: *Fuente del Sauce*”.

Como acontecemento histórico importante lembramos a batalla dos Salgueiros (latín *Ad Salices*), que tivo lugar no ano 377 preto do delta do Danubio, na actual Bulgaria, en que se enfrontaron dous poderosos exércitos: un romano e outro godo.

*Mapa descripción del
Reyno de Galicia (1603),
de Fernando Oxea,
coa grafía Saaz*


A grafía simplificada *Saz* —alternando con *Sas*, pois sen dúbida así se pronunciaba— manterase ó longo dos séculos XVI, XVII e o primeiro terzo do XVIII, a pesar de que os libros e os documentos destas centurias xa están en castelán.

Nos primeiros mapas de Galicia —entre outros, a *Descripción del Reyno de Galizia* de Fernando Oxea (1598 e 1603); *Il Regno di Galicia* (1696) do italiano Giacomo Cantelli di Vignola ou *Le Royaume de Galicia* (1705) do francés Nicolas de Fer— repítense as grafías *Saaz* e *Saas* con caracteres moi destacados.

Temos exemplos desta alternancia *Saz/Sas* nestas atestacións: en 1550, nun documento do ACS, fálase dunha venda efectuada por “Gómez de Riobó, escudero vecino de *San André de Saz*”; en 1561, nunha sentenza da Real Audiencia do Reino de Galicia cítanse os coutos de “*Sas* y Brandomil y la torre y palacio de *Saz*”; en 1565, nas constitucións da Confraría de San Roque de Mira dise que fora fundada “por los Señores de la Cassa de *Sas*, Romelle e Sísere [Cícere]”. En 1607 o cardeal visitador pastoral Jerónimo del Hoyo escribe *Sas* no soneirán e *Saz* no barcalés.

Na revisión polo miúdo que fixemos dos libros de fábrica e confrarías da parroquia que nos ocupa para a nosa tese de doutoramento *A arte relixiosa na Terra de Soneira* (1993), comprobamos que se mantén durante moitos anos a alternancia *Saz / Sas* ata o boa parte do segundo terzo do séc. XVIII: *S. Andres de Saz* en 1606 e 1620 (mesmo na cuberta do libro da Confraría do Sacramento); *Santo Andres de Saz*, tamén en 1606; *Sas* escribe o visitador pastoral de 1681; despois aparecerán estas grafías: *Ssaz* (1692), *Saz* (1702, 1721, 1726), *Ssas* (1726), *Sas* (1740). A partir de 1727 empeza a aparecer *Zas*, grafía que pouco a pouco se vai facendo maioritaria, sen

Atestación do séc. xvi: Sant'André
de Saz (1549, AHUS)
Atestación do séc. xvii:
S. Andres de Saz, no libro
da Confraría do Sacramento
da parroquia (1606)



que se esqueza por completo *Saz*, que se mantén na década de 1740. A finais desta década xa se acaba impoñendo *Zas*, tamén no Catastro de Ensenada (1753).


O cambio de grafía produciuse, *grosso modo*, entre 1730-1750. Neste contexto vai cobrar importancia unha atestación única que atopamos nun libro do arquivo parroquial cando estabamos investigando para a tese de doutoramento, nun auto de visita pastoral do ano 1745, en que o nome da parroquia aparecía, traducido ó castelán, como *Sn. Andrés de Sauzes*. Anotámosa pola súa rareza, sen nin sequera tomar nota da numeración do folio. Agora, ó comprobar que esta atestación inédita podía ter o seu valor para determinar a probable etimoloxía do topónimo, acudimos de novo ós arquivos para autenticar a súa veracidade. A atestación atópase no libro de fábrica e visitas das parroquias de Zas e Vilar (1672-1798), folio 78 rº, hoxe depositado no AHDS. Reproducimos boa parte do texto desta visita coa finalidade de pescudar quen dos eclesiásticos citados nela sería o seu autor:

Visita del año de 1745

En la f[eligresí]a de Sⁿ Adrián do Castro a tr[einta]a y un días del mes de Maio año de mil settez[ient]^{os} quarenta y cinco el Sr Liz[encia]^{do} Dn Joseph Fran[cis]^{co} Losada y Quiroga Can[ónig]^o Mag[istra]^l de la Sta Igl[esi]^a del Señor Santiago, visitador en este Arzobispado por el lltmo. Sr. Deán y Cavildo Sede vacante [...] continuando su Visita G[enera]^l para hacerla p[erso]^{nal} de la Ygl[si]^a Parroq[ui]^a de *Sn Andres de Sauzes* por allarse su mrd [merced] ocupado en otros neg[oci]^{os} tocantes a dcha Visita, subdelegó su jur[isdicci]^{on} en Dn Fran[cis]^{co} Ybarreta de la Plaza, Arzipreste de este partido quien acompañado del ynfraescrito s[criba]^{no} pasó a visitar dha Ygl[esi]^a, Sagrario deel Santísimo Sacramento donde alló un copón de plata con bastante número de formas y una hostia grande que dio a adorar al pueblo. [...]

... así lo dijo, mandó y firmó de que doy fee = Dn. Joseph Francisco Lossada y Quiroga.

Por mandado del sr. Visitador, Agustín Varela de Porto.



Atestación da visita
pastoral de 1745: Sn.
Andrés de Sauzes (Libro
de Fábrica de Vilar e Zas
1672-1798) [AHDS]

Tres puideron ser os eclesiásticos dos que partiu a idea de traducir o topónimo *Zas* —que xa levaba case dúas décadas imposto— ó castelán: o visitador pastoral, o arcepreste de Soneira e o escribán. Descartamos o párroco, Francisco Antonio Barbeito, pois xa colaborara na adaptación da nova grafía. Dado que o escribán realizara a súa función “por mandato” do visitador, o máis probable é que a idea partise deste, don Joseph Francisco Losada y Quiroga, cóngo maxistral da catedral compostelá e, polo tanto, un eclesiástico de prestixio ó que se lle supón unha maior formación académica. Talvez este cóngo era consciente de que a nova grafía que se estaba impondo nos libros parroquiais non era a histórica, a correcta, e dalgún xeito quixo deixar constancia de que o topónimo tiña a súa orixe etimolóxica no fitónimo. Con todo e iso, o seu testemuño non tivo ningunha repercusión, pois xa non houbo volta atrás e quedou *Zas* para sempre.

Este testemuño reforza, sen dúbida, a hipótese de Martínez Lema da orixe do topónimo soneirán no acusativo SALÍCE do fitónimo latino SALĪX ‘salgueiro’. A isto engadimos que o núcleo primitivo do lugar de Zas é o grupo de casas situado ó sur da igrexa parroquial, entre este edificio e o río [de Zas], zona húmida onde seguen medrando abundantes salgueiros e outras árbores de ribeira fluvial. Neste núcleo primitivo tamén se atopa unha antiga casa brasonada, a Casa da Torre, que identificamos con *la torre y palacio de Saz* que se cita nun preito de 1561 (Rodríguez Suárez e Vázquez Bertomeu 2021).

O núcleo máis moderno da vila aínda se empezaría a formar a principios do séc. xx a certa distancia da igrexa, pola súa zona norte, a un e a outro lado da estrada xeral de Santiago de Compostela a Camariñas, que se rematou de facer en 1898. Neste núcleo construíuse a casa consistorial en 1951.

Finalmente, para explicar o paso de *Saz* ó actual *Zas*, Martínez Lema apunta dúas posibilidades: por ultracorrección do seseo levada a cabo sobre a forma *Saz* ou por un fenómeno de metátese: intercambio das consoantes <s> e <z>. Apostá-

mos pola ultracorrección do seseo; hoxe en día aínda se lle escoita pronunciar *Sas* á xente de máis idade.

En resumo: latín *SALĬCE* > latín e galego medieval *Saaz* / *Saz* e *Saas* / *Sas*, grafías que se manteñen no castelán dos séculos XVI, XVII e o primeiro terzo do XVIII; entre 1727 e 1750 introdúcese a forma *Zas*, grafía que xa aparece no Catastro de Ensenada (1753), en Madoz (1845-1850) e en todos os nomenclátors dos séculos XIX, XX e XXI. Con todo e iso, nun documento do ano 1808 en que se fala dos “recursos del Caballero Dn. Juan Josef Caamaño, Dueño y Señor de la Casa y Coto de Romelle” —que recolleemos no libro de fábrica da parroquia 1798-1868 e que publicamos en Lema Suárez (1993)— aínda aparece nunha ocasión *Sn. Andrés de Sas*.

O apelido *Zas* lévano en Galicia 1 550 persoas e ocupa o lugar 417 dos apelidos galegos. A súa zona de expansión está moi focalizada en dúas bolsas: unha na área da Coruña (destaca a propia cidade, con 470 portadores; despois Arteixo con 350 e A Laracha con 84) e outra nos concellos de Sobrado e de Friol, cun número inferior de portadores. Para esta última zona influíu a parroquia melidá de Zas de Rei; para a coruñesa é posible que influíse o topónimo soneirán, pero é estraño que non o leve ningún no propio concello de Zas nin tampouco en toda a Terra de Soneira.

Nas beiras do río de Zas medran moitos salgueiros e outras árbores de ribeira



Bibliografía

- A Pita Cega [2018]. *Muíño. Historia, patrimonio e a Casa da Escola*. Zas: A Pita Cega.
- Acuña Castroviejo, Fernando e Casal García, Raquel (1981). La estela funeraria de Antes (A Coruña). *Brigantium*. 2, 273-280.
- Alonso Romero, Fernando (1998). Las ‘mouras’ constructoras de megalitos: estudio comparativo del folklore gallego con el de otras comunidades europeas. *Anuario Brigantino*. 21, 11-28.
- Arias Vilas, Felipe (2023). Un país coma un mundo. Polo interior da Coruña, de Negreira a Culleredo. *Revista Irimia* [ed. dixital]. 26/X/2023. Disponible en <https://irimia.gal/un-pais-coma-un-mundo-polo-interior-da-coruna-de-negreira-a-culleredo/>
- Arozamena Ayala, Ainhoa (2025). Estella - Lizarra. En: *Enciclopedia Auñamendi* [en liña]. Disponible en <https://aunamendi.eusko-ikaskuntza.eus/es/estella-lizarra/ar-48344/>
- Barreiro Barral, José (1972). Por terras de Céltigos: Grandimirum o Brandomil. *La Voz de Galicia*. 7/XI/1972.
- Barreiro Mallón, Baudilio (1978). *La Jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII. Población, sociedad y economía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2002). *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega. Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Anexo 51. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2006). *Hidronimia y léxico paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Bascuas, Edelmiro (2014). *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea gallega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Bouhier, Abel (1979). *La Galice: essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*. La Roche-sur-Yon: [s. n.].
- Boullón Agrelo, Ana I. (1999). *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.

- Brandalise, Víctor Hugo (2012). Tralos pasos de Domingo Fontán. *Murguía. Revista Galega de Historia*. 26, 27-77.
- Búa Carballo, Carlos (2018). *Toponimia prelatina de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Caamaño Gesto, Xosé Manuel (s/d): voz “Grandimiro”. *Gran Enciclopedia Galega*, tomo 16.
- Caamaño Gesto, Xosé Manuel e Naveiro López, Juan (1992). Aportaciones al estudio de la red viaria romana de la provincia de La Coruña. En: Fernando Acuña Castroviejo, coord. *Finis Terrae. Estudos en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 207-222.
- Cabeza Quiles, Fernando (2008). *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Cabeza Quiles, Fernando (2014). *A toponimia celta de Galicia*. Noia: Toxosoutos.
- Cabeza Quiles, Fernando (2020). *Toponimia de Carballo*. Terra Nomeada. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.370>
- Cabeza Quiles, Fernando (2022). *Toponimia de Ribeira*. Terra Nomeada. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.406>
- Cabeza Quiles, Fernando; Domínguez Rial, Evaristo; Fernández Carrera, Xan X.; García Losada, Antón; e Gíadás Álvarez, Luis (2020). *O río Anllóns. Arteria principal de Bergantiños*. Carballo: Instituto de Estudios Bergantiñáns.
- Carrasco Pérez, Juan; Tamburini Bariain, Pascual; e Mugueta Moreno, Íñigo (2001). *Registro de la Casa de Francia. Felipe I el Hermoso, 1297-1298, 1300, 1304*. Navarra: Gobierno de Navarra.
- Carré Aldao, Eugenio (c. 1928). Vol IV. T. 3. *Provincia de La Coruña*. En: F. Carreras i Candi, dir. *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona: Alberto Martín.
- Casal García, Raquel (1979). Notas acerca de unos hallazgos en la posible villa romana de Gándara (Zas, A Coruña). *Gallaecia*. 5, 317-319.
- Cierbide Martinena, Ricardo (2002). Los francos en Estella (Navarra): consideraciones onomásticas. En: Emili Casanova e Vicenç Maria Rosselló Verger, coords. *Congrés Internacional de Toponimia i Onomástica Catalanes*. Valencia: Denes, 39-47.
- Contador de Argote, Jeronymo (1732). *Memorias para a Historia Ecclesiastica do Arcebispado de Braga, primaz das Hespanhas*. Lisboa: Joseph Antonio da Sylva.
- Cornide Saavedra, José (1991). *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia, y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal. Hecha en el año 1764*. Sada: Ediciós do Castro. Edición e estudo de Xosé Luís Axeitos.
- Crespo Pozo, José S. (1957-1965). *Blasones y linajes del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.

- Curchin, Leonard A. (2008). Los topónimos de la Galicia romana: nuevo estudio. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. 121, 109-136.
- DNG = Ferro Ruibal, Xesús, dir. (1992). *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Domínguez Rial, Evaristo e Lema Suárez, Xosé María (2020). *Zas polo miúdo*. Zas: Concello de Zas / Deputación da Coruña.
- Domínguez Rial, Evaristo; Fernández Carrera, Xan X.; Gándara Martínez, Ramón; e Lema Suárez, Xosé M.^a (2019). *O río do Porto, o río grande da Terra de Soneira*. Vimianzo: Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte.
- Estefanía Álvarez, Dulce (1960). Vías romanas de Galicia. *Zephyrus*. 11(1), 5-103. <http://hdl.handle.net/10366/70952>
- Fernández González, Frutos (2007). *Nomes do Ribeiro*. O Carballiño: Instituto de Estudos Carballiñeses / Concello do Carballiño.
- Fernández Rei, Francisco (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ferreira Priegue, Elisa (1988). *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.
- Flórez, Henrique (1747-1764). *España sagrada. Theatro geográfico-histórico de la Iglesia de España*. Madrid: Antonio Marín.
- Fontán, Domingo (1845). *Carta geométrica de Galicia* [material cartográfico]: *dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra y subdividida en Partidos y Ayuntamientos; presentada en 1834 a SM La Reina Gobernadora Doña Maria Cristina de Borbón por su Secretario de Estado y del despacho de lo Interior*. [Paris] : Imp[ri]merie de Lemercier.
- Franco Grande, Xosé Luís (1968). *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*. Vigo: Galaxia.
- Franco Maside, Rosa María (2001). La vía *per loca maritima*: un estudio sobre vías romanas en la mitad noroccidental de Galicia. *Gallaecia*. 20, 217-248.
- García Alonso, Juan Luis (2003). *La Península Ibérica en la "Geografía" de Claudio Ptolomeo*. Vitoria/Gasteiz: Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea, 198-199.
- García García, Cristina (2015-2016). *El cabildo de Pamplona en el siglo XIII (1194-1266). Análisis social y relaciones intraeclesiales*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza. Disponible en <https://zaguan.unizar.es/record/56845/files/TAZ-TFM-2016-820.pdf>
- García Oro, José e Portela Silva, María José (2003). *La casa de Altamira durante el Renacimiento: estudio introductorio y colección diplomática*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.
- Gómez Martínez, Lidia e Méndez, Luz (2022). *Toponimia de Tordoia*. Terra Nomeada. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.386>

- Gorgoso López, Lino e Vigo García, Abel (2023). *Brandomil. Vila soterrada*. Brandomil (Zas): Fundación Brandomil.
- Hoyo, Jerónimo del (1952 [1607]): *Memorias del arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto y Cía. Edición de Ángel Rodríguez e Benito Varela Jácome.
- Jurjo Lado, Xesús (2018). O proceso de creación dos concellos actuais. Algúns exemplos da Costa da Morte. *Que pasa na costa*. 5/V/2018. Disponible en <https://www.quepasanacosta.gal/articulo/cabana/o-proceso-de-creacion-dos-concellos-actuais-alguns-exemplos-da-costa-da-morte/20180505082849087887.html>
- Kajanto, Iiro (1982). *The latin cognomina*. Roma: G. Bretschneider.
- Labrada, J. Lucas (1971 [1804]). *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Lema Suárez, Xosé M.^a (1993). *A arte relixiosa na Terra de Soneira*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura.
- Lema Suárez, Xosé M.^a (2001). *Os mellores pazos da Costa da Morte*. Cee: Asociación Neria.
- Lema Suárez, Xosé M.^a (2006). *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000). I. Os nomes masculinos*. Santiago de Compostela: AGOn / Instituto da Lingua Galega.
- Lema Suárez, Xosé M.^a, coord. (2010). *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Lema Suárez, Xosé M.^a (2018). Os primeiros apelidos dunha parroquia galega: Berdoias (séc. XVII). En: Ana I. Boullón Agrelo, ed. *Antroponimia e lexicografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Lema Suárez, Xosé M.^a (2019). De Santa Sía a Santa Sía de Roma, un posible engadido onomástico (e non toponímico) de finais do séc. XVI. En: Xosé Antonio Fernández Salgado e Aquilino Alonso Núñez, eds. *Non haberá illa, pro hai o nome. Homenaxe a Antón Palacio*. Vigo: Universidade de Vigo, 411-414.
- Lema Suárez, Xosé M.^a (2022). Topónimos con historia do camiño de Santiago a Muxía. En: Ana I. Boullón e Luz Méndez, eds. *Os camiños de Santiago de Europa a Galicia. Lugares, nomes e patrimonio*. A Coruña: Real Academia Galega, 175-212. <https://doi.org/10.32766/rag.404.08>
- Lema Suárez, Xosé M.^a e Mouzo Lavandeira, Roberto (1998). *O castelo de Vimianzo e os Moscoso de Altamira*. A Coruña: Deputación da Coruña.
- Lema Suárez, Xosé M.^a e Rei Lema, Xosé M.^a (2007). *A feira de Baio. O mercado máis antigo da Terra de Soneira*. Bamiro-Vimianzo: Amigos de Monte Torán.
- López Alsina, Fernando (1988). *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.

- López Ferreiro, Antonio (1983 [1898-1909]). *Historia de la S.A.M.I. de Santiago*. Santiago de Compostela: Sálvora. Edición facsimilar.
- López Seoane, Víctor (1898). *Libro Cobrador de las Rentas del Allo*. [Inédito. Propiedade da familia García Villar].
- Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones en Ultramar*. 16 vols. Madrid: Est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- Manso Porto, Carmen (2010-2011). Cartografía histórica de José Cornide en la Real Academia de la Historia: el Mapa General del Reino de Galicia y los de sus diócesis (1760-1772). *Abrente. Boletín de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*. 42/43, 237-302.
- Martínez-Barbeito, Carlos (1978). *Torres, pazos y linajes de la provincia de la Coruña*. A Coruña: Diputación Provincial.
- Martínez Lema, Paulo (2010). *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Martínez Lema, Paulo (2015). Cabeza Quiles, Fernando (2014): *A toponimia celta de Galicia*. Noia: Editorial Toxosoutos, 545 pp. [Recensión]. *Estudios de lingüística galega*. 7, 161-178. <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/2551>
- Martínez Lema, Paulo (2018). *Toponimia de Begonte e Rábade*. Terra Nomeada. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/RAG.333>
- Matasović, Ranko (2009): *Etymological Dictionary of Proto-Celtic*. Leiden: Brill.
- Méndez Doménech, Xosé M.^a (2001). As casas fidalgas da Terra de Soneira [relatorio]. *Xornadas informativas sobre os pazos da Costa da Morte*. [Inédito].
- Menéndez Pidal, Ramón (1968) *Toponimia prerrománica hispana*. Madrid: Gredos.
- Millán González-Pardo, Isidoro (1985). Los nombres del río *Limia* (port. *Lima*) y el de *A Toxa* con sus hidrónimos emparentados. En: *Actas del II Coloquio Galaico-Minhoto*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, vol. II, 343-385.
- Millán González-Pardo, Isidoro (1990). Vencellos galego-irlandeses. Arredor dun libro da Dra. Keating. *Grial*. 108, 541-553.
- Monlau, Pedro Felipe (1856). *Diccionario etimológico de la lengua castellana*. Madrid: Imprenta y Estereotipia de M. Rivadeneyra.
- Monteagudo, Luis (1999). Hidronimia gallega. *Anuario Brigantino*. 22, 255-314.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2005). *Arco(s), Busto(s), Pazo(s)*, ¿toponimia de ganadería? En: Ana I. Boullón, Xosé Luis Couceiro Pérez e Francisco Fernández Rei, eds. *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 219-230.

- Moralejo Laso, Abelardo (1977). *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Moralejo Laso, Abelardo (1980). Notas acerca de hidronimia gallega. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. 7, 157-170.
- Moreira Villamarín, Icíá (2017). Os resultados do nome latino *Caecilia*. *Cumieira: Cadernos de Investigación da Nova Filoloxía Galega*. 2, 105-126.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2021). *Toponimia municipal. Os nomes dos concellos da provincia da Coruña*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.377>
- Naveiro López, J. (2008). *Informe final valorativo da Intervención Arqueolóxica en Brandomil (20/11/2007-18/01/2008)*. Proxecto Internacional Vías Atlánticas, Interra IIIA (inédito).
- Nieto Ballester, Emilio (2006). *Euphrasia, Eupraxia, Orpesa, Offreisa*. Una nota onomástica (toponimia y antroponimia) en latín tardío en España. En: Carmen Arias Abellán, coord. *Latin vulgaire-latin tardif VII: Actes du VII Colloque international sur le latin vulgaire et tardif, (Sevilla, 2-6 septembre, 2003)*. Sevilla: Universidad de Sevilla, 499-512. Disponible en <https://hdl.handle.net/11441/74988>
- Palacio Sánchez, Antón (2014). *Malos, Perros e Cas*, topónimos interditos. *Estudos de Lingüística Galega*. 6, 217-231. <https://doi.org/10.15304/elg.6.1717>
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2000a). La Casa de Altamira y sus linajes en la Baja Edad Media. Viejas noticias y nuevos documentos. En: Manuel Suárez Suárez, coord. *Actas do I Simposio de Historia da Costa da Morte. Mil cen anos das terras de Nemancos, Soneira e Bergantiños*. Cee: Asociación Neria, 261-282.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2000b). *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pedrero, Rosa (1996). El hidrónimo prerromano *Mira*. *Emérita. Revista de Lingüística y Filología Clásica*. 64 (2), 361-374.
- Pérez Losada, Fermín (2002). Entre a cidade e a aldea: estudo arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia. *Brigantium*. 13, 15-348.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2004). *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponible en https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2004_Os-documentos-do-Tombo-de-Toxos-Outos.pdf

- Pichel Gotérrez, Ricardo e Martínez Lema, Paulo (2014). Documentação posterior á confecção do Tombo de Toxos Outos (sécs. XIII-XIV). Edição e inventário toponímico. *Scriptum Digital*. 3, 95-132. <https://doi.org/10.5565/rev/scriptum.51>
- Piel, Joseph M. (1948). Nomes de ‘possessores’ latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa. *Biblos*. 23(1), 143-202; 23(2), 283-407.
- Piel, Joseph M. (1989). *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- Piel, Joseph M. e D. Kremer (1976). *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter - Universitätsverlag.
- Pokorny, Julius. (2003). *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch*. 5ª ed. Tübingen und Basel: Francke Verlag.
- Posse, Juan Antonio (1984). *Memorias del cura liberal don Juan Antonio Posse con su discurso sobre la Constitución de 1812*. Madrid: CIS / Siglo XXI. Edición a cargo de Richard Herr.
- Reboreda, Alberte (2022). Pelouriños, rollos e picotas. Símbolos xurisdicionais do Antigo Réxime. *Faro de Vigo*. 27/I/2022.
- Rial Santos, Manuel, dir. (2019). *Brandomil, vila romana a carón do Xallas* [documental]. Zas: Fundación Brandomil. Disponível em <https://youtu.be/-hi-Yczl74yo>
- Río Barja, Francisco J. (1990). *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rivas Quintas, Eligio (1982). *Toponimia de Marín. Verba*. Anexo 18. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Rivas Quintas, Eligio (1991). *Onomástica persoal do noroeste hispano*. Lugo: Alvarellos.
- Rodríguez Casal, Antón A. (1990). *O Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Rodríguez Casal, Antón A. (2001). O mundo megalítico nas comarcas da Costa da Morte. En: Manuel Suárez Suárez, ed. *II Simposio de Historia da Costa da Morte. Nas orixes da nosa identidade*. Cee: Asociación Neria, 7-28.
- Rodríguez González, Eladio (1958). *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez Rodríguez, Pedro (1883). *Grandimum. Galicia Diplomática*. II(18), 140-141; II(20), 157-158; II(22), 168-169; e II(23), 174-175.
- Rodríguez Suárez, M.^a del Pilar e Vázquez Bertomeu, Mercedes (2021). *Brandomil na historia. Un couto de mulleres*. Brandomil: Fundación Brandomil.

- Roldán Hervás, José Manuel (1975). *Itineraria Hispana: fuentes antiguas para el estudio de las vías romanas en la Península Ibérica*. Valladolid: Departamento de Historia Antigua.
- Romar López, Ramón (1998). *Ancestros y vivencias*. [Madrid?]: [edición do autor].
- Romar López, Ramón (2019). *Ancestros y vivencias II*. Madrid: [edición do autor].
- Romero Lema, Francisco (c. 1970). *Toponomástica* [de Baio]. [Inédito].
- Romero Lema, Francisco (2000): *Vocabulario de Soneira*. A Coruña: Real Academia Galega. Edición e notas de Xosé M.^a Rei Lema.
- Romero Masiá, Ana M.^a e Pose Mesura, Xosé Manuel (1987). *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña: Museo Arqueolóxico e Histórico Provincial.
- Sánchez García, Jesús Á. (2001). *Torres do Allo. Arquitectura e historia del primer pazo gallego*. A Coruña: Deputación da Coruña.
- Santamarina Fernández, Antón (2008). A pegada relixiosa na toponimia galega. 1. Edificios relixiosos. En: Xosé Luís Axeitos, Emilio Grandío e Ramón Villares, eds. *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela, 935-949.
- Sarmiento, Martín (1973). *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Salamanca: Universidad de Salamanca. Edición de José Luis Pensado Tomé.
- Teixeira, Pedro de (2009 [1634]). *Atlas del Rey Planeta. Descripción de España y de las costas y puertos de sus reynos*. Donostia: Editorial Nerea.
- Tovar, Antonio (1989). *Iberische. Landeskunde. 2. Las tribus y las ciudades de la antigua Hispania (3. Tarraconensis)*. Baden-Baden: Valentin Koerner.
- Vasco da Ponte (1986). *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Ed. crítica de Manuel Díaz y Díaz *et al.*
- Villanueva Acuña, Manuel (2000). As fontes clásicas e a súa aportación ao coñecemento da área fisterrá. En: Manuel Suárez Suárez, ed. *II Simposio de Historia da Costa da Morte. Nas orixes da nosa identidade*. . Cee: Asociación Neria, 87-102.
- Yepes, Antonio de (1959-1960 [1609]). *Crónica de la Orden de San Benito. Patriarca de Religiosos*. Madrid: Ediciones Atlas. Edición de Justo Pérez de Urbel.

Recursos electrónicos

- ACS = *Arquivo - Biblioteca da Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Catedral de Santiago de Compostela. Disponible en <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac?usr=null>
- AGOn = *Asociación Galega de Onomástica* [web]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Disponible en <http://ilg.es/agon>
- AHDS = *Arquivo Histórico Diocesano de Santiago*. Santiago de Compostela. Disponible en <https://www.ahds.es/fondos>
- AHUS = *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade Santiago de Compostela. [Consulta a través de GALICIANA].
- ARG = *Arquivo do Reino de Galicia*. A Coruña: Xunta de Galicia. [Consulta a través de GALICIANA].
- CAG = Boullón Agrelo, Ana I. e Sousa Fernández, Xulio, dirs. (2006-). *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/cag/>
- Catastro de Ensenada = Usón Finkenzeller, Cristina, dir. (2005 -). *Catastro de Ensenada*. Madrid: Ministerio de Custura. Disponible en <http://pares.mcu.es/Catastro/>
- CODOLGA = López Pereira, Eduardo, dir. (2006-). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en <http://corpus.cirp.es/codolga/>
- Fundación Bandomil (2020-). *Bandomil na historia* [site]. En: *Fundación Bandomil*. Bandomil (Zas). Disponible en <https://fundacionbandomil.org/bandomilnahistoria>
- Fundación Bandomil (2020b). Preito do mosteiro de Santa Clara de Santiago contra unha veciña de Bandomil, por impago da loitosa (1405). *Bandomil na historia*. 20/VI/2020. Disponible en <https://fundacionbandomil.org/bandomilnahistoria/preito-do-convento-de-santa-clara-santiago-contra-unha-vecina-de-bandomil-por-impago-da-loitosa-14051/>
- Fundación Bandomil (2020c). Vecindario de Bandomil a principios do séc. XVIII [Padrón Calle-Hita]. Bandomil na historia. 14/VI/2020. DISPONIBLE EN <https://fundacionbandomil.org/bandomilnahistoria/vecindario-de-bandomil-a-principios-do-sec-xviii/>
- Fundación Bandomil (2021). Mandas testamentarias de Pedro Eanes, que marcha en peregrinación, relativo á súa herdanza en Quintáns e Aspio (séc. XIII). *Bandomil na historia*. 7/VII/2021. Disponible en <https://fundacionbandomil.org/bandomilnahistoria/mandas-testamentarias-de-pedra-eanes-que-marcha-en-peregrinacion-relativo-a-sua-herdanza-en-quintans-e-aspio-s-xiii/>

- Galicia Nomeada = Real Academia Galega (2017-). *Galicia Nomeada*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Xunta de Galicia. Dispoñible en <https://toponimia.xunta.gal/gl>
- Galiciana = Xunta de Galicia (2016-). *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia* [web]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en <https://arquivo.galiciana.gal>
- MTN = *Mapa Topográfico Nacional de España 1:50.000. Hoja 68. Camariñas, e Mapa Topográfico Nacional de España 1:25.000, 68-II (Zas), 68-IV (Baíñas)*. Dispoñible en <http://www.ign.es/iberpix2/visor/> e <http://www.ign.es/iberpix2/visor/>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-). *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en <https://www.xunta.gal/nomenclator/busca.jsp>
- PARES = Ministerio de Cultura y Deporte (2008-). *Portal de Archivos Españoles* [web]. Madrid: Ministerio de Cultura y Deporte. Dispoñible en <http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ImageServlet>
- PTG = Xunta de Galicia (2005-). *Toponimia de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en <http://toponimia.xunta.es/gl/>
- TMILG = Varela, Xavier, dir. (2007-). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela / Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en <http://ilg.usc.gal/tmilg/tes>

Nomenclátore

- 1864 = *Nomenclátor que comprende las poblaciones, grupos, viviendas, albergues etc. de las cuarenta y nueve provincias de España. Tomo II. Nomenclátor de la provincia de La Coruña*. Madrid: Imprenta de José M^a Ortiz.
- 1888 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España en 1º de Enero de 1888 formado por la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico. Cuaderno diez y seis. Provincia de La Coruña*. Madrid: Imprenta General del Instituto Geográfico y Estadístico.
- 1920 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España formado por la Dirección General del Instituto Geográfico Catastral y de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1920*. Madrid: Talleres del Instituto Geográfico y Catastral. [1924?].
- 1930 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España formado por la Dirección General del Instituto Geográfico Catastral y de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1930*. Madrid: Talleres del Instituto Geográfico y Catastral, 1933.

- 1940 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España formado por la Dirección General del Instituto Geográfico Catastral y de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1940*. Madrid: Talleres del Instituto Geográfico y Catastral, [1941?].
- 1970 = *Censo de la población de España de 1970. Nomenclator de las ciudades, villas, aldeas y demás entidadesde población: provincia de La Coruña*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística (INE), 1973.
- 2003 = *Nomenclátor de Galicia* (NG2003). En liña: <https://www.xunta.gal/es/nomenclator/busca-directa>

Índice xeral

Toponimia de Zas

Introdución	3
Explicación dalgúns termos	27
Parroquias e lugares do concello de Zas	31
Estudo dos topónimos	35
Abellas, As	35
Agreanas	36
Allo, O	37
Allo, O (San Pedro)	37
Andragalla, A	47
Arcar	50
Artón	51
Atalaia, A	52
Baio	52
Baio (Santa María)	53
Baio Pequeno	53
Barral, O	57
Beizana	57
Berbia	59
Bico da Cruz, O	59
Bico / Pico de Meda, O	60
Borreiros	61
Bouzarroma	62
Brandomil	63
Brandomil (San Pedro)	63
Brandoñas (Santa María)	72
Braña, A	74
Brondo, O	75
Budián	76
Caberte	77


Cacharosa, A	77
Calabanda, A	78
Campo do Rollo, O	79
Campos	80
Carreira	80
Carreira (Santiago)	80
Casas Novas	82
Castelo de Muriño, O	82
Castelo do Allo, O	82
Castelo Grande do Allo, O	82
Castelo Pequeno do Allo, O	82
Castro	84
Cebola de Abaixo, A	85
Cebola de Arriba, A	85
Chamberín, O	86
Churía, A	87
Costa de Abaixo, A	88
Costa de Arriba, A	88
Cotela, A	88
Cotón do Muíño, O	89
Couto, O	90
Currais, Os	91
Daneiro	92
Devesa, A	93
Follente	95
Fonte Espiño	96
Forcadenla	97
Fornelos	97
Froxán	98
Gándara (Santa María)	99
Gomarís	100
Gontalde	101
Gris, A	101
Hedreiras, As	102
Lagoa, A	103
Lamas (Santa María)	104
Languerón	106
Limideiro	107

Loroño (Santiago)	108
Mámoa, A	109
Marán	110
Maxín	110
Meanos	111
Medoña, A	112
Mira (Santa María)	112
Moreira	113
Mosqueira, A	114
Muíño (San Tirso)	115
Muíños do Allo, Os	116
Muriño	117
Padreiro	118
Parga	119
Parrocha, A	120
Pazos	121
Pedra dos Cregos, A	122
Pedra Padreiro	122
Pedra que Tangué, A	123
Pedra Vixía	123
Pedramaior	125
Pedreira, A	125
Pedrisqueiras, As	126
Pedrouzos, Os	126
Pego, O	126
Penedo	127
Peón, O	128
Pereiras, As	128
Piosa, A	129
Pombal, O	131
Ponte Lodoso, A	133
Porto, río do	133
Pudenza	139
Quintáns	140
Rabiñoso, O	141
Regalados	142
Regos, Os	142
Regueiro do Allo, O	143

Reguengo, O	144
Rial de Abaixo	145
Rial de Arriba	145
Romelle	146
Rosende	147
Rus	148
Saconde	148
San Cremenzo de Pazos	149
San Cremenzo de Pazos (San Cremenzo)	149
San Martiño	152
San Martiño de Meanos (San Martiño)	152
San Roque do Monte	154
Sandrexo	155
Santa, A	156
Santa Sía de Roma	157
Santa Sía de Roma (Santa Sía)	157
Santo Adrián	162
Santo Adrián do Castro (Santo Adrián)	162
Seixas, As	164
Serra de Santiago, A	165
Sisto, O	166
Sobreira	167
Soneira	168
Su a Agra	174
Teixidón	174
Torres de Boén, As	175
Toxa, A	177
Vaodosal ou Vadusal	178
Ventoselo	179
Vermello	179
Vicenta, A	180
Vila	180
Vilachán	181
Vilaestévez	182
Vilanova	183
Vilar	184
Vilar (San Pedro)	184
Vilar de Lamas	185

Vilar do Mato	185
Vilar, O	186
Vilar Ramilo	186
Vilarcovo	187
Xallas	188
Xerne	190
Xestosa, A	191
Zas (Santo André)	192
Bibliografía	201
Recursos electrónicos	209
Nomenclátorees	210

CONCELLO DE ZAS



REAL
ACADEMIA
GALEGA

LENDA

SIMBOLOXÍA

- Límite municipal
- Límite parroquial
- Curso fluvial
- Estrada
- Autoestrada

TOPÓNIMOS

Lugares

Parroquias

Montes


Hidrografía



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Toponimia de Zas afonda nas orixes etimolóxicas de 117 lugares e máis de vinte espazos xeográficos de interese de Zas, o máis interior dos tres concellos que conforman a Terra de Soneira. Boa parte dos topónimos estudados son únicos en Galicia, algúns teñen etimoloxías discutidas (*O Allo*, *Brandomil* ou o propio *Zas*) e outros, orixes escuras (*Beizana*, *Saconde*, *Xerne*) e mesmo enigmáticas (*A Andragalla*).

Xosé M.^a Lema Suárez é correspondente da Real Academia Galega, membro do Seminario de Onomástica e da Asociación Galega de Onomástica (AGOn) e preside o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte. No eido da onomástica publicou, entre outros, *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000)*. 1. *Os nomes masculinos* (2006). No da toponimia, “De Santa Sía a Santa Sía de Roma, un posible engadido onomástico (e non toponímico) de finais do séc. xvi” (2019) e “Topónimos con historia do camiño de Santiago a Muxía” (2022). Tamén é coautor do *Dicionario dos nomes galegos* (1992) e da *Guía de nomes galegos* (2022).



Asociación Galega de Onomástica



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Asociación Galega
de Onomástica



CONCELLO DE ZAS

Co apoio de:



Deputación
DA CORUÑA